CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 1/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE XANEIRO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.ª Carmen Diéguez González

D. Manuel Barreiro Rozados

Non asiste, previa escusa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Secretaria acctal:

D.ª María Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1184/2020 Á 56/2021)

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021"

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

4.- MOCIÓNS

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1184/2020 Á 56/2021).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de decembro de 2021 ata o 31 de decembro de 2020, que comprenden os números 1184 ao 1218, e dende o día 1 ao 21 de xaneiro de 2021, que comprenden os números 1 ao 56, indicando o sr. alcalde que a estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021".

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta da Alcaldía, do 13 de xaneiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de xaneiro de 2021.

" PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), "POS+ 2021", publicadas no BOP nº 205, de 1 de decembro de 2020.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxerencias veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Tomando en consideración estes antecedentes, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	367.029,18
Subtotal gasto corrente	**367.029,18**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	**Financiamento do investimento**		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES (PITE)	38.014,96	0	38.014,96
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26	0	40.838,26
MODIFICADO PARA A REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CASTRO, SAN XOAN DE CALO	230.384,00	0	230.384,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN INSUA, LUOU	76.891,92	0	76.891,92
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN SAN DOMINGOS, CALO	100.086,35	36,78	100.123,13
Subtotal investimentos achega provincial 2020	**486.215,49**	**36,78**	**486.252,27**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

SUBTOTAIS		**Deputación**	**Concello**	**Total**
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2021**	367.029,18		367.029,18
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2020**	486.215,49	36,78	486.252,27
T O T A L	**Achega 2021**	367.029,18	0	367.029,18
	Achega 2020	486.215,49	36,78	486.252,27
	TOTAL	**853.244,67**	**36,78**	**853.281,45**

<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento**

ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACION DA RÚA ROSALIA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO	380.133,60
TOTAIS	**578.396,31**

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta."

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, non fai uso da mesma.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, que pregunta cal é a pista de Fornelos, porque se é a que está fronte á marquesiña existe o problema de que o autobús cando se mete alí tropeza, polo que debería moverse a marquesiña.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	367.029,18
Subtotal gasto corrente	**367.029,18**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	**Financiamento do investimento**		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES (PITE)	38.014,96	0	38.014,96
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26	0	40.838,26
MODIFICADO PARA A REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CASTRO, SAN XOAN DE CALO	230.384,00	0	230.384,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN INSUA, LUOU	76.891,92	0	76.891,92

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN SAN DOMINGOS, CALO	100.086,35	36,78	100.123,13
Subtotal investimentos achega provincial 2020	**486.215,49**	**36,78**	**486.252,27**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

SUBTOTAIS		**Deputación**	**Concello**	**Total**
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2021**	367.029,18		367.029,18
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2020**	486.215,49	36,78	486.252,27
T O T A L	**Achega 2021**	367.029,18	0	367.029,18
	Achega 2020	486.215,49	36,78	486.252,27
	TOTAL	**853.244,67**	**36,78**	**853.281,45**

<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento**
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACION DA RÚA ROSALIA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO	380.133,60
TOTAIS	**578.396,31**

<u>Terceiro.-</u> Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

<u>Cuarto.-</u> Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

<u>Quinto.-</u> Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

<u>Sexto.-</u> Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

<u>Sétimo.-</u> Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

<u>Octavo.-</u> Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía, do 15 de xaneiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de xaneiro de 2021.

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

Vistas as bases reguladoras do POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicadas no BOP nº 205, de 1 de decembro de 2020.

Tomando en consideración as necesidades municipais determinadas pola experiencia acumulada nos últimos meses, así como as suxestións e iniciativas do persoal técnico dos Servizos Sociais municipais

Proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ADICIONAL 1/2021"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial 2021 asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	222.441,93€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestaciónsobxecto deste plan.	21.859,90	0,00	21.859,90
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	55.000,00	0,00	185.000,00
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	132.082,03	148.410,00	280.492,03
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación	13.500,00	0,00	13.500,00

TOTAL	**222.441,93**	**148.410,00**	**370.851,93**

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.".

Aberta a primeira quenda de intervencións, non se produce ningunha.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial 2021 asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	222.441,93€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestaciónsobxecto deste plan.	21.859,90	0,00	21.859,90
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	55.000,00	0,00	185.000,00

d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	132.082,03	148.410,00	280.492,03
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación	13.500,00	0,00	13.500,00
TOTAL	**222.441,93**	**148.410,00**	**370.851,93**

<u>Segundo.-</u> Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

<u>ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.</u>

O concelleiro do BNG, sr. Barreiro formula os seguintes rogos e preguntas:

- Os veciños de Rial do Mato comunican que hai un vertedoiro ilegal (escombros) e pregunta se podería retirarse. A sra. Otero pregunta pola localización do mesmo.
- Na zona recreativa da Torre, enriba da autovía, onde está o parque infantil hai uns ferros que quedan á vista, parece que son restos duns bancos, e son perigosos xa que os nenos están preto xogando; solicita a súa retirada.
- Indica que saíu en prensa unha información que ten fonte no PP que insinúa que se vai remunicipalizar o servizo das piscinas cando remate o contrato e non sabe se isto é certo.

Toma a palabra o sr. alcalde para aclarar este tema, e expón que o tema da piscina é complicado. En principio non existía unha decisión clara, xa que antes da COVID tiña un bo rendemento económico, e prorrogar con esas condicións o canon que pagaba o concello non se vía ben. Estábase no debate de prorrogar, pero non nesas condicións,

e estaba estudándose xuridicamente cando chegou a COVID. Esto trastocou a situación, xa que había que tomar unha decisión antes do verán pasado e licitar para rematar antes de abril, e as asesorías legais e os propios adxudicatarios da piscina os que xa dixeron que nestas condicións, ca COVID, calquera concurso quedaría deserto, porque ningunha empresa faría unha proposta nestas circunstancias. A empresa solicitou unha prórroga polos danos da COVID, pero renunciou a ela e reclamou economicamente o restablecemento de equilibrio económico financieiro do contrato. A prórroga do contrato implicaría, que durante toda a prórroga e mentres persista o desequilibrio, a empresa podería reclamar polo desequilibrio económico do contrato. En reunións ca xerencia da piscina, a última antonte, plantexouse un peche temporal, pero eso sería unha barbaridade, porque a piscina aínda conta cuns 1.900 abonados, e tamén se plantexou asumir transitoriamente a xestión ata que pase a COVID para licitar posteriormente cunhas condicións razoables. Estase vendo si eso é viable ou non. Nunha nova reunión, os representantes da piscina consideran que hai argumentos xurídicos que permiten unha prórroga ponte entre a finalización do contrato e ata que se produza unha nova licitación. Dita proposta chegou hoxe, e aínda non puido ser valorada por Secretaría. Calquera posibilidade de continuar coa piscina será valorada, polo que se está a espera da valoración xurídica da proposta. En calquera caso convocarán unha xunta de portavoces para aclarar o tema.

- Os veciños de Cesar amosaron queixas e preocupación porque na limpeza das gabias seica se danou un cruceiro, e piden que as limpezas se fagan con coidado do patrimonio artístico.

- As beirarrúas que se están facendo en San Domingos non se pegan aos muros e hai espazos nos que pode crecer maleza. A sra. Lemus di que é a primeira noticia que ten. O sr. Moñino indica que pasará a velo. O sr. Guerra intervén e sinala que hai zonas que parece que non vai chegar a beirarrúa á parede. A sra. Lemus resposta que se informarán, xa que considera que todas as beirarrúas deberían ir pegadas aos muros.

- Na estrada de Castres que vai dende A Torre ata a rotonda da autovía dos Verxeis, o firme está en moi mal estado, e os veciños piden que se mellore.

- Os desaugadoiros do Constante Liste botan auga na rúa. O sr. Iglesias resposta que é que aínda non se rematou coas obras.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez formula as seguintes preguntas:
- En Pontevea, ao lado da ponte, indo cara a Burga, hai un caño que bota directamente ao río. Pregunta de onde vén esa auga. O sr. alcalde pregunta se é entre a farmacia e a casa do lado, porque se é esa son pluviais, pero que van mirar.
- En Ribas, onde a obra, a choiva arrastrou terra e follas ás canalizacións de pluviais que agora están atascadas, e solicita que se limpen.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

O concelleiro do PP, sr. Guerra pregunta:
- Sinala que as beirarrúas de Folgueiras quedan demasiado anchas, e o viario demasiado estreito. A sra. Lemus indica que ten razón, pero que as beirarrúas que se fan son coas medidas que veñen establecidas, e que o problema é dos viarios.
- Na carretera que vai de Verxeles a Monte Pelado, que está moi mal, no nº 94, hai unha sra. que pide que poñan unha farola.
- Na estrada do Campo de fútbol de Cacheiras, cara a ferretería, o autobús ten que invadir o carril contrario por unha praza de aparcamento que hai na esquina, e solicita que se arranxe isto aínda que supoña eliminar algunha praza de aparcamento.

A concelleira do PP, sra. Nariño indica que na zona de Penelas anégase unha curva. O sr. Moñino indica que xa foi en tres ocasións á zona e non había auga, ou a que había non era importante, así que están vixiando a zona, e solicita que lle avise o día que a vexa anegada.

A concelleira do PP, sra. Vázquez sinala que na marquesiña de Balcaide os horarios de Monbus están pegados no cristal, e co que chove non van durar moito. O sr. alcalde di que eso é unha guerra con Monbus, que a Dirección Xeral de Mobilidade ten que esixir que se cumpra a contratación. A sra. Otero sinala que xusto nesa parada é onde

hai máis usuarios, pero que o lóxico é que pidan as chaves e poñan os horarios na casetiña do Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde,

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.02.17 08:58:50 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2021.02.17 08:24:37 +01'00'

Mª Elena Sueiro Fernández

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 2/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 3 DE MARZO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a tres de marzo de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Non asiste, previa escusa:

D. José Manuel Guerra Calvelo

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 25.11.2020 E EXTRAORDINARIA URXENTE DO 30.11.2020

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 57/21 á 205/21)

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE DE 2020

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 15 DE FEBREIRO DE 2021 (RES 164/2021): CORRECCIÓN POS+ADICIONAL GASTOS SOCIAIS 2021

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DO CONCELLEIRO D. MANUEL BARREIRO ROZADOS COMO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO CRA DE TEO

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2021

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A AP-9

10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UCI DO CHUS

11.- DITAME DA MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SON DE TEO E PSdeG-PSOE DE APOIO Á PETICIÓN DA ANPA COBAS DO CEIP OS TILOS DE SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR DO CEIP OS TILOS

12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 8 DE MARZO

13.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDE TEO POLA LIBERDADE DE EXPRESIÓN, POLA LIBERDADE IDEOLÓXICA E ARTÍSTICA, E POLA AMNISTÍA DAS PERSOAS CONDENADAS POR ESES DELITOS

14.- MOCIÓNS

15.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto. Aclara que, pese á data, o Pleno que se está a celebrar é o ordinario de febreiro, que se aprazou unha semana para contar con todos os informes necesarios para levar adiante os orzamentos.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PP, D. José M. Guerra Calvelo, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 25.11.2020 E EXTRAORDINARIA URXENTE DO 30.11.2020.

Acta da sesión ordinaria do 25 de novembro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria urxente do 30 de novembro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada o 30 de novembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 57/21 á 205/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de xaneiro ata o 25 de febreiro de 2021, que comprenden os números 57 ao 205, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE DE 2020.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 9 de febreiro de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, polas que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao cuarto trimestre de 2020.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 15 DE FEBREIRO DE 2021 (RES 164/2021): CORRECCIÓN POS+ADICIONAL GASTOS SOCIAIS 2021.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias explica que o impreso de solicitude da subvención é o mesmo que o do ano pasado, porén a forma de cubrilo non, e resulta lioso, polo que houbo que cambiar os conceptos das columnas, porén a distribución é a mesma.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as dos grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con 14 votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 6 PP) e dúas abstencións (2

BNG), acorda ratificar a Resolución da Alcaldía do 15 de febreiro de 2021 (res. 164/2021), que se reproduce a continuación.

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Corrección POS+adicional gastos sociais 2021

EXPEDIENTE: 2021/G003/000168

Visto o requirimento formulado pola Deputación Provincial da Coruña en relación á solicitude presentada polo Concello de Teo dentro da convocatoria do POS+adicional para gastos sociais (expediente 2020000041524), no que se solicita a corrección do informe da Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios 2021 (anexo XVI) e, consecuentemente, do acordo plenario adoptado na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2021, debidamente certificado (anexo XV), no que respecta aos datos contidos na táboa na que se inclúe o desglose do orzamento para os gastos sociais extraordinarios previstos.

Visto o informe da intervención municipal, do 5 de febreiro de 2021 no que, á vista das aclaracións facilitadas polos servizos sociais provinciais, se corrixe a información relativa á previsión de gastos remitida coa solicitude (anexo XVI).

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os errores materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".*

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario do 27 de xaneiro de 2021, concretamente nas contías a reflectir no cadro incorporado no acordo citado, tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no expediente administrativo.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, co fin de dar cumprimento en prazo ao requirimento da Deputación Provincial da Coruña, sen prexuízo da ulterior ratificación plenaria.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Corrixir o erro material detectado no acordo plenario do 27 de xaneiro de 2021, en relación á información incorporada na táboa explicativa dos gastos sociais extraordinarios previstos para o ano 2021 aos que se destinará o financiamento do POS+adicional, quedando a citada táboa redactada conforme se detalla a continuación e o acordo plenario do 27 de xaneiro de 2021 conforme se recolle no anexo ao presente.

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	222.441,93€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	**PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)**	**ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)**
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	21.859,90	21.859,90	0,0
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	185.000,00	55.000,0	130.000,00
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se	280.492,03	280.492,03	0,00

preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	13.500,00	13.500,00	0,00
TOTAL	**500.851,93**	**370.851,93**	**130.000,00**

Segundo.- Remitir certificación da presente á Deputación Provincial da Coruña para a súa toma en consideración no expediente de solicitude do POS+adicional para gastos sociais extraordinarios.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación.

Teo, na data que figura na marxe

O alcalde, A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

ANEXO

ACORDO PLENARIO DO 27 DE XANEIRO DE 2021 DEBIDAMENTE CORRIXIDO

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	222.441,93€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	21.859,90	21.859,90	0,0
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	185.000,00	55.000,0	130.000,00
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)	280.492,03	280.492,03	0,00
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	13.500,00	13.500,00	0,00
TOTAL	**500.851,93**	**370.851,93**	**130.000,00**

<u>Segundo.-</u> Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DO CONCELLEIRO D. MANUEL BARREIRO ROZADOS COMO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO CRA DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta do 19 de febreiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 25 de febreiro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno da Corporación, na sesión do 31/07/2019, aprobou a "Proposición da Alcaldía sobre nomeamento de representantes en órganos colexiados".
En dita proposición designouse, para o Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado) ao concelleiro do grupo municipal do BNG D. Manuel Anxo Fernández Baz.

En data 16/10/2020 (rexistro de entrada núm. 5081 do 16/10/2020) o concelleiro sr. Fernández Baz presentou escrito solicitando que se fixera efectiva a renuncia á súa acta de concelleiro da Corporación local. O Pleno da Corporación tomou coñecemento da mesma na sesión plenaria do 28/10/2020.

En data 25/11/2020 tomou posesión, como novo concelleiro do grupo municipal do BNG o D. Manuel Barreiro Rozados.

Sendo necesario o nomeamento dun/ha novo/a representante da Corporación no Consello Escolar do C.R.A. de Teo, esta Alcaldía solicitou ao grupo municipal do BNG a designación dun/ha concelleiro/a de dito grupo.

En data 16/02/2021(rexistro de entrada núm. 611), D. Manuel Barreiro Rozados presentou escrito comunicando que dito representante será él mesmo,

Á vista do disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno é o que debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.
En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:
Primeiro.- Nomear ao concelleiro D. Manuel Barreiro Rozados como representante desta Corporación no Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado)
Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao concelleiro e notificalo ao C.R.A. de Teo, para o seu coñecemento e efectos oportunos".

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as dos grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Nomear ao concelleiro D. Manuel Barreiro Rozados como representante desta Corporación no Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado)

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao concelleiro e notificalo ao C.R.A. de Teo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía do 19 de febreiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, do 25 de febreiro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a adaptación da Ordenanza reguladora do prezo público das Escolas Infantís Municipais á modificación introducida na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no DOG núm. 19 do 29.1.2021, que supón a inclusión no concepto de unidade familiar, só aos efectos da aplicación da gratuidade da atención educativa do segundo fillo/a e sucesivos, aos fillos maiores de 18 anos que convivan no domicilio familiar.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

"1. Atención educativa.

-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais, para os primeiros fillos da unidade familiar. Os segundos e posteriores terán de balde este servizo.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

Entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior. Compútanse como membros da unidade familiar a filla ou fillo maior de 18 anos se forma parte da unidade familiar segundo a lei 13/2008 de servizos sociais.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
Inferiores ao 30% IPREM	- €	159,75 €	- €
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75 €	266,25 €	- €
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25 €	399,38 €	33,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38 €	532,51 €	66,00 €
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51 €	665,64 €	85,00 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64 €	798,77 €	105,00 €
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02 €		160,00 €

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

TERCEIRO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei".

O sr. Iglesias explica que, como xa dixeron en setembro, non sería a ultima modificación, e tampouco cree que a que se propón agora sexa a última porque as cuestións van xurdindo a conta gotas. A modificación da Xunta hai que incorporala á ordenanza e iso implica que hai que facer todo o proceso e tardará tres ou catro meses en aplicarse.

Avanza o sr. Iglesias que seguramente haberá outra modificación porque deixa fora aos fillos maiores de 18 anos aínda que se comparta a manutención.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño sinala que parece que agora si que é efectivo o tema do segundo fillo, que tanta controversia trouxera no Pleno, cando se plantexaba que era unha falsa promesa do PP. Anuncia a sra. Nariño a abstención do seu grupo.

O sr Iglesias di que el non dixo que era unha falsa promesa, senón que dixo que era unha promesa e que o que faltaba era unha estudo técnico que evitara este tipo de malos entendidos. Evidentemente, ao non habelo, estanse cambiando sobre a marcha pequenos detalles, que o que fan é enredar a xestión e así, por exemplo neste caso, publicouse en xaneiro e acabará sendo aplicable en abril, cando se houbera algo feito no seu día se evitaba todo isto é o constante cambio de ordenanza.

A sra. Nariño di que so quere incidir no que transmitiu a súa compañeira, que se fixo moito máis efectivo noutros concellos con máis celeridade.

O sr. Iglesias sinala que tamén o volven a cambiar agora.

A sra. Nariño di que o importante é que isto sexa efectivo e que as familias se poidan beneficiar.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (6 PP e 2 BNG), acorda:
PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

"1. <u>Atención educativa</u>.

-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais, para os primeiros fillos da unidade familiar. Os segundos e posteriores terán de balde este servizo.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

Entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior. Compútanse como membros da

unidade familiar a filla ou fillo maior de 18 anos se forma parte da unidade familiar segundo a lei 13/2008 de servizos sociais.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
Inferiores ao 30% IPREM	- €	159,75 €	- €
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75 €	266,25 €	- €
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25 €	399,38 €	33,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38 €	532,51 €	66,00 €
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51 €	665,64 €	85,00 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64 €	798,77 €	105,00 €
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02 €		160,00 €

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

TERCEIRO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de febreiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 25 de febreiro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación de Recoñecemento extraxudicial de crédito

Na sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en xaneiro de 2020, aprobouse un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) orixinado, fundamentalmente, pola irregular distribución anual da facturación eléctrica, o que supuxo acumular nun mesmo exercicio mensualidades que non se correspondían co exercicio.

O citado REC tivo que asumirse con cargo ao orzamento de 2019 prorrogado durante o ano 2020. Consecuentemente, ao non estar inicialmente prevista a asunción dese REC, detraéronse recursos correspondentes ao exercicio 2020 que provocaron, a final de ano, unha nova falta de recursos orzamentarios que provocou que non se puidera facer fronte a 332 facturas das cales 309 corresponden a subministro eléctrico.

Considerando que se trata de actuacións efectivamente executadas e que, polo tanto, a falta de aprobación e pago destes gastos suporía o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando así mesmo que si a Administración Pública incrementou o seu patrimonio (por obra ou subministro) ou recibiu efectivamente a prestación dun servizo, non pode alegar causas de nulidade para evitar a xusta contraprestación do que efectuou a prestación.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto

Tratándose da tardanza na resposta, sinala o sr. Sánchez que non ten nada que dicir, é máis, esíxelle á Xunta exactamente o mesmo que lle esixe ao Concello, e se a resposta foi demorada en exceso pois a cadaquén o seu, xa que dende logo non é aceptable unha demora neste asunto, particularmente coa sensibilidade que ten da forma que afecta ás familias. O sr. Sánchez pídelle á concelleira que non o diga moi alto, porque lembra que na lexislatura pasada tivo que recorrer en nome de todo o grupo á Valedora do pobo para que o Concello lle dera contestación a algunhas cuestións, e

particularmente leva esperando dende principios do mes de outubro a que a portavoz do PSOE lle dea contestación a algún escrito que teñen pendente, polo que non poden falar moi alto nese sentido. Sinala o sr. Sánchez que da Xunta di exactamente o mesmo que di do goberno municipal, que é inadmisible unha tardanza na resposta e insiste no mesmo, por suposto sen escusa e sen desculpa a ningunha das partes.

Salienta o sr. Sánchez que queda claro que a Xunta fixo o establecido en atención ao que ditamina o Decreto 132/2013, que foi facer unha proposta, na súa humilde opinión que pensa que é equilibrada, a administración autonómica pon os cartos e a administración local conta coa xestión. Di que non hai que esquecer que os principais afectados de que un servizo de conciliación funcione ben son os teenses e o goberno municipal, pero a alternativa da concelleira sempre é a mesma, e non é algo novidoso. Sinala que se fose a primeira vez que ocorre daríanlle o beneficio da dúbida, pero que o problema é que non é dubidoso, sempre fai o mesmo, sempre que hai un problema busca o enfrontamento coa Xunta antes que unha solución, polo que empeza a pensar que lle interesa máis a liorta que a solución .

O sr. sánchez sinala que concorda co BNG nunha cuestión, e é que a concelleira tivo unha oportunidade magnífica de demostrar que o que di nos seus grandilocuentes discursos educativos o ía poñer en marcha, e o que demostrou unha vez máis é a máis pura decepción, como xa lle ten dito noutras moitas ocasións, que non lle importa o máis mínimo esta cuestión, e que cos seus actos eméndase a si mesma de todo o que ten dito en múltiples ocasións.

Considera que é exactamente o mesmo que fixo coas anteriores que ten traído, que é unha moción para quedar ben, para atrasar o problema no tempo e seguir eludindo a súa responsabilidade.

Explica o sr. Sánchez que a Xunta xestiona dous comedores, o de Calo e o da Ramallosa, e que menos que por amor propio político se diga que "*xa que a Xunta xestiona 2 centros no noso Concello polo menos colaborar na labor de conciliación e xestionar un*". Considera o sr. Sánchez que se á concelleira de educación lle preocupase este problema, sería así. Opina o sr. Sánchez que a Xunta propón unha solución e atopouse co muro da sra. Argibay. Pensa que esta cuestión transcende

cores políticas, ata tal punto que e non lle doen prendas en dar de cal e de area a todas partes, incluso ás súas cores políticas, pero ten o pleno convencemento de que se este asunto estivera en mans das concelleiras ou concelleiros de Son de Teo non chegaría a hoxe, porque por afinidade das temáticas que no seu día traballaron e están a traballar ámbalas dúas concelleiras, mesmo o concelleiro de asuntos sociais, non se tería permitido que este asunto chegase a hoxe. Di que nese caso probablemente falarían coa Xunta e faríase o típico percorrido que se soe facer nestes casos, porén non tería chegado aquí.

O sr. Sánchez di que queren que o problema se solucione, o que piden dende a ANPA é que sexa a Xunta quen o asuma e en calquera caso, como entenden que o acordo que recolle a propia moción é exactamente o que pide a ANPA, apoiarán a moción.

O sr. alcalde dille ao sr. Sánchez que o que non se pode facer son trampas. Dille que sabe que el é unha persoa versada especialmente neste tema e non pode achacalas á ignorancia, e menos falando do Real Decreto. A disposición adicional terceira do RD refírese á "*asunción de forma progresiva pola Consellería con competencias en materia de educación, da xestión de comedores xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos, ANPAS*" e di que "*neste sentido os comedores escolares que se vaian asumindo xestionaranse pola modalidade prevista no artigo 2.1.b) e 2.1.c) do presente Decreto"*. É dicir, esas son as propostas das que teoricamente fala o señor Feijóo e que o Concello non aceptou, pois o Concello vainas aceptar todas decididamente porque a b) é "*xestión indirecta da Consellería competente en materia de educación mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración, nas dependencias do centro ou nas da empresa, dos menús, o seu transporte, se é o caso, así como o servizo nas mesas, atención dos alumnos comensais e a limpeza do comedor e da cociña"* e a c) refírese á *"xestión indirecta a través da Consellería con competencias en materia de educación a través da concesión de servizo".*

O sr. alcalde aclara que aínda hoxe se estivo a falar telefonicamente coa Secretaria Xeral da Consellería para intentar darlle unha solución definitiva a este tema.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Apoiar a solicitude da Anpa do Ceip Os Tilos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, para que xestione dende este curso o comedor de dito centro, en cumprimento das súas competencias recollidas na normativa vixente.

Segundo: remitir o presente acordo á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como ao Presidente da Xunta que foio o que asinou o Decreto de 2013.

12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

Co permiso da presidencia, sendo as vinte horas e vinte e sete minutos abandona o Salón de Plenos a concelleira de Son de Teo, D.ª María López Álvarez.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 16 de febreiro (rex. entrada nº 612, de 16/02/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soster o

presente. Tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel, aínda máis, o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc., foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza a destrución de 15.100 empregos (datos EPA de xaneiro 2021) e afectou máis ás mulleres. Así mesmo, a fenda salarial, malia ser ilegal, continúa a superar o 20% e ten tamén correlación na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindíbel a dignificación do marco laboral coa derrogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Recoñecer as convocatorias do feminismo galego auto organizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2. Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.

3. Demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

4. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que todo aquilo que se poida seguir mellorando está ben, engadindo que, xustamente no grupo municipal do PP, o seu portavoz é alguén que apostou pola representación feminina do grupo e sempre tivo confianza na parte feminina que quixo levar na súa lista.

A sra. Vázquez espera e confía que a Xunta de Galicia tamén siga traballando na mellora que poida favorecer a todas as mulleres, como leva facendo ao longo da historia durante o seu goberno, e así foi un dos goberno que levou a cabo o primeiro plan de acción de violencia de xénero, creou as primeiras aplicacións dende o móbil tanto para a violencia de xénero como para as mulleres embarazadas, a constitución da rede de entidades locais contra a violencia de xénero, a primeira lei de igualdade, a constitución da comisión asesora para unha publicidade non sexista. Salienta a sra. Vázquez que a Xunta sempre buscou melloras, e as últimas xa no 2018 e no 2019, sendo unhas das primeiras Comunidades Autónomas que poñía en marcha o servizo de garda psicolóxica e o de asistencia integral de orfos das vítimas de xénero, e tamén o das vivendas tuteladas, sendo Galicia a primeira en toda España que tivo estas vivendas.

Considera a sra. Vázquez que dende o seu grupo entenden que hai que seguir reinvindicando as melloras mentres sigan existindo unhas necesidades e unhas desigualdades de xénero na sociedade, non so a nivel político senón tamén por parte da educación, que debe ser algo fundamental, o educar no respecto, na igualdade e nos valores que temos todos xa non por ser homes e mulleres senón por ser persoas.

A portavoz de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1.- Recoñecer as convocatorias do feminismo galego auto organizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2.- Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.

3.- Demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

4.- Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

13.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDE TEO POLA LIBERDADE DE EXPRESIÓN, POLA LIBERDADE IDEOLÓXICA E ARTÍSTICA, E POLA AMNISTÍA DAS PERSOAS CONDENADAS POR ESES DELITOS.

O sr. alcalde da conta da moción de Son de Teo do 19 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 669), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

"MOCIÓN POLA LIBERDADE DE EXPRESIÓN, POLA LIBERDADE IDEOLÓXICA E ARTÍSTICA, E POLA AMNISTÍA DAS PERSOAS CONDENADAS POR ESES DELITOS

Pleno ordinario do mes de febreiro de 2021

> *A persecución a rapeiros, chiadores, xornalistas, así como a outros representantes da cultura e da arte por intentar exercer o seu dereito á liberdade de expresión, converteuse nunha constante. Así, o estado Español pasou a encabezar a lista de países que máis artistas represaliou polo contido das súas cancións. (.../...). Somos conscientes que se deixamos que Pablo sexa encadeado, mañá poden ir por calquera de nós , así ata conseguir acalar calquera salouco disidente.*

Así se expresaba máis de 200 artistas que, a principios de febreiro, asinaron o manifesto en apoio a Pablo Hasél. E teñen razón. A calidade dunha democracia vese nos artigos do seu Código Penal, na súa independencia xudicial e na súa lexislación, constitución incluída, e na súa capacidade para resolver por medios políticos os conflitos políticos.

Que o noso país sexa unha democracia na que, teoricamente, funciona a separación de poderes, ou que os políticos, rapeiros ou chiadores sexan xulgados e condenados por tribunais, aplicando leis elaboradas no Parlamento, é un falaz argumento que podería utilizar a ditadura franquista ou utiliza calquera pseudemocracia para xustificar a persecución dos disidentes.

Os delitos contra os sentimentos relixiosos, os de inxurias á Coroa e ás institucións do Estado, e de enaltecemento do terrorismo, supuxeron entre 1981 ata 2020, pero sobre todo a partir de 2009, 128 condenas de prisión e decenas de miles de euros en multas (a primeira delas a Suso Vaamonde). Entre 2012 e 2015 un total de 23 persoas foron condenadas por enaltecemento do terrorismo a penas entre 6 meses e dous anos de cadea e, entre 206 e 2018, celebráronse 70 novos xuízos por delitos de expresión.

Así, Amnistia Internacional publicaba que "o ingreso en prisión de #PabloHasel está estritamente vinculado ao exercicio do seu dereito á liberdade de expresión, e por esa razón, o seu encadeamento é inxusto. A liberdade de expresión é un dereito humano". A mesma OSCE (Organización para a Seguridade e a cooperación en Europa) pronunciábase sobre o caso e consideraba que "de acordo cos estándares e compromisos internacionais, o discurso, non importa canto provocativo sexa, non debe ser freado nin reprimido, e baixo ningunha circunstancia debe conducir ao encadeamento"

Por isa razón temos que amosar o noso apoio a todas as persoas condenadas por delitos de expresión, esixir a súa liberdade e pedir a eliminación dos delitos que so mutilan o dereito á liberdade de expresión, á liberdade ideolóxica e artística.

Consecuentemente, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Reclamar do goberno do Estado e do Parlamento español que elimine do código penal os delitos que mutilan a liberdade de expresión, a liberdade ideolóxica e a liberdade artística

2. Solicitar a amnistía para todas as persoas condenadas polos chamados "delitos de expresión" e mostrar o noso apoio a todas as persoas que sofren prisión ou multa por eses delitos, compartamos ou non as súas ideas

3. Pendurar durante 15 días unha pancarta dende o balcón do concello co texto "Pola liberdade de expresión e pola liberdade ideolóxica e artística.

Amnistía para as persoas condenadas por delitos de expresión"

4. Trasladar este acordo á Presidencia do Congreso dos Deputados e á Presidencia do Goberno español"

O sr. alcalde explica que en 2007 chegan os primeiros casos de inxurias á coroa contra cantantes, foi contra o canario Rivas Leiva, condenado a pagar 1.440 euros de multa, por chamar parasito ao Rei, durante un concerto, e dicir que debería estar enterrado. Continuouse co caso de José Manuel Barroso Toledo, alcalde naquel momento de Puerto Real, condenada a pagar 6.480 euros de multa, en xuño de 2009, por chamar deleznable e corrupto a Juan Carlos I e ao seu pai, nun acto de aniversario da segunda república. Os membros do grupo ardor de estómago foron condenados en 2012 a pagar 1.440 euros de multa e as costas do xuízo por una canción publicada no ano 2010 que contiña frases referentes a Juan Carlos como "*a quien le cubren las espaldas con los secretos de Estado y quien tiene lambeculos pegados como lapas siguiéndolo por todos los lados".*

O sr. alcalde explica que a proposta é independentemente de calquera elemento de simpatía con cantante, artista, ou quen sexa, que te pode gustar moito ou repatearte totalmente e parecerte un maleducado, porén iso non cuestiona a defensa que fan desa proposta, do mesmo xeito que ten que ser independente dos actos que desencadenen a defensa desas propostas. Sinala que eles apoian mobilizacións que poidan darse en contra desas condenas, do mesmo xeito que condenan os actos de violencia que poidan levar asociados e que poidan ser utilizados por persoas para deslexitimar estas actuacións ou porque así o consideren.

Considera o sr. alcalde que se trata dunha proposta necesaria a raíz de todo o que está acontecendo, neste caso concreto coa casa real, non pode seguir aí ese delito privando á xente de dicir o que pensa.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que o réxime do 78 nunca foi especialmente tolerante coas críticas en xeral, porén a deriva reaccionaria na que está inmerso o Estado dende hai anos ten que ser revertida de xeito inmediato. O actual presidente sr. Sánchez, sendo aínda candidato, dixo estar disposto a derrogar algunhas das leis mordazas e logo de máis dun ano de goberno, aínda non tivo tempo. Sinala que a maior evidencia da baixa calidade democrática do Estado e a existencia no seu código penal de delitos de opinión, unha lexislación represiva que coarta un dereito fundamental como a liberdade de expresión e que castiga o seu exercicio cando se critican institucións ou símbolos do Estado. Sinala que á lista que expuxo o sr. alcalde hai que engadirlle a Francisco Carballo, que no ano 1981 foi condenado por escribir nun libro que a policía española asasinou a Moncho Reboiras, e logo no ano 2009 este foi recoñecido como vítima oficial do franquismo. En 1986 o dirixente do BNG Francisco Rodríguez foi acusado de ultraxe á bandeira, en 2012 o cantautor Javier krahe foi xulgado por unha curtametraxe de 1977 por ofender os sentimentos relixiosos, en 2015 Cesar strawberry foi condenado por enaltecemento do terrorismo por uns tweets, sendo absolto en febreiro de 2020, e en Agosto de 2020 a fiscalía do Supremo investiga á portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, por dicir o que hoxe xa é *vox populi*, que os borbóns son uns ladróns e corruptos e que o Estado non persegue coas mesmas armas represivas a quen opina e a quen deixa de tributar.

Sinala o sr. Barreiro que son so algúns exemplos de persoas perseguidas por opinar sobre o Rei, a relixión ou mesmo sobre España, opinar, so iso, expresar unha idea. É evidente que o uso destas leis mordazas polo aparato ideolóxico do Estado para perseguir a discrepancia política faise realidade hoxe mesmo que vimos de coñecer que pedir fusilar a 26 millóns de persoas, non é delito, segundo a fiscalía, quizais porque non o fixeron rapeando.

Sinala o sr. Barreiro que seguro que moitas/as das/os presentes están lonxe estilística, musical, cultural e politicamente lonxe de artistas como Pablo Hasél, máis por moito que se poida diferir das ideas e do campo ideolóxico, non se pode meter na cadea indiscriminadamente a calquera que discrepe publicamente do sistema, e non se pode pretender ser un goberno progresista e manter estas leis en vigor.

Remata o sr. Barreiro a súa intervención sinalando que o BNG vai a apoiar esta moción, aínda que pensan que sería moito máis acaído que a faixa que se pendure no Concello sexa para reclamar un comedor no colexio dos Tilos.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo, engadindo que apoian completamente o da faixa no balcón polo tema de comedor dos Tilos, xa que ao ter un mecanismo de presión bastante notable, debe aproveitarse para un tema no que hai unanimidade no Concello, tratándose dun tema de urxencia e preocupación para todos.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen di que lamentan profundamente esta moción, engadindo que ela persoalmente tiña a esperanza de que o sr. alcalde a retirase. Consideran que dende as institucións públicas non se debe amparar, alentar e xustificar determinados actos, comportamentos e mensaxes. Consideran que a obriga do sr. alcalde é promover o cumprimento da lei e o acatamento da mesma, senón dificilmente estará lexitimado para pedir ao veciños que a cumpran, porque a lei é para todos.

Salienta a sra. Calvo que liberdade de expresión, por suposto que si, pero con arranxo ao ordenamento xurídico. Sinala que lendo a moción, parece que se está a santificar a Pablo Hasél, e non é ningún anxelito nin ningún preso político, simplemente é un delincuente común, tal e como di a xustiza, que neste pais é independente. Sinala que este pseudorapero non entrou en prisión polo párrafos obscenos ou mensaxe misóxinos, nin sequera por cantar mal, que o fai fatal, senón por ten un historial tales como agresión a un cámara de TV 3, seis meses, enaltecemento do terrorismo, dous anos e medio, etc. Este señor é un delincuente reincidente, que entrou en prisión por acumulación de delitos.

Di a sra. Calvo que non quere deixar pasar a oportunidade de recoller algúns mensaxes de paz e concordia que manda este señor, tales como "*merece que explote el coche de Pachi López", "no me da pena tú tiro en la nunca pepero, no me da pena tú tiro en la nuca socialisto", "que alguién clave un piolet en la cabeza de José Bono".*

Pregunta a sra. Calvo se de verdade creen que estes son mensaxes adecuado para mandar á sociedade e un bo exemplo para a xuventude, engadindo que se resiste a crer iso. Sinala que outra cuestión interesante son os cualificativos reiterados, faltas de respecto e machismo que demostra este señor por todas as mulleres. A sra. Calvo dille ao sr. alcalde que non acaba de entender a súa postura. Acábase de falar do 8 de marzo, ata incluso en Madrid se creou un Ministerio de Igualdade, e agora xustifican e apoian este modelo para a sociedade, engadindo que escoitará con atención o que queiran dicirlle.

Sinala a sra. Calvo que vai a seguir citando *verbatim* ao mártir Hasél, máis que nada porque como falan de poñer unha pancarta non balcón, igual queren recoller algunha destas perlas: "*es una fulana demasiado cara, voy a tener que violarla", "follo con una loca que jura que me ama", "tiene buenas tetas y buen culo, pero quiero desaparecer", "joder niña no sabes lo que daría por tenerte encima y apartar a esta ninfómana perdida".*

A sra. Calvo di que a ela lle da vergoña ler isto. Dirixíndose ao sr. alcalde pregúntalle se de verdade vai a defender isto e pregúntalle se non sinte vergoña e se esta é a súa idea e do seu partido da defensa e da loita da muller. Pregunta se este é a linguaxe non sexista, engadindo que é poesía en estado puro.

A sra. Calvo di que como nai, como muller e como cidadá sinte repulsa absoluta por esta violencia gratuíta, machismo e sen razón, engadindo que non quere pensar que ocorrería se estas frases as dixera alguén do PP, porque estaría crucificado na prazo do pobo, e ademais con razón.

Pregunta a sra. Calvo que ten o sr. alcalde que dicir sobre os disturbios, destrozos de mobiliario urbanos, os destrozos millonarios e perdas dos comerciantes, e pregunta que se lle conta a eles da súa liberdade, pregunta se para eles non hai dereitos, e qué dicimos das forzas e corpos de seguridade do Estado. Reitera a sra. Calvo que este señor é o que se coñece normalmente como un delincuente común, como di a xustiza.

A sra. Calvo pregúntalle ao sr. alcalde se condena todo o que acaba de dicir, quere saber se condenan o comportamento violento, as frases machistas e a actitude deste señor, e se, como representante público que é, se está do lado da lei, que é do lado que pensa que debe de estar.

Sinala a sra. Calvo que todos saben que isto non vai de liberdade de expresión, de feito o sr. Pablo Iglesias pretende amordazar aos medios e reclama publicamente un control férreo sobre os medios de comunicación privados. Pregunta a sra. Calvo de que se está falando realmente aquí, de liberdade para uns si e para outros non.

Sinala que o liberalismo, onde se encadra o seu grupo, consideran un dereito inalienable a liberdade de expresión, sendo outro tipo de movementos antilustrados os que, ante unha falsa promesa de liberdade, a queren coartar. Sinala que eles sempre estarán dentro da liberdade de expresión, pero dentro dun marco xurídico, que para iso esta, para que as liberdades de uns non aplasten as de outros. Sinala a sra. Calvo que

posiblemente teña que facerse un axuste na lei, polo que os que están no goberno deberán lexislar e facer presión.

Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando que o seu grupo non vai a apoiar a moción, salientando que neste caso se trata dun non rotundo.

O sr. alcalde, dirixíndose á sra. Calvo, dille que non entendeu nada. Salienta que non se trata de que se estea de acordo, de que guste ou non, como xa o dixo, independentemente de quen sexa e do que diga. O sr. alcalde di que pode condenar moitas cousas das que se dixeron. Sinala que vai a botar man dun pequeno artigo de Antón Losada, ao que lle da lectura nos termos seguintes:

"A lo mejor no se acuerdan, porque nada más conveniente que hablar de la violencia de unos pocos para evitar tratar de las cosas que realmente nos afectan a la mayoría, pero todo esto empezó porque en España tenemos un problema con la libertad de expresión. A quienes tiran piedras y queman contenedores les importa una mierda la libertad de expresión, igual que a quienes la usan como coartada o como excusa; a mí sí me importa.
Me importa lo justo Pablo Hasél, ni siquiera me cae bien. Siempre he tenido alguien como él cerca. Todos somos contingentes, solo ellos son necesarios. Siempre eran más radicales que tú, más rebeldes que tú, más antisistema que tú, más comprometidos que tú y si no les bailabas el agua, siempre tenían una mirada a lo Rambo para petrificarte; aunque sin la gracia de Sly Stallone. Me importan y me conciernen sus derechos, porque son los míos y porque la libertad de expresión debe defenderse sobre todo cuando no te gusta lo que dicen. Ni su afirmación ni el uso de la libertad de expresión puede depender de quién la ejerza. Representa un derecho nuclear en una democracia plena y, en España, lleva una década retrocediendo en lo penal y en lo administrativo; también —de nuevo tan conveniente— en nombre del rechazo a la violencia".

Sinala o sr. alcalde que claro que condena a violencia, igual que condena que estivera pendurado no Salón de Plenos do Concello, por imperativo legal, un delincuente,

durante moitos anos, porque agora queda claro que foi un delincuente, queda claro que roubou a todos, polo menos non declarando a facenda, e agora temos outro colgado, tamén por imperativo legal, e a única razón pola que está aí colgado e porque é fillo do delincuente, porque se non fora fillo do delincuente, aínda que fora o máis listo ou o máis inxenioso de todos, non estaría aí. Salienta que iso é o que defende, o dereito de dicir iso e de dicilo e non ser perseguido por elo.

O problema non é que haxa que aceptar a legalidade, porque claro que hai que aceptar a legalidade, porén o que hai que facer é modificala e por iso piden que se modifique. Porén se non se está a favor de que se poida dicir o que se queira, da liberdade de expresión, porque iso é o que se pide na moción. Na moción de Pablo Hasél se fala o xusto, se cita, aínda que é certo que dou pe a isto e é certo que non lles gusta o que di, porén tampouco lles gusta a violencia que provocan as determinadas defensas, porén tamén defender o dereito da xente a defender na rúa a modificación da lei, non coas violencia, pero si a defendela.

Considera o sr. alcalde que hai un problema moi serio coa liberdade de expresión, engadindo que polas pancartas que non se preocupen que hai balcóns para todas as pancartas que se queiran poñer.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que non se trata de que guste o que di, porque non lles gusta, porque é un señor cun evidente mal gusto para a prosa, e para a lírica tamén, e probablemente para a musica, e para a vestimenta e para case todo. Sinala o sr. Barreiro que o PP fala de cumprir a lei e temos un Rei que está fuxido de calquera responsabilidade, nun emirato árabe, onde se tortura á xente, onde se vexa ás mulleres, onde o príncipe manda descuartizar a xornalistas, un monarca que ademais regala 60 millóns de euros a unha señora e ninguén sabe moi ben porque, nin de onde saíu nin quen é, ou si, un monarca que paga multas de catro millóns de euros que ninguén sabe de onde saíron, que acepta doazóns, etc, etc, que se saltan os dereitos de todos e se vacinan antes que ninguén.

Sinala o sr. Barreiro que a lei é igual para todos, pero tamén para pagar os impostos, e que a lei é igual para todos e a lei prohibe financiar ilegalmente partidos políticos, porén diso non van a falar hoxe porque se fai tarde.

Sinala o sr. Barreiro que é certo que o sr. Hasél poder ser un delincuente e un enaltecedor do terrorismo, pois haberá que metelo á cadea por ser un delincuente ou por pegarlle a xente, pero non polo que di, porque o que di simplemente é un tontería.

Salienta o sr. Barreiro que unha cousa é pensar e outro é actuar, e o delito debe ser actuar e non pensar. Sinala que o PP fala da violencia e sinala que é curioso que o PP ten unha especie de fixación con que todo o mundo condene a violencia e non sabe se é que pensan que ninguén condena a violencia máis que eles. A xente normal e equilibrada condena a violencia sen ter andar dicindo por aí todos os días que condena a violencia, claro que non está ben queimar contedores, porén tampouco está ben quitarlle ollos á xente con balas de plástico desas que tira a policía, tampouco está ben partirlle a cara a un pai que defende a unha filla do acoso de dous policías, tampouco está ben rescatar á banca, e con iso socializar as débedas e privatizar os beneficios, tampouco están ben as leis mordaza, tampouco está ben e tamén son violencia, as reformas laborais que o que fan e desestructurar e ir un emprego de menos calidade, empobrecer a poboación e afondar nas fendas socias.

Sinala que tamén é violencia certo tipo de ideoloxía que está mellor vista porque exercen outro tipo de violencia máis larvada e, probablemente, menos descarada. Salienta o sr. Barreiro que por suposto que condenan a violencia, engadindo que dende o PP condenan so algunhas violencias porque aínda está pendente que condenen corenta anos de ditadura, de violencia, e determinados réximes que son igualmente violentos

O concelleiro do PP, sr. Sánchez, di que iso é rotundamente falso.

O sr. Barreiro di que si, que é falso, como tamén o é a venda de armas a Arabia Saudí.

Preguntada polo sr. alcalde, a sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e di que poder ser que Pablo Hasél ao sr. alcalde lle da igual e todo iso que acaba de dicir, estando o seu grupo de acordo en que posiblemente haxa que modificar as leis e por iso lle di que fagan valer seu voto, que para algo están no goberno central.

O sr. alcalde di que eles non teñen nada que ver no goberno central.

A sra. Calvo pregúntalle ao sr. alcalde para que citou a Hasél na moción, engadindo que ten que entender a súa postura, engadindo que non cree que dixera nada descabellado.

Reitera a sra. Calvo que están de acordo coa liberdade de expresión, que se pode falar da coroa o do que lles de a gana, insistindo en que este señor entrou en prisión por acumulación de condenas.

A sra. Calvo dille ao sr. alcalde que se quere estar lexitimado para pedirlle aos veciños que cumpran coa lei , ten que ser exemplarizante, porque é unha figura pública, e é o alcalde de Teo.

O sr. alcalde di que el é exemplarizante.

Considera a sr. Calvo que debería selo máis, polo menos con respecto a este tema.

Sinala a sra. Calvo, dirixíndose ao sr. Barreiro, que, con respecto á ditadura franquista, está mais que condenada e so fai falla que mire a hemeroteca e de paso consulta o outro da AP 9.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con cinto votos a favor (3 Son de Teo e 2 BNG), seis votos en contra (6 PP) e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a moción de Son de Teo do 19 de

febreiro de 2021 (rex. entrada nº 669), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de febreiro de 2021.

14.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. alcalde explica que hai un rogo por escrito do BNG (rex. entradanº 542, do 10 /02/2021), que se lle vai contestar mañá por escrito.

O sr. alcalde da lectura ao citado rogo, sinalando que o BNG solicita "*información do custe económico de mantemento da Plataforma de Participación cidadá e da páxina web "Somos Teo", incluídos dominios e custe de aloxamento da páxina, do número de usuarios que participaron nos distintos procesos de consulta realizados e da actividade levada a cabo dende a citada Plataforma nos últimos dous anos".*

A sra. Argibay explica que, sen prexuízo da resposta escrita dos datos sobre todo económicos e de participación, xa adianta que se está traballando nunha mellora e reforma da páxina e seguramente ademais da participación cidadá estase buscando unha modalidade máis áxil, máis clara e máis rápida para beneficio de toda a veciñanza.

2.- O portavoz do BNG, sr. Barreiro, pide que se rebachee ou que se lle dea un toque á estrada que vai de Cacheiras a Vilar de Calo, por Augas Mansas, Guldrís, etc, sobre todo dende o Sisto ata Guldrís, porque está en moi mal estado, engadindo que nalgún

momento haberá que pensar en botarlle firme novo.

3.- Pregunta o sr. Barreiro cando se estima comezar co afirmado viario aprobado no Pleno fai un ano, indicando que descoñece como está o tema.

A sra. Lemus sinala que hai moito POS pendente de licitar, como o de Vilar, o da Pedra, engadindo que polas súas previsións, dado que xa case se rematou coas licitacións europeas, pronto se comezara a licitar. Explica que é certo que houbo un parón de tres meses do POS por culpa dos fondos europeos, xa que por cuestións de tempo e de prazo preferiuse sacar as licitacións correspondentes a ditos fondos, xa que se trata dunha tramitación administrativa moi longa. Reitera a sra. Lemus que se acaba este mes con estes fondos e que en marzo haberá que comezar xa co POS.

4.- O sra. Barreiro sinala que os veciños e veciñas lles falan dos cortes transversais que se fan nas estradas. Entende o sr. Barreiro que son as acometidas da auga, e que cando se enchen outra vez, non sabe se por cuestión do material que se bota ou polo que sexa, se deteriora moi rapidamente e fanse fochancas neses cortes transversais. Pide o sr. Barreiro que se mellore a execución desas obras.

O sr. alcalde explica que o Concello leva un tempo intentando que se bote capa de formigón previamente a facelo, engadindo que a ver se a partir de agora se fai.

5.- O sr. Barreiro sinala que hai un ano o sr. Fernández trouxo ó Pleno un tema da zona da travesía de Cacheiras, dunha fata de iluminación en zonas comúns, sobre todo nas fases 3 e 4, e estaba pendente de que se asinara a cesión da Rúa dos Alféreces. Pregunta o sr. Barreiro se se levou a cabo.

A sra. Lemus sinala que a cesión xa se fixo.

O sr. Barreiro di que os veciños da zoa se queixan de que hai pouca iluminación nas zoas comúns.

6.- Lembra o sr. Barreiro que o sr. Fernández hai un tempo pediu un aparcamento de motos en Campos de Mirabel, e quedouse en estudar o tema. Pregunta o sr. Barreiro como está iso.

A sra. Lemus sinala que está pendente, e que se mirará.

7.- Explica o sr. Barreiro que na AC941 en sentido Cacheiras, xusto despois da rotonda dos Verxeis, hai un pequeno tramo, sobre 100 ou 150 metros, no que se permite adiantar, e ao mesmo tempo hai unha estrada que sae pola esquerda, que vén de Recesende, que permite saír para abaixo, e a saída non é que teña unha visibilidade imposible pero tampouco é a mellor. A veciñanza pide se se pode solicitar á Xunta que se revise ese tramo de adiantamento, pois quizais habería que prohibilo, pois xa se ten dado a casuística de que saen coches para abaixo e vén alguén adiantando, e algún día haberá un desgusto, polo que sería bo arranxar iso.

A sra. Lemus di que se mirará, sen que en todo caso se poida esquece que o que sae ten que comprobar se veñen cosas por calquera dos dous lados.

O sr. Barreiro si que é certo que é responsabilidade do que conduce mirar para os dous lados, porén a xente ou se despista ou non conta con iso e se confía.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que o terían que ver técnicos de seguridade viaria.

8.- Sinala o sr. Barreiro que os veciños de Mouromorto piden que se cambie unha marquesiña vella que hai de Caixa Galicia, que está bastante deteriorada e a xente que espera os autobuses alí cando chove non se pode sentar.

O sr. alcalde explica que o que pasa alí é que hai que ter en conta que hai 3 marquesiñas seguidas, sen espazo practicamente para moverse o coche, que igual o que hai é que eliminar esa parada, porque a parada está onde está a marquesiña que se mete cara Casal, e a de abaixo, e tres paradas nun tramo de 300-400 metros igual é difícil, pero estudarase.

9.- Sinala o sr. Barreiro que hai queixas dos autobuses por problemas de accesibilidade, escaleiras, corredores estreitos, e non se poden subir persoas de mobilidade reducida, xa que hai moita dificultade para subilos e baixalos.

A sra. Otero explica que hai medio mes ou así houbo unha reunión na Dirección Xeral de Mobilidade e unha das cuestións foi esta, se se podía esixir que, pola concesión de contrato da empresa, que os vehículos fosen de determinadas características, sobre todo tendo en conta que o Concello vén de ter determinadas liñas cuns autobuses

cunhas características que permitían isto, e esperábase que noutras liñas mellorase isto con estes contratos e realmente foise para atrás en todas as liñas. Sinala que a resposta foi que non se lle pode reclamar ás empresas ese tipo de vehículos, que hai unha porcentaxe de tipos de vehículos e eles repártenos en función do que teñen.

O sr. alcalde di que iso ía como mellora na concesión e gañou quen non levaba esas melloras, como literalmente se lles contestou.

10.- O sr. Barreiro di que en xaneiro houbo un coloquio no Auditorio sobre unha obra de teatro que non se puido ver. Descoñece se foi algún tipo de performance ou homenaxe pero cree que nunca vira algo así, é dicir, facer un coloquio sobre unha obra que non viu ninguén. Pregunta se se ten previsto que esa obra se poida ver nalgún momento en Teo.

A sra. Argibay di que a obra se vai a ver. Explica que o que pasou foi que xa estaba prevista pola técnica de Cultura e falado ca empresa que o ía a facer e con motivo dunha celebración, decidiron adiantar o coloquio, pero era un tema que xa se anunciara e se falara previamente.

11.- O sr. Barreiro pregúntalle ao sr. alcalde como está o tema das Escolas Infantís municipais, e se hai acordo.

O sr. alcalde di que o que están é moito máis tranquilo, porque hai un mes de relax. A situación que se produciu na Mesa xeral foi bastante estrambótica porque despois dunha discusión e de falar sobre o tema a nivel orzamentario e da proposta de sacar as prazas e demais, as traballadoras, concretamente as traballadoras vinculadas a un determinado sindicato, presentaron unha proposta para que o resto dos sindicatos a apoiaran. Os sindicatos empezaron a preguntar cal era exactamente a proposta, que era o que querían, e entón resulta que o que pasa era que non querían a proposta de Alcaldía, entón o que se dixo foi que se retiraba calquera proposta, que traballaran durante quince días ou un mes na mesa xeral. Pensa que se quedou para o 23 de marzo, data na que teñen que presentar unha proposta, non ese sindicato en concreto, senón facer unha discusión previa na mesa xeral ou no comité de empresa entre todos os traballadores e presentar unha proposta concreta. E niso se está, entón gañouse un mes de relax.

12.- A concelleira do BNG, sra. Diéguez, sinala que, con relación ao dos autobuses, xa se falara no Pleno que non hai información dos horarios nas marquesiñas, e para saber os horarios hai que ir a unha páxina web na cal é moi difícil de atopar e de descifrar exactamente as horas. Sinala que a veciñanza quéixase e di que se non é competencia do Concello, como ao parecer non é, que polo menos se presione para que as empresas poñan esa información, porque moita xente está deixando de usar o servizo en parte porque non son capaces de saber a que hora pasa.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, explica que, estando ela presente, un día que non pasaba o autobús na hora que era, chamouse directamente a Monbus, puxeron a chamada en espera e acabaron colgándolles o teléfono. Explica que logo volveu a chamar, e lle colgaron o teléfono e comportáronse de moi malas maneiras e, antes de colgar, preguntáronlle de que concello era. Sinala que descoñece se a nivel persoal ela e a persoa que chamaron teñen que poñer algunha queixa ou hai algunha forma de actuar, porque hai un contrato e que, igual que lle pasa a ela, sabe que lle pasou a máis xente, non que lle colgaran o teléfono pero si que non responderan.

O sr. alcalde di que na reunión que houbo na delegación territorial pediron unha semana ou dúas para lograr harmonizar os horarios que aparecían no bus.gal cos horarios que poñían as empresas e cunhas reclamacións que se fixeran dende o Concello. Parece que o venres pasado deron o “ok”, despois da última actualización do día 24 e de pasar a semana seguinte, polo que se está empezando, e de feito hoxe se puxeron os primeiros horarios en Lampai. Explica que se vai a ir progresivamente, pero é un proceso lento porque hai que casar en cada parada todos os horarios, e dende a Xunta xa dixeron que iso se faría pero a meses vista. O sr. alcalde sinala que se están facendo plastificados e cunha indicación para que a xente, se non se cumpren os horarios ou hai algunha deficiencia no servizo, poida chamar ao Concello para facer a pertinente reclamación diante da Administración. Remata o sr. alcalde sinalando que esa é a situación e que esperan que nos próximos 15 días se vaian colocando progresivamente en todas as paradas.

A sra. Vázquez sinala que cando sexa así habería que enviar unha reclamación por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Vázquez refírese ás luces do camiño da Burga, e pregunta por que non funcionan, e se se prevé ter solución

A sra. Lemus di que ten serias dúbidas de repoñelo.

A sra. Vázquez pregunta se hai a opción de que sexa soterrado.

A sra. Lemus di que era soterrado e o levantaron de tal forma que ata cando acabaron foron moi coidadosos e incluso puxeron un pouco de cinta para que quedara ben. Cando se fixo soterrado fíxose cun sistema que era imposible de roubar, ou iso dixeron, e se roubou. Hai un mes e pico estábase mirando como facelo pero ninguén acaba de asegurar que non vai a ser roubado, o que xa aconteceu tres ou catro veces. Salienta que lles da rabia pola falta de servizo porén non é barato, e se rouba continuadamente.

2.- A sra. Vázquez referíndose á iluminación da ponte BIC, pregunta se finalmente o que se comentara se estaba mirando, se finalmente hai algunha solución e se vai a ser pronto.

A sra. Lemus explica que hai permiso xa de Patrimonio dende hai meses e encargouse a un ferreiro o enganche nas luminarias existentes porque se vai facer dende a Ponte nova cara a Ponte vella, é dicir, non se vai poñer iluminación na propia ponte BIC senón de xeito indirecto. Isto foi o que se propuxo a Patrimonio e dixo que si. Agora estase á espera do traballo do ferreiro que está tardando en xeral, porque debe de ter moitísimo traballo, tamén é certo que poucos ferreiros hai. Reitera a sra. Lemus que está encargado dende hai moito tempo pero de momento nada.

3.- Pregunta a sra. Vázquez pola farola de “aí abaixo” da que a sra. Nariño falara en Plenos atrás, no ano pasado. Pregunta se é cuestión de repoñela o Concello ou se hai algún seguro.

A sra. Lemus sinala que se vai a repoñer.

4.- Pregunta a sra. Vázquez como está o tema da estrada cara Olveira, porque se bacheou xunto o edificio pero se se chegara un pouco máis para adiante o camión remataba, pero deixou baches sen tapar. E agora de feito os que quedaron sen pechar agrandáronse e a pista de arriba volveu a abrir toda por numerosos sitios. Recoñece que é moi insistente neste tema pero é por darlle unha solución real a esa estrada, porque ademais a da parte de abaixo o tema é que abriu por onde se fixo a obra da zanxa, por iso cando falaron das obras transversais ela tamén o pensou, non sabe se é o tipo de material que usa a empresa en concreto, e ó mellor si que o hai que ter en conta cando se contrate e fala en xeral, ou o que sexa, porque xusto nesa estrada houbo unha obra que levou a cabo Elecnor e non ten nada que ver o bacheado, é que dan ganas de ir en sentido contrario.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

		Transporte	*3 Acciones*	13989	61170	0	11503180		

8. BIBLIOGRAFÍA

- 1 Solaun, K., Gómez, I., Urban, J., Liaño, F. & Genovês, A. 2014. Integración de la adaptación al cambio climático en la estrategia
- empresarial. Guía metodológica para la evaluación de los impactos y la vulnerabilidad en el sector privado. Oficina Española de Cambio Climático, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Madrid, 78 pág.
- Schneider, S.H., S. Semenov, A. Patwardhan, I. Burton, C.H.D. Magadza, M. Oppenheimer, A.B. Pittock, A. Rahman, J.B. Smith, A. Suarez y F. Yamin. Assessing key vulnerabilities and the risk from climate change. Climate Change 2007: Impacts, Adaptation and Vulnerability.Contribution of Working Group II to the Fourth Assessment Report of the Intergovernmental Panel on Climate Change. 2007.
- DEFRA. UK Climate Change Risk Assessment: Government Report.2012; y DEFRA. Climate Change Adaptation.E.ON UK Generation. 2011.

- https://www.teo.gal/sites/default/files/documentacion_administrativa/PMUS%20Teo_galego.PDF

- https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/PDRS/planzona_final_terrassantiago.pdf

- http://www.lis.edu.es/uploads/dd97e98d_8b00_4fa3_b86d_388a7df45f92.pdf

- https://www.teo.gal/sites/default/files/arquivos_nova/proxecto%20toysal.pdf

- http://publico.teo.gal/arquivos/transparencia/2017c%20CONTA%20XERAL%202017.pdf

- https://www.ree.es/sites/default/files/04_SOSTENIBILIDAD/Documentos/tramitacion_ambiental/EIA/Documento%20Síntesis%20SE.%20Lousame%20%28Nueva%20Tambre%29%20220%20kV.pdf

- https://www.ine.es/

- http://www.ige.eu/

- https://www.epdata.es/datos/

- https://www.santiago.info/teo.html

- http://grupoodl.es/wp-content/uploads/2019/12/BANPE-TEO.pdf

- https://www.escapadarural.com/que-hacer/teo

- https://www.ayuntamiento.es/teo

- www.aemet.es/es/serviciosclimaticos/datosclimatologicos/

- http://www.naturaspain.com/naturaleza-flora-y-fauna-en-el-municipio-de-teo.html

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 5/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 26 DE MAIO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a vinte e seis de maio de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 31/03/2021 E ORDINARIA DE 28/04/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 397/21 Á 492/21)

3.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2020

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2021

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES)

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTABLE

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

8.- MOCIÓNS

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 31/03/2021 E ORDINARIA DE 28/04/2021.

Acta da sesión ordinaria do 31 de marzo de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 397/21 Á 492/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de abril ata o 20 de maio de 2021, que comprenden os números 397 ao 492, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2020.

O sr. alcalde da conta dos resultados da liquidación do exercicio 2020, segundo o documento incorporado ao expediente, de 6 de maio de 2021, que se reproduce a continuación.

"DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2020, có seguinte resumo:

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	12.072.925,03
-OBRIGAS RECOÑECIDAS	10.937.503,36

NETAS	
RESULTADO ORZAMENTARIO 1	**1.135.421,57**

b) Operacions de capital

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	1.200.537,45
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.653.762,90
RESULTADO ORZAMENTARIO 2	**-1.453.225,45**

Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2)……-317.803,78€

2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

a) activos financieros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
RESULTADO ORZAMENTARIO F.3	0.00

b) pasivos financieros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	464.741,50
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	843.296,47
RESULTADO ORZAMENTARIO F.4	**-378.554,97**

Resultado Orzamentario Financeiro(3+4)…….-378.554,97€

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2020……-696.358,75€

Axustes:

1.-Desviacións imputables **negativas (+)……172.239,36€**

2.-Desviacións imputables **positivas (-)……175.148,51€**

3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTGX, fase O……..389.208,09€

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2020	**-310.059,81€**

2.-REMANENTE DE TESOURERÍA

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		**680.492,91**
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		**3.843.225,04**
(+) del Presupuesto corriente	747.031,61	
(+) de Presupuestos cerrados	2.712.706,52	
(+) de operaciones no presupuestarias	383.486,91	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	18.401,50	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DEPAGO		**1.779.856,73**
(+) dol Presupuesto corriente	1.105.497,62	
(+) do Presupuestos cerrados	291.258,68	
(+) de operaciones no presupuestarias	383.100,43	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	128.967.59	
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)		**2.854.427,01**
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		**2.057.513,70**
REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)		**26.628,93**
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)		**770.284,38**

3.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

CALCULO AFORRO BRUTO 31/12/2020

CAP. INGRESOS	**DRN**
1.-impostos directos	3.915.434,19
2.-impostos indirectos	114.113,71
3.-Taxas e outros ingresos	2.491.804,80
4.-Transferencias correntes	5.551.572,33
5.-Ingresos patrimoniais	0,00
TOTAL	**12.072.925,03**

CAP. GASTOS	ORN
1.-Gastos persoal	4.803.010,17
2.-Gastos correntes en bs e ss	5.571.973,91
4.-Transferencias correntes	560.602,70
TOTAL	**10.935.586,78**

DIFERENCIA: AFORRO BRUTO	1.137.338,25

AFORRO NETO:

A) Dereitos Recoñecidos Netos por Capítulos 1 a 5 liquidación orzamento 2020		**12.072.925,03**
B) Obrigas Recoñecidas por Capítulos 1,2 e 4 liquidacion orzamento 2020		**10.935.586,78**
C) Anualidade Teórica de Amortización Total		**417.001,58**
D) OR correspondientes a modific credito financiadas con RLTGG		**389.208,09**
		1.137.338,25
		331.128,58
	Porcent. débeda s/dtos. Liquid.	**34,41%**

4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LIMITE DE DEBEDA:

Estabilidade orzamentaria: incumprimento
Regla de gasto: cumprimento
Sostenibilidade financeira: cumprimento "

Sinala o sr. alcalde que foi un ano complicado porén máis ou menos se sacou adiante.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2021.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 20 de maio de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao primeiro trimestre de 2021,

indicando que estivo a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Sendo as vinte horas e cinco minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.ª Mónica I. Lado Varela.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES).

O sr. alcalde da conta da proposta de 12 de maio de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 20 de maio de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES)

O Pleno da Corporación municipal, na sesión ordinaria do 25 de setembro de 2019, aprobou a proposta da Alcaldía de "**ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO "PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA"** que, entre outros compromisos, incluía:

1.- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para eo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
2.- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

Este inventario de emisións e a avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, forman parte do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) que hoxe se presenta, elaborado por unha equipa técnica a partir dos datos aportados polo concello, co apoio financeiro da Xunta de Galicia.

No PACES concrétanse algunhas das actuacións que se consideran prioritarias, pero non deixa de ser un documento aberto que debe irse adaptando ás circunstancias e requirimentos que a política ambiental demanden. Neste sentido, semella de interese iniciar canto antes procesos de sensibilización e implicación cidadá, abrindo canles de participación directa da cidadanía nos obxectivos e seguimento do PACES.

O PACES preséntase en lingua española xa que na guía para presentación de informes do "Covenant of Mayors for Climate &Energy Europe" estipúlase que "Todos los documentos deben cargarse en formato pdf, en el idioma nacional, a menos que se disponga de una traducción en inglés". Sen compartir este requirimento, valorando ademais a necesidade de implicación social que comentamos, prepararemos de inmediato unha versión en galego para a relación e implicación cidadá.

Consecuentemente co exposto, proponse ao Pleno da Corporación municipal de Teo aprobar o seguinte ACORDO:

1. Aprobar o documento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) que se incorpora como anexo.

2. Dar traslado dos datos á web da oficina europea do Pacto e comunicar este acordo ás administracións implicadas.".

O sr. alcalde explica que se trata dun plan que hai que ir renovando e comprobando a súa execución bianualmente, e haberá que ir adaptándoo ás circunstancias medioambientais que se vaian dando no Concello. Explica que está redactado en español porque así se ten que subir á plataforma correspondente do proxecto europeo, aínda que se está traballando nunha tradución porque este plan debe de ser un mecanismo de traballo, de interacción coa veciñanza tamén, porque hai medidas que teñen un carácter eminentemente propio da Administración poren hai outras medidas que teñen un comportamento e unha implicación social moi importante.

Refírese o sr. alcalde ao contido o Plan, e sinala que ademais do inventario das emisións, que se fixo coa axuda dalgunhas Consellerías, fíxose dende o Concello a recopilación de todo o consumo eléctrico, do consumo de combustibles fósiles, dende os coches ás calefaccións.

Explica que se presentan unha serie de medidas, algunha que se chaman accións claves e outras complementarias. Entre as primeiras, por sinalar algunhas, está o da substitución das lámpadas do alumeado público, que foi o inicio e a peza fundamental que propiciou a entrada no Paces, porque era un traballo moi importante que se estaba facendo, que encadraba dentro dese plan, e era unha pena que non se puidera aproveitar para formar parte e un pouco trasladar ese esforzo que se estaba a facer dende o Concello.

Sinala o sr. alcalde que outro é a redución do consumo enerxético no ciclo hidrolóxico, no ciclo da auga. Explica que dende o punto de vista do abastecemento e saneamento hai un sistema enerxéticamente insostible. Explica o sr. alcalde que do 1.100.000 euros que se gasta anualmente en todo o que é o ciclo da auga, case 500.000 euros se van en enerxía, o cal é unha salvajada. Salienta que hai cousas que son dificilmente solucionables, porque coller a auga no río Ulla, potabilizala, e mandala alá con tres bombas potentísimas ao alto dun monte, é o sistema que hai, porén dentro desas cuestións inamovibles, hai outras que se poden retomar.

Sinala que a terceira das accións chaves, por citar algunhas delas, é o plan de mobilidade urbana sostible, no que xa se iniciara o traballo e que se vai a concretar nestas datas.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que se diagnostican cousas que máis ou menos xa se falaran algunha vez, como o sistema insostible de gasto enerxético para bombeos. Sinala que dende o seu grupo consideran que é unha boa iniciativa polo que a van a apoiar.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncian o apoio dos seus respectivos grupo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1.- Aprobar o documento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) que se incorpora como anexo.

2.- Dar traslado dos datos á web da oficina europea do Pacto e comunicar este acordo ás administracións implicadas.

Incorpórase como anexo á presente o do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES).

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTABLE.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro explica que é preciso facer unha emenda á moción, ao omitirse na parte resolutiva da mesma a referencia a *"instar á Xunta de Galicia*:", seguindo a continuación os cinco puntos que se incorporan na proposta de acordo.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 9 de febreiro de 2020 (Rex. 999 nº entrada 1312, de 10/05/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 20 de maio de 2021.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **moción en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador

deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do "verde" asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación e sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como "lei de depredación" (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos

industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que

xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans

de protección de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que no fondo se está sempre ante unha utilización da rebaixa legal existente dende os último tempos no mecanismo da avaliación ambiental coa escusa dunha maior eficiencia para os empresarios. Sinala que ao fin e ao cabo a última modificación da normativa sobre os parques eólicos, indica unha vez máis unha rebaixa na avaliación ambiental, e esa é a clave, o que se está tamén a sufrir en Teo, na canteira da Casalonga, con esta rebaixa de requisitos medioambientais. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que dende o seu grupo agardan que se racionalice o sector e se prime a necesidade da defensa da biodiversidade.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que poden chegar a comprender algún dos argumentos esgrimidos, porén non os comparten. Estase a levar a cabo todo o procedemento e o desenvolvemento do sector eólico en base á lexislación estatal e agora que o BNG ten tantísima influencia no goberno estatal é o momento de promover que cambien esa lexislación.

Entenden que a referida lexislación ofrece todas as garantías para avaliar todos os posibles efectos que pode ter sobre os valores naturais, culturais, estéticos e de todo tipo. Considera o sr. Sánchez que pretender que unha Administración faga unha avaliación nun determinado sentido máis alá do que establece a lexislación, é solicitarlle á Administración, que o que fai é aplicar a normativa estatal, que prevarique. Sinala o sr. Sánchez que se ese é a forma de proceder que propón o BNG ten todos os visos de ser calquera cousa menos unha forma de proceder seria.

Di o sr. Sánchez que o sr. Barreiro comentaba que non hai control, e todo saben que a partir do 1 de abril de 2014 está prohibida a instalación e restrinxida a potenciación dos parques eólicos en calquera espazo pertencente á Rede Natura, engadindo que vai máis alo e así incluso hoxe sae publicado en prensa que a Xunta frena trinta e cinco proxectos de parques eólicos deseñados para zonas prohibidas.

Sinala o sr. Sánchez que se iso non é para o BNG control, o control seguramente era o que propoñía o modelo eólico do PSdeG e do BNG.

O sr. Barreiro di que xa se tardaba en citar ao bipartido PSOE e BNG.

O sr. Sánchez, dirixíndose ao sr. Barreiro, di que lle restan tres vidas para que el empate as veces que o BNG citou aos anteriores gobernos municipais do PP, polo que ten motivo para ter certa correa cando se cita ao bipartito. Sinala que foi a oportunidade

que tiveron para demostrar o que son capaces de facer, e polo medio hai dous concursos eólicos anulados por sentenza firme.

Pregunta o sr. Sánchez que acontece co goberno de Madrid, que en xaneiro fixo a última adxudicación e ten aberto un calendario aberto para novas poxas. Pregúntalle ao sr. Barreiro se dende o BNG non teñen nada que dicir con respecto a iso.

O sr. Sánchez pensa que, máis alá das proclamas políticas do BNG, o que se debería era contribuír a unha certa labor social, de pedagoxía, e aclarar que tramitar non significa autorizar, porque se está xogando con iso, e é moi serio. Remata o sr. Sánchez a súa intervención, sinalando que hoxe se demostra que os axiomas nos que se basea o BNG non son certos, e aí está a resposta, trinta e cinco paralizacións no día de hoxe.

O sr. alcalde sinala que o seu grupo está plenamente de acordo coa moción e a van a apoiar. Considera que hai unha especial sensibilidade porque hai que lembrar que existe esa espada de damocles pendente, que é o parque eólico de Monte Piquiño, que se pode facer realidade en calquera momento nun territorio que conten a maior concentración de mámoas de toda Galicia e varios petróglifos. Considera que se trata dunha situación complexa que os sensibiliza para apoiar este tipo de medidas e ese tipo de controis

Aclara o sr. alcalde que o modelo eólico do BNG e do PSOE foi votado abaixo non por cuestións medioambientais, senón pola participación que daba aos entes públicos na explotación do parque eólico. Sinala que hai unha lexislación estatal feita para propiciar que quen se enriqueza sexan as empresas privadas e non Administracións Públicas. Reitera que esa foi a causa clara pola que caeu o modelo eólico do bipartito. Remata o sr. alcalde sinalando que o seu grupo vai a apoiar a proposta, xa que lles parece moi interesante é necesaria.

O sr. Barreiro sinala que, tratándose do modelo do bipartito, como o chama o PP, a xustiza confirmou que a anulación dese concurso fora feito de forma irregular polo PP, aínda que cree que os xuíces se referiron a ilegal, aínda que o vai a deixar en irregular

Di o sr. Barreiro que non sabe se a defensa da Xunta do sr. Sánchez é dicir "*e os demais, máis*, *e o goberno de Madrid máis*", pois tamén mal, engadindo que tampouco están de acordo xa que o modelo de depredación non so ven do San Caetano senón tamén de Madrid, e haberá que corrixir ambas cousas.

Explica que en Teo hai pendente un parque eólico con nove xeradores, dos cales oito van a estar en Teo, 84 metros de alto, 112 metros de diámetros, 45 decibelios de ruído a menos de cen metros das aldeas, expropiacións de case 700 leiras, que ameazan unhas das principais estacións de petróglifos do pais e a meirande da Comarca, con máis de 90 catalogados e algún máis sen catalogar, que afecta a tres parroquias. Sinala que casualmente está impulsado por unha empresa do grupo Jealsa, propiedade do ex alcalde popular de Boiro. Sinala que curiosamente en parroquias nas que aínda non chegou a concentración parcelaria, que o PP aprobou a iniciativa do BNG de que se continuara no ano 2018, e levan tres anos para a súa continuación, e iso non chega, porén a espoliación eólica si chega.

Sinala o sr. Barreiro que afecta ao camiño portugués, no que por unha bando gastan un montón de cartos en promocionar un modelo cultural de camiño de Santiago determinado, co que eles non están de acordo, porén por outro banda están "afeando" o camiño.

Sinala que non o din eles, senón que o di o observatorio eólico de Galicia, que os cambios normativos impulsados polo goberno do PP estanse facendo de costas á sociedade e sen a suficiente transparencia.

Sinala o sr. Barreiro que, descoñecen se se sabe, porén eles atoparon outra tramitación dun parque eólico, na provincia da Coruña, por parte da emprega Green Capital, de 54 megavatios, competencia do Ministerio de Industria, engadindo que non

puideron acceder a ese expediente, proba de que transparencia nunha Administración e noutra é a que é, ningunha, aínda que supoñen que moitos montes piquiños na Coruña non haberá, polo que probablemente sexa o de Teo. Sinala o sr. Barreiro que haberá que preguntar nas instancias correspondentes do Ministerio de Industria se este parque que está en tramitación se é que se vai a poñer outro, se van a quitar o que existía e van a poñer este, porén este trámite existe.

O sr. Barreiro di que poden falar o que se queira de control e do bipartido, porén está claro que o descontrol é evidente en case todo o que se está facendo en materia de medio ambiente, proba diso é que na canteira de Casalonga hai o que hai e nin unha Administración nin outra toman medidas definitivas que afasten ese perigo. Explica que hoxe mesto estivo coa directiva da plataforma, que está moi preocupada, porque ven que iso é inminente e que vai a caer. Vai a caer este vertedoiro, vai a caer un parque eólico e ao mellor é o primeiro dalgún mais.

Sinala o sr. Barreiro que ese é o modelo que están implantando dende o PP, en vez de gobernar para os galegos e as galegas, gobernan para Naturgy, e Greenalia e para todos eses, que non xeran riqueza, que levan os cartos de aquí, que se aproveitan do noso medio ambiente, que se aproveitan das nosas aldeas, e ese é o modelo, o das tres “d”, despoboación, destrución e depredación, engadindo que seguro que hai moitas máis “d”, como decadencia, desgoberno, etc..

Sinala o sr. Barreiro que así van as cousas, e despois se lle di á xente que ten que vir a vivir ao rural porén se lle poñen oito xeradores a cento doce metros alí facendo ruído.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que estaba revisando, engadindo que ao Concello non chegou ningún tema. Sinala que parece que hai un parque en consultas previas, que se refire á provincia da Coruña, e salienta que se mirará e agradece a información ao concelleiro do BNG, engadindo que se fará consulta ao Ministerio.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e di que están de acordo coas sensibilidades que comentou o sr. alcalde en relación co monte piquiño e por iso o seu grupo se vai a abster. Dirixíndose ao sr. Barreiro dille que está cometendo a irresponsabilidade que non lle compete a calquera persoa con responsabilidades públicas, que é falar de facto dunha realidade que aínda está en consultas previas e en puro trámite, igual que falaban de facto das trinta e cinco que hoxe se coñeceu que se bloquearon.

Sinala que esta é a forma de facer política, irresponsable, do BNG e despois non comprenderan porque nunca chegan a gobernar na Xunta.

Di o sr. Sánchez que lle chama a atención que o BNG non estea de acordo cos investimentos que se fan no camiño portugués, engadindo que non sabe que pensaran diso os teensenses.

Sinala que quedaron plasmados dous modelos, un modelo que está a favor do progreso responsable e sustentable, un progreso que está aténdose á lexislación estatal e que contempla calquera tipo de acometida que se poida face nun entorno natural. E o outro modelo é o de quen historicamente se opuxo aos avances en Galicia, avances que hoxe nin o propio BNG discute.

Pregunta o sr. Sánchez que cabe esperar dun partido que di defender os galegos, porén, en cada moción, cada vez que ten oportunidade, aproveita a ocasión para desprezar o máis sagrado en democracia, aquilo que votaron os galegos, permanentemente lle están faltando á intelixencia dos galegos, porque continuamente están desprezando o modelo de xestión que votaron maioritariamente os galegos.

Remata o sr. Sánchez a súa intervención e pregúntase que cabe esperar dun partido que di defender os galegos e vai a facer mitins con aqueles que asasinaron aos galegos.

Explica o sr. alcalde que se vai a proceder a votar en primeiro lugar a emenda proposta polo portavoz do BNG, consistente en incorporar a referencia a *“instar a Xunta de*

Galicia:", seguindo a continuación os cinco puntos que se incorporan na proposta de acordo, procedéndose a continuación a someter a votación, en función do resultado, a moción do BNG, emendada, ou a moción tal e como se presentou.

Sometida a votación a emenda formulada polo sr. Barreiro, obtense o seguinte resultado:
Votos a favor – 17 (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG)
Votos en contra – 0
Abstencións – 0.

De acordo co resultado da votación, o sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a moción do BNG, coa emenda aprobada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda instar á Xunta de Galicia a:

1.- Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2.- Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

3.- Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

4.- Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5.- Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 11 de febreiro de 2020 (Rex. 999 nº entrada 1340, de 12/05/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 20 de maio de 2021.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **moción sobre as peaxes das autovías galegas** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

- rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.
- A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG55 e a AG57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Amosar a rotunda oposición do Concello de Teo á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2. Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Ministerio de Fomento.”.

O sr. Barreiro, sinala que tamén é un debate moi actual neste momento na sociedade galega despois de que o Ministerio de Fomento do Estado español reabrira o debate sobre o repagamento mediante peaxes das autovías de titularidade estatal. Considera que se trata dunha medida que está relacionada con cousas como o rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas ou a supresión das peaxes en todas as autoestradas nas que caduca a concesión entre o 2019 e o 2021, cun custo de 450 millóns de euros, pero que non se rebaixan as peaxes ós galegos na AP9 nin na AP53.

Explica que o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro do 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal, e hoxe mesmo o BNG acadou un acordo unánime no Parlamento rexeitando esta posibilidade da que se está a falar agora outra vez. O sr. Barreiro cree que é un pouco obvio falar de impacto negativo para as persoas usuarias, para a seguridade viaria, para a competitividade das empresas galegas... Di que hai que analizar esta situación, esta medida, nun contexto no que a rede viaria estatal en Galiza, e concretamente, as autoestradas de titularidade estatal, a AP9 e a AP53, seguen tendo peaxes e o Goberno segue sen cumprir o seu compromiso asinado no acordo de investidura. Sinala o sr. Barreiro que por estes motivos é polo que solicitan ao Pleno da Corporación a adopción do acordo incorporado na moción.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que van a votar favorablemente porque non teñen ningún inconvinte en facelo cando as iniciativas son correctas, e esta o é, engadindo que efectivamente hoxe pola mañá a Cámara galega o aprobou por maioría absoluta de todos os grupos.

Reitera a sra. Calvo o voto a favor do seu grupo, engadindo que están ben este tipo de iniciativas porén tamén estaría ben que o BNG antes de entregarlle o goberno de España a Pedro Sánchez tivese negociado con un pouquiño máis de entusiasmo a defensa dos intereses dos galegos, especialmente en materia de infraestruturas e peaxes, que non é baladí. Sinala que no punto 2 do acordo se recolle *"dar traslado de acordo deste primeiro punto ó ministerio de Fomento*", e aclara que dende fai máis dun ano chámase "*Ministerio de transporte, movilidad y agenda*".

Sinala a sra. Calvo que o goberno de España vén de comunicarlle á Unión Europea a súa intención de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal. É dicir, que mentres os galegos seguen agardando pola aplicación da prometida rebaixa das peaxes da AP9, xa se abre a posibilidade de que, ademais, paguen novas peaxes polo uso de vías ata agora gratuítas, o que resulta inadmisible. Sinala a concelleira do PP que tamén comparten a necesidade de que o goberno central aplique as bonificacións das peaxes da AP53, xa que é unha das máis caras do Estado, e iso é un agravio comparativo gravísimo para todos os galegos, ademais de que é unha estrada vertebradora do interior de Galicia.

Considera a sra. Calvo que cómpre non esquecer e facer fincapé en que as bonificacións anunciadas da AP9 aínda non se están a aplicar, polo que tamén sería convinte insistir ante o goberno central en que non demoren máis a súa entrada en vigor. Resulta preciso que o BNG faga valer o seu voto, porque cando o piden os cataláns ou o piden os vascos, o PSOE ponse firme, e parece que o acordo co BNG saíulle gratis. Remata a sra. Calvo a súa intervención reiterando o apoio do seu grupo,

porque loxicamente, coa situación especial de crise e de COVID, non é o momento de que a esquerda suba os impostos ós cidadáns, como vai facer coa luz, co gas, cos carburantes, cos refrescos, ou sexa, con todo artigos de multimillonarios.

O sr. alcalde sinala que como previsiblemente nos atopamos con que a maioría vote dun mesmo xeito, Son de Teo quere explicitar claramente por que está a favor desta moción. Salienta que non é pola autoestrada nin por nada en concreto, senón que estarían a favor de calquera e en contra de calquera subida de impostos dese estilo. Están absolutamente en contra dos impostos indirectos, que son unha forma de discriminación social brutal. Sinala que iso pasa coa autoestrada, pero tamén co IVE, con calquera imposto que é igual para todos, engadindo que o seu partido está pola subida dos impostos, pero pola subida dos impostos directos. Pensan que esa é a xustiza social, subir os impostos para pagar este tipo de cousas, porque as estradas hai que pagalas, pero só hai unha forma de pagalas, e é cos impostos de todos, pero claro, nos impostos que se pagan en función da renda, e eses son os impostos directos. Mentres que impostos coma estes que cobran cinco euros ao que gaña seiscentos euros e cinco euros ao que gaña tres mil euros son unha auténtica inxustiza, unha auténtica barbaridade. Salienta que o posicionamento do seu partido é de cuestionamento do modelo de fondo, que é o modelo dos impostos indirectos, engadindo que é unha plasmación concreta desa política e ademais, polas circunstancias que se describen con detalle na moción, son moito máis evidentes e moito máis criticables, por iso van apoiala.

O portavoz do BNG, sr. Barreiro, di que non sabe se as/os concelleiras/os do PP saben sumar, aínda que sabe que si, tratándose simplemente dunha pregunta retórica, engadindo que é preciso aclarar que o BNG ten un deputado de 350, polo que hai 349 doutros partidos, polo que pensa que nun goberno que necesita 176 como mínimo, seguir con ese relato tan fantástico e posverdadeiro, que está de moda, posmoderno incluso, de que a culpa do goberno a teñen eles, pois dende o PP saberán.

Doutra banda di que tamén se aleda que recoñezan que do mesmo xeito que Cataluña e Euskal Herria poden facer moita forza no Parlamento do Estado español, porque teñen moitos deputados, gústalle que recoñezan que un deputado do BNG fai máis que a súa ducia de deputados, que se ve máis, que conseguiu moitas máis cousas e que é

moito máis definitivo que todos os que ten o PP en Madrid, que van alí non se sabe se a facer turismo ou a insultar ao resto dos deputados, como fai a súa deputada estrela galega.

O sr. Barreiro sinala que están de acordo en que se o BNG tivera unha ducia de deputados, Galiza estaría motísimo mellor representada e iríalle seguramente moito mellor.

O sr. Barreiro di que non vai a entrar no debate da moción anterior, porén pensa que a política creativa do PP, o seu relato da posverdade, esa política posverdadeira, así un pouco trumpista, que parece que está molando moito, lévalle a dicir cousas francamente sorprendentes, como outorgarlle ao BNG o papel de antigalegos e cousas así. Aclara que en ningún momento dixeron que non estiveran a favor dos investimentos no camiño de Santiago, o que dixeron foi que por unha banda invisten moitos cartos nunha cousa e por outra banda autorizan que se destrocen esas cousas, engadindo que o PP saberá por que. Pensa o sr. Barreiro que as cousas se poden facer doutro xeito e que a cultura que están promovendo arredor do camiño e o gasto cultural que está asumindo a Xunta de Galicia, aínda que non sexa debate no Pleno de Teo, non é o máis axeitado, engadindo que o último que lle faltaba era que o PP lle outorgara carné de galeguidade ao BNG.

Salienta o sr. Barreiro que o BNG sempre estivo no mesmo sitio, na defensa dos intereses de Galiza, aquí, en Madrid, en Santiago de Compostela, en Bruselas ou onde chegue, na ONU se fai falta. Sinala que o partido socialista prorrogou a concesión da AP9 entre os anos 2013 e 2023, que aínda se está pagando, pero o señor Aznar regaloulle outros 25 anos, ata o ano 2048.

A sra. Calvo pregúntalle ao sr. Barreiro se non era que non había que volver para atrás.

Como saberán, no último Consello Escolar do curso fomos informadas da intención da Xunta de suprimir unha das tres liñas de cuarto de Primaria no noso colexio, o que elevará a ratio das dúas aulas restantes ata o máximo permitido, pasando de 17 a 25 crianzas. Un aumento de case o 50% en termos porcentuais.

Dende que se nos trasladou a noticia, co acordo unánime das familias na última asemblea, comezamos a mobilizarnos para forzar unha rectificación, pero a resposta recibida até o momento resultou altamente insatisfactoria. Polo que volvemos a instar

neste Pleno á Xunta e á Consellería de Educación a que deixe de considerar ás crianzas que conformarán a sociedade do futuro como meros números e demandámoslle que abandone o argumento dos criterios técnicos e dos parámetros numéricos e organice as aulas tendo en conta as necesidades que presenta o seu alumnado.

Insisten dende a Administración en que cumplen a normativa e que acatan a lei, unha lei que efectivamente establece ratios máximas de 25 alumnas e alumnos, que pode ser incrementada até nun 10%, pero isto non é máis que un xeito de perverter a mensaxe, de facer ver coma se nós estivésemos a demandar algo ilegal. Pero o límite de 25 alumnas e alumnos é un máximo, nada indica que non se poidan manter grupos de 17 crianzas atendendo ás necesidades, ou acaso leva a Administración incumprindo a legalidade durante dous anos?

Repiten até a saciedade que a norma permite aulas de 25 alumnas e alumnos e esquécense que tamén a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro establece como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado. Resulta imposíbel garantir dita igualdade de oportunidades se non se teñen en conta as peculiaridades que presentan as crianzas deste curso, onde recordamos que se concentra máis dun 10% de alumnado con Necesidades Específicas e que dentro destas hainas con necesidades máis severas, de feito son dúas as crianzas con Trastorno do Espectro Autista.

A Inspección Educativa dispón de todos os recursos para coñecer de primeira man as implicacións que este recorte pode supor para estas crianzas especialmente vulnerábeis.

Cunhas aulas masificadas até o máximo permitido por lei condiciónase a que as actuacións de pedagoxía terapéutica e atención á linguaxe se leven a cabo fóra da aula, o que leva a unha perda de horas lectivas e a un aumento da carga educativa que estas crianzas levarán para a casa. Ademais, moitas destas nenas e nenos padecen hipersensibilidade acústica, e semella lóxico pensar que o peche da liña e o reagrupamento en aulas con maior alumnado aumentará o nivel de ruído, o que pode provocar unha desestibilización anímica e emocional destas crianzas, que a miúdo teñen que saír da aula no transcurso lectivo para lograr autorregularse. Por non falar de

que os trastornos do espectro autista moitas veces cursan con déficit de atención, que evidentemente tamén se verá prexudicado coa masificación das aulas. E todo isto pode desencadear novas comorbilidades como o illamento social ou o estrés.

Isto é o que pode suceder cos máis vulnerábeis, pero Administración Educativa sabe, ou debería, que as aulas son pequenas comunidades, e o estrés que sintan estas crianzas vai repercutir no resto do alumnado e no corpo docente, empeorando a calidade e atención educativa de todas estas crianzas, que verán condicionado o seu desenvolvemento educativo ás posibilidades das familias e á dispoñibilidade de recursos, tempo e coñecementos destas, vulnerando por completo o dereito a unha educación inclusiva e equitativa, principios fundamentais da Escola Pública.

Pero isto xa o saben, de feito a Inspección non tería máis que recorrer ao expediente do primeiro desdobre para corroboralo. Así a todo, recordámoslle no seu día á Inspección a situación vivida no pasado. Explicámoslle que dous anos atrás, con só dúas liñas e a mesma porcentaxe de Necesidades Específicas viviuse unha situación insostíbel, con baixas sucesivas e encadeadas dos docentes, plenamente xustificadas, e da que foi coñecedora a anterior Inspección, que abriu expediente polo sucedido, dado as implicacións que iso producía nas crianzas e nas súas familias e recomendando o desdobre.

As consecuencias desta decisión foi unha mellora xeral dos resultados académicos. Proba diso é que no curso que acaba de rematar, todo o alumnado promocionou. E iso malia as dificultades engadidas pola pandemia e as necesidades de persoal e medios que o centro vén arrastrando desde hai anos. Tamén mellorou a convivencia, o ambiente escolar e a evolución dos nenos e nenas que precisan axuda adicional dentro ou fóra da aula e en consecuencia do resto de compañeiras e compañeiros.

Todas estas explicacións ante a Inspección provocaron a resposta de sempre, criterios técnicos e parámetros numéricos. Nin sequera profundaron máis ante as demandas enviadas tamén polo centro solicitando o mantemento das tres liñas, quen xustificou a petición, como xa se fixera anteriormente, na cantidade de crianzas con necesidades específicas presentes nestes nivel e o déficit de atención á diversidade que se produce con estas en aulas masificadas até o máximo permitido.

Como pode organizarse unha aula que aumenta en case un 50% o alumnado, cando máis do 10% precisa axuda adicional? Cre alguén que é posíbel garantirlle a estas

crianzas unha igualdade efectiva de oportunidades nestas condicións? Que se pode proporcionar unha educación inclusiva que traballe para que acaden o máximo desenvolvemento posíbel das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais e unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades, aumentando a cantidade do alumnado case un 50%? Se xa durante este curso foi difícil, con ratios de 25 será imposíbel. Sábeno ben os docentes, que antes do desdobre sufriron as consecuencias da masificación en primeira persoa. E sabémolo as familias, conscientes da evolución dos nosas fillas e fillos.

Semella que hai alguén que se esquece que estamos a falar de nenas e nenos de 8 e 9 anos, de crianzas que teñen que adquirir no ensino básico as competencias esenciais para desenvolverse plenamente na nosa sociedade.

Deberíanse ter en conta as implicacións que este reagrupamento poida ter en todo o alumnado, e especialmente nas crianzas máis vulnerábeis, insistimos, e insistiremos o que faga falta en que é un problema de necesidades, que se debe atender ás peculiaridades que presenta este nivel e recordamos que non demandamos nada máis que continuar como estaban, con tres liñas, para permitir unha menor porcentaxe de crianzas con necesidades específicas por aula.

Pode que non atendan aos nosos argumentos por non considerarnos ás familias interlocutores válidos, pero estamos aquí para recordar que somos parte da comunidade educativa e que somos as representantes legais do alumnado, e imos velar polo seu mellor interese e estaremos vixiantes ao desenvolvemento que estas nenas e nenos teñan durante o vindeiro curso como consecuencia do recorte da liña, porque xa advertimos das consecuencias que isto podía traer, porque xa se viviu e a anterior inspección sábeo. Por iso esixiremos as responsabilidades a quen corresponda en caso ver reducida a calidade educativa e de que non se cubra, como marca a lei, a atención á diversidade.

Logo do exposto queremos solicitar o apoio deste Pleno na demanda do mantemento das tres liñas en 4º de Primaria que fan as familias do Colexio de Calo e para defender unha escola pública e de calidade, que organice as aulas segundo as necesidades e que non vulnere o dereito á educación equitativa, condicionando o desenvolvemento das crianzas ás posibilidades das súas familias. Debemos partir da idea de que a

educación pública de calidade é un investimento e unha garantía de futuro para a nosa sociedade, polo que nunca debería ser concibida coma un gasto.
Grazas ao Pleno polo apoio unánime ás familias do Colexio de Calo, por darnos voz e por escoitarnos. Apelamos agora á súa sensibilidade".

O sr. alcalde agradece a intervención de Dª. Olaia Bajo Recalde, e cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados para pasar a debater a moción presentada polo grupo do BNG.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 9 de xullo de 2021 (Rex. 999, nº entrada 1890), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade Cidadá, Participación Veciñal e Deportes de 22 de xullo de 2021.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción **en apoio das reivindicacións da comunidade educativa: polo mantemento de todas as liñas de primaria no CEIP de Calo** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

No ámbito educativo a pandemia puxo de manifesto a improvisación constante e mesmo a irresponsabilidade das autoridades educativas. A principio do curso 2020-21 a Consellería deixou ao CEIP Os Tilos sen comedor escolar, o que provocou graves inconvintes e gran preocupación ás familias, así como unha importante tensión nos centros durante todo o curso. As confusas e cambiantes instrucións da Consellaría de Educación dificultan a posta en marcha de cada curso, ao que se lle engadeu neste último curso o sobre esforzo de toda a comunidade educativa, das familias e dos cadros docentes.

A Consellaría estivo agardando que rematara o curso para, en pleno período estival, asestar un novo golpe ao ensino público galego e nomeadamente á veciñanza de Teo. A primeiros de xullo,

co curso xa rematado e moito do profesorado fóra dos centros, a Xunta de Galiza vén de tomar unha grave decisión de cara ao ano académico 2021-22 que afecta ao CEIP de Calo.

Continuando coa política de recortes, e de total ausencia de sensibilidade, a Consellaría de Educación quere suprimir unha das tres aulas de cuarto de primaria malia ser este un curso no que hai varios casos de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. Todo isto sen ter en conta as verdadeiras carencias dos centros educativos e, o que é máis grave, as necesidades do alumnado máis vulnerábel. Nese nivel educativo o centro ten máis dun dez por cento de alumnado con necesidades educativas especiais, mesmo dous con trastorno de espectro autista.

A Consellaría ampárase na coñecida como Lei Celaá para reducir esta aula argumentando que non incumpren as ratios. A devandita Lei impón límites máximos de alumnos mais non mínimos, non ten ningún sentido reducir os servizos e a atención ao alumnado, mermando a calidade do ensino, a atención e menoscabando os dereitos do alumnado. Trátase, pois, dunha decisión antipedagóxica que non ten en conta os nenos e nenas nin ás familias que se manifestan en contra desta medida.

O *modus operandi* da Consellaría é inxustificábel: aplicación de decisións consumadas e comunicadas, sen opción a réplica, xa rematado o curso e tentando eliminar calquera atisbo de resposta ou mobilización, a falla de diálogo cos centros e as familias e o menosprezo absoluto pola participación e a opinión dos representantes dos pas e nais.

Os pasos dados pola Consellaría, comprometen á dirección do centro é o equipo docente e tratan de impedir que se manteña neste centro educativo o mesmo persoal co que contou este ano, poñendo así en risco o seu correcto funcionamento con menos persoal e ratios máis altas. Xustamente nun momento no que a pandemia segue viva e no que o que se require é o contrario: Reducir as ratios para evitar a incidencia da pandemia e sobre todo para atender mellor a diversidade e poder contar cun ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza que manteña na súa totalidade o persoal educativo dos CEIPs de Teo, e en particular no de Calo, así como que se garanta a continuidade de todos os servizos.

2. Apoiar as reivindicacións das comunidades educativas dos centros públicos de Galiza que se opoñen ao peche de colexios e ao deterioro do ensino público.

3. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e a todos os grupos políticos do Parlamento de Galiza"

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, cede a palabra á concelleira do seu grupo sra. María Josefa Argibay da Silva, concelleira delegada de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal, a cal, en primeiro lugar agradece o traballo da ANPA "A Rabadela" do colexio de Calo. A sra. Argibay indica que dende o PSdeG-PSOE apoiaron dende o primeiro momento a petición da ANPA porque entenden que é xusta, e en beneficio dunha educación pública e de calidade, e apoian as peticións das familias que non piden nada a maiores, senón tan só un mantemento das tres liñas xa existentes, o cal permite unha atención individualizada nun curso no que o 10% dos alumnos ten necesidades educativas especiais, e que dou moi bos resultados o último ano. Ademais os dous últimos directores do centro solicitaron á inspección a creación da terceira liña en terceiro de primaria para poder atender á diversidade do grupo, e o actual director solicitou o mantemento desa terceira liña en cuarto de primaria salientando que a evolución educativa do alumnado foi moi favorable neste curso. O pasado 13 de xullo mantiveron unha reunión, xunto ca representante da ANPA, ca inspectora na que amosaron a preocupación das familias. O 16 de xullo o grupo do PSdG-PSOE solicitou unha reunión urxente co xefe territorial coa finalidade de solicitarlle o mantemento desa terceira liña, que á data aínda non se lles concedeu, polo que queren pedir o apoio unánime do Pleno para conseguir que se atenda a esta petición das familias do Colexio de Calo en beneficio dunha educación pública e de calidade.

O sr. alcalde cede a palabra ao grupo municipal do PP. O sr. Sánchez expón que o seu grupo dende o primeiro momento apoiou a petición da ANPA na reunión que mantiveron, e por iso asinaron a moción conxunta do punto seguinte, e polo tanto van a apoiar esta moción, por dous motivos: porque llo pide a veciñanza e porque ademais como dixo Olaia consideran que a situación require especial sensibilidade.

O sr. alcalde indica que dende SondeTeo, e compartido co goberno municipal, entenden que si ben a lei ten unhas ratios, hai que ter en conta as circunstancias do momento, e que hai que ter en conta ademais das ratios os criterios técnicos que informan das situacións de cada momento. Mediante criterios técnicos decidiuse ese desdobramento da liña, polo que na práctica non se entende que se recorte ese desdobre feito con criterios técnicos encubríndoo nunha realidade post COVID, sabendo ademais que se vai empeorar unha situación que antes dese desdobramento xa era moi complicada e complexa. Indica que aínda que parece que estamos todos de acordo non se debe obviar que "disfrutamos de lo votado", pois está seguro de que non todas as forzas políticas no goberno en Galicia farían o que se está a facer, polo que tampouco podemos poñernos unha venda nos ollos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo do BNG, sr. Barreiro, sinala que non fan só o que fan, senón que no colmo da prepotencia dende a Xunta de Galicia non responden ás demandas do colexio nin da ANPA, como xa pasou no caso do Colexio dos Tilos. Sinala o PP que pon á veciñanza por riba de todo, cousa que os honra, pero deben falalo co seu partido porque falta coherencia: ou asumen o que o PP está a facer na Xunta ou toman medidas, porque non se pode facer unha cousa na Xunta e votar en contra en Teo. Hai que ser máis contundentes co seu partido para que deixen de facer estas cousas e de recortar servizos públicos, de menoscabar os dereitos dos/as cidadás e de menoscabar á sanidade e á educación pública.

A concelleira do PSdeG-PSOE sra. Argibay, concelleira delegada de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal non fai uso desta quenda de intervencións.

O sr. alcalde cede a palabra ao sr. Sánchez, do grupo do PP, o cal manifesta que non ía comentar o que vai dicir a continuación e manifesta por riba de todo e unha vez máis o seu apoio incondicional á ANPA. Sorpréndelle que aos restantes partidos políticos lles moleste que o PP apoie á veciñanza. Este tema non é a primeira vez que se trae aquí. Quere poñer de relevo o drástico cambio de discurso do PSOE e BNG. Cando se trouxo o discurso das ratios o gran problema era Rajoy e a LOMCE, ter unha ratio de

25 alumnos era culpa da LOMCE e do goberno central para PSOE e o BNG. Agora cambiou o discurso e o problema non é do goberno central, senón de Feijoo. Entende que o PSOE cambiara de discurso porque lle vai no soldo, e ao BNG tamén. A competencia da ratio é exclusiva do goberno central, e as comunidades autónomas deben asumir e acatar estas competencias. E puideron cambiar a Lei Wert e baixar, por exemplo, a ratio a 20, pero non o fixeron. Hai seis meses puideron cambialo, e aínda poden cambiar a lei. Ademais o goberno central, o PSOE, eliminou os centros de educación especial, unha das grandes denuncias feitas á LOMLOE, e non se compensou de ningunha forma esa eliminación cunha maior atención a eses nenos en centros de educación ordinaria. E o BNG permitiu que esa lei se aprobase, mantendo o que o BNG entendía que era un escándalo con Rajoi, a ratio de 25 alumnos por aula. Pregunta si o BNG presentou enmendas para baixar esa ratio, e si esa é a sensibilidade do BNG para os alumnos con necesidades educativas. Di que entende que agora mire para outro lado, que se poña a mirar polas fiestras.

O sr. Barreiro irrompe para dicir que este é un discurso moi rancio, indicándolle o sr. alcalde que non interrompa ao sr. Sánchez.

O sr. Sánchez continua sinalando que o BNG tivo a oportunidade de facelo, esa é a realidade, e entende que lle doa, e escóndese debaixo das pedras, deixaron tiradas nas cunetas ás familias apoiando á LOMLOE, esta é unha cuestión de recortes.

O sr. Barreiro diríxese ao sr. Sánchez para dicirlle que “de cunetas saben ben vostedes”, reiterando o sr. alcalde que non interrompa.

O sr. Sánchez di que o sr. Barreiro non entendeu o que dixo, que dixo que é unha cuestión de recortes, que non se teñen en conta as verdadeiras carencias dos centros educativos e que esta é unha decisión antipedagóxica, e isto o fixeron os do BNG. Pídelles que actualicen o seu discurso, xa que levan 30 anos escoitando que se elimina o ensino público, e o ensino público galego é un dos cinco mellores de toda España. “Disfrutemos do votado” como di o sr. alcalde, porque esta é a Lei orgánica do PSOE e do BNG, e se hai uns anos o responsable era Rajoi, agora os responsables da LOMCE son o PSOE e o BNG.

O sr. alcalde manifesta que cada vez o PP lle sorprende máis. Di que si vas pola estrada e atopas un sinal de prohibido a máis de 50 non implica que poidas ir a menos,

recórdalles que a lei estatal fixa un máximo, non un mínimo, e que polo tanto non teñen que levarse as ratios ata o máximo. As competencias plenas as ten a comunidade autónoma, indica que os que se consideran nacionalistas cren que debería ser a comunidade autónoma a que fixe as ratios, o que non quita que o goberno central fixe uns límites máximos dos que non poida baixar a educación. Non se deben mezclar nin confundir os centros de educación especial coas necesidades específicas de apoio, e aí que o desenvolvemento das leis estatais son radicalmente distintas as do PP e as dos partidos de esquerdas. Pregunta aos grupos se queren abrir unha terceira quenda de intervención para fixar posicións, porque entende que é mellor facelo agora e non na moción conxunta de todos os grupos para non desvirtuala.

Aberta unha terceira quenda de intervencións, o portavoz do grupo do BNG, sr. Barreiro, expón que lle sorprende moito que para o PP as culpas sexan sempre do BNG, aínda que xa están acostumados a cargar con elas. Diq ue agora son os do PP os defensores da educación e a sanidade pública, pero que son eles os que as están recortando, e que a educación pública funciona, non grazas, ao PP, senón grazas aos ensinantes, familias e alumnos. Dille ao sr. Sánchez que manexa moi ben a falacia e a demagoxia, os límites que marca a lei son máximos, o explicou moi ben a representante da ANPA, a lei non di que poida haber menos de 25 nenos, porque o tope é por riba, non por abaixo, e neste caso, dadas as necesidades especiais que hai nas aulas parece natural que a ratio diminúa. Sinala que o BNG nunca gobernou, nunca tivo un Ministro de Cultura. Teñen un xogo coas competencias que ninguén entende, nunca é culpa súa, sempre é dos demais. Agora a culpa é da LOMLOE, pero a lei non di que a ratio non poida ser inferior, que é o que se pide, aínda que sexa puntualmente nun caso especial.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, intervén para sinalar que pensou que este debate sería sobre as necesidades educativas do CEIP de Calo, pero como sempre volven ao pasado. Primeiro, o BNG non apoiou a LOMLOE, non ten a culpa da LOMLOE, o PP votou en contra e o BNG se abstivo, non apoiaron ningún, teñen a mesma culpa os dous. Segundo, sinala a sra. Lemus que en canto aos centros de educación especial non coñece ningún que pechase, porque a LOMLOE non di que se

vaia pechar ningún. Terceiro, engade que o sr. Sánchez di que non quere entrar en discursos, pero entra, o cal e ilóxico. Se quere apoiar a moción, pero non pode ser só pola veciñanza, porque a moción do BNG fala de moitos centros que están no mesmo caso que Calo, fala de centros educativos en Galicia na mesma situación. Vamos a asumir as competencias de cada un: non pode apoiar á veciñanza e dicir que a culpa non é nosa. A que decidiu en xullo enviar unha carta ao CEIP de Calo foi a Xunta de Galicia, non foi a ministra Celá. Por unha decisión da Consellería de Educación da Xunta de Galicia gobernada por maioría absoluta polo PP adoptouse esta decisión e cambiou o criterio técnico de hai dous anos, estamos a recortes e se nota, porque esto podería cambiarse ca LOMLOE, pero non foi así, cambiouse agora por recortes. Ë unha política de recortes e aínda teñen a imprevisión do que ocurrirá en setembro. Non poden facer un discurso doble, sobre todo cando o seu argumento é falso, o máximo son 25 alumnos, pero a obriga non é que teñan que ser 25 alumnos por aula, e non sabe en que pode argumentar en que aínda que apoian a moción a culpa é de outros, xa que a decisión é da Consellería de Educación da Xunta de Galicia gobernada polo PP. Ademais non saben porque a Consellería non contesta á solicitude reunión, o único que se lle ocorre é que está moi liada, ou non, e que estará a non contestar porque non teñen ningún interese, ou que sexa para desmobilizar as familias, xa que é xullo, comeza o verán e en setembro as familias xa teñen bastante co comezo do cole, así que xa nos poñemos en outubro e xa estamos cas clases. Por coherencia di que asuman que é decisión da Consellería de Educación da Xunta de Galicia gobernada polo PP, non do BNG que non ten nada que ver.

Agradece ao PP que apoie a moción, pero lles pide que mañá collan o teléfono e chamen aos seus contactos para que se faga a reunión, xa que o están apoiando e o consideran inxusto.

O sr. Sánchez, concelleiro do PP, apoia ao 80% o que di o alcalde de que nunha estrada sinalizada a 50 non se poida ir a 30, por eso apoian a moción, di que todos falan do mesmo, e que tan só quixo dicir que se hai dous anos a culpa a levaba a LOMCE e Rajoy, a culpa agora é do PSOE e da LOMLOE. Si lle pedían asumir hai dous anos responsabilidades agora quere que cada cal asuma as súas. Por un lado está o apoio do seu grupo ao Colexio de Calo, pero por outro quixo poñer de relevo a

cuestión política, o cambio de discurso que se fixo, xa que lle estrañou a radicalidade dos dous partidos. Engade que lle chama poderosamente a atención que lle pidan que xestione ante a Xunta de Galicia, cando a dedicación exclusiva no Concello de Teo en Cultura e Educación é o PSdG-PSOE, non do PP, quen goberna e debe xestionar son vostedes. Finaliza engadindo que comparten e apoian a esencia da moción.

O sr. alcalde expón que en todo caso non molesta que o PP de Teo se poña ao lado da veciñanza, pero si desconcerta, e o que si molesta é a postura da Consellaría de Educación neste caso.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1. Instar á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza que manteña na súa totalidade o persoal educativo dos CEIPs de Teo, e en particular no de Calo, así como que se garanta a continuidade de todos os servizos.

2. Apoiar as reivindicacións das comunidades educativas dos centros públicos de Galiza que se opoñen ao peche de colexios e ao deterioro do ensino público.

3. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e a todos os grupos políticos do Parlamento de Galiza.

4.- MOCIÓN CONXUNTA DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA ANPA DE CALO.

O sr. alcalde sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da moción conxunta de Son de Teo, PSdeG-PSOE, PP e BNG, de apoio ás reinvindacións da ANPA de Calo, do 22 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 3610), que se recolle a continuación.

"MOCIÓN CONXUNTA DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA ANPA DE CALO

Os grupos políticos municipais abaixo asinantes (Partido Popular de Teo, SONdeTEO, PSdG-PSOE e BNG), diante do escrito presentado pola *Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo* no que solicita "o apoio do Pleno do Concello e de todas as agrupacións municipais na reivindicación do mantemento da liña de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/2022"

ACORDAN

Apoiar a petición da *Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo* anexa a esta moción na súa reivindicación do mantemento das tres liñas de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/22, asumindo os argumentos expostos no mencionado escrito.

Teo, 22 de xullo de 2021"

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda apoiar a petición da Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo anexa a esta moción na súa reivindicación do mantemento das

tres liñas de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/22, asumindo os argumentos expostos no mencionado escrito.

Como anexo á presente incorpórase o escrito da Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, de 9 de xullo de 2021 (Rex. 999, nº entrada 1886).

5.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sexto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O concelleiro do BNG, sr. Barreiro formula os seguintes rogos e preguntas:

- Os veciños din que están pintando a estrada na zona de San Domingo, e non sabe se van a empezar as obras. A sra. Lemus resposta que non sabe de quen son, non constan solicitudes de obras de canalizacións, e hainas en máis sitios do Concello, non teñen nin idea.
- Solicitan os veciños a desratización na zona que está á beira do restaurante Os Robles en Montouto, no esqueleto do edificio e na leira.
- Quere saber si se fixo algunha xestión dos coches abandonados que comunicaron no pleno anterior. O sr. alcalde di que está a policía con elo e que conta que nun prazo curto de tempo. En canto á desratización indica que apuntouno e que cando é así que mellor que o comuniquen ao Concello, porque esta semana fíxose outra.
- Pregunta si hai data prevista para o parque de Campos de Mirabel.
- Os veciños solicitan que algunha praza de aparcamento de automóbiles se convirtan en prazas de bicicleta, tamén en Campos de Mirabel. O sr. Elías di que están a traballar no terreo do parque.

- Suxire difundir información sobre o punto limpo porque se deixan nos contedores moitos voluminosos, e non saben se é por descoñecemento da xente. O sr. alcalde di que por informar que non quede, é unha labor permanente que hai que facer.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez formula as seguintes preguntas:
- Pregunta unha veciña si se poden utilizar as pantallas do Gadis para informacións do Concello.
- Solicita que se desbroce en fronte do bar Javier de Francos, hai unha curva e risco por mala visibilidade.
- Indica que están a chegar aos veciños cartas para que desbrocen faixas secundarias e que se lles da un prazo de 15 días para facelo. Os veciños piden máis tempo. O sr. alcalde di que o SEAGA deulles traslado de catrocentas trinta fincas para que se notifique aos propietarios. Na práctica non é o primeiro aviso, porque é unha obriga que hai que facer antes do primeiro de maio. O problema está en que a xente non sabe onde remata a franxa de 50 metros que rodea ao terreo edificable. Todos somos consciente de que o prazo de 15 días é insuficiente porque non hai empresas suficientes que llo fagan, así que se lles está a decir aos veciños que as vías son acollerse ao convenio do SEAGA para a limpeza ou que asinen un orzamento para que llo fagan o máis pronto posible. Chegaron só as cartas de Calo e Cacheiras, aínda faltan as do resto de parroquias.

A sra Diéguez di que hai casas deshabitadas dentro das aldeas que están sen limpar e que poden ser un polvorín, e non sabe si non se lles require ou quen ten que requirilos. O sr. alcalde di que o Concello pode intentar buscar e notificar aos propietarios, e si o fan polas boas ben, pero que non é como ca Lei de incendios que permite repercutir os gastos aos propietarios, xa que si a propiedade non está afectada pola Lei de incendios a capacidade de reacción que ten o Concello é menor.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O concelleiro do PP, sr. Guerra pregunta:

- Indica que hai unha sra. moi enfadada no nº 16 de Noceda que pide que se limpe a maleza que invade o camiño.
- Pregúntanlle polas que as luces da ponte de Pontevea, que parece que xa están postas e tan só falta darlle a un botón. A sra. Lemus di que en canto veñan de vacacións.
- Na Urbanización de San Pedro e en Chaves pregúntalle pola fibra óptica. A sra. Lemus indica que depende da liña de A Ramallosa, que en unhas tres semanas dende que acaben.
- En Rarís nº 85 pide un veciño un tubo na cuneta. A sra. Lemus di que a carreteira e nosa, pero que o veciño pretendía canalizar ca obra da senda e non se pode.
- En Cachóns nº 21-25 está o alcantarillado sen facer. Na casa de Naveira reclaman a reparación da carreteira que está deplorable.
- Antes de que comece o colexio, en fronte da ferretería de Cacheiras os buses invaden a carreteira. Deberían eliminarse dúas prazas de aparcamento na esquina.

O concelleiro do PP, sr. Reyes pregunta:
- Pregunta sobre a obra de Insua, quere saber en que punto están os trámites. A sra. Lemus di que se aprobou onte a licitación, que entre 3-5 meses.
- En Insua, na Ruta da Muiñeira na parte final, a maleza invadiu o muiño que está pegado a Insua e os lavadoiros. Quedou alí a base da antiga depuradora, pide que se proceda en consecuencia.
- Recorda a situación crítica da pista de Quintáns, e non se queda atrás a pista que recorre o centro do Aido, e en Nespereira.

A concelleira do PP, sra. Nariño pregunta:
- No parque de Penelas as portarías do parque retiráronse, pero non se puxeron. O sr. Iglesias di que se quería facer un vaiado para evitar que saian os balóns, pero ten que estudiar o tema. A sra. Nariño di que xa hai dous anos e medio, que se retiraron e non se puxeron, di que están postos os barrotes pero non hai portarías nin vaiado, e espera que se lle dea resposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.10.20 15:11:59 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2021.10.20 15:09:25 +02'00'

Mª Elena Sueiro Fernández

ANEXO

Escrito da Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, de 9 de xullo de 2021 (Rex. 999, nº entrada 1886)

A ASOCIACIÓN DAS NAIS E DOS PAIS DO ALUMNADO DO COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE CALO

Fixó 14 CALO 15.866 TEO @anparabadela anparabadela@gmail.com

A ANPA A Rabadela do CEIP A Igrexa-Calo, como representante das familias de dito centro, solicita o **apoio de Pleno do Concello e de todas as súas agrupacións municipais na reinvidicación do mantemento da liña de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/2022** que a Consellería de Educación ten intención de suprimir, tal e como se nos trasladou no Consello Escolar do CEIP A Igrexa-Calo que tivo lugar o martes 29 de xuño.

As xustificacións que aportamos como fundamento para o mantemento da liña son as seguintes:

1. Que nese nivel educativo concéntranse máis dun 10% de crianzas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE de agora en diante) que neste ano se distribuíu en tres aulas e que de levarse a cabo a supresión da liña para o ano concentraríase en dúas únicas aulas, de 25 e 25/24 alumnas/os en cada unha:

Curso 2020/2021			**Curso 2021/2022**	
3ºA	NEAE asociada a un TEA		**4ºA**	NEAE asociada a un TEA
3ºA	NEAE por dificultades na lectoescritura (dislexia)		**4ºA**	NEAE por dificultades na lectoescritura (dislexia)
3ºA	NEAE por dificultades na lectoescritura		**4ºA**	NEAE por dificultades na lectoescritura
3ºB	NEAE asociadas a dificultades na fala e na linguaxe		**4ºB**	NEAE asociada a un TEA
3ºB	NEAE por dificultades na lectoescritura (incorporación tardía)		**4ºB**	NEAE asociadas a dificultades na fala e na linguaxe
3ºC	NEAE asociada a un TEA		**4ºB**	NEAE por dificultades na lectoescritura (incorporación tardía)

2. Que dous anos atrás, con só dúas liñas e a mesma porcentaxe de NEAE viviuse unha situación insostible con baixas sucesivas e encadeadas dos docentes e da que foi coñecedora a anteior Inspección, que abriu expediente polo sucedido, dado as implicacións que iso producía nas crianzas e nas súas familias.
3. Que as familias, a través desta ANPA, non reclaman nada a maiores, só o mantemento das tres liñas actuais, que favoreceu a evolución positiva de todo o alumnado durante este curso por permitir unha atención á diversidade e individualizada, que a evidencia xa demostrou que é imposible de garantir elevando ao alumndo ao máximo permitido con esa cantidade de crianzas con NEAE.
4. Que a 6 de xullo de 2021 tivo entrada no rexistro do centro unha instancia dunha familia que, aportando o diagnóstico da súa crianza, expón que esta non precisou de medidas ordinarias nin extraordinarias, nen sequera se lle abriu expediente de NEAE porque a ratio establecida neste curso permitíu, xunto coa especialidade en Audición e Linguaxe da titora, da atención e interevención suficientes como para lograr a correcta evolución da alumna.
5. Que en base a todo o mencionado e tomando como referencia a *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro* que establece como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado, que proporcione unha educación inclusiva

tratando de conseguir que acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais, para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades, existe motivo e fundamento para o mantemento das tres liñas.

6. Que sabendo que a *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato* reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece no seu artigo 4 a determinación estimativa do número de alumnas e alumnos por unidade escolar, que no seu apartado a) indica que para segundo de educación infantil e educación primaria serán 25 por unidade, non é máis que o establecemento dunhas ratios máximas, xa que a *Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE)*, no seu título preliminar, artigo 3, apartado 5, establece precisamente a adecuación das ensinanzas de réxime xeral ás características dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

7. Que no *DECRETO 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais*, establécese que en calquera caso, a Administración educativa dotará cos recursos adecuados os centros nos que se escolaricen estes alumnos e alumnas e que, en atención a isto, e tendo en conta a evolución positiva que se produciu neste curso, consideramos que existe base suficiente para xustificar o mantemento das tres liñas, en atención á excepcionalidade que sucede neste nivel no que se concentra máis dun 10% de alumando con NEAE.

En Teo, a venres 09 de xullo de 2021

A presidenta da ANPA 'A Rabadela'

Firmado dixitalmente
Begoña Besada Diz
DNI: 35566461C

Begoña Besada Diz

ANPA RABADELA
Nº 1981/001047-1ª
CEIP CALO - TEO
CIF: G15058332

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 8/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 29 DE SETEMBRO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a vinte e nove de setembro de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 30/06/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 855/21 á 1025/21)

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 2º TRIMESTRE 2021

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2020

6.- DACIÓN DE CONTA DAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS NOVIDADES QUE AFECTAN Á CANTEIRA DA CASALONGA

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2020

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO COA EMPRESA DE AQUAGEST/VIAQUA

9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ ADICIONAL 2/2021, SEGUNDA FASE

10.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DO CONCELLO DE AMES E APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA

11.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE TEO

12.- MOCIÓNS

13.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a

tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 30/06/2021.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 855/21 á 1025/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de xullo ata o 23 de setembro de 2021, que comprenden os números 855 ao 1025, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

"DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 2º TRIMESTRE 2021.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, de 18 de agosto de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao segundo trimestre de 2021, indicando que, segundo se dispón no mesmo, está fixado en 15,86 días.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2020.

O sr. alcalde da conta do informe de Intervención, de 28 de setembro de 2021, sobre os reparos formulados no exercicio 2021, que se reproduce a continuación, sinalando que se pode consultar e que fai referencia a todo ese período que se cita.

"INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2020

O presente informe emítese en cumprimento do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal: " O órgano interventor elevará informe ó Pleno de tóda-las Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumo das principias anomalías en materia de ingresos"

Por outra parte, o artigo 2º apartado 3º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local ordea á intervención municipal a dar conta ao Pleno da Corporación, como punto indepediente na orde do día, das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados e das anomalías en materia de ingresos, podendo o Alcalde aportar informe xustificativo da súa actuación.
Igualmente se debe remitir dita información ao Consello de Contas.

1.-Informes desfavorables formulados e resolucións da Alcaldía que resolven as discrepancias:

Reparo 01/2020.-Resolucion da Alcaldía de data 20/02/2020 . sobre inexistencia de contratos administrativos de servizos varios, contratos menores sucesivos e facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:102.887,82€

Reparo 02/2020.-Resolución da Alcaldía de data 17/03/2020.Sobre facturas sen proposta de gasto previa. .IMPORTE REPARADO: 115.982,37€

Reparo 03/2020.- Resolución da Alcaldía de data 30/03/2020 . Sobre ausencia de expediente de contratacion ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:93.292,61€

Reparo 04/2020.-Resolución da Alcaldía de data 08/04/2020. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:218.553,31€

Reparo 05/2020.- Resolución da Alcaldía de data 19/06/2020. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:284.336,65€

Reparo 06/2020.- Resolución da Alcaldía de data 24/07/2020 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO: 172.456,95€

Reparo 07/2020.- Resolución da Alcaldía de data 10/09/2020-sobre ausencia de expediente de contratacion servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:169.197,02€

Reparo 08/2020.- Reslución da Alcaldía de data 16/10/2020.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:191.320,50€

Reparo 09/2020.-Resolución da Alcaldía de data 13/11/2020. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:9.440,00€

Reparo 10/2020.- Resolucion de Alcaldia de data 23/12/2020. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo. IMPORTE REPARADO: 20.558,10€
Reparo 11/2020.Resolucion da Alcaldía de data 30/12/2020. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO: 251.705,10€.

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseandose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisiprudencia do tribunal supremo)

2.-OUTRAS CUESTIONS:

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades deterctadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

3.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

Non constan.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 20 de setembro de 2021
A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela"

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS NOVIDADES QUE AFECTAN Á CANTEIRA DA CASALONGA.

O sr. alcalde explica que o Regulamento de Participación veciñal establece no artigo 25 que cando algunha das asociacións inscritas no Concello formule a súa intención de participar en relación cun dos puntos reseñados da orde do día poderá facelo designando á persoa que fará esa exposición e, no seu caso, o cargo que desempeña na entidade ou asociación. A intervención, cun tempo máximo de 10 minutos, será previa á lectura, debate e votación do punto da orde do día.

Explica que onte presentouse no Rexistro do Concello un escrito de D. Jaime Elías García Navarro, en calidade de Presidente, representando á asociación Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, solicitando participar no Pleno.

O sr. alcalde solicítalle ao representante da Asociación que se sitúe no extremo dunha das mesas, para poder escoitar a súa intervención pola megafonía. Así mesmo indícalle que non se vai aplicar o dos dez minutos estritamente, pero pídelle que se ateña máis ou menos ao estipulado.

Sendo as vinte horas e tres minutos comeza a intervención do sr. García, que se reproduce literalmente a continuación.

"Alcalde, concelleiros, asistentes al Pleno buenas tardes.
En primer lugar desde la plataforma a la que represento me gustaría pediros que este acto no sea solo uno más en el que la plataforma actúa en defensa de los vecinos de

Casalonga sino un antes y un después en nuestra mutua lucha contra quien están tratando de destruir nuestro bienestar y nuestra forma de vida.

Echamos de menos en este Concello la formación de algún tipo de comisión de seguimiento del tema de la cantera que aglutine a todos los partidos políticos porque, que a nadie se le olvide, todos vosotros habéis sido elegidos por todos nosotros para representarnos y dar la cara por nosotros ante quien sea, incluidos vuestro propio partido político, y el que no esté dispuesto hacerlo ya sabe lo que tiene que hacer.

Empezamos a darnos cuenta de que la unidad que se forjó, ya va para tres años, en un Pleno dentro de este mismo salón ya no es la misma y parece que por momentos se difumina, si esto es así apaga y vámonos, porque la empresa de basureros acabará saliéndose con la suya, posibilidad que yo, como miembro de esta plataforma, nunca he llegado ni siquiera a considerar. También echamos de menos que vengáis a preguntarnos vuestras dudas o a pedirnos información o incluso a darnos información.

Tras esta introducción, nos gustaría saber por qué se nos prometen cosas desde Madrid que después de dos años no se han cumplido. Nos gustaría saber por qué se proponen soluciones de variación del Plan Xeral de ordenación que cuando la plataforma pide por registro a los partidos políticos solo recibe la respuesta de un partido y el desprecio y la desidia del resto, por qué y con qué pruebas se decide que la pista es privada cuando en el registro de la propiedad está a nombre de Concello, quien prefiere defender a quien a toda costa trata de meternos la mierda en casa en lugar de defender a los vecinos, y todo esto en vísperas de una gran movilización que estaba prevista.

También nos gustaría saber por qué cuando se presenta alguna iniciativa en el parlamento de Galicia salen fotos y textos que hablan de la plataforma sin que nosotros tengamos ni la más mínima noticia de ello.

Nos gustaría saber en qué se han basado los que a viva voz y hasta en la prensa han dicho que otro se puede hacer cargo de la restauración de la cantera, nos

gustaría saber en qué datos se han basado, y qué estudios económicos se han hecho.

No se debería jugar con estas cosas porque luego hay gente que puede llegar a creérselo y eso sería lo más perjudicial que se puede hacer en contra de nuestros intereses, eso genera desunión entre los vecinos que es lo que la empresa de basuras está buscando a toda costa.

También queremos decirle a esta empresa de basura que los entusiastas miembros de la plataforma estarán siempre frente a este tipo de actuaciones mafiosas que suponen un atropello y un atentado a la forma de vida de los vecinos de Casalonga. Parece ser que a estos de la empresa de basura es lo que más les gusta.

En resumen, lo que hoy queremos hacer constar aquí es que no vamos a parar hasta que la empresa de basuras se marche de nuestro Concello y hasta que quien tenga potestad para ello le dé a la cantera y a su entorno la protección medioambiental que se me rece.

Por eso nos gustaría saber qué opciones baraja cada una de las fuerzas políticas para apoyar nuestra lucha en este momento en el que el plan de restauración está ya aprobado y qué soluciones podrían aportar al tema del vial de la cantera.

Nada más y muchas gracias".

Sendo as vinte horas e dez minutos remata a intervención do sr. García.

O sr. alcalde agradece ao sr. García a súa intervención.

O sr alcalde explica que a inclusión desta dación de contas na orde do día vén determinada pola solicitude realizada pola Presidencia da Plataforma Casalonga Limpa, o día 24 de agosto, da celebración dun Pleno extraordinario para tratar o debate sobre o estado actual da canteira da Casalonga, e posibilidades da actuación municipal ao respecto. O Concello entende que esa solicitude viña determinada tanto polas

Resolucións da Xunta referidas á aprobación do Plan de Restauración, como á da expropiación da estrada, feitos que, máis alá da importante transcendencia social que teñen, tamén teñen unha complexidade técnica e administrativa que requirían de estudo e avaliación xurídica para deseñar unha resposta axeitada, polo que se comunicou á Plataforma a necesidade de adiar á segunda quincena de setembro a convocatoria do Pleno extraordinario, ou a inclusión do tema na orde do día, sempre garantindo a posibilidade intervención da Plataforma na sesión plenaria.

Explica o sr. alcalde que, doutra banda, consultada a Secretaría xeral, considerouse que unha proposta de debate en Pleno debe de ter unha parte resolutiva, que debe de cumprir criterios de legalidade e competencia, polo que debe de ser informada previamente. Esta circunstancia é a que determina que ó final se decidise incorporar o punto como unha dación de contas no Pleno ordinario, que pode propiciar un debate sen necesidade de que se aprobe, de entrada, ningún acordo, ningunha parte resolutiva.

O sr. alcalde di que ao goberno municipal lle gustaría que antes de facer esa solicitude, a Plataforma tamén tivera consultado ao Concello, tendo en conta que quen ten que tomar as decisións son as forzas políticas, tamén se podía ter consultado ás forzas políticas que lle parecía esa iniciativa, sobre todo da pertinencia e da idoneidade desa solicitude. Cadaquén tería contestado o que estimase e a Plataforma, en definitiva, despois de coñecer a opinión das forzas políticas municipais faría, loxicamente, o que considerase oportuno. Salienta que sería ben que se lles consultara porque á Alcaldía non lle parece ben debater publicamente, difundir aos catro ventos, cal debe ser a estratexia para seguir nesta loita, e menos radiar un debate de ideas sobre todas as posibles alternativas. Sinala que non lles parece oportuno, e non o van facer, cadaquén alá coa súa responsabilidade, pero se se quere facer iso deberase facer nunha Xunta de portavoces, con discreción, falando e escoitando, e incluso se se quere convidando ás persoas que poidan dar un asesoramento técnico, ou mesmo á propia Plataforma.

Sinala o sr. alcalde que, consecuentemente, vai a explicar o que dende o Concello se fixo despois das novidades acontecidas en agosto, e sobre iso, sobre o xa feito, haberá a oportunidade de debater se se fixo ben ou mal, e se foi oportuno.

Explica o sr. alcalde que son dous os feitos determinantes que acontecen en agosto. Primeiro a resolución da autorización de actualización do Plan de Restauración da canteira da Casalonga, e o segundo a resolución pola que se declara a necesidade da ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión na mencionada canteira. Hai un terceiro feito que ten lugar no mes de setembro, que é a resolución de urbanismo, pola que se dispón o cese da actividade da Canteira en base aos incumprimentos das condicións da licenza, da que despois dará conta a concelleira delegada, se o considera oportuno.

Salienta que, aínda así, a pesar da gravidade destes feitos, ningún deles é substancial no posicionamento do goberno fronte a Toysal, porque sexa de quen sexa a estrada, que se verá só cando o xuíz o determine, eles seguirán opoñéndose a que alí se acumule a merda, con estrada pública ou con estrada privada, tanto da. Que a canteira teña actividade pode gustar máis ou menos, pero non é o obxectivo da Alcaldía que a canteira non teña actividade, o que hai que garantir é que se cumpra a lei e a normativa en todos os seus termos, que exista un plan de restauración, porque a lei o esixe, e que este plan siga escrupulosamente o procedemento administrativo e o camiño legal para ser aprobado, e que ese plan non permita a entrada de residuos do exterior, que podían convertelo nun vertedoiro encuberto.

Sinala o sr. alcalde que así, con respecto á aprobación da actualización do Plan de restauración, consideran que a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de economía, empresa e innovación, é responsable dunha actuación neglixente, na medida en que busca atallos que a lei non permite para a aprobación do Plan de restauración. Hai que ter en conta que Toysal xa intentara en dúas veces a aprobación dun Plan de restauración. A primeira o 31 de xullo de 2018, que se lle denegou o 14 de decembro de 2018, tralo informe municipal desfavorable de compatibilidade urbanística. O segundo intento, en data de xaneiro do 2019, coa tramitación dun novo plan de restauración, e que a Dirección xeral de Minas arquivou o 15 de abril de 2020, tralas alegacións do Concello.

Salienta o sr. alcalde que non é lexítimo que a Administración autonómica admita a tramitación dunha simple adaptación ou actualización dun Plan de restauración elaborado xa no 1998, e que conta cunha guía obsoleta, unha guía de xaneiro de 2001.

Neste prolongado período ademais producíronse modificacións normativas do medio ambiente e da natureza moi importantes e que determinan que ese plan de restauración non poida ser aprobado desa maneira.

Sinala o sr. alcalde que, en resumo, entenden que a reiniciación da explotación da Canteira da Casalonga esixe a aprobación dun novo plan de restauración, axustado ás disposicións do Real Decreto 975/2009, e que sexa obxecto da avaliación ambiental con suxeición á normativa actualmente vixente, no que se deberán ter en conta o informe do Concello de Teo e as suxestións e reclamacións que poidan presentar as persoas e entidades interesadas. En calquera caso a aprobación do Plan de Restauración esixe o trámite de información pública, na forma prevista nos apartados 3 e 4 do artigo 6 do citado Real Decreto 975/2009 e esa omisión constitúe formalmente unha vulneración das normas que regulan o procedemento legalmente establecido. Obviamente, e con estes argumentos, é cos que se interpuxo un recurso, mediante Resolución da Alcaldía do 9 de setembro de 2021, solicitando á Consellería de Economía, Empresa e Innovación a anulación do procedemento, que se formula como requisito previo previsto na xurisdición, para despois proceder a un contencioso administrativo se non se resolve.

Explica o sr. alcalde que o dito ata o de agora se refire á primeira actuación. Con respecto ao procedemento da expropiación do viario da canteira, a actuación da Xunta de Galicia unha vez máis en concreto da Consellería de economía, empresa e innovación, é tan claramente tendenciosa, incorre en tal clara desviación de poder, que co asesoramento legal necesario consideran que se debe acudir directamente ao recurso contencioso-administrativo. Considera o sr. alcalde que non deben expoñer aquí, publicamente, os fundamentos xurídicos do recurso, xa que non interesa dar vantaxe a aqueles contra os que se dirixe o recurso, porén si anunciar que será presentado no prazo legal do que se dispón.

Salienta o sr. alcalde que o terceiro feito é a resolución de urbanismo pola que se dispón o cese de actividade da canteira en base aos incumprimentos das condicións da licenza, da que pasará a dar conta agora, se así o considera, a concelleira delegada.

Sinala o sr. alcalde que, como xa dixo, a actuación táctica e estratéxica que teña que

desenvolverse dende o Concello de Teo para impedir que a canteira se converta nun vertedoiro será tratada coa discreción necesaria, en colaboración con todas as forzas políticas da Corporación e a través da Xunta de portavoces, cos asesoramentos que se consideren pertinentes.

Intervén a concelleira de urbanismo, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia, quen da as grazas á Plataforma. Pensa a sra. Lemus que o posicionamento veciñal é claro dende hai tres anos, case catro, que levan con esta loita, e é fundamental nestes momentos, porque independentemente da posición institucional, ben explicada por parte do sr. alcalde, si que é fundamental agora mesmo manter esa presión social que dou os seus resultados, aínda que neste mes de agosto levan dúas boas resolucións de zasca na cara.

Sinala a sra. Lemus que vai a explicar a parte administrativa, como concelleira delegada de urbanismo, e nunha segunda exposición poderá falar da parte política.

Di a sra. Lemus que o 13 de setembro deste ano emitiuse unha Resolución na que se inicia expediente de reposición da legalidade, é un expediente de disciplina urbanística, coma outros tantos calquera que hai. O que se fixo foi unha revisión da licenza orixinaria de Camilo Carballal do ano 1978. Nese ano houbo unha licenza orixinal que despois foi modificada, non no Concello, no que nunca houbo unha modificación da licenza, pero si houbo unha modificación das condicións medioambientais, que nunca chegaron a Concello. En todo caso, o título habilitante municipal, para que quede ben claro, é unha licenza do ano 1978. As condicións previstas nesa licenza, sobre todo nos aspectos urbanísticos, non se cumpren en ningún dos casos actualmente, lévase anos sen cumprir, pero é verdade que podería plantexarse a pregunta de por que agora. Pois porque houbo un cambio esencial que foi o Plan de restauración aprobado en agosto deste ano. Apróbase un Plan de Restauración pola Xunta de Galicia, unha actualización, no que inclúe soamente estruturas móbiles de tratamento dos áridos, cando a licenza de 1978 non inclúe esas estruturas móbiles, senón so estruturas fixas. E ademais, no plan de restauración non se fala para nada de ningún tipo de demolición das estruturas existentes, co cal se entende que o plan de restauración non se axusta para nada á licenza de 1978, entendéndose polo tanto que a actividade prevista por Toysal non se está axustando á licenza como título habilitante fundamental para

exercer calquera actividade, e por iso iníciase expediente de reposición da legalidade. Neste expediente, que está colgado na páxina web e que é público, xa que non hai maior transcendencia no mesmo, o primeiro que se fixo foi un informe por parte da policía local, con un voo con dron, para saber como estaban as estruturas, como forma de proba, aínda que é coñecido por todos o estado completo de abandono da canteira dende hai moitos anos, sen entrar nas condicións de seguridade, que é outro dos elementos que hai que ter en conta, pero neste caso só se está a falar da licenza de 1978. Posteriormente ó voo do dron, fíxose un informe por parte do arquitecto municipal, que é o que a base do expediente de reposición da legalidade.

Explica a sra. Lemus que o expediente de reposición da legalidade implica, en calquera tipo de actividade, o cese inmediato da actividade ata que se cumpran as condicións da mesma. Comenta, a modo de exemplo, que se fixo o mesmo coa planta de residuos, que estaba tamén na canteira da Casalonga. Dáselles un prazo para que aleguen o que consideren necesario e posteriormente resolverase. No caso da Planta de residuos hai un cese total e definitivo da actividade dende hai varios meses e agora mesmo está en contencioso administrativo. Neste caso agora déuselle prazo a Toysal para que presente os documentos que corresponda, e presentaron xa un papel, un escrito, pedindo acceso a ver a licenza de 1978. Di a sra. Lemus que neste caso se lle vai a permitir ser pouco concelleira de urbanismo, e un pouco concelleira do PSOE, e sinala que lle chama a atención que un titular dunha licenza teña que pedir cales son as condicións da licenza porque non o sabe, é curioso pero tamén amosa o interese do titular da licenza no seu cumprimento, porque non sabe nin de que vai.

Explica a sra. Lemus que en todo caso pediu acceso ao expediente e pediu unha suspensión, mentres teña dereito a ese acceso, que se fará nas condicións que se fai para todos os interesados en expedientes urbanísticos. Agora mesmo está pendente só da resolución dese acceso, de como se vai facer, e que se fará nos próximos días, e así virán a ver o expediente, e é moi probable, como se fai en todos os casos, que se faga unha suspensión mentres ve o expediente para non causarlle ningún tipo de indefensión ao administrado, tendo en conta que sempre se fai con todos os administrados para asegurar sempre a maior legalidade e a mellor seguridade xurídica nas funcións do Concello.

Sinala a sra. Lemus que non sabe se haberá un segundo quenda para falar de política, así que en principio remata a súa intervención.

O sr. alcalde explica que agora vanse abrira as intervencións dos diferentes grupos municipais.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Barreiro, quen agradece á Plataforma a súa intervención e a súa labor durante estes anos, que considera que é moi importante.

O sr. Barreiro pídelle ao goberno municipal que efectivamente faga o que di e poña en marcha esa Xunta de portavoces para ir informando do que se está facendo e do que se vai facendo. Pensa que tampouco ninguén vai pedir que se entre en informar de tácticas ou estratexias xurídicas, pero si ter unha idea do que se vai facendo e que medidas se van a tomar, que moitas veces o teñen pedido e moitas veces só se enteran no Pleno das medidas que se van tomando.

Di o sr. Barreiro que, por outra banda, nada que non se teña falado aquí nos últimos tres anos moitas veces, durante moito tempo, o papelón da Xunta e do Partido Popular, unha colección de despropósitos, e só lles falta darlle a Toysal un programa de orquestras na TVG porque o resto pensa que xa fixeron todo, xa anduveron para adiante e para atrás. Aclara o sr. Barreiro que fala de “papelón da Xunta” porque para comezar non considera parte implicada á veciñanza, aproba un plan de restauración que en realidade é un vertedoiro, que nin menciona o que debe de ser un dos meirandes depósitos ilegais de residuos de construción que hai agora mesmo no país, e por se fora pouco expropian a estrada. Di o sr. Barreiro que a el aínda lle marabilla como poden durmir tranquilos, engadindo que todo, por suposto, cunha flagrante falta de transparencia, negando a entrega de documentación solicitada polo BNG no Parlamento de Galicia e mesmo pola Plataforma, á que tampouco se lle dan os documentos que pide.

Sinala o sr. Barreiro que, visto o visto e o que se leva ata agora, pensa que Toysal o que está é moi ben asesorada, case diría que tan ben asesorada que acerta sempre co que a Xunta necesita para aprobar un plan de restauración e esas cousas. Sinala que non sabe que pensar, engadindo que lle parece que que son o raposo coidando do galiñeiro.

Di o sr. Barreiro que, xa concretando en Teo, o PP de Teo, por voz do sr. Guerra, portavoz do PP, dixo o 19 de agosto que "*ven cos bos ollos a garantía financeira solicitada pola Xunta e os controis quinquenais da restauración, consideran así mesmo que o uso forestais dos terreos é unha boa nova".* O sr. Barreiro di que non vai a comentar que lles pareza unha boa idea reforestar máis de 10.000 metros cadrados con eucalipto e piñeiro, que para iso teñen os amigos no consello de administración de Ence. Sinala que, continuando con esa nova publicada o 19 de agosto, segundo a cal *"o voceiro do PP de Teo, José M. Guerra, convida ao Goberno bipartito a que asuma, o propio Concello, a restauración do Concello"*. O sr, Iglesia, dirixíndose ao sr. Guerra, dille que lle reta a que explique esta solución, que entende que se a suxire é porque a teñen pensada, analizada e valorada. Que explique como se pode facer isto, que tamén lle pediu agora mesmo na súa intervención o representante da Plataforma, canto custaría, como levala a cabo, porque pode ser que o sr. Guerra dera coa solución a este problema e haxa que consideralo neste Pleno. Agarda o sr. Barreiro que o sr. Guerra o explique e, a ser posible, que non lle dea a risa cando o faga, porque isto, salvo que o explique moi ben, non é máis que outra tomadura de cabelo ás veciñas e veciños de Teo.

Sinala o sr. Barreiro que, hoxe mesmo, o BNG fixo unha pregunta ao goberno da Xunta no Parlamento Galego, por voz do Deputado Luis Bará. Preguntóuselle sobre as medidas adoptadas para evitar o vertedoiro dos residuos na canteira da Casalonga. Estaban alí algúns integrantes da Plataforma e el mesmo, e asistiron perplexos á resposta do Conselleiro de industria da Xunta, que non só negaba que existira tal cousa, senón que afirmaba que o único que hai é unha explotación mineira de áridos, en funcionamento. O sr. Barreiro di que non sabe se non falan entre eles, se non len os argumentarios, se non lle fan casos aos seus gabinetes técnicos, pero dicir que iso está en funcionamento parécelle xa outra vez máis tomarlle o pelo á xente. Sinala o sr. Barreiro que o Conselleiro tamén dicía que o plan de restauración era magnífico porque se ían plantar árbores. Eucaliptos, claro, por riba. O que non dicía era o que ía por baixo dos eucaliptos. Este señor, que é un conselleiro deste país, non se enterou absolutamente de nada, polo que habería que preguntarse en que mans estamos, se os do PP non falan entre eles, engadindo que precisan coordinar as mentiras, porque xa se lles collen rápido normalmente, pero se as elaboran pouco xa....., e que un alto

dirixente dun goberno non saiba nin de que está falando deixa en mal lugar a todos. Salienta o sr. Barreiro que, por sorte, estaban alí representantes da Plataforma, que ben poderán transmitirllo á veciñanza. Considera o sr. Barreiro que ese é o goberno que hai. Dirixíndose ás/os concelleiras/os do PP, dille que todo lles da igual, e preguntase que pode importar unha parroquia perdida en Teo. Sinala que un conselleiro que nin lee os informes que lle prepararía o seu equipo, que simplemente di o que manda o patrón, que todos saben quen é, e que neste caso é Toysal. O goberno que sempre di o que manda Toysal, ou Iberdrola, ou Audasa, ou Abanca, e poderíase seguir así con moitas empresas. Considera o sr. Barreiro que está claro que saben ben a servizo de quen están, iso está claro.

Di o sr. Barreiro que, ata podería entendelo, aínda que non compartilo, e pide que teñan a decencia e honestidade de dicilo. Sinala que están aquí os veciños e veciñas, e pídelle ás/os concelleiras/os do PP que lle digan de que lado están porque claro, o máis grave é que este goberno da Xunta non só di o que quere Toysal senón que fai o que Toysal lle manda facer, como por exemplo, expropiar unha vía pública. Trátase dunha vía que lle expropian a todos, nin á concelleira nin ao alcalde, exprópianlla ao pobo de Teo, ás veciñas e veciños. Considera o sr. Barreiro que as/os concelleiras/os do PP deberían explicar por que se vai facer iso, de que forma, e cal é a súa postura, porque o que non poden facer é seguir como ata agora, dicindo unha cousa aquí e a contraria alí.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez agradece ao sr. alcalde e sra. concelleira as súas explicacións, e agradece tamén á plataforma á intervención do presidente, que considera que todos teñen que escoitar, todos os partidos políticos que están aquí. Agradece tamén enormemente o ton no que se expresaron primeiro as súas desideratas e despois tamén as súas iniciativas.

Di o sr. Sánchez que, respondendo ao sr. alcalde, levarán a cabo o principio de prudencia que solicitou que tamén, dende logo, comparten. Sinala que nesta primeira intervención a súa única intención era que se explicara, preguntar, cales foron os feitos

que aconteceron para que o Concello procedera agora á anulación da licenza, cuestión á que xa se adiantou a señora Lemus e por conseguinte pouco máis queda que explicar. En calquera caso a sra. concelleira explicou que levaba tempo sen cumprirse, explicouse o por que se fixo agora, pero gustaríalle que se explicara por que non se fixo antes.

Intervén a sra. Lemus quen di que, ante a pregunta de porque no se fixo antes, hai que ter en conta que as concesións mineiras teñen unha especialidade como licenzas de actividade moi concretas, e o responsable da súa vixilancia é a Dirección xeral de Minas, non a concelleira de urbanismo nin o sr. alcalde. Non é novidade, pódese dicir, e está no expediente, que antes dela, o sr. alcalde, cando era concelleiro de urbanismo, e o anterior alcalde, enviaron bastantes escritos á Dirección xeral de minas e á Dirección xeral de medioambiente comunicando os incumprimentos nas condicións desa concesión mineira, sen que houbera resposta en ningún dos casos. É dicir, lévase anos mandando cartas, e debe de haber como cinco ou seis caixas de documentos enviados a Medioambiente, a Augas, e á Consellaría de Industria en canto a Minas, sen resposta ningunha en canto aos incumprimentos do concesionario, con respecto ás súas obrigas tanto no que sería a licenza de actividade como no plan de restauración, como nas condicións da declaración de impacto ambiental do ano 2002.

Sinala a sra. Lemus que en relación o elemento que cambiou, hai que ter en conta que un elemento básico para a concesión mineira é o Plan de restauración. Había un Plan de restauración do ano 1998, cunha declaración de impacto ambiental do ano 2002, e iso cambia totalmente, debéndose ter en conta que o Plan de restauración non é competencia para nada do Concello, a non ser que pase unha declaración de Impacto ambiental, non ten que ser autorizado en ningunha das súas formas polo Concello. Non foi autorizado o do ano 1998 e os últimos que houbo, que xa explicou o sr. alcalde, os dous primeiros decaeron, primeiro porque o primeiro tiña unha planta de biogás, que si que foi obxecto dun informe de compatibilidade urbanística desfavorable por parte do Concello e o segundo, sendo sinxelos, porque non había por onde collelo. Era un conxunto de banalidades absurdas, nas que menos mal que veu Patrimonio natural da Xunta de Galicia, que opina que debe de ser o único órgano que mira os expedientes como deben de mirarse, e que fixo un informe demoledor. Co cal, á Consellería non lle

quedou outra cousa, tamén vinculada polo feito de que o día 15 de marzo ía haber unha manifestación da plataforma, pois o día 10 de marzo do 2020 arquivouse ese expediente.

Explica a sra. Lemus que hai un terceiro expediente, que é ese Plan de restauración do que de repente empezaron todos a ter novas aínda que non hai ningún documento no Concello, posteriormente, a unha intervención da Directora xeral de medioambiente, tras solicitar varias veces o expediente, si que se manda todo, finalmente aprobado en agosto deste ano. Tratándose do plan de restauración hai que dicir que, así como o anterior era banal, este é absurdo. Non ten ningún contacto coa realidade. Pensar que Toysal vai plantar eucaliptos, entendéndose que encima da lagoa, vai a haber unha especie de plantacións acuáticas, porque en ningún momento se recoñece que existe unha lagoa, nin un humedal, nin a entrada ou saída de augas. Poderíase pensar que incluso ao facer unha actualización dese plan de restauración orixinario do ano 98 o que fixeron foi coller o que había na licenza orixinaria de Carballal, porén iso xa non existe dende hai moitos anos na Casalonga, e o saben todos e tamén a Consellaría, non é que de repente vivan tan lonxe como para non sabelo, senón que están suficientemente informados tanto por parte do Concello como da Plataforma e incluso dos partidos políticos no Parlamento de Galicia de que iso non é así, non existe, e non se pode admitir. Si que é verdade que necesitaban ese documento, levan dende o 2018 loitando por aprobalo e o que finalmente aprobaron foi este proxecto, este plan de restauración que pretende que con 125.000 euros se vai a restaurar todo ese monte .

Salienta a sra. Lemus que o outro día aínda calculaban que non chegaban nin os 125.000 euros para entubar as cunetas do viario. Co cal, se pretenden que o Concello execute ese plan de restauración con ese argumentario estraño no que non vai a entrar, non o deberían facer, porque é imposible. Considera a sra. Lemus que é unha burla pensar que con eses cartos se pode restaurar nada, nin sequera esa Canteira, co cal a idea é que efectivamente non lles interesa para nada a restauración, interésanlle outras cousas que supón que virán posteriormente.

É certo que en agosto houbo un cambio de pantalla, pasouse de nivel, había máis ou menos sempre esta idea de que “a Xunta non se ía a atrever” e de repente atreveuse. É verdade que en agosto, ademais casualidades da vida, como o expediente da

expropiación o tiña o órgano resolutorio tres meses antes e o plan de restauración o tiña 10 meses antes enriba da súa mesa, pero casualidades da vida, foi o 10 e o 17 de agosto, os días que decidiron, nunha semana, aprobar un plan de restauración e unha expropiación do viario da canteira.

Tratándose do plan de restauración di a sra. Lemus que xa falou suficiente, sinalando que en canto á expropiación do viario da Canteira coida que tendo en conta que o poder da expropiación é un poder, como diría, exorbitante, da administración resúltalle profundamente vergonzoso que unha administración o empregue co argumentario que utiliza Toysal, nos expedientes, de que é para evitar o control veciñal. Non empregan outro argumentario, entón, de verdade que resulta doloroso pensar que algunha administración pública poida empregar ese argumentario e xustificalo e facer unha expropiación dun viario que como ben dixo o concelleiro do BNG non é do alcalde nin da concelleira nin da Corporación, senón que é de todos os veciños.

A sra. Lemus coida que se quitaron todos a careta en agosto. De repente descubriron todos que esta idea de “estamos cos veciños”, ben, estamos algúns máis que outros. E iso tamén empeza a ser lixeiramente escandaloso. Explica que escoitou hoxe ó Conselleiro, que vive nun mundo que non sabe cal é, aínda que si que pensa que el si que sabe o que hai, pero deulle a sensación de que nesta idea de facer discursos que queden gravados e que canto máis os repitas, como o da modificación do PXOM de fai uns anos, canto máis se repita que cunha modificación do PXOM se vai arranxar este tema, mellor, cando se sabe perfectamente que non é verdade, que se lles pediu por escrito que o explicaran, e non o explicaron nunca, porque claro, se se lanza 20 veces o mesmo slogan malo será que a alguén non lle quede. Pois hoxe o Conselleiro de industria fixo o slogan de que Toysal é unha empresa mineira e, neste caso Luis Bará, o deputado do BNG, o que facía era estar en contra do sector e dos traballos dos mineiros. Sinala que hoxe estaba pensando cantos traballadores hai na canteira, e ben, en agosto bañábase a xente pero non viu moito traballador nestes dous anos. De vez en cando colocan un pouco unha malla e marchan, pero casualidades da vida fano algún venres ás 10 ou ás 11 da noite, polo cal supón que lles pagarán nocturnidade.

Salienta a sra. Lemus que ese é o argumentario do Conselleiro, por iso pensa que si que sabe o que hai, pero repetindo os slogans....

Salienta a sra. Lemus que agradecería que a idea de que o Concello pode facer a restauración non se repita moitas veces, porque é un insulto á intelixencia, engadindo que todos se coñecen e non se poden dicir barbaridades.

Considera a sra. Lemus que é verdade que habería que fomentar as Xuntas de Portavoces, fomentar unha comisión de seguimento. Pola parte do partido preguntáronlle directamente que se fai en Madrid e sinala que eles seguen presionando para cambiar a normativa, e agora mesmo teñen unha baza que é o delegado de goberno, que como ex – alcalde Ames, coñece ben as circunstancias das que se está a falar, e coida que é unha boa baza, e a están aproveitando. Explica que nuns días pensa que terán a segunda reunión co Secretario de Estado, engadindo que por parte do seu partido seguiran presionando no Parlamento de Galicia, aínda que opina que isto é unha guerra.

Considera a sra. Lemus que o que pasa é que en agosto pasouse de pantalla porque o inimigo deixou de ser Toysal. O inimigo era Toysal e de repente posicionáronse uns señores polo medio para defendelo, que é a Xunta de Galicia, coa Consellería de industria e a dirección xeral de minas ao fronte. E coida que con ese posicionamento ela agardaba un argumentario do conselleiro, como tantas outras veces facía a consellería de medioambiente, Beatriz Mato, que for un argumentario bastante razoable, que era "*a norma é a que é e eu teño que aplicala senón entro en prevaricación"*. Pero neste caso non houbo nin sequera ese argumentario, non se fala da obrigatoriedade na norma, senón que se fala dun mundo utópico, onde unha empresa de lixo se dedica a facer restauracións mineiras cunha plantilla tremenda de traballadores e onde ademais se van a plantar árbores como forma de restauración, plantas acuáticas.

Salienta a sra. Lemus que, por parte do seu partido partido coida que está suficientemente posicionado onde debe de posicionarse. Si que é verdade que admiten as críticas e as ideas, como xa dixo 20.000 veces, ao pedir, por favor, que se alguén ten algunha idea que a formule, e se lles parece que o departamento de urbanismo non vai admitir esas ideas, ou que ó arquitecto non lles parece suficiente, que falen coa plataforma. Considera a sra. Lemus que chegados a este punto, se leva 4 anos na loita e non se deben facer máis discursos de slogan.

Agora todo ao Xulgados, onde persoas do Concello están dende fai meses, polo penal, resultando curioso que non estea no nin Minas nin Industria, senón parte do Concello, o cal indica bastante do tema.

Di a sra. Lemus que en todo caso quedan sempre abertos ás boas ideas e ás ideas construtivas. Salienta que non se deben repetir máis esas frases, esas ideas que dixo antes, que insultan á súa intelixencia e á intelixencia do común, do normal. Non pode ser que se fale de restauracións por parte do Concello, non se pode falar outra vez de modificacións do PXOM, e deben centrarse na loita en común. Opina a sra. Lemus que o Concello fixo bo exemplo de loita en común, en moitos casos, e habería que seguir por esa senda, porque é fundamental agora mesmo. E non só fronte a Toysal senón fronte a esta Consellería preocupada polo mundo mineiro de Galicia, como xa se ve nos acontecementos dos últimos quince días, debéndose formular como Concello unha alternativa, a defensa dun modelo alternativo de crecemento e de estabilidade. Salienta que sobre todo non se lles pode tomar o pelo, porque si que é verdade que levan tanto tempo anunciando estas cousas, que un pouquiño de respecto cara a intelixencia de todos sería moi axeitada.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Barreiro, quen di que coinciden co sr. alcalde, engadindo que *"cousas veredes, amigo Sancho*". Considera, referíndose ao PP, que a súa capacidade e a súa volubilidade é impresionante, un día si e outro día non, un día os do BNG son terroristas, e outro día son non se sabe o que, porque non paran quietos.

Dirixíndose ao sr. Sánchez di que agradece sempre escoitar o seu verbo grácil, e pídelle que responda ao que lle foi preguntado, que non respondeu, e tamén insiste en que responda o señor Guerra, que é o portavoz, engadindo que se trata de un portavoz sen voz, aínda que para dicir cousas como que o Concello ten que restaurar si que ten boca, e iso é grave. Considera que é grave porque, aínda que non sabe moi ben como calificalo, podería ser igual unha parvada, aínda que non sabe se é demasiado grave esa palabra, pero se non é un insulto á intelixencia, como dicía a sra. Lemus, dende logo si que é un insulto á xente, ao pobo, a quen os vota ao final. Trátase dun exercicio de irresponsabilidade absoluta, ocorréndoselles poucas barbaridades máis graves para dicir.

Considera o sr. Barreiro que se este tema non fose tan serio daría moita risa que os do PP sexan os que veñen a esixir respostas, porque quen ten que responder son eles, que son os que está mirando para outro lado continuamente é a Xunta, a que non protexe á poboación é a Xunta, a que non fai o que ten que facer é a Xunta. Como ben explicou a sra. Lemus, o Plan de restauración é de ciencia ficción. Van facer un investimento de 134.000 euros para restaurar esa canteira. Considera que non fai falla ser enxeñeiro de minas para saber que iso con 134.000 euros non se restaura, non dando nin para o gasoil de tres camións, engadindo que todos lle segue parecendo raro. Sinala que lle segue parecendo moi rara a posición do PP. Evidentemente é certo que todos están posicionados e todos saben cal é a posición do PP e cal é a posición dos outros grupos políticos, como dicía o representante da plataforma, que falaba da unidade, cando a unidade está claro quen a está rompendo. Está claro quen está traballando coa empresa e quen está traballando contra os veciños, iso está claro. Considera que os outros grupos poden ter diferenzas en se farían isto antes ou despois ou se o farían dunha forma ou doutra, pero están bastante de acordo en que hai que paralo. Os únicos que non están de acordo en que hai que parar isto son os do PP, porque non deixan de poñerlle unha alfombra vermella á empresa. Supón o sr. Barreiro que aínda cando estean os camións entrando por esa, seguramente, pista expropiada e botando aí lodos de depuradoras, etc, etc., supón que dende o PP seguirán dicindo que apoian ós veciños de Teo e que bla bla bla bla bla..e todas esas cousas quen non paran de dicir.

O sr. Barreiro di que lle gustaría que o portavoz popular explicara o que dixeron no Pleno anterior, citando expresamente o que se recolle na acta de que "*os populares consideran positivo que os mandatarios teenses, referíndose ó alcalde á concelleira, reclamen o que é propiedade do concello, e nesa loita van estar unidos*". É dicir, que nesa loita o PP vai estar unido a quen considere que a pista neste caso é propiedade do Concello. Di o sr. Barreiro que non sabe a que PP lle facer caso, ao que di que é pública, ao que expropia, ao que di que hai que restaurar, ao que di que a canteira está en explotación, ao que está a favor, ao que está en contra, xa que depende do día. Considera o sr. Barreiro que son coma a canción de "*estaban tomando cañas*". Pregunta o sr. Barreiro de que vai isto porque dende o PP din unha cousa en Teo pero sen embargo na Xunta activan a expropiación da pista, polo que non entende a que

están xogando. Di o sr. Barreiro que entende que se posicionen coa empresa, pero terán que dicilo, pois como dixo hoxe o conselleiro hai un montón de xente traballando nesa canteira, aínda que non se ve a ninguén, pero ben, se o PP quere defender utopías, que as defenda, tamén o fan noutros campos, pero terán que dicir a verdade, porque isto xa pasa de castaño escuro.

O sr. Barreiro di que vai a finalizar a súa intervención lembrándolle ao sr. Guerra que prometeu, na campaña, que se se facía este vertedoiro dimitía. Di o sr. Barreiro que llo volve a lembrar como llo lembrou fai un ano, e volve a pedirlle que dimita, porque a canteira está, evidentemente, en proceso, e non só está en proceso senón que o goberno da Xunta de Galiza, que goberna o PP con maioría, está a favor de que se faga e polo tanto difícil ve que isto se pare.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen se refire á intervención referíndose da sra. Lemus. Di que levan catro anos na loita con esta cuestión e que catro anos levarán o sr. alcalde e a sra. Lemus, porque o resto da poboación leva tres, porque hai que lembrar que tiveron agochado todo este asunto durante oito meses. Cree que o subconsciente lle xogou unha mala pasada, pero aquí isto coñeceuse bastante máis tarde de que o coñecera a sra. Lemus.

Sinala o sr. Sánchez que a sra. Lemus dixo que polo menos as intervencións da Conselleira de medio ambiente baseábase nunha resposta que era “a norma é a que é”, cousa que non fixo hoxe o Conselleiro de Industria. Vese que non viu a intervención do Conselleiro de Industria porque foi exactamente o que dixo, que se limitaba a aplicar a norma, a norma que aprobou o PSOE e o BNG, a lei de minería de Galicia, o que pasa é que a sra. Lemus intentase obviar esa parte do discurso do conselleiro de hoxe.

No ano 2017, en abril, o sr. alcalde e a sra. concelleira de urbanismo convocaban unha rolda de prensa para dicir que se estaba a modificar o PXOM, que xa se estaba modificando neste momento. E esta rolda de prensa convocouse para responder ao PP, ás críticas que se estaban a facer pola falta da segregación das fincas. Ou naquel momento mentían ou a modificación do PXOM deixouse de facer no momento en que apareceu Toysal pola porta. Coñécese nesta mesma época do ano 2018 o asunto de Toysal, e en 10 días, o 10 de setembro de 2018 a Xunta, e en particular o gabinete de

medioambiente, pecha o proxecto inicial de macrovertedoiro que estaba planificado para alí. En 10 días a Xunta fixo aquelo que o sr. alcalde e a sra. concelleira non fixeron en oito meses. Dez días despois, Industria deu carpetazo definitivo a ese proxecto inicial de macrovertedoiro. Entre tanto, o BNG e o PP instaban ao Concello a que elaborase un informe de incompatibilidade urbanística. E a resposta dogmática, hai que recordalo, foi "son vostedes uns iluminados" e empregaron todo tipo de improperios, descualificacións, ante unha proposta que titulaban de baladí, de canto de sereas....porque a gran culpable naquel momento para era a Lei do Solo, ese era o gran problema que había nese momento. Pouco tempo despois se estaba facendo ese informe de incompatibilidade urbanística, grazas, precisamente e en aplicación da lei do solo e a petición da Consellería.

Salienta o sr. Sánchez que convén recordar tamén que en xaneiro de 2019, no Pleno, todos os grupos políticos aquí presentes, todos os que estamos hoxe, adquiriron un compromiso unánime, asinado por todos, para que se levasen a cabo as iniciativas lexislativas municipais no ámbito das súas competencias e adquiriuse ese compromiso de facelo. Ese foi o maior compromiso de unidade que entre todos pactaron aquí, e foi un compromiso tan roto como que en ningún momento chegaron a facelo. Sorpréndelle ao sr. Sánchez que se pida unidade cando a maior demostración da unidade dos grupos políticos rompeuse dende o primeiro momento e nin se fixo nin hai intención de darlle resposta.

Sinala o sr. Sánchez que a Xunta abre un expediente de caducidade da canteira en setembro de 2019, debendo lembrarse que o Concello levaba con esa licenza aberta dende 1978 e a mantivo ata agora, engadindo que non vai a entrar a valorar as pingües explicacións que acaba de dar a sra. concelleira de urbanismo, e a Xunta terminou dándolle carpetazo a dúas propostas previas por non axustarse á normativa.

E mentres tanto o PP de Teo o que dicía era "*ollo, porque é evidente que a empresa vai seguir intentando ata que atope o encaixe legal, por favor, dende o concello que se tomen as medidas legais pertinentes*", e non se tomaron, e agora temos aquí este plan de restauración.

Sinala o sr. Sánchez que, tratándose do tema da pista, está xudicializado, e nese

sentido comparte co sr. alcalde o seu posicionamento, engadindo que non lle doen prendas en dicilo, como non lle doerían prendes ao dicir que comparten posicionamento con quen sexa sempre e cando consideren que se defenden os intereses dos teenses.

Sinala o sr. Sánchez que é un tema que está xudicializado e compartindo as palabras do sr. alcalde agardarán a que a xustiza diga o que teña que dicir, porén quere deixar moi claro que, por moito que se empeñen en dicir que o PP dixo exactamente o contrario do que realmente dixo, o PP dixo dende o primeiro momento que se alegraba e que agradecían que o sr. alcalde e a sra. concelleira defenderan o que consideran que era propiedade dos teenses, engadindo que dixeron que nesa loita ían a estar unidos.

Di o sr. Sánchez que recoñece que, cada vez que sae o tema da pista, nota como demasiado histrionismo, como unha sobreactuación impropia. Ás veces dálle a sensación de que alguén meteu a pata ata o fondo, que se teme o peor, e que van ata o final nunha fuxida cara adiante. Agarda, polo ben de todos, que a xustiza nos dea a razón e que por suposto, a propiedade da pista sexa dos teenses.

Sinala o sr. Sánchez que comparte totalmente coa canteira dúas cuestións, o principio de transparencia e o principio de unidade. Sinala que nese senso son os primeiros en pedilo a todas partes, non só a unha parte. Sinala que se leva tres anos con este problema enriba da mesa e non foron chamados nin unha soa vez os grupos municipais, nin unha soa vez, para ser informados de primeira man, de ningún dos movementos realmente importantes que deu este concello.

Sinala que o informe de incompatibilidade urbanística o coñeceron cando foi publicado en prensa. A caducidade da licenza a coñeceron cando foi publicado en prensa. Pasos e documentación relevante tiveron que coñecela por prensa. Convén recordar, di o sr. Sánchez, que o grupo de goberno reuniuse con Toysal, e o día anterior estiveron todos no Pleno e ninguén dixo nada de que se ían reunir con Toysal, e se coñeceu a posteriori que se tiveran reunido con Toysal.

Así é que, por suposto, comparten ese principio de transparencia que demanda a Plataforma, e tamén comparten o principio de unidade. Insisto o sr. Sánchez que o

maior compromiso adquirido de unidade foi en xaneiro de 2019 e non de palabra, senón de facto e por escrito, asinado entre todos, e foi incumprido flagrantemente dende o primeiro momento e ata o día de hoxe, co cal en aras de que o futuro sexa o que queren todos, dende logo comparten estes dous principios e demanda que efectivamente así sexa.

Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que, sen dúbida, como sempre, teñen a man dos populares de Teo tendida para todo o que se precise, e que a ninguén lle caiba ningunha dúbida, o PP de Teo está metido no mesmo barco e segue exactamente na mesma loita.

O sr. alcalde, dirixíndose ao sr. Sánchez, dille que é difícil seguir a súa deriva onírica. Chega un momento en que cree que lles degrada colectivamente responde a algunhas das cousas que di o sr. Sánchez. Di o sr. alcalde que habería que preguntarse porque non se tomaron as medidas pertinentes e agora hai este plan de restauración, cando o plan de restauración é unha obriga legal vinculada á concesión dunha mina, e a concesión da mina non a deu o Concello.

O sr. alcalde cree que non ten sentido reproducir un debate electoral que se tivo antes das eleccións, momento en que tiña algún sentido porque era un debate electoral pero agora se está nun punto máis serio e a realidade alternativa que plantexa o PP desconcértalle. Sinala que non conduce a nada incidir en facer aquí un enfrontamento para rebater algo que nin se xustifica nin se deixa de xustificar, polo que non o vai a facer.

Salienta o sr. alcalde que o único que di é que no ano 2018 xa se dixo que ía xa ser unha loita larga, que só se vai a manter en dúas cousas, na posición institucional, na reivindicación na vía xurídica e na mobilización social, e nesas seguen. Cree o sr. alcalde que tense que vivir coma un éxito que tres anos e medio despois se siga aquí e que non haxa un vertedoiro. Considera que o único que teñen que facer é comprometerse a seguir outros tres anos para que dentro deses tres siga sen selo, e niso é no que espera que todos coincidan e tamén espera que se actúe en consecuencia.

Pregunta o sr. alcalde se alguén quere que se abra outra quenda de intervencións,

engadindo que sinceramente cree que a deriva que está tendo o debate non conduce a moito.

Non habendo peticións ao respecto, neste momento dáse por rematado o punto sexto da orde do día.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2020.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de setembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 30 de xuño de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2020, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión extraordinaria celebrada en data 30/06/2021.

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 126, de data 07/07/2021, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2020.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2020, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

Teo, 14 de setembro de 2021.

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira"

O sr. alcalde sinala que se trata dunha resolución obxectiva do que pasou e, este ben ou este mal, a aprobación da mesma é que o que se di nela se axusta ao que realmente pasou cos números da Corporación. Sinala que, tal e como se dixo, o resultado orzamentario axustado do exercicio é de menos 320.000,59 €, o remanente de tesourería positivo é de 770.284 €, o aforro neto ascende a 1.137.000 €, o aforro neto positivo total é de 331.128 € e a porcentaxe de endebedamento era similar ao do exercicio anterior situado no 34,41 %. Sinala que máis alá das valoracións que se poidan facer nos orzamentos e naqueles puntos nos que se cuestiona a política que se vai a levar adiante dende o punto de vista económico, trátase dunha rendición de contas que o que fai é reflectir o que pasou no exercicio 2020.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia a abstención do seu grupo. Sinala que unha vez máis observase que volven a destinarse créditos ociosos do capítulo un, é dicir de gastos de persoal, para o pago de facturas do capítulo dous, é dicir gastos correntes mediante transferencias de crédito. Na execución do capítulo seis de investimentos de gasto, que ascende ao 25 %, so foi capaz de executar dous con seis millóns dos máis de dez dos

que dispón o Concello, engadindo que a ese ritmo termina a lexislatura e o cen por cen non se executa.

Refírese a sra. Calvo ao capítulo seis de ingresos e sinala que, tal e como se reflicte na páxina 7 do informe de intervención, se están inflando os orzamentos de ingresos dende fai anos, para dar lugar a un gasto maior de inversións, con supostas ventas de solares, do que xa se fala sempre, que despois non se materializan, e iso é o que provoca unha alteración do anexo de inversións aprobado polo Pleno da Corporación, posto que nel se describen as inversións a realizar e os axentes de financiación, algo que no se respecta, xa que os gastos afectados á venda de terreos están condicionados á efectiva venta das mesmas, do contrario non se poderían realizar ditos gastos.

Sendo as vinte unha horas e sete minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, que se incorpora pasado un minuto.

Sinala a sra. Clavo que, tal el como se reflicte na páxina 10 do informe de intervención, existen 2.712.706,52 € de dereitos pendentes de orzamentos pechados, entendendo que son os referidos a Aquaguest-Viaqua. Sinala a sra. Calvo que isto é outra mostra de que, o sr. alcalde, a sabiendas de que o tema se ía a xudicializar e de que Aquaguest non ía condonar, como dixo nun primeiro momento, a débeda do Concello, en vez de restar o que non condonaba, se plantexa a cifra completa, tratándose doutro exemplo de inflar as contas.

Sinala a sra Calvo que dos estados contables se deduce que se está a gastar máis do que se ingresa, e iso porque o orzamento de ingresos non é real, e está baseado en estimacións que non se cumpren, existindo varios reparos, non precisamente menores, etc, porén, en calquera caso, como dixo o sr. alcalde, é unha foto fixa da xestión municipal, é dicir unha xestión nula o ausente, tal e como avalan os números. Salienta a sra. Calvo que, como di sempre, hai que facer previsións realistas e saber xestionar os cartos de todos. Reitera sra. Calvo que co ánimo de non entorpecer os trámites

regulamentarios e de debido cumprimento, o seu grupo, por responsabilidade, vaise a abster.

O sr. alcalde sinala que, partindo de que quizais non é o momento de facer consideracións sobre a política de fondo, si quere aclarar dúas cousas que lle parecen relevantes. Sinala que a incorporación no remanente da totalidade da débeda de Aquaguest é unha obriga legal, e dicir se se lle está reclamando xudicialmente a Aquaguest unha cantidade, esa cantidade que o Concello recoñece que se lle debe e que se recoñece no Xulgado, hai que recoñecela internamente, senón é darlle unha baza a Aquaguest, no senso de dicir *"que tanto nos deben que nin tan sequera o Concello a contempla como unha débeda na contabilidade".*

Sinala o sr. alcalde que o da concreción das obras do IDAE, que é o que determina ese grado de execución, como as obra do IDAE, no momento en que se da a concesión da obra hai que recoñecelo como ingreso, te obriga a recoñecelo como previsión de gasto, porque senón habería un recoñecemento ilícito. E certo que, as veces, aínda que os prazos do IDAE son estritos e dende o Concello se cumplen ao pe da letra, un ano cabalga noutro e prodúcense esas cousas. Sinala que do mesmo xeito agora haberá o inconveniente de que haberá que facer fronte do pago da contribución do Concello e da do IDAE ata o momento en que o IDAE lle de formalmente ao Concello a concesión esa que xa está contabilizando como ingreso. Salienta que son cuestións que entran dentro da política económica normal de todos os Concellos, onde a marxe de actuación é escasa, polo tanto non responde a unha vontade de inflar ou non inflar. Remata o sr. alcalde sinalando que asume a crítica sobre o da venda de solares, porén espera que desta vaia.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e nove abstencións (7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2020.

<u>Segundo</u>.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a

integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2020, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO COA EMPRESA DE AQUAGEST/VIAQUA.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de setembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 23 de setembro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO COA EMPRESA AQUAGEST/ViAQUA

1. ANTECEDENTES

1. 1. Resumo da sentenza firme ditada no proceso

No procedemento ordinario nº 2/2016 do Xulgado-Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, promovido por Viaqua contra a acordo plenario do 24.9.2015 sobre liquidación do contrato de xestión dos servizos de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais, recaeu sentenza con data 23.3.2018, confirmada en apelación e firme, que acollendo substancialmente as teses municipais estima só parcialmente o recurso da antiga concesionaria para

> "…declarar el derecho de la actora a que se practique la liquidación del contrato en la cantidad que se acredite en ejecución de sentencia, de conformidad con los fundamentos de derecho 6º y 7º."

O fundamento xurídico 5º da sentenza rexeitaba as críticas da parte actora ao criterio de Intervención de estender as consecuencias da nulidade ao período temporal previo a 2007 sinalando que

> "**Lo cierto es que el planteamiento de la parte demandante no se puede admitir dado que la propia modificación anulada extendía sus efectos retroactivamente hasta enero de 2001**.

> De hecho, el acuerdo anulado, además de aprobar las liquidaciones de precios correspondientes al período 2001-2007, como consecuencia de ello reconocía una deuda a favor de Aquagest por importe de 932.429,04 € que Aquagest le condonaba a la Corporación…".

O fundamento xurídico 6º analiza as críticas da actora ás partidas que son obxecto de reclamación por parte da Corporación, rexeitando a súa impugnación:

a) con relación á primeira de 2.263.631,70 €, en concepto de "liquidacións corrixidas" porque

> "… hay que tener en cuenta que se trata de valorar las prestaciones del contrato en el período que resultó afectado por la nulidad de la modificación y prórroga del contrato. **Por esta razón, la Intervención municipal calcula el valor real de las prestaciones desde 2001, que es la fecha a la que se retrotraen las modificaciones del ano 2007 que fueron anuladas y para ello toma como base los precios derivados del contrato originario**... **Por ello el Interventor realiza una operación de recálculo para determinar el valor de los servicios prestados durante el período afectado por las cláusulas declaradas nulas, partiendo del precio pactado originariamente actualizado conforme al IPC…** Una cosa es que hayan prescrito las liquidaciones del precio de los servicios anteriores a 2001 y otra es el cálculo de los sucesivos, que deben partir de los anteriores correctos. **No se trata de una revisión de precios sino de la determinación del valor de las prestaciones**…".

b) En canto á segunda por importe de 762.246,10 € que o Concello reclama en concepto de pagos de enerxía eléctrica porque

> "… la modificación de 2007 le impuso la obligación de gestionar una EDAR adicional –la de Calo- … y se trata de pagos efectuados por el Concello que debe soportar la actora (art. 19 del pliego de condiciones) porque se corresponde con el coste de la energía eléctrica de las instalaciones…".

c) E no que fai á terceira por importe de 229.844,82 €

> "… porque se trata de un abono del Concello a la empresa Espina&Delfín SL por la gestión de la EDAR de Calo desde 2003 a 2014, que lo hizo a pesar de que la obligada era Aquagest y que debe recuperar o Concello."

O fundamento xurídico 7º analizaba as partidas que eran obxecto de reclamación por parte da empresa actora:

a) A primeira é a da débeda recoñecida e condonada no acordo plenario anulado, por importe de 932.429,04 €, que procedería das liquidacións do período 2001-2006. A sentenza rexeita as pretensións da parte actora e sinala **que esta partida quedará pendente do resultado do recálculo das citadas liquidacións á que se refire e ordena o fundamento xurídico 6º.a)**.

b) Con relación á reclamación polo prezo das obras ou investimentos executados pola empresa, a sentenza remite á cuantificación do informe pericial achegado pola parte actora (1.851.938,72) reducida na porcentaxe correspondentes as gastos xerais e beneficio industrial (19%) porque

> "… en la liquidación de una relación contractual viciada de nulidad hay que valorar las prestaciones objeto de restitución pero no procede admitir que ese contrato nulo produzca efectos como si fuese válido, máxima cuando en este caso la propia actora planteó una mera modificación contractual que fue tramitada como tal y que posteriormente debió ser anulada."

c) En canto á reclamación por impago das facturacións e liquidacións trimestrais pendentes do período 2006-2015, a sentenza tamén rexeita as pretensións da parte actora **e remite ao recálculo das liquidacións e facturacións ordenado no fundamento xurídico 6º.A).**

d) No referente á reclamación de gastos en "asesores externos", a sentenza non a admite porque se trata dun servizo prestado á actora por iniciativa desta e non constitúe unha prestación interpartes que deba ser obxecto de reintegro.

e) Tampouco admitía a sentenza a indemnización por lucro cesante porque a lei non permite as prórrogas tácitas e neste caso non concorre ningunha decisión expresa da Administración.

1.2. Liquidación de maio/2019 ditada en execución de sentenza

Declarada firme a sentenza con data 25.3.2019 e remitido o expediente administrativo ao Concello para que procedese á súa execución no prazo de 2 meses, a Alcaldía aprobou en maio/2019 a "Proposta de liquidación provisional" con base no informe de Intervención Municipal, que se lle notificou a Aquagest/Viaqua para que no trámite de audiencia alegase o que lle conviñese aos seus dereitos e intereses lexítimos.

A liquidación tomaba como punto de partida as consideracións que conteñen os diversos apartados dos fundamentos de dereito 6º e 7º da sentenza e con base neles determina a contía dos diferentes conceptos que integran a liquidación:

- **Do fundamento 6º.A)**. A sentenza considera correctos os cálculos realizados pola Intervención Municipal no informe orixinario do 11.12.2014 sobre as liquidacións correspondentes ao período 2001/2014

> "…Por tanto, la nulidad del acuerdo de 2007 implica que las normas aplicables a la concesión son las establecidas en el contrato de 1989 y en el pliego de cláusulas administrativas particulares **y el valor de las prestaciones no debe ser el correspondientes a los precios de alos servicios que aplicó irregularmente Aquagest entre los años 2001 a 2014, período al que afecta la declaración de nulidad, sino que se deben tomar como referencia los precios correctos que correspondería aplicar en virtud del contrato**. **Por ello el Interventor realiza una operación de recálculo para determinar el valor de los servicios prestados durante el período afectado por las cláusulas declaradas nulas, partiendo del precio pactado originariamente actualizado conforme al IPC…".**

De conformidade con iso, os Anexos I e II de Intervención, que serven de base á liquidación provisional discutida, determinan que o valor das prestacións que Aquagest realizou no período 2001/2015 (engádese este último ano que non se incluíra na liquidación inicial por razóns temporais pero ao que lle é aplicable o mesmo criterio) consonte os criterios aprobados pola sentenza firme é o de **9.061.283,75 €** mentres que o realmente percibido (en forma de tarifas dos usuarios e de pagos complementarios da Corporación) foi a cantidade de **11.327.127,30 €,** do que resulta unha diferenza a favor do Concello de **2.265.843,51 €.**

- Do fundamento 6º.B). A sentenza confirma o dereito do Concello a percibir a cantidade de **762.246,10 €** por reembolso de gastos de enerxía eléctrica vinculada ás EDAR de Calo e Pontevea. A parte contraria non o discute.

- Do fundamento 6º.C). A sentenza confirma o dereito do Concello a percibir a cantidade de **229.844,82 €** por rembolso de gastos aboados á "Espina&Delfín SL" pola xestión da EDAR de Calo. A parte contraria non o discute.

- Do fundamento 7º.A). No tocante ás liquidacións a favor de Aquagest/Viaqua correspondentes ao período 2001/2006, a sentenza decide que

> "En cuanto a esta partida procede remitirse al FD Sexto.a) en la medida que el importe de la deuda se estableció en una resolución dejada sin efecto y **las liquidaciones hasta 2006 deben ser calculadas y en su caso corregidas tal como se señaló y, en consecuencia, también el importe de la deuda**."

Iso é o que se recolle na liquidación con base nos cálculos de Intervención do 3.5.2019, que completa a liquidación ata o ano 2015 cos criterios expresados no acordo plenario obxecto de impugnación no proceso que, no que se refire a este extremo, foi confirmado pola sentenza. Remitímonos ao manifestado máis arriba con relación ao fundamento sexto.A).

- Do fundamento 7º.B). A sentenza recoñece o dereito de Viaqua a percibir o importe dos investimentos realizados consonte o informe pericial por eles aportado ao proceso, detraídos os conceptos de beneficio industrial e gastos xerais, isto é, a cantidade de **1.286.157,88 € máis IVE, en total 1.556.251.03 €.** A parte contraria non o discute.

- Do fundamento 7º.C). A sentenza recoñece o dereito de Aquagest/Viaqua ao cobro das liquidacións trimestrais pendentes de 2006 a 2015 pero estas deben fixarse

> **"…a la vista de las consideraciones del fundamento de derecho sexto sobre la necesidad de partir de la correcta liquidación… cuyo importe de se determinará en ejecución de sentencia."**

E isto é o que fai a liquidación discutida con base nos cálculos da Intervención municipal. Remitímonos ao exposto arriba con relación ao fundamento 6º.A).

- Do fundamento 7º.D) e E). A sentenza rexeita a reclamación da parte actora tocante aos conceptos de asesoría externa (97.661,90 €) e lucro cesante (229.965,01 €). A parte contraria non o discute.

En resumo, compensando as tres partidas a favor da Corporación (liquidación do valor das prestacións no período 2001/2015, máis reembolsos por enerxía eléctrica e abonos a "Espina&Delfín SL") coa partida a favor de Aquagest/Viaqua polos investimentos, resultaba unha liquidación final a favor do Concello por importe de **1.767.144,74 €.**

1.3. Incidente de execución promovido por Viaqua e Auto do 18.5.2020

Viaqua promoveu un incidente de execución de sentenza (nº 30/2019) invocando diversos argumentos de fondo e de forma que, en esencia, foron desestimado polo Auto do 18 de maio de 2020, coa excepción que máis abaixo diremos.

O Auto conclúe que non se poden cuestionar no marco da execución as partidas que quedaron firmes na sentenza e, con desestimación das teses da empresa, considera que as liquidacións de 2001 en adiante deben tomar como referencia os prezos correctos que correspondería aplicar consonte o contrato orixinario de 1989 e non os que efectivamente se aplicaron no derradeiro trimestre do ano 2000 (fundamento de dereito segunto).

No único extremo en que a resolución xudicial estima o incidente promovido por Viaqua é o referente a que

> "... la Administración debe explicar motivadamente y con detalle los criterios, fechas y demás circunstancias necesaria de la liquidación practicada a fin de permitir la revisión judicial de esa decisión. El deber legal de motivación exige que la Administración ponga de manifiesto de forma razonada los parámetros que ha utlizado para que judicialmente se pueda determinar si están correctamente calculadas las partidas litigiosas y no es así ni en la resolución de 16.5.2019 ni en el Informe de Intervención de 3.-5.2018."

O Auto conclúe coa decisión de que a Administración practique unha nova liquidación motivada nos termos expostos.

1.4. Reclamación de Viaqua e Auto do 11.11.2020

Diante do Auto do 18.05.2020, interésase por Viaqua que se complete o mesmo, especificamente respecto dos puntos 3º e 4º. En Auto ditado o 11.09.2020, o Xulgado Contencioso/Administrativo N.1 de Santiago de Compostela resolve que "No ha lugar a completar el auto de 18.05.20":

2. NOVA LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DOS AUTOS DO 18.5.2020 E 11.11.2020

2.1 O contrato orixinal do 2 de xaneiro de 1989 establece:

> *"Aquagest SA percibirá por la prestación del servicio que se le encarga, la retribución de **35,10 pta + IVE / m3 facturado** a los abonados de agua potable, y **16 pta + IVE / m3** facturado a los abonados dela red de residuales."*
>
> A empresa, co resultado desa facturación, farase cargo "de la totalidad de los gastos de explotación de los servicios señalados en el artículo 19 del pliego de condiciones":
>
> ***"Con el precio, el contratista cubrirá la totalidad de los gastos de explotación:** mano de obra, conservación de las instalaciones, transporte, energía eléctrica, tratamiento, materiales, lectura de contadores, etc., así como los gastos anexos y generales de la empresa y beneficio industrial"*
>
> *"La suma que el Ayuntamiento abonará al contratista por la gestión del servicio de que se trata, se determinará multiplicando el precio unitario por los m3 facturados a los abonados, teniendo en cuenta los mínimos de consumo existentes por abonado"*

2.2 Na conta de explotación que Aquagest presentaba ao concello periodicamente, figuraba no "Debe" municipal o total do prezo pola prestación do servizo e no "Haber" as sumas liquidadas polo contratista aos abonados (o que recadou a empresa en base ás tarifas establecidas). A diferenza entre o "Debe" e o "Haber" significaba o saldo da conta de explotación que lle correspondía pagar ao Concello: a liquidación trimestral do contrato.

2.3 Con estes criterios, calcúlase o valor do servizo ao longo dos anos:

	Retribución por m^3 facturado aos abonados de Auga potable	Retribución por m^3 facturado aos abonados da rede de Residuais
*Retribución **inicial** recollida no contrato de **1989***	***35,10 pta = 0,2109 €***	***16 pta = 0,0961 €***

	Retribución por m^3 facturado aos usuarios de Auga potable	Retribución por m^3 facturado aos usuarios da rede de Residuais
1990 (IPC: 6,9%)	***0,2255 €***	***0,1027 €***
1991 (IPC: 6,5%)	***0,2401 €***	***0,1094 €***
1992 (IPC: 5,5%)	***0,2533 €***	***0,1154 €***
1993 (IPC: 5,3%)	***0,2667 €***	***0,1215 €***
1994 (IPC: 4,9%)	***0,2798 €***	***0,1275 €***
1995 (IPC: 4,3%)	***0,2918 €***	***0,1330 €***
1996 (IPC: 4,3%)	***0,3044 €***	***0,1387 €***
1997 (IPC: 3,2%)	***0,3141 €***	***0,1431 €***
1998 (IPC: 2,0%)	***0,3204 €***	***0,1460 €***
1999 (IPC: 1,4%)	***0,3249 €***	***0,1480 €***
2000 (IPC: 2,9%)	***0,3343 €***	***0,1523 €***

Desta evolución resultan os valores aplicables para o ano 2001:

	Retribución por m^3 facturado aos abonados de Auga potable	Retribución por m^3 facturado aos abonados da rede de Residuais
2001 (IPC: 4,0%)	***0,3477 €***	***0,1584 €***

2.4 No anterior informe de Intervención do 3.5.2018 sobre liquidación do contrato con Viaqua, elaborado con ocasión da execución da sentenza, incorporábanse unhas táboas que agora se reproducen corrixidas, rectificando as cantidades do concepto "pagado concello" asumindo os datos contrastados que argumenta Viaqua na súa alegación do 10.06.2019 no motivo primeiro, en concreto no referido ás liquidacións dos perídos 2001/4T, 2002/3T e 4T, e 2003-2006 íntegros.

2.5. O novo informe de intervención para dar cumprimento aos Autos do 18.5.2020 e 11.11.2020, asinado o 2 de setembro de 2021, componse de catro táboas

2.5.1 A **TÁBOA 1** recolle as variacións interanuais do Índice xeral de prezos ao consumo do conxunto nacional (IPC) desde o ano 1989 ao 2015 na primeira e segunda columnas; na terceira e cuarta columnas, e consonte a relación que contén o apartado anterior, o valor dos servizos de auga e saneamento que correspondería ao ano 2001 e aos anos seguintes ata 2015, tomando como referencia inicial os prezos fixados no contrato inicial, de conformidade cos termos da sentenza ditada no proceso.

2.5.2 A **TÁBOA 2** titulada "Nova facturación con prezos corrixidos segundo o IPC INE" é unha táboa de 12 columnas que na última, denominada "total nova facturación", recolle o valor total pola prestación do servizo segundo os prezos contractuais actualizados, calculados do seguinte xeito:

- A primeira e segunda columnas detallan as liquidacións por anos e trimestres desde o 2º trimestre/2001 ata o 3ºtrimestre/2015, xa que o cobro de recibos era trimestral e o Concello de Teo asumiu a xestión directa do servizo a partir do cuarto trimestre de 2015.

- A terceira columna detalla a evolución do IPC determinado na primeira táboa, analizada previamente.

- A cuarta e oitava columnas detallan respectivamente o valor da auga e da depuración por m^3, resultado de aplicar o IPC da terceira columna aos prezos orixinais do contrato (ano a ano). Os prezos anuais son os calculados na primeira táboa analizada anteriormente.

- A quinta columna indica os metros cúbicos de auga potable consumidos e a novena columna os metros cúbicos de augas sucias depuradas (ambos datos subministrados por Aquagest). O resultado de multiplicar este volume polo prezo da auga (columna cuarta) e polo prezo da depuración (columna oitava) é o que se reflicte, respectivamente, na columna sexta (importe contractual polo servizo de auga) e na columna décima (importe contractual polo servizo de saneamento).

- Estes importes da auga e do saneamento das columnas sexta e décima figuran sen IVE e, coa aplicación do IVE correspondente, obtense na columna sétima o importe total da factura de auga (o IVE variou entre o 16, o 18 e o 21% ao longo dos anos e aplícase segundo corresponda), e na

columna décimo-primeira o importe do saneamento co IVE engadido (que variou entre o 7, 8 e o 10%).

- Como diciamos ao principio, na columna 12 recóllese o custo total pola prestación do servizo segundo os prezos contractuais actualizados, ano a ano, que resulta de sumar as columnas 7 e 11.

2.5.3 A **TÁBOA 3** titulada "Novas liquidacións a aprobar" contén 6 columnas nas que se chega ao resultado na columna sexta do que o Concello lle debe a Viaqua (+) ou do que Viaqua (Aquagest) lle debe ao Concello (-) despois de completar os cálculos do seguinte xeito:

- Na primeira e na segunda columnas constan o ano de liquidación e o trimestre de forma semellante á da anterior táboa.

- Na terceira columna recóllese o dato final obtido na segunda táboa (a columna 12), é dicir, o custo total pola prestación do servizo segundo os prezos contractuais actualizados ano a ano.

- Na columna cuarta indícase o que Aquagest recadou, en representación do Concello, polas taxas que pagan os consumidores; e na quinta columna o pagado efectivamente polo Concello a Aquagest en función das liquidacións presentadas e calculadas cuns prezos que non eran os derivados do contrato.

Xa que logo, se o que Aquagest debía cobrar segundo os prezos de contrato actualizados é o que figura na columna terceira e o que realmente cobrou foi a suma das columnas cuarta e quinta, o resultado da nova liquidación é o que aparece na sexta columna ("pendente"): co signo (+) para as cantidades que o Concello lle debe a Viaqua e co signo (-) para as cantidades que Viaqua (Aquagest) lle debe ao Concello.

2.5.4 Por último, a **TÁBOA 4** titulada "Resumo da liquidación", compensa as cantidades resultantes a favor do concello (Liquidación 2001/2 a 2015/3, Enerxía eléctrica da EDAR de Calo e Abono a "Espina&Delfín" pola xestión da EDAR de Calo) coas cantidades resultantes a favor de Aquagest/Viaqua (Investimentos realizados por Viaqua segundo informe pericial.

2.6. De conformidade con todo o exposto, o resultado da nova liquidación cos criterios resultantes dos Autos do 18.5.2020 e 11.11.2020 e as correccións derivadas das alegacións admitidas de Viaqua, reflicte **un resultado final a favor do Concello de Teo de oitocentos cincuenta e sete mil cincocentos vinte un euros con cincuenta céntimos (857.521,50 €).**

Polo exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1. Aprobar a liquidación definitiva do contrato de xestión de dos servizos de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais convido por este Concello de Teo coa sociedade mercantil Aquagest, SA –hoxe en día, Viaqua, SA- segundo os cálculos do Informe de Intervención anexo asinado o 2 de setembro de 2021

2. Requirirlle á empresa para que ingrese na Tesourería da Corporación (conta municipal con IBAN ES97-2080-0318-1731-1000-0151) a cantidade resultante da antedita liquidación, por importe de oitocentos cincuenta e sete mil cincocentos vinte un euros con cincuenta céntimos (857.521,50 €), no prazo regulamentario que se lle indicará na notificación deste acordo.

3. Comunicar este acordo ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela para os efectos legais oportunos no trámite de execución das sentenzas firmes recaídas no Procedemento ordinario nº 2/2016".

Sinala o sr. alcalde que xa explicou que no proceso inicialmente se fixo a reclamación que se consideraba pertinente, aínda que obviamente se sabía que o tema ía a acabar nun debate xudicial, e as estratexias xudiciais son as que son. Agora as vías xudiciais se están esgotando e o único que queda son aclaracións concretas, porén o fondo da cuestión está debatido e traducido contablemente ao que pode ser xa a liquidación definitiva. Salienta que coas expectativas iniciais reais que que se tiñan, lle parece que é un bo resultado e so esperan que se cumpra. Salienta que a proposta da Alcaldía está en función dos cálculos que fixera inicialmente intervención sobre a xestión do contrato, aínda que é certo que houbo que corrixir cousas sobre esa proposta de liquidación porque había cuestións que o Xulgado non admitiu e outras sobre as que Aquaguest fixo alegacións e eran razoables xuridicamente. Sinala que neste momento consideran que se trata dun capítulo que vai a quedar practicamente pechado e a ver agora canto se tarda en incorporar eses ingresos, porén iso xa non depende do Concello.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que van a apoiar porque están sempre a favor da lei, que moitas veces prexudica pero outras é a favor, e máis cando se trata duna sentenza firme.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

1. Aprobar a liquidación definitiva do contrato de xestión de dos servizos de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais convido por este Concello de Teo coa sociedade mercantil Aquagest, SA –hoxe en día, Viaqua, SA- segundo os cálculos do Informe de Intervención anexo asinado o 2 de setembro de 2021.

2. Requirirlle á empresa para que ingrese na Tesourería da Corporación (conta municipal con IBAN ES97-2080-0318-1731-1000-0151) a cantidade resultante da antedita liquidación, por importe de oitocentos cincuenta e sete mil cincocentos vinte un euros con cincuenta céntimos (857.521,50 €), no prazo regulamentario que se lle indicará na notificación deste acordo.

3. Comunicar este acordo ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela para os efectos legais oportunos no trámite de execución das sentenzas firmes recaídas no Procedemento ordinario nº 2/2016.

"INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO: AXUSTE LIQUIDACION FINAL AQUAGEST EXECUCION SENTENZA 00039/2018 E AUTOS 18/05/2020 11/11/2020.

Mónica Isabel Lado Varela, como interventora do concello de Teo(A Coruña), tomando en consideración o fallo da sentenza 00039/2018, de 23 de marzo de 2018, do Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, no procedemento ordinario 2/2016, e os autos do 18/05/2020 e 11/11/2020 do mesmo xulgado, procedo a completar e corrixir as táboas do informe de intervención emitido con ocasión da liquidación do contrato entre o concello de Teo e AQUAGEST SA, en data 03/05/2018, conforme ao

estipulado nos fundamentos de dereito 6º e 7º da sentenza 00039/2018 e as alegacións de VIAQUA SA, de data 10/06/2019.

Das catro taboas que constituen este informe, resulta unha liquidación final a favor do concello de Teo de 857.521,50€.

Teo, 2 de setembro de 2021.

A INTERVENTORA

Mónica Isabel Lado Varela

TÁBOA 1: EVOLUCIÓN PREZOS			
Columna 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4
ANO	**IPC+1**	**PREZO AUGA**	**PREZO DEPURACIÓN**
1989		0,2109	0,0961
1990	1,069	0,2255	0,1027
1991	1,065	0,2401	0,1094
1992	1,055	0,2533	0,1154
1993	1,053	0,2667	0,1215
1994	1,049	0,2798	0,1275
1995	1,043	0,2918	0,1330
1996	1,043	0,3044	0,1387
1997	1,032	0,3141	0,1431
1998	1,020	0,3204	0,1460
1999	1,014	0,3249	0,1480
2000	1,029	0,3343	0,1523
2001	1,040	0,3477	0,1584
2002	1,027	0,3571	0,1627
2003	1,040	0,3714	0,1692
2004	1,026	0,3810	0,1736
2005	1,032	0,3932	0,1792
2006	1,037	0,4078	0,1858
2007	1,027	0,4188	0,1908
2008	1,042	0,4364	0,1988
2009	1,014	0,4425	0,2016
2010	1,008	0,4460	0,2032
2011	1,030	0,4594	0,2093
2012	1,024	0,4704	0,2144
2013	1,029	0,4841	0,2206
2014	1,003	0,4855	0,2212
2015	1,000	0,4855	0,2212

TÁBOA 2: NOVA FACTURACIÓN CON PREZOS CORRIXIDOS SEGUNDO O IPC INE											
Col. 1	Col. 2	Col. 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6	Columna 7	Columna 8	Columna 9	Columna 10	Columna 11	Columna 12
ANO	**TRIM**	**IPC+1**	**PREZO AUGA**	**m3 AUGA**	**IMPORTE AUGA**	**FACTURA CON IVE** (16, 18, 21%)	**PREZO DEPURAC**	**m3 DEPURAC**	**IMPORTE DEPURACIÓN**	**FACTURA CON IVE** (7, 8, 10%)	**TOTAL NOVA FACTURACIÓN**
2001	2	1,040	0,3477	140.710,00	48.924,87	56.752,85	0,1584	104.105,00	16.490,23	17.644,55	74.397,39
	3		0,3477	164.912,00	57.339,90	66.514,29	0,1584	114.027,00	18.061,88	19.326,21	85.840,49
	4		0,3477	144.491,00	50.239,52	58.277,84	0,1584	105.199,00	16.663,52	17.829,97	76.107,81
2002	1	1,027	0,3571	145.409,00	51.925,55	60.233,64	0,1627	107.917,00	17.558,10	18.787,16	79.020,81
	2		0,3571	162.429,00	58.003,40	67.283,94	0,1627	116.032,00	18.878,41	20.199,89	87.483,83
	3		0,3571	202.024,00	72.142,77	83.685,61	0,1627	136.032,00	22.132,41	23.681,67	107.367,29
	4		0,3571	156.415,00	55.855,80	64.792,72	0,1627	116.647,00	18.978,47	20.306,96	85.099,68
2003	1	1,040	0,3714	150.720,00	55.977,41	64.933,79	0,1692	114.772,00	19.419,42	20.778,78	85.712,58
	2		0,3714	180.833,00	67.161,38	77.907,20	0,1692	129.017,00	21.829,68	23.357,75	101.264,95
	3		0,3714	211.273,00	78.466,79	91.021,48	0,1692	145.266,00	24.579,01	26.299,54	117.321,02
	4		0,3714	174.172,00	64.687,48	75.037,48	0,1692	128.286,00	21.705,99	23.225,41	98.262,89
2004	1	1,026	0,3810	175.882,00	67.011,04	77.732,81	0,1736	131.317,00	22.796,63	24.392,40	102.125,20
	2		0,3810	206.008,00	78.489,05	91.047,30	0,1736	146.584,00	25.446,98	27.228,27	118.275,57
	3		0,3810	234.757,00	89.442,42	103.753,20	0,1736	156.631,00	27.191,14	29.094,52	132.847,73
	4		0,3810	195.764,00	74.586,08	86.519,86	0,1736	145.450,00	25.250,12	27.017,63	113.537,49
2005	1	1,032	0,3932	198.530,00	78.062,00	90.551,92	0,1792	144.552,00	25.903,72	27.716,98	118.268,89
	2		0,3932	221.919,00	87.258,55	101.219,92	0,1792	158.247,00	28.357,86	30.342,91	131.562,83
	3		0,3932	246.842,00	97.058,27	112.587,60	0,1792	179.816,00	32.223,03	34.478,64	147.066,24
	4		0,3932	205.107,00	80.648,07	93.551,76	0,1792	153.130,00	27.440,90	29.361,76	122.913,52
2006	1	1,037	0,4078	205.826,00	83.935,84	97.365,58	0,1858	147.744,00	27.450,84	29.372,39	126.737,97
	2		0,4078	233.867,00	95.370,96	110.630,32	0,1858	165.425,00	30.735,97	32.887,48	143.517,80

	3		0,4078	286.285,00	116.747,02	135.426,55	0,1858	194.907,00	36.213,72	38.748,68	174.175,23
	4		0,4078	219.122,00	89.357,95	103.655,22	0,1858	165.345,00	30.721,10	32.871,58	136.526,80
2007	1	1,027	0,4188	215.411,00	90.214,13	104.648,39	0,1908	159.679,00	30.466,75	32.599,43	137.247,81
	2		0,4188	236.423,00	99.013,95	114.856,18	0,1908	170.657,00	32.561,36	34.840,65	149.696,84
	3		0,4188	273.883,00	114.702,20	133.054,55	0,1908	191.349,00	36.509,39	39.065,05	172.119,60
	4		0,4188	248.252,00	103.967,94	120.602,81	0,1908	181.029,00	34.540,33	36.958,16	157.560,96
2008	1	1,042	0,4364	227.173,00	99.138,30	115.000,42	0,1988	170.905,00	33.975,91	36.354,23	151.354,65
	2		0,4364	231.683,00	101.106,46	117.283,49	0,1988	175.702,00	34.929,56	37.374,63	154.658,12
	3		0,4364	273.142,00	119.199,17	138.271,04	0,1988	192.634,00	38.295,64	40.976,33	179.247,37
	4		0,4364	235.432,00	102.742,52	119.181,33	0,1988	178.425,00	35.470,89	37.953,85	157.135,18
2009	1	1,014	0,4425	227.260,00	100.562,55	116.652,56	0,2016	176.042,00	35.490,07	37.974,37	154.626,93
	2		0,4425	251.299,00	111.199,81	128.991,78	0,2016	188.330,00	37.967,33	40.625,04	169.616,82
	3		0,4425	273.321,00	120.944,54	140.295,67	0,2016	200.958,00	40.513,13	43.349,05	183.644,72
	4		0,4425	237.613,00	105.143,75	121.966,75	0,2016	187.616,00	37.823,39	40.471,02	162.437,78
2010	1	1,008	0,4460	224.960,00	100.332,16	116.385,31	0,2032	168.146,00	34.167,27	36.558,98	152.944,28
Camb IVE	2		0,4460	246.916,00	110.124,54	129.946,95	0,2032	177.567,00	36.081,61	38.968,14	168.915,10
	3		0,4460	303.042,00	135.156,73	159.484,94	0,2032	223.443,00	45.403,62	49.035,91	208.520,85
	4		0,4460	244.795,00	109.178,57	128.830,71	0,2032	198.125,00	40.259,00	43.479,72	172.310,43
2011	1	1,030	0,4594	233.999,00	107.499,14	126.848,99	0,2093	190.011,00	39.769,30	42.950,85	169.799,83
	2		0,4594	264.989,00	121.735,95	143.648,42	0,2093	213.228,00	44.628,62	48.198,91	191.847,33
	3		0,4594	299.982,00	137.811,73	162.617,84	0,2093	230.209,00	48.182,74	52.037,36	214.655,21
	4		0,4594	254.900,00	117.101,06	138.179,25	0,2093	212.561,00	44.489,02	48.048,14	186.227,39
2012	1	1,024	0,4704	236.445,00	111.223,73	131.244,00	0,2144	201.951,00	43.298,29	46.762,16	178.006,16
	2		0,4704	253.902,00	119.435,50	140.933,89	0,2144	236.627,00	50.732,83	54.791,46	195.725,35
Camb IVE	3		0,4704	272.641,00	128.250,33	155.182,89	0,2144	252.226,00	54.077,25	59.484,98	214.667,87
	4		0,4704	240.173,00	112.977,38	136.702,63	0,2144	226.339,00	48.527,08	53.379,79	190.082,42

2013	1	1,029	0,4841	235.561,00	114.035,08	137.982,45	0,2206	219.391,00	48.397,65	53.237,42	191.219,87
	2		0,4841	240.792,00	116.567,41	141.046,56	0,2206	227.751,00	50.241,87	55.266,06	196.312,62
	3		0,4841	290.750,00	140.752,08	170.310,01	0,2206	269.642,00	59.483,03	65.431,33	235.741,34
	4		0,4841	242.106,00	117.203,51	141.816,25	0,2206	229.828,00	50.700,06	55.770,06	197.586,32
2014	1	1,003	0,4855	230.932,00	112.117,49	135.662,16	0,2212	221.928,00	49.090,47	53.999,52	189.661,68
	2		0,4855	245.873,00	119.371,34	144.439,32	0,2212	231.492,00	51.206,03	56.326,63	200.765,96
	3		0,4855	278.223,00	135.077,27	163.443,49	0,2212	260.553,00	57.634,32	63.397,76	226.841,25
	4		0,4855	239.073,00	116.069,94	140.444,63	0,2212	229.058,00	50.667,63	55.734,39	196.179,02
2015	1	1,000	0,4855	237.015,00	115.070,78	139.235,65	0,2212	225.915,00	49.972,40	54.969,64	194.205,28
	2		0,4855	251.012,00	121.866,33	147.458,25	0,2212	239.438,00	52.963,69	58.260,05	205.718,31
	3		0,4855	298.533,00	144.937,77	175.374,70	0,2212	277.960,00	61.484,75	67.633,23	243.007,93
	4		0,4855								

CONCELLO DE TEO

TÁBOA 3: NOVAS LIQUIDACIÓNS A APROBAR					
Col. 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6
ANO	**TRIM.**	TOTAL FACTURACIÓN	RECADADO TAXAS	PAGADO CONCELLO	PENDENTE
2001	**2**	74.397,39	81.574,16	15.763,98	-22.940,75
	3	85.840,39	95.139,54	16.363,50	-25.662,65
	4	76.107,81	82.496,94	0,00	-6.389,13
2002	**1**	79.020,81	81.757,06	21.657,86	-24.394,11
	2	87.483,83	95.336,67	23.827,11	-31.679,95
	3	107.367,29	117.472,26	0,00	-10.104,97
	4	85.099,68	95.104,13	0,00	-10.004,45
2003	**1**	85.712,58	82.723,37	0,00	2.989,21
	2	101.264,95	104.675,34	0,00	-3.410,39
	3	117.321,02	124.932,51	0,00	-7.611,49
	4	98.262,89	97.120,80	0,00	1.142,09
2004	**1**	102.125,20	96.599,73	0,00	5.525,47
	2	118.275,57	120.832,83	0,00	-2.557,26
	3	132.847,73	136.177,07	0,00	-3.329,34
	4	113.537,49	108.103,59	0,00	5.433,90
2005	**1**	118.268,89	94.529,81	0,00	23.739,08
	2	131.562,83	109.325,36	0,00	22.237,47
	3	147.066,24	127.237,86	0,00	19.828,38
	4	122.913,52	98.516,92	0,00	24.396,60
2006	**1**	126.377,97	95.134,42	0,00	31.243,55
	2	143.517,80	115.283,98	0,00	28.233,82
	3	174.175,23	155.770,75	0,00	18.404,48
	4	136.526,80	104.057,24	0,00	32.469,56
2007	**1**	137.247,81	99.211,02	90.412,90	-52.376,11
	2	149.696,84	111.717,62	83.666,30	-45.687,08
	3	172.119,60	137.789,92	86.089,36	-51.759,68
	4	157.560,96	118.284,36	87.586,60	-48.310,00
2008	**1**	151.354,65	107.090,60	100.880,31	-56.616,26
	2	154.658,12	189.973,54	22.721,09	-58.036,51
	3	179.247,37	229.917,32	14.690,47	-65.360,42
	4	157.135,18	188.374,19	27.711,27	-58.950,28
2009	**1**	154.626,93	182.734,81	30.398,74	-58.506,62
	2	169.616,82	204.719,04	28.238,45	-63.340,67
	3	183.644,72	234.098,14	17.608,93	-68.062,35
	4	162.437,78	197.067,71	27.302,23	-61.932,16
2010	**1**	152.944,28	179.080,59	30.940,92	-57.077,23
	2	168.915,10	202.506,03	28.301,79	-61.892,72
	3	208.520,85	275.286,98	10.395,18	-77.161,31
	4	172.310,43	210.886,64	27.590,64	-66.166,85
2011	**1**	169.799,83	198.935,47	36.142,79	-65.278,43
	2	191.847,33	232.465,29	32.869,30	-73.487,26

	3	214.655,21	271.107,46	24.234,64	-80.686,89
	4	186.227,39	209.503,34	37.137,62	-60.413,57
2012	**1**	178.006,16	187.434,64	47.667,37	-57.095,85
	2	195.725,35	211.916,06	37.296,00	-53.486,71
	3	214.667,87	239.944,30	33.569,76	-58.846,19
	4	190.082,42	195.984,30	0,00	-5.901,88
2013	**1**	191.219,87	180.173,43	0,00	11.046,44
	2	196.312,62	199.187,57	0,00	-2.874,95
	3	235.741,34	261.589,86	0,00	-25.848,52
	4	197.586,32	197.379,94	0,00	206,38
2014	**1**	189.661,68	182.310,45	0,00	7.351,23
	2	200.765,96	196.161,07	0,00	4.604,89
	3	226.841,25	236.491,27	0,00	-9.650,02
	4	196.179,02	209.609,24	0,00	-13.430,22
2015	**1**	194.205,28	204.378,36	0,00	-10.173,08
	2	205.718,31	222.044,02	0,00	-16.325,71
	3	243.007,93	270.722,07	0,00	-27.714,14
TOTAIS		**9.015.362,49**	**9.395.978,99**	**1.041.065,11**	**-1.421.681,61**

TÁBOA 4: RESUMO LIQUIDACIÓN		
Concepto	A favor do Concello	A favor de ViAQUA
Liquidación 2001/2 a 2015/3	1.421.681,61 €	
Enerxía eléctrica vinculada ás EDAR de Calo e Pontevea	762.246,10 €	
Abono realizado polo concello a "Espina & Delfín" pola xestión da EDAR de Calo	229.844,82 €	
Investimentos realizados por ViAQUA segundo informe pericial actualizado		1.556.251,03 €
TOTAL	2.413.772,53 €	1.556.251,03 €
Liquidación a favor do Concello	**857.521,50 €**	

9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ ADICIONAL 2/2021, SEGUNDA FASE .

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de setembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de setembro de 2021.

CONCELLO DE TEO

“PROPOSTA DA ALCALDÍA
POS+ADICIONAL 2/2021 Segunda fase

Considerando que esta Alcaldía, con data 30 de xuño de 2021, ditou Resolución de “Participación POS+ADICIONAL 2/2021” (Exp.: 2021/G003/000802), primeira fase.

Considerando que a cantidade que lle correspondía ao Concello de Teo trala maior achega da Deputación ascendía a 397.217,73€

Considerando que na mencionada Resolución se acordou participar na primeira fase do POS+Adicional 2/2021 co investimento financeiramente sostible “Reurbanización da Rúa Rosalía de Castro. Parque Montouto” por un importe de 380.133,60€

Considerando que quedou unha diferenza pendente para a 2ª fase de 17.084,13€

Vista a circular sobre “elaboración do POS+ Adicional2/2021 por maior achega desta Diputación”, de xuño de 2021, na que se fixa como data tope para a presentación de propostas o 1 de outubro de 2021, e tomando en consideración o remanente existente para a segunda fase, propoño ao Pleno a asopción do seguinte

ACORDO

1.- Participar na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2021, da Deputación da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega á subministración que se indica a continuación

ACHEGA PROVINCIAL 2021	**Financiamento do investimento**		
Denominación da subministración	**Deputación**	**Concello**	**Presuposto total**
Silo para almacenamento de lodos de 33 m^3 de capacidade, en aceiro de 5mm, para a EDAR de Pontevea	17.084,13€	27.480,17€	44.564,30€
Subtotal investimento achega provincial adicional 2/2021 2ª fase	**17.084,13€**	**27.480,17€**	**44.564,30€**

Aprobar os pregos das prescricións técnicas das subministracións que se relacionan na táboa.

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución da subministración, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021, segunda fase.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución da subministración incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento

6.- Autorizar á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

O sr. alcalde explica que o silo de almacenamento de lodos vai a permitir ter un gran aforro tanto no capítulo de persoal, polo mantemento ao que obriga a situación actual na planta, como polo tema do transporte fundamentalmente.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, pregunta se é hermético.

O sr. alcalde explica que neste momento se recollen os lodos, deshidratados e resecos, nun contedor aberto, e todo isto vai a supor un almacenamento pechado con transporte directo no camión, que medioambientalmente tamén se agradecerá.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- Participar na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2021, da Deputación da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega á subministración que se indica a continuación

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Silo para almacenamento de lodos de 33 m^3 de capacidade, en aceiro de 5mm, para a EDAR de Pontevea	17.084,13€	27.480,17€	44.564,30€
Subtotal investimento achega provincial adicional 2/2021 2ª fase	17.084,13€	27.480,17€	44.564,30€

Aprobar os pregos das prescricións técnicas das subministracións que se relacionan na táboa.

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución da subministración, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021, segunda fase.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución da subministración incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento

6.- Autorizar á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

CONCELLO
DE TEO

“PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA”

1. ANTECEDENTES

No ano 2008 realizase o proxecto e a execución da obra de "*Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Pontevea. Teo (A Coruña)*". Clave: OH.315.455, cun presuposto base de licitación de 2.597.740,46 euros. Dito proxecto inclúe o saneamento integral dos núcleos situados no leste do Concello de Teo.

Debido o continuo crecemento que ven experimentando o Concello de Teo nos últimos anos, e a ampla zona a que da servizo a EDAR de Pontevea, o caudal de auga residual a tratar na EDAR vese incrementado ano a ano, e en consecuencia, tamén aumentan de xeito importante as toneladas de lodos a xestionar.

2. DESCRICIÓN SISTEMA DE TRATAMENTO DE LODOS DA EDAR DE PONTEVEA.

DEPURADORAS > 2.000 h.e. | **EDAR DE PONTEVEA**



Datos Administrativos - Económicos

CONCELLO:	Teo
CÓDIGO MASA DE AUGA:	ES.014.NR.244.000.05.02
NOME MASA DE AUGA:	Río Ulla
TIPO MASA DE AUGA:	Río
ESTADO MASA DE AUGA:	Bo ou mellor
ORGANISMO DE CONCA:	Augas de Galicia
TITULAR:	Concello de Teo
EXPLOTADOR ACTUAL:	Concello de Teo
INICIO DE FUNCIONAMENTO:	2009
CUMPRIMENTO D91/271/CE (Q2017):	si



Características Técnicas

POBOACIÓN EQUIVALENTE DE DESEÑO:	11.500 h.e.
CAUDAL MEDIO DE DESEÑO:	2.300 m^3/d
CAUDAL PUNTA DE DESEÑO:	144 m^3/h

DESCRICIÓN:

- **Pretratamento:** Reixa, tamiz e desareado-desengraxado
- **Tratamento primario:** -
- **Tratamento secundario:** Lodos activados
- **Tratamento avanzado:** Eliminación de nutrientes (nitróxeno). Desinfección por cloración
- **Liña de lodos:** Espesador e centrífuga

O lodo espesado diríxese a unha centrífuga da marca ALFA LAVAL de caudal de deseño 4 m^3/h de lodo ó 3%, cuxo obxectivo é alcanzar unha sequidade final do 18% mediante a adición de polielectrolito. O lodo xa deshidratado deposítase nun contedor de 5 m^3 de capacidade, que se

encontra xusto debaixo da centrífuga, onde se almacena para a su posterior xestión mediante xestor autorizado.



3. ALTERNATIVA PROPOSTA: SILO DE LODOS

Esta tipo de montaxes, onde a máquina se coloca encima do contedor, presenta dous problemas importantes, e que son os seguintes:

- Limitación da capacidade do contedor, non podendo colocar un de maior tamaño, xa que non entraría debaixo da máquina, o que abarataría os custos de transporte dos lodos.
- Autonomía no funcionamento da centrífuga, xa que implica a atención do operador de planta case de xeito continuo para que os lodos deshidratados non atasquen a saída da centrífuga, o que deriva nunha inversión importante de tempo do longo da xornada.

Polo anterior, para facilitar a xestión, tanto do almacenamento como do transporte, dos lodos deshidratados, dende o Servizo Municipal de Augas de Teo, proponse a colocación dun silo de lodos de 33 m^3 de capacidade, que sería suficiente para incrementar de xeito importante a capacidade de almacenamento dos lodos e, deste xeito, reducir os custos de transporte dos mesmos ata o xestor autorizado.

O lugar escollido para a colocación do silo, traballos que serán executados polo persoal do Servizo de Augas de Teo, sería a seguinte:


Camiño do Ximmbao
AC-242
Camiño do Ximmbao
Camiño do Ximmbao
AC-242
Camiño do Ximmbao
AC-242
Río Ulla
Río Ulla



4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E ORZAMENTO DO SILO

O silo de lodos proposto debe ter as seguintes características:

CONCEPTO	MEDICIÓN	PRECIO UD.	IMPORTE TOTAL 36.830,00€
Silo de almacenamento e lodos de 33 m3 de capacidade, executado en aceiro S-275-JR de 5 mm. De espesor, chorreado exterior e interiormente a grado Sa 2 1/2, pintura interior Alcatrán epoxi, exterior epoxi e acabado en poliuretano alifático, con escaleiras e acceso á parte superior e á válvula, varandas de protección, sensor de nivel de lodos. Incluíndo transporte ata a EDAR de Pontevea.	**1**	**36.830,00€**	**36.830,00€**
		IMPORTE MATERIAL	**36.830,00€**
		21% IVE	**7.734,30€**
		IMPORTE TOTAL	**44.564,30€**

5. RESUMO ECONÓMICO

De acordo co anterior, obtense un Orzamento de Execución material de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS TRINTA EUROS, que incrementados no 21%º do IVE vixente, resulta un orzamento total de **CORENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS.**

6. PRAZO

O prazo para a realización do servizo será de 12 semanas a partir da sinatura do contrato.

7. PRAZO DE GARANTÍA

A garantía mínima esixida para todo o material a subministrar será de 1 ano, sen ningún tipo de límite nin exclusión de compoñentes ou pezas.

Teo, 17 de setembro de 2.021

Ado. Andrés García Amarante

Xefe Servizo Augas de Teo

10.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DO CONCELLO DE AMES E APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA.

O sr. alcalde explica que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, é preciso ratificar a súa inclusión na orde do día por urxencia. Explica que é moi importante o feito de prestar o servizo en colaboración co Concello de Ames porque vai a permitir que sexa máis produtivo incluso. Salienta que se vai a realizar no Concello de Teo, o que obriga a que o Concello de Ames encomende a xestión. Explica que en Teo se viña facendo en Cacheiras, nunha Casa común, nun espazo bastante limitado, e agora poderá facerse con mellores prestacións.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposición da Alcaldía de 24 de setembro de 2021, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

A Atención Temperá é un servizo sociosanitario que comprende un conxunto de intervencións profesionais dirixidas á poboación infantil de 0-6 anos, a súa familia e entorno que ten por obxecto dar resposta rápida ás necesidades especiais que presentan algúns nenos e nenas no seu proceso de desenvolvemento. Os servizos sociais comunitarios teñen a obriga, e as

competencias conseguintes segundo a lei de Servizos Sociais de Galicia, 13/2008 do 3 de decembro, de mellorar a calidade de vida dos cidadáns en especial daqueles que poidan ter algunha circunstancia persoal, social ou comunitaria que dificulte o seu desenvolvemento pleno como persoas.

Os servizos de Atención Temperá atenden á poboación de 0-6 anos que poidan presentar un risco de padecer trastorno no seu desenvolvemento, mediante intervencións profesionais dirixidas á persoa, á familia e ao entorno. É un servizo básico para previr de xeito precoz, tratar de xeito inmediato ou derivar á estamentos especializados, peculiaridades no proceso de desenvolvemento infantil dende os servizos comunitarios. Pódese supoñer a cantidade de dor que esta intervención evita a nenos, nenas ou familias e, dende a óptica da planificación de recursos, o aforro en tempo e esforzos profesionais que representa.

O Concello de Teo consciente destas circunstancias promoveu hai tres anos a implantación deste servizo, co apoio económica da Xunta de Galicia. Dende ese momento, e a través dunha contratación externa, as familias de Teo contan co apoio no seu entorno inmediato da atención temperá.

A poboación de Teo oscila arredor dos 19.000 habitantes polo que, para darlle unha dimensión adecuada á demanda do recurso, planificouse unha prestación de media xornada para o Servizo de Atención Temperá, comprobándose ao longo deste tempo de actividade o acerto nesta decisión.

O efecto de ter un servizo de atención a media xornada ten unhas consecuencias que inflúen na súa calidade. A primeira delas é o tempo de traballo dos e das profesionais que pasan a ser de media xornada, que é traballo en precario. Por outra banda o uso dos recursos materiais, incluíndo nesta definición espazo físico no que se prestan as atencións profesionais, esta infrautilizado, e polo tanto a eficiencia na aplicación de recursos comprometida.

O Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá, contempla a agrupación de concellos para a prestación do servizo de atención temperá, como medida que contribúa a paliar os efectos da implantación en horarios reducidos. É esta ferramenta a que se propón para establecer un acordo co Concello de Ames que permita superar as limitacións inherentes a adecuación á demanda en concellos de poboación media, como son Teo e Ames.

O acordo co Concello de Ames permite planificar un servizo completo e mellor dotado a nivel material, que poida fidelizar ás profesionais que o prestan e dar un mellor servizo ás familias usuarias.

Considerando que o Pleno da Concello de Ames, na sesión ordinaria do 2 de setembro de 2021, acordou aprobar a encomenda de xestión no Concello de Teo para a prestación do servizo de atención tempera e aprobar o Convenio a asinar co Concello de Teo que materializa a encomenda (Rex. Sir nº entrada 1549, 1551 e 1552).

Vistos o informe sobre servizo de atencion temperá conveniado do Concello de Ames, da coordinadora de servizos sociais de 14 de xullo de 2021, o informe de Intervención sobre o “Convenio Concello de Ames e Teo para a prestación do servizo de atención tempera´”, do 23 de setembro de 2021, a memoria xustificativa do concelleiro de benestar, deportes e persoal, do 23 de setembro de 2021, sobre a aceptación da encomenda de xestión de Ames para a prestación conxunta do servizo de atención temperá, e o informe de Secretaría, do 23 de setembro de 2021, incorporados ao expediente.

En virtude do exposto, e de acordo co artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a encomenda de xestión do Concello de Ames para a prestación do servizo de atención temperá.

Segundo.- Aprobar o "CONVENIO DE COLABORACION PARA A XESTION COMPARTIDA-AGRUPACION DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCION TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá)", que se incorpora como anexo.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a sinatura do Convenio e demais actuación precisas para a execución do presente.

Cuarto.- Facer publico o Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Quinto.- Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, na data da sinatura dixital
O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

CONCELLO DE TEO

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (*Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá*)

En _____, a ____, de _____ de _2021_____

REUNIDOS:

Os alcaldes/as dos seguintes concellos:

Concello de Ames
Concello de Teo

Todos en nome e representación do seu concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).
Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.
O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma; entre outras, en materia de prestación de servizos sociais.

Segundo.- De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- No Decreto 183/2018, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s.

Sétimo.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Oitavo.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúrase como unha solución solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN** a **XESTIÓN COMPARTIDA** do **SERVIZO NO MARCO DA REDE GALEGA** (***Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá***), mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá) que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados na primeira páxina deste documento.

Terceira.- Obxectivos de colaboración

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:
- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles.

Cuarta.- Xestión compartida do servizo

A xestión do servizo de atención temperá será realizada polo concello sinalado no anexo e incluirá todo o relacionado con aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).
Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Condicións concretas das condicións de prestación:

- O obxecto do servizo estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e a súa contorna, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

- Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:
  1º. Contará cun mínimo de tres integrantes.

2º. Será interdisciplinar e estará integrado por profesionais diferentes de entre os seguintes graos: pedagoxía, psicopedagoxía, psicoloxía, logopedia, educación social, traballo social, maxisterio, enfermería, terapia ocupacional, fisioterapia e medicina. O persoal deberá de estar especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións.

- De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:
  1º. Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento.
  2º. Desenvolvemento psicomotor.
  3º. Desenvolvemento cognitivo.
  4º. Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.
  5º. Desenvolvemento da autonomía.
  6º. Desenvolvemento da área social e afectiva.
  7º. Apoio, información, habilitación e formación da familia.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinale, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- Comisión Mixta-Coordinación

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.
Reunirase en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
Ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.
As súas principais funcións serán:
- O seguimento da xestión do servizo
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo á aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo

- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- A elaboración das súas normas internas de xestión
- A interpretación do convenio
- A proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Como normas xerais de funcionamento acordanse as seguintes:

1. O tempo de traballo dos profesionais do servizo de Atención Tempera, será de 50% en cada un dos concellos. A distribución horaria concreta desta será acordada pola comisión mixta de seguimento deste convenio, previo proposta da equipa profesional.
2. Os tempos destinados a coordinación interna e formación, serán distribuídos de xeito equitativo nos tramos horarios dedicados a cada un dos concellos.
3. As cantidades solicitadas, e no seu caso concedidas, a través das convocatorias de subvencións ao servizo de atención temperá como axudas a custos indirectos, serán percibidas ao 100% polo concello de Teo, como xestor do servizo. A cantidade restante do custo do servizo non cuberto pola subvención solicitada, abonarase ao 50 % entre o concello de Ames e o concello de Teo.

Sexta.- Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder a aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

Sétima.- Subvencións e axudas

Para a xestión do servizo **ACÓRDASE a solicitude de subvencións convocadas pola Administración autonómica.**

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, a porcentaxe de subvención a aplicar por cada un deles, así

como o nomeamento do representante único dos concellos conveniantes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiarios, corresponden aos concellos asinantes.

Oitava.- Financiamento

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o sinalado no anexo.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Novena.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:
a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
c) Polo vencemento do prazo de vixencia
No caso de resolución, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento do obxecto do convenio.

Décima.- Vixencia do convenio

Entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante a totalidade do período de execución sinalado no anexo e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo primeira.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito.

Décimo segunda.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo terceira.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdicional contencioso-administrativa.
En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

Alcalde do concello de _____ *Nome e apelidos:*	Alcalde do concello de _____ *Nome e apelidos:*
Alcalde do concello de _____ *Nome e apelidos:*	Alcalde do concello de _____ *Nome e apelidos:*
Alcalde do concello de _____ *Nome e apelidos:*	Alcalde do concello de _____ *Nome e apelidos:*
Alcalde do concello de *Nome e apelidos:*	Alcalde do concello de *Nome e apelidos:*

ANEXO ao CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (*Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá*)

ACORDO sobre solicitude de subvención ao abeiro da **Orde do 11/01/2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da C. A. de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo P. O. FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021** (código de procedemento BS700A), publicada no DOG núm. 16 do 26/01/2021, nos termos que figuran nos puntos seguintes, así como aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable e comprometerse a cofinanciar aquela:

Concello designado para a xestión e xustificación da subvención segundo o previsto na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida (a nome do que se ingresarán os fondos)	Teo
Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social.	*Berta Conde López con DNI:77407883A*

Compromisos e porcentaxe de subvención que corresponderá a cada un dos integrantes:

Concello	**Compromisos de execución (materiais e financeiros)**	**Porcentaxe de subvención que lles corresponderá**
TEO	- Xestión do servizo nos termos sinalados na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida	100%
AMES	- Xestión do servizo nos termos sinalados na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida	0%
Total	100 % (compromisos financeiros)	100 %

Condicións:

1. A prestación do servizo executarase no marco da Rede galega de atención temperá (Decreto 183/2013, do 5 de decembro) nas condicións reflectidas no artigo 8 da orde.

2. Tipo de xestión:

Compartida que, de acordo co establecido no artigo 7.1.c).1º da orde, implica a xestión de forma conxunta, aforro de custos e non supón actuacións independentes dos integrantes
Directa (persoal propio)
X Indirecta (persoal externo: contratación administrativa/entidade de servizos sociais)
Mixta: parcialmente directa (persoal propio)/parcialmente indirecta (persoal externo: contratación administrativa/entidade de servizos sociais)

3. Prazo de execución do servizo:

Período de execución respecto do que se solicita subvención (prestación desenvolvida segundo o disposto no artigo 8 da orde)	
Dende	Ata
01/11/2021	31/10/2022

4. Número de integrantes do equipo de atención temperá durante o referido período de execución:

3

5. Número de horas totais de traballo do equipo (calculadas segundo as regras establecidas no artigo 10.3 da orde) durante o referido período de execución, segundo grupos profesionais:

Grupo I	1720
Grupo II	3440

6. O horario de funcionamento do servizo será semanal.

7. A prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e, un mínimo de dous días á semana, en horario de tarde, cun mínimo de dúas horas cada tarde

Dous días á semana en horario de tarde
Tres días á semana en horario de tarde
X Catro días á semana en horario de tarde
Cinco días á semana en horario de tarde

O sr. Iglesias explica que o servizo ven funcionando no Concello de Teo os últimos 3 anos e cunha adicación de media xornada, é dicir 20 horas. A contratación é a prestación é a través dunha empresa externa e nestes anos notouse que hai un problema de fidelización de profesionais e de recursos para prestala polo Concello. Explica que coa demanda do servizo non ter unha dedicación completa, porque non sería necesaria, e ó mesmo tempo considera que dende un punto de vista de eficiencia e eficacia habería que buscar unha alternativa. O Concello de Ames estaba nun proceso de exploración de

incorporar este servizo e contempla a Rede Galega como a ferramenta que permita facer unha prestación conxunta e a través da sinatura dun convenio.

Explica o sr. Iglesias que o prazo do contrato remata o 31 de outubro, polo que se necesita aprobar o Convenio canto antes para poder proceder á contratación do servizo completo e ao mesmo tempo poder contratar os novos locais onde se vai a prestar. Sinala que por iso se somete ao Pleno, sen pasar polas Comisións Informativa, como procedemento de urxencia, porque o Concello de Ames aprobou a encomenda de xestión a primeiros de setembro e o Concello de Teo ten aceptar dita encomenda.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aceptar a encomenda de xestión do Concello de Ames para a prestación do servizo de atención temperá.

Segundo.- Aprobar o "CONVENIO DE COLABORACION PARA A XESTION COMPARTIDA-AGRUPACION DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCION TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá)", que se incorpora como anexo.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a sinatura do Convenio e demais actuación precisas para a execución do presente.

Cuarto.- Facer publico o Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11

da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Quinto.- Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde explica que a urxencia da incorporación desta proposición na orde do día ten que ver con que se trata de dar unhas garantías xurídicas ao procedemento que se está seguindo na elaboración das bolsas de substitución. Non se contempla nada novo do que se está facendo, que consideran que é o que xurídica e administrativamente corresponde, pero o feito de ter aprobado un regulamento é o que vai a dar unha maior tranquilidade, porque é certo que tamén ultimamente se aumentou moito o número de bolsas de substitución, porque senón se ralentizaban moito algúns departamentos do Concello.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía de 24 de setembro de 2021, que se recolle a continuación.

CONCELLO DE TEO

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

O artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón os principios reitores que rexerán o acceso ao emprego público e a adquisición da relación de servizo. Así, establece que a selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade (artigo 23 CE) e outra serie de principios consagrados pola propia lei, como son os de publicidade da convocatoria e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección, independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección, adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se vaian desenvolver e axilidade, sen prexuízo da obxectividade nos procesos de selección.

No referido á selección do persoal temporal, tanto o artigo 71 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo, como o artigo 71 do Convenio colectivo do Concello de Teo, establecen que a selección do persoal temporal se fará de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, establecendo así mesmo que se elaborará, a través da negociación colectiva, un regulamento de selección de persoal temporal.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario o establecemento dunhas regras claras de xestión das distintas contratacións temporais que conxuguen a necesaria axilidade na xestión destas co respecto aos ditos principios reguladores do acceso ao emprego público, e outorguen os niveis de transparencia necesarios para o seu control e salvagarda.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de

outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Publicas, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento para a xestión de bolsas de traballo temporal do persoal do Concello de Teo, que se incorpora como anexo.

Segundo.- Someter o Regulamento a exposición pública, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días. No suposto de que non se formulen reclamacións durante a exposición pública quedará aprobado definitivamente o Regulamento citado.

Terceiro.- O texto integro do Regulamento aprobado deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

Teo, 24 de setembro de 2021
O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

ANEXO
REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE TEO
(...)”

Obran no expediente informe da técnica de Recurso Humanos, de 30 de novembro de 2020, e informe de Secretaría, de 24 de setembro de 2021.

Intervén o concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar, quen di que, como ben expuxo o sr. alcalde é o procedemento que se está a realizar habitualmente nos chamamentos, e a

seguridade xurídica indica que é necesario facer un regulamento que fose público e que permitise axilizar a contratación do persoal temporal dándolle a máxima garantía legal.

Explica o sr. Iglesias que se presentou e debateuse na Mesa xeral do persoal do Concello de Teo para que tiveran coñecemento previo del e incorporáronse algunhas propostas de modificación que se presentaron polos representantes dos traballadores e as forzas sindicais nesa Mesa.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, di que simplemente cree que sería bo, como suxestión, que se enviasen os documentos con antelación suficiente para que teñan tempo de revisalos, porque iso, se non se lembra mal, enviouse o luns e é un pouco encima do prazo. Pide que, na medida do posible, se mellore isto.

O sr. alcalde recoñece ese erro e di que en todo caso trátase dunha aprobación inicial.

A portavoz do PSOE, sra. Leus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que dende o seu grupo concordan plenamente co que manifesta o portavoz do BNG, ao igual que no outro punto, polo que se debería ter un pouco de consideración para que poidan ter a documentación con tempo e así poder avaliala.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e nove abstencións (7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento para a xestión de bolsas de traballo temporal do persoal do Concello de Teo, que se incorpora como anexo.

<u>Segundo</u>.- Someter o Regulamento a exposición pública, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días. No suposto de que non se formulen reclamacións durante a exposición pública quedará aprobado definitivamente o Regulamento citado.

<u>Terceiro</u>.- O texto integro do Regulamento aprobado deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

ANEXO
REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE TEO

PREAMBULO

O artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón os principios reitores que rexerán o acceso ao emprego público e a adquisición da relación de servizo. Así, establece que a selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade (artigo 23 CE) e outra serie de principios consagrados pola propia lei, como son:

a) Publicidade da convocatoria e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se vaian desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade nos procesos de selección.

No referido á selección do persoal temporal, tanto o artigo 71 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo, como o artigo 71 do Convenio colectivo do Concello de Teo, establecen que a selección do persoal temporal se fará de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. O referido sistema deberá permitir a máxima axilidade na selección, en razón da urxencia requirida para o desempeño transitorio dos postos de traballo ou das funcións correspondentes. En todo caso, o persoal laboral temporal deberá reunir os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes postos ou prazas de carácter fixo. Dispoñen igualmente que se elaborará, a través da negociación colectiva, un regulamento de selección de persoal temporal.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario o establecemento dunhas regras claras de xestión das distintas contratacións temporais, que conxuguen a necesaria axilidade na xestión destas co respecto aos ditos principios reguladores do acceso ao emprego público, e outorguen os niveis de transparencia necesarios para o seu control e salvagarda.

De acordo co exposto, redáctase o presente Regulamento que, cumprindo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), adecúase aos principios de boa regulación recollidos no citado artigo. Os principios de necesidade e eficacia cúmprense dado o interese xeral en establecer de forma clara as normas de xestión das distintas contratacións temporais, sendo un regulamento municipal o instrumento máis axeitado para a súa consecución. O principio de proporcionalidade está asegurado ao conter a regulación

imprescindible para a consecución dos obxectivos anteriormente mencionados. Axústase ao principio de seguridade xurídica, sendo coherente co resto do ordenamento xurídico. Tratándose do principio de transparencia, posibilitarase o acceso sinxelo, universal e actualizado ao Regulamento e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. A estes efectos prescíndese do trámite de consulta pública ao non ter o Regulamento un impacto significativo na actividade económica, realizándose o trámite de audiencia e información públicas de conformidade co artigo 49 da LRBRL. Por último, tratándose do principio de eficiencia, este Regulamento evita cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recurso públicos.

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

1. O presente Regulamento será de aplicación á xestión das bolsas de traballo que se creen para a selección de persoal destinado á prestación de servizos de carácter temporal.

2. Os supostos nos que se poderán utilizar as bolsas de traballo quedarán limitados a circunstancias urxentes e inaprazables, que motiven a cobertura non permanente das vacantes producidas ou para a atención das eventuais necesidades que poidan demandar os servizos municipais.

Artigo 2. Principios de actuación.

Na selección de persoal integrante das bolsas respectaranse os seguintes principios:

a) Publicidade das convocatorias e dos requisitos para integrar as bolsas.

b) Igualdade, de acordo cos requisitos xerais de acceso ao emprego público e os requisitos do posto/praza.

c) Mérito e capacidade.

d) Transparencia na xestión do proceso.

Artigo 3. Competencia na xestión das bolsas de traballo.

A xestión das bolsas de traballo corresponde ao Servizo de Recursos Humanos do Concello, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nas Bases Xerais reguladoras para a constitución e funcionamento das bolsas de emprego no Concello de Teo, aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 973/2019, de 2 de decembro de 2019, corrixidas pola Resolución nº 184/2020, de 20 de febreiro de 2020, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

Deberase dar conta á Comisión Seguimento das resolucións que se adopten ao respecto das dúbidas e problemas formulados.

Artigo 4. Constitución das bolsas de traballo.

a) A constitución e funcionamento das diferentes bolsas de emprego que se poidan crear no Concello de Teo, rexerase polo disposto neste Regulamento.

b) No caso de non dispoñer de ningunha bolsa de traballo para un posto determinado ou de ser insuficiente a bolsa existente, e logo do ditame da Comisión de Seguimento do Regulamento de Bolsas de Traballo do Concello de Teo, poderá realizarse unha convocatoria específica para a creación dunha bolsa de traballo destinada a cobertura temporal de dito posto de traballo. Esta convocatoria deberá realizarse coa máxima axilidade, respectando, en todo caso, os principios de publicidade, mérito e capacidade.

c) En defecto do exposto nos apartados anteriores deste artigo, cando non exista bolsa de traballo ou, de existir, esta sexa insuficiente para a cobertura dun posto de traballo e a urxencia non permita esperar á resolución da convocatoria específica para a súa creación, previo informe da Comisión de Seguimento do Regulamento de Bolsas de Traballo do Concello de Teo, poderán utilizarse outras bolsas de traballo do Concello destinadas a postos que garden similitude clara nas funcións a desempeñar, supeditando a duración do contrato ou nomeamento á resolución do proceso selectivo de creación da bolsa de traballo do posto de que se trate, á que haberá que acudir unha vez estea resolto o dito proceso.

d) En calquera caso, a creación dunha nova bolsa de traballo suporá a anulación das bolsas que puideran existir para eses mesmo posto ou praza, salvo que concorra causa debidamente xustificada que aconselle o mantemento da bolsa en cuestión.

Artigo 5. Obrigas das persoas integrantes das bolsas de traballo.

As persoas integrantes das bolsas de traballo terán as seguintes obrigas:

1. A aceptación do presente Regulamento.

2. As persoas candidatas das bolsas de traballo afectadas polo presente Regulamento, e que modificaran os seus datos con posterioridade a súa inclusión nas bolsas, deberán comunicar mediante a presentación dun escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Teo, en calquera dos rexistros establecidos para tal efecto no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os datos persoais que de seguido se indican. Esta comunicación obrigatoria deberá realizarse no prazo máximo dun mes, contado desde a entrada en vigor do presente Regulamento.

Datos obrigatorios:

- Enderezo completo do domicilio válido para efectos de notificación, incluíndo, rúa, nº de edificio, portal, piso, lugar, concello, código postal etc.
- Número de teléfono ao que realizar os chamamentos segundo os criterios establecidos no artigo 8 deste Regulamento.
- Conta de correo electrónico.

3. As persoas candidatas deberán manter informado ao Concello das variacións que se produzan nos datos proporcionados con anterioridade.

4. As persoas candidatas deberán responder aos chamamentos e correos electrónicos das ofertas de traballo que se lle fagan desde o Concello no prazo máximo estipulado no artigo 8 deste Regulamento, por calquera dos seguintes medios: chamada telefónica ou correo electrónico indicando a aceptación ou rexeitamento da oferta. Para estes efectos, o número de teléfono e correo

electrónico para realizar as ditas respostas, serán os que comunique o Concello no momento de realizar a oferta.

Artigo 6. Situacións nas que se pode atopar un/unha candidato/a integrante das bolsas de traballo.

As persoas que figuren nalgunha das listas de agarda constituídas poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

a) Dispoñibles: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.

b) Contratadas: situación na que a persoa integrante da lista atópase prestando servizos efectivos no Concello de Teo, ao abeiro dunha Bolsa de Emprego. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de "dispoñible", mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe.

No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofreza. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como "dispoñible" ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorra un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.

c) Suspendidas: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) do artigo 8 deste Regulamento, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de

suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.

d) Excluídas: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas neste Regulamento, previa resolución.

Artigo 7. Solicitude de servizos de carácter temporal.

1. O servizo de Recursos Humanos tramitará sen maior dilación, de acordo ás disposicións deste Regulamento, calquera solicitude de prestación de servizos de carácter temporal que as áreas municipais lle dirixan.

2. As solicitudes, para ser consideradas, deberán expresar con todo detalle e claridade os seguintes extremos:

a) Circunstancias que orixinan a necesidade da contratación temporal.

b) Carácter ordinario ou urxente da contratación.

c) Tempo estimado da relación de servizo e porcentaxe da xornada que a esta supón no suposto de contratacións por reducións de xornadas.

d) Xornada de traballo.

e) Localización do posto.

f) Calquera outro aspecto relevante para o proceso de selección ou para a materialización da contratación ou nomeamento oportuno.

Artigo 8. Criterios de chamamento.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas

persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 as 14:00 horas), a distinta horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta, para aceptar ou rexeitar, a oferta realizada.

A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, da persoa integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- 1.- Declaración responsable na que manifeste:
  - - Aceptación expresa do posto.
  - - Que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente

do servizo das Administracións Públicas e non estar incursa en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- - Igualmente fará constar que non padece enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

2.- Número de afiliación na Seguridade Social.

3.- Certificación de conta bancaria.

4.- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarase unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 la LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía, e logo do ditame da Comisión de Seguimento.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada que non alegase nin acreditase causa xustificada, será penalizada e pasará ao final da bolsa de emprego.

Non obstante o anterior, poderá rexeitarse a oferta cando a persoa interesada alegue algunha das causas xustificadas que continuación se relacionan, sen prexuízo daqueloutras de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto

de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía, e logo do ditame da Comisión de Seguimento. Para iso, achegarase a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificado serán as seguintes:

1) Concorrencia de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
2) Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
3) Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
4) Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
5) Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
6) Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo

máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación coa súa situación na Bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da Bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

C) Dilixencia de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicarase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegada polas persoas chamadas, sen prexuízo daqueloutras circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir. Na realización dos chamamentos estará presente un/unha representante sindical do persoal traballador do Concello de Teo.

D) Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, o incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).

- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía, e logo do ditame da Comisión de Seguimento. En calquera caso, garantirase ás persoas afectadas o trámite de audiencia.

Artigo 9. Continuidade na prestación de servizos.

As licenzas por maternidade seguidas de vacacións ou outras licenzas cubriranse pola mesma persoa se se producen secuencialmente e sen interrupción.

Se se realizase un nomeamento ou contrato laboral a favor dun/dunha candidato/a proveniente dunha bolsa de traballo e, durante a vixencia do mesmo, se producise unha nova necesidade de contratación que supuxese unha mellora das condicións laborais das persoas que estivesen contratadas temporalmente, ofertarase o posto a cubrir en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

Artigo 10. Fin da relación de emprego.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como persoal temporal, as persoas responsables de cada área administrativa, deberán dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da data prevista de finalización da relación contractual correspondente, para pasar a persoa candidata á situación de "dispoñible". Esta comunicación efectuarase, sempre que sexa previsible, con, polo menos, 7 días naturais de antelación á dita finalización.

A persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

Artigo 11. Comisión de Seguimento das Bolsas de Traballo do Concello de Teo.

Para os efectos do control e estudo das incidencias e/ou reclamacións que puideran xurdir na xestión das bolsas de traballo, crearase unha Comisión Paritaria de Seguimento das Bolsas de Traballo do Concello de Teo. Esta comisión estará presidida pola Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue e estará integrada por dous representantes designados polo Goberno e dous delegados sindicais en representación do Comité de Empresa e da Xunta de Persoal. A dita comisión poderá dispoñer a incorporación dos/as asesores que considere e estes/as actuarán con voz pero sen voto no exercicio das súas especialidades técnicas.

Artigo 12. Publicación das bolsas.

Tras a finalización de cada proceso selectivo que implique a creación de bolsas de traballo, o seu resultado será publicado na páxina web do Concello: www.concellodeteo.gal, onde permanecerán expostas mentres continúen vixentes.

Artigo 13. Publicación dos movementos das bolsas de traballo.

Para os efectos de darlle publicidade aos movementos que se produzan nas bolsas de traballo, e en aras de cumprir coa normativa de protección de datos de carácter persoal, asignaráselle un código alfanumérico a cada unha das persoas candidatas que integren as respectivas bolsas de traballo, e que será, en todo caso, a única maneira coa que poidan ser identificadas.

Este código corresponderase coa primeira inicial do primeiro e segundo apelido xunto cos catro últimos díxitos e a letra do NIF. No caso de persoas candidatas que só teñan un apelido substituirase a letra do segundo apelido por un cero. (Exemplo: Juan Campos Rodríguez, con NIF 44448888K, corresponderíalle o código alfanumérico CR8888K; Charles Taylor X8888888H, corresponderíalle o código alfanumérico T08888H).

Disposición adicional única

Unha vez aprobado este Regulamento, publicarase o seu contido no BOP e na páxina web do Concello de Teo. Nesta publicación farase constar a obriga de actualizar os datos persoais conforme ao estipulado no artigo 5.2 deste Regulamento.

Disposición transitoria única

As contratacións que se produciran con anterioridade á entrada en vigor do presente Regulamento manterán os efectos ata que se produza a súa finalización por calquera das causas previstas nas Bases Xerais para a constitución e funcionamento das bolsas de emprego no Concello de Teo, aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 973/2019, de 2 de decembro de 2019, corrixidas pola Resolución nº 184/2020, de 20 de febreiro de 2020, e nas correspondentes bases específicas.

Disposición final

Este Regulamento entrará en vigor unha vez que, publicado o seu texto integro no BOP, transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da LRBRL, e será de aplicación a todas as bolsas de traballo que estean ou poidan estar vixentes no Concello de Teo.

12.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo terceiro da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

Sendo as vinte unha horas e vinte e catro minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do PP, D. Margarita Rosende Domínguez, que se incorpora pasado un minuto.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O portavoz do BNG, sr. Barreiro, di que agora que o sr. alcalde lles acaba de dar esa petición por rexistro do Parque Eólico que hai como ameza en Teo, que non pase como a Canteira. Considera que hai que poñerse o antes posible e empezar a traballar xa en vías de atallar este problema que se vén enriba.

O sr. alcalde di que a idea é que a semana que ven ou a seguinte se celebre unha Xunta de Portavoces para poder valorar a situación. Sinala que queren que antes lle dean un ollada os servizos técnicos, por iso case mellor celebrar a xunta de portavoces a semana seguinte, para ver se hai algunha constatación ou algunha orientación de como eles o ven, para poder debater a ver como se pode enfrontar.

2.- O sr. Barreiro sinala que a veciñanza de Osebe reclama contedores para papel e cartón, e, a ser posible, tamén aceites usados.

3.- O sr. Barreiro sinala que os veciños da zona da Travesía de Cacheiras quéixanse de que algún comercio que hai por esa zona enche o contedor precisamente de cartón porque cando lle chegan os embalaxes das mercancías tira alí todas as caixas. Descoñece se hai algún protocolo para que os grandes produtores de residuos deste tipo os leven a algún sitio ou se lles vaia a recoller, pero claro, enchen todo e os veciños non poden usalo.

O sr. alcalde di que comenten de onde se trata, porque hai un servizo de recollida de porta a porta do cartón, para grandes produtores, entón se lle pode avisar, se é facilmente identificable, porque estanse gastando os cartos nese

procedemento para que por enriba non funcione ben.

4.- O sr. Barreiro di que tamén hai queixas de que o camiño dos Arrieiros ten moita sinalización rota, engadindo que descoñece se é cousa do Concello ou da Xunta, sendo en todo caso convinte que se lle bote un ollo.

5.- O sr. Barreiro sinala que ao parque de Campos de Mirabel lle van ter que chamar o parque de nunca xamais, porque xa se dixo que estaba en proceso, pero é unha demanda e hai moitos rapaces e rapazas nesa zona, polo que solicita se se pode axilizar.

6.- Sinala o sr. Barreiro que na zona de Mouromorto tamén a veciñanza reclama farolas, e se pode ser antes das eleccións pois mellor, porque xa se coñecen.

7.- O sr. Barreiro refírese á Casa común da Torre e sinala que lle din que hai terreos que son propiedade do Concello que están cheos de acacias, que parece ser que os terreos privados lindantes xa se arrincaron pero aí aínda hai, e posto que é unha especie invasora estaría ben limpalos.

8.- Sinala o sr. Barreiro que os veciños da Torre transmiten queixas polo tráfico pesado que hai nunha pista, que pensa que é Midón, que ten un almacén ou depósito de algo alí, e o tráfico pesado está desfacendo a pista, ademais do exceso de velocidade que parece ser que levan estes transportes.

9.- Di o sr. Barreiro que tamén, máis ou menos en fronte a onde están os terreos Midón, hai unha pista á esquerda, que da servizo a dúas casas, que está sen asfaltar, e deben de ser vinte ou trinta metros, como moito. Parece ser que eses dous veciños levan moito tempo reclamando que se asfalte. Pensa que se pode facer e que non é moito.

10.- O sr. Barreiro di que lles chegaron queixas da veciñanza dos Tilos e que non sabe se se están desratizando os terreos públicos dos Tilos, pero hai moitas queixas, e parece ser que os propietarios privados si que desratizan

pero din que van dos terreos públicos. O sr. Barreiro sinala que descoñece se é así ou non.

O sr. alcalde di que cando hai unha demanda, unha chamada ao Concello, se está desratizando a zona pública. Salienta que agora non o pode dicir, porque non o sabe, se nos Tilos o están facendo, pero practicamente o servizo está contratado permanentemente e estanse facendo desratizacións en varias zonas. Di o sr. alcalde que deberían chamar ao departamento de medioambiente do Concello.

11.- O sr. Barreiro di que lle chegaron queixas do sistema de autoliquidación para as actividades que se fan no Concello, ocio e deportivas, primeiro porque hai xente que ten moitas dificultades para acceder a ese sistema de autoliquidación e despois porque nas oficinas dos bancos estanlles poñendo moitos problemas, incluso dicindo que non saben que é iso ou que son recibos, cousas raras, ata pedíndolles que paguen con tarxetas. Descoñece o sr. Barreiro cal é o problema, se é que non se falou coas oficinas, ou o que sexa, pero que está dando moitos problemas.

O sr. alcalde di que é un problemón porque evidentemente o novo sistema de Tesourería en principio ten unha virtualidade e unha eficacia moi boa pero está destapando un pouco algo que xa estaba agochado que é o papel das entidades bancarias. Explica que o Concello leva esta semana con conversas continuas cos representantes de institucións, neste caso de Abanca, que é un dos principais afectados neste caso, porque é a única entidade colaboradora, porque esta semana se tentou con outras dúas e ningunha quere selo porque todas están no posición de que *"non queren oficinas, non queren xente entregando diñeiro alí, se fan un ingreso haino que facer en caixeiro.*." é dicir, xa non é que non se poida pagar, porque para a xente que ten un mínimo dominio informático, pode ser que a primeira vez sexa un pouco custoso, pero o sistema vai a ir, ademais na medida en que se faga efectiva vai a ser moi bo, pero queda o remanente das persoas que non ten acceso á informática. A esas

persoa se lles está dicindo que veñan ao Concello xunto á persoa de asesoramento da administración electrónica, que lle está xerando os papeis, porén o problema que hai é cando se chega ao banco, aínda que agora parece que por fin se conseguiu xa que o responsable de Administración, neste caso de caixa de Galicia, trasladase a todas as oficinas a obrigatoriedade de recoller o cobro ata as once da mañá nos días por eles establecidos, pero aínda así que como a alguén se lle ocorra ir a unha oficina de Santiago posiblemente vai a ter un problema. Salienta o sr. alcalde que isto a verdade é que acaba sendo insoportable, pero a capacidade de incidencia con respecto ás oficinas bancarias é porque o están poñendo nunha situación insalvable.

Intervén o sr. Iglesias, e di que non se vai a rematar o prazo o día un, senón que se van a manter as lista e ampliar o tema porque non se pode asumir dar de baixa á xente por non poder facer o pago. Ata finais do mes de outubro non se correran as listas.

12.- A sra. Diéguez di que algúns veciños da zona do Pazo, en Rarís, polas urbanizacións que hai arredor, seguen demandándolle un contedor de vidro, especialmente un compañeiro de traballo que llo comenta e que lle di que levalo ao bar do pintor resúltalle incómodo, que antes había onde a policía local e o deixaba aí, pero agora non o atopa.

O sr. Iglesias di que están ao fondo.

13.- Con respecto á zona de Oza, na Hermida, sinala a sra. Diéguez que parece ser que levan bastante tempo, e están alí tirados, uns cables que tirou un camión, que xa lle avisaron a Protección civil e que non lle fixeron caso.

O sr. alcalde pregunta a ubicación exacta.

A sra. Diéguez di que ó lado da estrada, cerca do cemiterio.

O concelleiro do PSOE, sr. Elías, sinala que pensa que están retirados.

A sra. Diéguez di que hai uns días pasou por alí e aínda estaban.

14.- Sinala a sra. Diéguez que tamén lle din na Hermida que nalgún momento se lle prometeu o alcantarillado e a auga corrente, e que polo menos a auga corrente que lla leven, que non se esquezan desa promesa.

O alcalde di que antes da primavera estará posta.

15.- A sra. Diéguez di que ao lado do cemiterio de Agoso tamén había unha arqueta totalmente tupida, porque unha riada levantou a arqueta.

16.- Sinala a sra. Diéguez que tamén alí nese mesmo sitio hai o que parece un terreo abandonado, sen limpar, engadindo que quizais se podería coidar un pouquiño máis ese entorno. Di que pasa por alí e acostumouse a velo, pero se te fixas un pouco as farolas están torcidas, os bancos con toxos ao redor...etc.

17.- Sinala a sra. Diéguez que en Ribas quedou moi bonito pola festa, que se limpou todo ó redor, pero a pista que vai por debaixo, que hai unha beirarrúa, a beirarrúa está toda chea de silvas. Considera que é unha pena porque se se deixa que sigan medrando as silvas dentro de nada non se vera a beirarrúa. Sinala que é certo que pasa pouca xente por alí, pero hai maleza e silvas e, aínda que é pouca cousa, podíase aproveitar que quedou todo o resto limpiño.

18.- A sra. Diéguez di que Ribas, onde está a Casa común, ao lado da marquesiña, hai unha farola que “está coa barriga aberta”, e alí é onde collen o autobús os críos e se lle pode ocurrir meter a man por onde no deben.

19.- Sinala a sra. Diéguez que no campo da festa, onde se pon o pulpeiro, quitouse unha farola, ao lado daquel pilonciño que hai, e quedou o cable. Non sabe se aquel cable está “activo”, é dicir, se lle pasa corrente ou non, pero en todo caso pensa que non debería de estar á vista, debería de ocultarse e poñer algo que o tape, cemento, unha táboa, porque cada vez que pasa e ve o cable tan exposto dálle medo.

Sendo as vinte e unha horas e trinta e sete minutos sae do Salón de Plenos a concelleiro de Son de Teo, D.ª Iria Otero Romero, que se incorpora pasado un

minuto.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta o sr. Guerra cando se vai a facer algo nas pistas de Nespereira-Luou.

2.- Di o sr. Guerra que, como dixo máis veces, de Agoso a Santa Eufemia hai que reparar a pista e poñer unhas luces esporádicas, non cada 20 metros, porque é un sitio moi transitado.

3.- Sinala o sr. Guerra que o outro día lle dicían o do alcaltarillado de Campos de Feros a Oza, aquel tramo de pista a ver cando se pode actuar co alcantarillado.

4.- Di o sr. Guerra que tratándose de Cachóns, interior, é a cuarta ou quinta vez que o traen ó Pleno. Salienta que o camiño está destrozado, a fonte está sucia, e do número 23 ao 35 o alcantarillado non o acabaron de rematar, polo que pide que se faga.

5.- Di o sr. Guera que os veciños de Chaves lle preguntan pola fibra óptica, parece ser que falta, e tamén o asfaltado para Chaves.

A sra. Lemus sinala que o asfaltado sae agora a licitació e, tratándose da a fibra óptica de Chaves, sinala que ela entendía que entraba dentro da zona que depende da liña principal da AC 841, porén o camiño do Mondelo non o incluíron nese núcleo, polo que o outro día xa mandou un aviso a telefónica para que fagan a conexión.

O sr. Guerra di que lle dixeron que era cousa do Concello.

A sra. Lemus sinala que ela aí non atopou nada pendente do Concello, que volverá a darlle unha volta, porque falou incluso con Telefónica para que lle dixera se había algo pendente, pero non lle consta. Sinala que normalmente

sempre vén sendo un poste pero neste caso non lle coincide nada entón non sabe, que pode ser pero non ve nada pendente.

6.- O sr. Guerra refírese a Tribaldes e Vaamonde e sinala que, como xa dixo máis veces, as pistas estas destrozadas, cunhas fochancas enormes.

7.- O sr. Guerra, dirixíndose á sra. Lemus, dille que falaron o outro día da pista da persoa que anda en cadeira de rodas, a ver se se repara un pouco.

A sra. Lemus explica que pediu orzamento en Augas de Teo para ver se podía levar a auga e está pendente diso, e se mete a auga despois xa se aglomera.

O sr. alcalde di que mirarán tamén a ver se hai algún tipo de cobertura extra para iso.

8.- O sr. Guerra di que hai un camiño, onde lle chaman a manga, alí na curva de Teo, que atravesa para a pista de santa marta, engadindo que ese camiño é unha corredoira, e quedoulle a grava.

9.- A sra. Vázquez di que quería saber por que o paso de peóns de Pontevea, o primeiro, o que está xunto a Abanca, é o único que só ten un punto de luz.

A sra. Lemus di que se mirará.

10.- A sra. Vázquez sinala que, tratándose da desratización, tamén sería convinte que o fixesen na aldea de Mallos porque están saíndo uns bichos de tamaño considerable. Solicita que se tome algún tipo de medida.

11.- Lembra a sra. Vázquez que houbo algún Pleno no que falou dunha pista que hai en Olveira e Elías dixéralle que se ía actuar en época seca, polo tema de que aglomerado se usaba aí, entón claro, se busca a época seca en Galicia parece ser que é do 21 de maio ó 21 de setembro. Sinala que estamos a 29 de setembro e non houbo ningunha actuación, entón gustaríalle saber, a ela e aos veciños, se vai haber algún tipo de actuación prevista con esa pista nalgún momento.

A sra. Vázquez di que lle gustaría saber se vai haber ou se vai incluír algún tipo de actuación para poder actuar nesa pista con máis determinación, xa non só a parte de arriba, que si que é verdade que dá tránsito a varias parroquias, senón tamén a que sae cara á Xeral, que xa se ten falado. Aí a verdade é que agora xa empezou a medrar outra vez a herba, cando a cortaron levoulle 3 días á máquina e deixou alí logo os sinais, por se lle fan falta para outra vez. Entón quería saber se se vai facer algo ou se vai a contemplar.

A sra. Lemus sinala que a curto prazo non.

12.- A sra. Vázquez di que quería saber, co tema da escola de Cacheiras, do CRA, por que primeiro se dixo que non era competencia do Concello e agora se vai facer a obra. É dicir, está ben que se faga a obra, o que non se entende é a pequena problemática que houbo previamente.

A sra. Argibay di que se imaxina que foi unha confusión debida a un montón de conversas que houbo coa ANPA. Aclara que efectivamente non é competencia do Concello xa que é unha escola unitaria e depende da Consellería. Nun primeiro momento, en maio ou xuño, se lle enviou un informe á Xefatura territorial informando das obras que se estimaba que era competencia deles e que tiñan que facer. A ese informe non contestaron, algo que polo que está vendo debe de ser costume da Xunta, e non fixeron obra ningunha, nin a de Cacheiras na que o tellado que estaba como unha obra urxente. Explica que eles o que dixeron é que se a Xunta non o asumía pese a que era competencia deles, o ía a asumir o Concello, e entón estase facendo un proxecto para asumir non só o tellado senón unha obra conxunta de toda a unitaria, unha reparación completa. Salienta a sra. Argibay que, ante a omisión da Xunta, é o que lles queda.

A sra. Vázquez sinala que preguntaba porque eles si que teñen entendido que ese tipo de arranxos e obras si son competencia do Concello e que previamente se dixera que non pero logo se recoñecera cos pais e o CRA que si. A sra. Vázquez explica que eles están contentos de que se vaia a executar a

obra, sexa dunha maneira ou outra, evidentemente, porque cree que o que ten a competencia ten que facela, porque é ncesaria, non só esa senón tamén na da Casalonga, co cal tiña outra pregunta, que é por que non se lle entregou ós pais o informe técnico de seguridade, de que a pesar de que necesitase a obra os nenos estaban seguros aí, pois dixeron que o solicitaron pero non o chegaron a ter.

A sra. Argibay di que o técnico os recibiu. Sinala que de todas formas lle fai gracia porque de todas esas reunións, que tivo previo comezo do curso, con todas as ANPAS, por experiencia ten que dicir que do que se fala ao que despois van falando e falando e onde derivan as conversas, vai un mundo.

Salienta a sra. Argibay que se lles atendeu a todos, atendéronse todas as peticións dos pais, aínda que obviamente teñen que entender que durante moitos anos non se fixo ningún arranxo practicamente, ou moi pequeniños, nas Unitarias, e hai que ir pouco a pouco porque tamén hai tres coles grandes onde a Consellería tampouco fixo nada, agás na Ramallosa que se fixo unha obra no 2019, e entón ten que ir pouco a pouco. Entende a sra. Argibay que os pais se desesperen pero non hai moito máis que facer porque o orzamento esta practicamente todo executado en obras, que na maioría dos casos non lle corresponden ao Concello, senón á Consellería.

A sra. Vázquez di que estaba lendo xusto o que lle mandaron, que é bastante extenso e que di que "*conforme á Lei 7/1985 do 2 de abril no que regula as bases de réxime local, que posteriormente foi modificada, a conservación e o mantemento dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial, serían competencias"* do Concello. Sinala que non sabe se depende do arranxo, se foi algún malentendido. A sra. Vázquez aclara que ela non di que non se falara co CRA, pero cando foron coñecedores diso e logo viron a noticia, e volve a insistir en que se alegran en que poida chegar a facerse o arranxo igual que o da Casalonga o necesita que

ademais ten moitos nenos, era un pouco por saber cal que acontecera e por que se tardou.

O sr. alcalde di que hai que matizar varias cousas. Primeiro as obras de mantemento e conservación corresponden ao Concello, non só das escolas unitarias senón dos centros escolares. O que pasa é que se está falando de obras que escapan do que é un mantemento ordinario. O que ocorre é que no que son os centros escolares, mal que ben, por exemplo no da Ramallosa, a Consellería fai un investimento. No de Calo, ten que facelo pero non discute que o ten que facer, no sentido de que é un centro que require, despois de moitos anos, unha actuación, entón, dilata máis ou menos. Outro tema distinto é o CRA. O CRA é unha aposta, por así dicilo, municipal, no sentido, non sabe se se lembran, pero arredor do 2007 cando se cuestionou por parte da Consellería a desaparición do CRA o Concello tivo que facer un gran esforzo económico para habilitar locais onde se puidera desenvolver o CRA, porque pensaban que era un modelo interesante para o seu desenvolvemento. Por exemplo, houbo que facer unha reforma grande en Pontevea, houbo que facer despois posteriormente unha reforma grande na Casalonga, ca impermeabilización de toda a parte de atrás, e demais.

Sinala o sr. alcalde que con respecto ó tema do informe do arquitecto, a semana que vén estará listo, de feito xa o debe de ter case acabado, engadindo que xa pode adiantar el o que vai a dicir, que é que a parte de arriba non se pode utilizar, a das escolas. Non é que non se poida utilizar, que non poida subir unha ou dúas persoas, o que pasa é que eses edificios, que eran escolas unitarias, non están pensados para que arriba estean vinte persoas, porque non se fixeron para iso, entón os sistemas de carga non teñen vigas, apóianse nos laterais. Entón o que vai a dicir o informe é que non hai ningún problema de seguridade dos nenos na parte baixa, nin porque suba unha persoa ou dúas, pero non é un sitio para facer actividades con sete ou oito nenos arriba, porque non estaban pensadas para iso, engadindo que era a vivenda do mestre e tiña o que tiña. Considera o sr. alcalde que non se lle pode

pedir máis a unha obra que xa no seu momento non foi pensada para iso, e que por riba ten xa uns anos, porén tamén hai que ser conscientes de se se quere manter CRA haberá certas limitacións, no senso de que hai que conservar ben o que hai, pero tampouco se pode facer unha ampliación grande porque non hai capacidade nese tipo de edificios.

A sra. Vázquez di que ela tamén é partidaria de que sigan existindo as Unitarias.

13.- A sra. Vázquez sinala que, partindo de que o CRA é algo municipal, comentáronlles que se propuxera o de poder ter o campamento e finalmente non puideron.

O sr. Iglesias di que calquera servizo do Concello ten que ter un regulamento. O regulamento do Diverteo contempla unha contratación que é a que está en vigor e contempla tres sedes que teñen a dotación básica para ese Diverteo, que son os tres CEIPS, onde non se cobren as prazas que se ofertan. A proposta da ANPA foi que se fixera un Diverteo específico unicamente para os nenos do CRA con outro horario e noutro local. Evidentemente iso nin se axusta ó que é un regulamento municipal nin a un criterio mínimo de eficiencia porque evidentemente se as prazas ofertadas están cubertas haberá que amplialas pero non inventar un sitio novo que non cumpre condicións para facer un diverteo, e dende logo dende o Concello non pode limitarse, e el non lle pode dicir a un pai que mande ao seu fillo á Ramallosa, e que non o mande se se e abre outro sitio. Explica o sr. Iglesias que os nenos ou nenas que van a un Diverteo escólleno, non é porque vaian a ese centro a estudar, e incluso nenos que non están escolarizados en Teo van ó Diverteo nun centro de Teo. Reitera que non está vinculado onde estudas todo o ano ao sitio onde fas o servizo de conciliación ou de campamento. Ademais, nin sequera se abren todos, e no mes de agosto hai só un aberto, xa que se hai corenta solicitudes non se poden abrir tres. Explica que este ano en xullo directamente había 140 nenos e había 180 prazas, é dicir, non había unha necesidade, e incluso dende

un punto de vista de xestión de recursos públicos parece un despilfarro. Sinala o sr. Iglesias que, sen ir máis alá na imposibilidade, calquera pai ou calquera nai de Teo podería poñer unha queixa e habería que asumila, porque eles non lle poden dicir “lévao aquí, ou lévao alá”. Si é certo que no Diverteo de Ramallosa, no de Tilos, había nenos do CRA, e no de Calo, é dicir, que os nenos do CRA non foron a ese, é algo privado que montou a ANPA, que pode montalo, sen que el teña máis que dicir, pero o que non se pode pedir é que rompas toda unha regulación que obriga ao Concello, que non é unha cousa que se saque cando lles dea a gana e cando non, non. Remata o sr. Iglesias a súa intervención sinalando que esa é a explicación de por que non se admitiu esa solicitude.

14.- A sra. Vázquez pregunta polo arranxo do viario da aldea de Xermeade, concretamente ao arranxo da estrada en si, porque é verdade que levan moito tempo sen que se faga ningún tipo de actuación e o camiño principal que leva á Burga agora mesmo é un sitio moi transitado e realmente as estradas están moi mal, en xeral, en toda a aldea, con independencia do punto de acceso polo que se queira ir, están mal. Pide a sra. Vázquez un pouco de actuación porque foi algo que comentou cos veciños directamente porque tamén vive ela alí e o ve todos os días, e solicita que se tivera en conta.

15.- A sra. Nariño pregunta acerca dun escrito dos veciños da Travesía de Cacheiras, en torno ó número 27, xusto onde está a praza, enfronte a Correos. Parece ser que hai un escrito presentado precisamente por unha maleza que hai pola parte de atrás do edificio, que invade considerablemente, e é certo que os propios veciños que viven alí, residen e teñen o garaxe para saír, se saen pola outra saída, é inviable, a maleza invade todo. Sinala que precisamente hai un escrito presentado en xuño, e segue sen facerse ningún tipo de actuación, polo que pregunta cando se vai a facer algo e por que non se fixo ata a data.

A sra. Lemus di que ela non viu o escrito.

O sr. alcalde di que se mirará o tema.

Aclara a sra. Nariño que se trata dun escrito presentado polos veciños da travesía de Cacheiras, do número 27, tal e como lle confirmou unha veciña que reside alí, engadindo que hai unha zona boscosa importante, que ademais está pegada ás vivendas.

16.- A sra. Nariño sinala que vai a reiterar a petición do parque de Penelas, que xa non recorda cando foi, se un ano e medio ou dous, é dicir, esas porterías que nunca chegaron e que seguen os paos alí, aínda que non sabe moi ben para que.

17.- A sra. Calvo interésase, como fixo o sr. Barreiro, pola desratización dos Tilos

18.- A sra. Calvo di que os veciños están moi preocupados e molestos polo tema do botellón na praza circular, porque iso xera peleas, ruído, lixo, entón querían saber que se vai facer para atallar esta problemática, dentro do que se poda.

A sra. Lemus di que pola parte de seguridade é un enfoque un pouco reducionista, porque é reducionista pensar que se vai solucionar o botellón levando á policía, porque vai a Garda Civil e vai a Policía e se meten detrás do pavillón ou senón detrás dos edificios, é dicir, andan uns detrás dos outros. Es problema non é soamente nos Tilos, senón tamén en Calo, no parques infantís, etc, tratándose dun problema social máis que de seguridade cidadá.

Tratándose das medidas que se van adoptar, sinala a sra. Lemus que o primeiro que se vai a facer é un anclaxe total deses bancos, e despois, tal e como hoxe se falou co tenente da Garda Civil e ca Policía, vaise incrementar a vixilancia nocturna porén eles mesmos recoñecen que tampouco se poden esperar grandes resultados e que ao mellor se fan dúas semanas moi boas e ao cabo de dúas semanas hai outra vez botellón, e eles mesmos coñecen a situación mellor que ninguén. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que seguen enriba do tema.

A sra. Calvo di que é unha boa medida, porque aínda sabendo que non se vai erradicar, se non se manda a ninguén vaise pensar que isto é territorio comanche.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte dúas horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.11.22 15:02:19 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.11.22 14:58:33 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 9/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE OUTUBRO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de outubro de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 28/07/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1026/21 á 1115/21)

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4 DE OUTUBRO DE 2021 (RES 1049.21) DE CESE E NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

4.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4 DE OUTUBRO DE 2021 (RES 1050.21) DE CESE E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4 DE OUTUBRO DE 2021 (RES 1052.21) DE DELEGACIÓNS EN CONCELLEIROS/AS

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN DUN BEN NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN "CASALONGA"

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE A CANTEIRA DA CASALONGA

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DE XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE PROPOSTA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALIZA.

10.- MOCIÓNS

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 28/07/2021.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1026/21 á 1115/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de setembro ata o 21 de outubro de 2021, que comprenden os números 1026 ao 1115, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4 DE OUTUBRO DE 2021 (RES 1049.21) DE CESE E NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O sr. alcalde da conta da Resolución da Alcaldía, do 4 de outubro de 2021 (res. 1049/2021), sobre cese e nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, que se recolle a continuación.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CESES E NOMEAMENTO MEMBROS XGL

EXPEDIENTE: 2021/G003/001105

Celebradas as eleccións locais no ano 2019 e constituída a nova Corporación, mediante Resolución desta Alcaldía do 3 de xullo (522/2019), constituíuse a Xunta de Goberno Local, no exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), recoñece a esta Entidade.

Considerando que a labor do goberno municipal ten que descansar sobre os principios de cooperación, lealdade e coherencia, e que o paso do tempo constatou unha perda de confianza nalgúns dos/as concelleiros e concelleiras que conforman na actualidade a Xunta de Goberno Local.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 5.3, 6, 7 e 10 do ROM, artigos 21.3 e 23.2.b) da LRBRL, artigos 43 e 44 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións coas limitacións establecidas nos artigos citados.

En virtude do exposto e no uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Teo, os/as seguintes concelleiros/as:

DONA UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA

DON ROBERTO MOÑINO GIL

DONA Mª JOSEFA ARGIBAY DA SILVA

Segundo.- Nomear como novo membro da Xunta de Goberno Local ao concelleiro DON XOSÉ IGNACIO IGLESIAS VILLAR, quedando así constituída por este Alcalde e tres concelleiros/as.

Terceiro.- Manter a delegación das atribucións da Alcaldía actualmente vixentes na Xunta de Goberno Local e a periodicidade das súas sesións.

Cuarto.- O presente Decreto terá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da

Corporación, debéndose notificar aos membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre".

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4 DE OUTUBRO DE 2021 (RES 1050.21) DE CESE E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

O sr. alcalde da conta da Resolución da Alcaldía, do 4 de outubro de 2021 (res. 1050/2021), sobre cese e nomeamento de tenentes de alcalde, que se recolle a continuación.

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CESE E NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE

EXPEDIENTE: 2021/G003/001107

Celebradas as eleccións locais no ano 2019 e constituída a nova Corporación, mediante Resolución da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (523/2019), procedeuse ao establecemento da organización municipal e, en particular, á designación da primeira Tenente de Alcalde.

Considerando que a labor do goberno municipal ten que descansar sobre os principios de cooperación, lealdade e coherencia, e que o paso do tempo constatou unha perda de confianza na concelleira que detenta a 1ª Tenencia da Alcaldía

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 4 e 8 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de

Administración Local de Galicia, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

Considerando que, de acordo co artigos 8 ROM, 23 LRBRL e 46 do ROF, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde debe facerse entre os membros da Xunta de Goberno Local e visto o Decreto desta Alcaldía de 4 de outubro de 2021 (res 1049/2021), onde se cesan e nomean novos membros da Xunta de Goberno Local.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a normativa citada,

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar como Primeira Tenente de Alcalde a Dona Uxía Lemus de la Iglesia.

Segundo.- Nomear como Tenentes de Alcalde as/os seguintes concelleiras e concelleiros, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

Primeira Tenente de Alcalde: Dª. María López Álvarez

Segundo Tenente de Alcalde: D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Terceiro.- Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Cuarto.- Notificar este Decreto á/ao Tenente de Alcalde nomeados, facéndolle constar que terán que manter informada á Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa/Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas pola alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, notificándose persoalmente á cesada e aos nomeados, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na web municipal, ser prexuízo da súa efectividade dende o día da presente resolución".

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4 DE OUTUBRO DE 2021 (RES 1052.21) DE DELEGACIÓNS EN CONCELLEIROS/AS.

O sr. alcalde da conta da Resolución da Alcaldía, do 4 de outubro de 2021 (res. 1052/2021), de delegación en concelleiros/as, que se recolle a continuación.

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CESES E NOVAS DELEGACIÓNS EN CONCELLEIROS/AS

EXPEDIENTE: 2021/G003/00110

Visto o réxime xurídico das delegacións que o alcalde pode realizar en favor dos concelleiros/as, de acordo co establecido nos artigos 6, 7 e 16 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 44 e ss do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación complementaria.

Considerando que a labor do goberno municipal ten que descansar sobre os principios de cooperación, lealdade e coherencia, e que o paso do tempo constatou unha perda de confianza nalgúns dos/as concelleiros e concelleiras que conforman o grupo de goberno municipal, resultando polo tanto necesario reestruturar as competencias delegadas.

En virtude do exposto e no uso das atribucións conferidas polo normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a Dª. UXIA LEMUS DE LA IGLESIA como concelleira delegada de Urbanismo, Seguridade cidadá, Enerxía e Sostibilidade, retirándolle todas as atribucións delegadas e as facultades resolutorias.

Segundo.- Cesar a D. ROBERTO MOÑINO GIL como concelleiro delegado de Infraestruturas, retirándolle todas as atribucións delegadas.

Terceiro.- Cesar a Dª. Mª JOSEFA ARGIBAY DA SILVA, concelleira delegada de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal, retirándolle todas as atribucións delegadas.

Cuarto.- Cesar a D. JOSÉ MANUEL ELÍAS NOYA, concelleiro delegado de Servizos básicos, retirándolle todas as atribucións delegadas

Quinto.- Delegar nos/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, as atribucións que igualmente se indican, sen facultades resolutorias:

1.- Dª. MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ, concelleira delegada de Educación, Cultura, Lingua, Mobilidade, Comercio, Turismo e Emprego, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Educación

- Mantemento de edificios escolares
- Relación coas ANPAS e Comunidade educativa
- CRA
- Consello escolar municipal
- Actividades extraescolares e formación de adultos

Cultura

- Infraestruturas culturais e programación
- Patrimonio cultural
- Fomento da lectura
- Memoria histórica
- Apoio ás asociacións culturais

Lingua

- Aplicación da ordenanza de normalización
- Promoción do galego na administración
- Promoción social do idioma

Mobilidade

- Transporte
- Teobús
- Camiños escolares
- Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira de urbanismo)

Comercio e Turismo

Axencia de desenvolvemento Local

Emprego

Información e orientación laboral

Xestión ETC de Solláns

Obradoiros de emprego

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coas áreas ou materias que se deleguen, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

2.- D. XOSÉ IGNACIO IGLESIAS VILLAR, concelleiro delegado de Benestar, Persoal, Deportes, Participación veciñal e Servizos básicos, coa facultade de dirixir e xestionar os seguintes servizos:

Benestar

Servizos Sociais

Escolas Infantís 0-3 anos

Atención aos maiores

Conciliación

Voluntariado

Políticas de inclusión social

Persoal

Xestión de persoal

RPT

Convenio colectivo

Deportes

Instalacións deportivas

Escolas deportivas municipais

Espectáculos e eventos deportivos

Participación veciñal

Relacións veciñais e participación

Casas Comúns

Consellos parroquiais

Servizos básicos

Reparación de vías e camiños

Parques e Xardíns

Áreas de xogo infantil

Rozas e xestión de augas pluviais

Xestión das cuadrillas municipais de obras e parques

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coas áreas ou materias que se deleguen, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

3.- Dª. IRIA OTERO ROMERO, concelleira delegada de Infraestruturas, Administración, Igualdade e Mocidade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Infraestruturas

Plans provinciais de infraestruturas

Plans especiais

Administración

Administración electrónica

Contratación

Seguros

Comunicacións

Organización da páxina WEB municipal

Igualdade

CIM

Prevención da violencia de xénero

Promoción da diversidade

Mocidade

Campamentos

Campañas específicas

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coas áreas ou materias que se deleguen, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Sexto.- A alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente Resolución sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Sétimo.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se convoque, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte da/o delegada/o, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Oitavo.- Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da presente Resolución".

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN DUN BEN NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN "CASALONGA".

O sr. alcalde da conta da proposta do 18 de outubro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de outubro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO.- Recurso contencioso-administrativo contra a resolución de necesidade de ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación "Casalonga".

Vista a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021, pola que se declara a necesidade de

ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación "Casalonga" núm. 6996, no termo municipal de Teo da Provincia da Coruña (Rex. Sir nº entrada 1398).

Visto o Informe do servizo de asistencia xurídica, do 23 de setembro de 2021, que se reproduce a continuación

"INFORME XURÍDICO

En cumprimento do interesado pola Alcaldía do Concello de Teo elaboramos este informe con suxeición aos seguintes

ANTECEDENTES

1. O actual concesionario da explotación mineira Casalonga nº 6996, situada no termo municipal de Teo, solicitoulle o 28.2020 á Consellería de Economía, empresa e innovación da Xunta de Galicia

"… que se proceda á expropiación de 10.544 m2 comprendidos entre os puntos kilométricos 6+400 e 7+600 da estrada pública 0205 que fueron permutadas por la Diputación Provincial de A Coruña a la mercantil Camilo Carballal SL por acuerdo plenario de 30.3.2006 y que actualmente es propiedad de Don Manuel Carballal Pazos…".

Baseou a súa petición, en resumo, en que

"El Ayuntamiento ha pasado a considerar de su propiedad aquella carretera de la Diputación, al punto de que ha procedido a quitar las señales que… prohibían el paso excepto para la cantera y, a la par, ha procedido a poner señales de limitación de peso a 4,5 Tn que impiden el tránsito y acceso a la explotación de cualquier maquinaria. Además ha dado orden a la policía local de que intensifiquen hasta el extremo la vigilancia para que ningún vehículo pesado pueda acceder a la carretera."

2. Con posterioridade achegou ao expediente o documento denominado "Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación Casalonga" que describe como "Carretera EP 0205 Bertarmiráns a Ramallosa, entre los puntos kilométricos 6,480 a 7,600" e outro documento privado denominado "Contrato de acuerdo expropiatorio" que aparece subscrito con D. Manuel Carballal Pazos o 28.7.2020 no que éste se atribúe a propiedade dese presunto inmoble

"… en virtud de contrato privado de compraventa de 20.7.2007 que realizó con la empresa Camilo Carballal SL a la que le pertenecía en virtud de peruta otorgada con la Diputación de A Coruña según certificación de 4.4.2006."

3. A solicitude expúxose a información pública e nese trámite presentaron alegacións o Concello de Teo, a Plataforma Casalonga Limpa de Residuos

e varios veciños de Teo. Con posterioridade incorporáronse ao expediente informes do Servizo de Infraestruturas Agrarias e da Deputación Provincial da Coruña. A Xefatura Territorial da Coruña informou favorablemente a declaración de necesidade de ocupación con data 6.5.2021 e con data 13.5.2021 tamén informou a Área Xurídica da antedita Xefatura Territorial.

4. Finalmente, por medio de resolución do 17.8.2021 a Dirección xeral de Planificación enerxética e recursos naturais, por delegación do titular da Consellería, declara a necesidade de ocupación do treito da vía litixiosa para o desenvolvemento dos traballos de aproveitamento da concesión mineira Casalonga.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Ao noso xuízo, a antedita resolución non se axusta a dereito e podería ser imp8ugnada polas razóns que resumimos a seguir:

1º. Incompetencia da Dirección xeral

A resolución recorrida aparece ditada pola Dirección xeral de Planificación enerxética e recursos naturais ao abeiro da Orde do 24.6.2021 publicada no DOG nº 127, do 6.7.2021. O artigo 2.a) desta Orde establece que se delegan nesa Dirección xeral

"a) O despacho e a resolución dos expedientes que en materia de dereitos mineiros estean atribuídos á persoa titular da consellería e que non se deleguen expresamente noutros órganos."

Sen embargo, a expropiación forzosa é un procedemento especial cuxa tramitación e atribución de competencias vén regulada en principio na Lei de expropiación forzosa e, en relación con ela, pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (en diante, LM), e pola Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (en diante LMG).

En calquera caso, non se trata dun expediente "en materia de dereitos mineiros" aos que se refire a Orde da delegación que se cita nin de *"outorgar dereitos mineitos, autorizar as súas modificacións, transmisión, renovacións e prórrogas, declarar a súa caducidade, así como realizar a convocatoria e a resolución dos concursos para adxudicar terreos non rexistables"*, segundo a enumeración competencial que contén a consideración legal primeira da resolución.

2º. A vía litixiosa aparece como parte integrante do proxecto de explotación mineira que foi obxecto de concesión administrativa e polo tanto nin está declarado impicitamente como de utlidade pública nin pode ser obxecto de necesaria ocupación

O artigo 105 LM dispón que o titular dunha concesión de explotación terá dereito á expropiación forzosa ou ocupación temporal dos terreos que sexan necesarios para o emprazamento dos traballos, instalacións e servizos, e que o outorgamento dunha concesión de explotación leva implítica a declaración de utilidade pública. O artigo 21 LMG remite á anterior disposición legal e detalla o procedemento:

"1. Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, declara implícita a utilidade pública no outorgamento do dereito mineiro, a persoa promotora deste poderá solicitar a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para o anterior deberase presentar, xunto coa documentación recollida no artigo 18, unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria ocupación.

2. Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, prevexa a posibilidade da declaración da utilidade pública, a persoa promotora do dereito mineiro poderá solicitar a declaración de utilidade pública ou interese social, en concreto, e da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto ou a construción da instalación, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para o anterior deberase presentar, xunto coa documentación recollida no artigo 18, unha xustificación da importancia e das razóns para a declaración da utilidade pública, en concreto, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que a persoa solicitante considere de necesaria expropiación, na que se xustificarán os motivos polos que non foi posible chegar a un acordo que a evite.

3. O órgano mineiro realizará a publicación da relación de bens e dereitos no Boletín Oficial del Estado, no da provincia respectiva e nun dos diarios de maior circulación da provincia, se o houber, e comunicarállela ademais aos concellos en cuxo termo municipal radique o ben ou dereito que se vai ocupar para a súa exposición no taboleiro de anuncios, para que dentro dun prazo de quince días, contados a partir da última publicación, as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.

Notificarase individualmente a cada persoa titular de dereitos ou bens afectados, que poderán, durante o transcurso do prazo fixado no parágrafo anterior, achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se consideren cometidos na relación que se fixese pública.

4. A resolución que outorgue o dereito mineiro así tramitado declarará, de ser o caso, a utilidade pública ou interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación dos terreos para os efectos da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, ou norma que a substitúa, e iniciará o expediente expropiatorio, sen prexuízo da posibilidade de convir a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo. Neste último caso, logo de convidos os termos da adquisición amigable, darase por concluído o expediente expropiatorio."

A lectura desta norma revela que os bens e dereitos que poden ser obxecto de declaración de necesidade de ocupación e expropiados son os definidos no proxecto da explotación e indispensables para o inicio ou desenvolvemento da totalidade do **proxecto.** Velaí que a norma esixa que á documentación do artigo 18 que sustente a solicitude da concesión do dereito mineiro se lle achegue a xustificativa da necesidade de ocupación.

No noso caso, atopámonos con que a solicitude de concesión do dereito mineiro Casalonga e o proxecto no que se baseou non reflectía como ben ou dereito necesario para a explotación a vía litixiosa nin esta se pode amparar na frase *"sen prexuízo de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto"* porque, domo dixemos, o proxecto non incluía aquel ben como necesario ou indispensable para a explotación.

3º. Infracción do procedemento legalmente establecido

En coherencia co anterior, o solicitante da declaración de necesidade de ocupación debe presentar xunto coa súa petición, toda a documentación á que se refire o artigo 18 LMG e ademais, o expediente débese exponer a información pública mediante, entroutros, un anuncio no Boletín oficial do Estado. Ningún deses dous requisitos se cumpriron no noso caso.

4º. A persoa que se considera como expropiada non é a titular da vía litixiosa que ademais é de uso público, xeral e permanente dos veciños

Tocante á natureza da vía obxecto de declaración, cómpre realizar as seguintes precisións:

a) É certo que, de conformidade cos datos dos que dispomos, era orixinariamente unha estrada provincial da Deputación da Coruña e que esta decidiu desafectala do uso público o 30.3.2006 e permutala coa

sociedade mercantil daquela titular da concesión mineira Casalonga "Carmilo Carballal SL".

Sen embargo, consonte as informacións obtidas na Deputación Provcincial da Coruña, o contrato de permuta non se chegou a materializar nin tampouco a entrega da posesión da vía a aquela sociedade, razóns pola que de conformidade coas normas de dereito civil se non produciu a transmisión do dominio do inmoble.

b) Unha proba do anterior é que a sociedade que presuntamente adquiriu a vía estaba obrigada a comunicarlle a alegada transmisión á Consellería de Medio Rural, que daquela tramitaba a concentración parcelaria da zona de Calo na que se incluía a paraxe na que se ubica a antedita estrada provincial, para que contase como predio aportado por ela para os efectos de cómputo á hora de adxudicarlle fincas de remprazo.

Esa comunicación non tivo lugar porque a transmisión non se consumou co resultado de que os planos de ordenación da Zona de Concentración Parcelaria seguen recollendo a vía como pública, e esta figura como lindeiro nos títulos dos predios achegados a ela. E ademais, segundo as informacións do Concello, a vía seguiu aberta ao uso público, xeral e permanente dos veciños.

Pero aínda máis, neses anos finais da primeira década do S. XXI, o Concello de Teo tramitou e a Xunta de Galicia aprobou definitivamente o Plan xeral de ordenación municipal de Teo, no que en coherencia co que levamos exposto, o camiño discutido aparece formando parte da rede viaria local.

Se Camilo Carballal SL non chegou a adquirir efectivamente o dominio da vía tampouco lle puido transmitir o dominio á persoa que aquí aparece como expropiada D. Manuel Carballal Pazos, sen que por outra parte exista ningunha constancia documental do contraro de compravenda que se di outorgado por medio de documento privado do que se fala.

c) Na actualidade, o uso público, xeral e permanente da vía por parte dos veciños de Teo é notorio pero ademais está inequívocamente demostrado por varias circunstancias:

- Como recoñeceu expresamente o concesionario da explotación mineira, o Concello de Teo realizou labores de conservación e asfaltado da vía.

- O Concello de Teo exercitou formalmente a potestade de recuperación administrativa do uso público da vía por medio da resolución da concelleira-delegada de Urbanismo a través da que se lle ordenou ao concesionario da explotación mineira que retirase un valado co que aquel concesionario –e non o aparentemente expropiado D. Manuel Carballal- pretendía impedir o tráfico e circulación dos veciños pola vía.
- O Concello de Teo Instalou na vía sinais de circulación, entre elas a de limitación de peso de 4,5 T.

É relevante subliñar que o concesionario mineiro non interpuxo contra esas actuacións municipais, adoptadas inequívocamente en defensa do uso xeral e permanente da vía por parte dos veciños, ningún recurso administrativo ou contencioso-administrativo, nin o aparentemente expropiado interpuxo acción civil declarativa ou reivindicatoria ningunha en defensa do seu presunto dereito.

5º. A resolución incorre en clara desviación de poder

Se admitísemos, como hipótese para efectos dialécticos, que o terreo da vía discutida fose efectivamente de propiedade privada e, como se alega no expediente, o presunto titular D. Manuel Carballal está conforme en verderlla ao concesionario mineiro no prezo que indican, é lóxico preguntarse cal que á xustificación para que se declare a necesidade de ocupación do antedito terreo como requisito previo a súa expropiación.

Está claro que estamos perante un expediente provocado en fraude de lei polo concesionario mineiro coa finalidade de involucrar á Administración pública nun litixio entre el e o Concello de Teo arredor da titularidade e/ou uso público, xeral e permanente dunha vía e que a solución natural dese conflito é que aquel particular interpoña contra os actos da Corporación os recursos administrativos e contencioso-administrativos ou civís en defensa dos dereitos.

Nese contexto, a resolución que declara a necesidade de ocupación do ben discutido incorre nunha manifesta desviación de poder: non só é ilexítima na súa orixe senón que ademais é radicalmente innecesaria e só ten como finalidade interferir nun litixio ao que a Administración autonómica é allea para favorecer a un particular en contra dos intereses xerais dos veciños de Teo que esta Corporación representa.

6º. A situación ambiental do ámbito espacial da concesión mineira é manifestamente irregular

Esa situación xa estaba cumpridamente detallada na comunicación que o Concello de Teo lle dirixiu á Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente con data 21.4.2015, na que se reflicte o auténtico vertedoiro de cascallos no que se converteu aquela paraxe, estado que se prolonga ata a actualidade e que deu lugar a un amplo movemento de contestación social en contra da canteira.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, ao noso xuízo, é aconsellable que o Concello de Teo interpoña recurso contencioso-administrativo perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a resolución do 17.8.2021 da Dirección xeral de Planificación enerxética e recursos naturais. O prazo de interposición do recurso conclúe o vindeiro 31 de outubro de 2021.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23 de setembro de 2021".

Considerando que, de acordo co establecido no artigo 9 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e artigo 220 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos, debendo adoptarse os citados acordos previo ditame do Secretario ou, no seu caso, da Asesoría Xurídica.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 22. 2 j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Interpor recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do 17 de agosto de 2021 da Dirección Xeral de Planificación enerxética e recurso naturais perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia".

O sr. alcalde di que son todos coñecedores da situación que se deu en agosto, cando dende a Dirección xeral se propuxo a expropiación da que se coñece como carreteira da Canteira e onde ademais se atribuía a propiedade a un particular. Sinala que todos consideran que é un viario público e ademais de uso público, aínda que a titularidade poida ser discutida entre a Deputación e o Concello.

Explica que, diante diso e da utilización que se fai mediante ese decreto para facer a expropiación, non queda outra que ir a un recurso contencioso-administrativo porque se vulneran os dereitos do Concello, baseándose nos argumentos que se expoñen na proposta da Alcaldía transcrita.

Salienta que o peor deste proceso é que aquí a Dirección xeral de Minas actúa de aval desa pretensión dun particular, neste caso de Toysal, atribuíndoselle a propiedade, de xeito que a quen se obriga a recorrer aos tribunais é ao Concello, engadindo que todos saben que a expropiación de titularidade pública e de uso público sería moito máis complexa, moito máis difícil de argumentar.

Sinala que por todos os motivos expostos, o que se propón, de acordo co informado pola asesoría xurídica, é presentar recurso contencioso administrativo perante a Sala do TSXG.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que quizais a frase que mellor se axeita a esta situación sexa a de "*non foi sen tempo".* No BNG xa levan pedindo dende o principio deste problema máis contundencia e tamén poñer todos os mecanismos legais que sexan posibles en marcha. Fíxose na primeira xuntanza de Francos e fíxose dende o primeiro minuto pedindo aquela compatibilidade urbanística imposible que, por sorpresa, si que era posible, iso si, un pouco antes das eleccións, claro.

Sinala o sr. Barreiro que, agora que cambiou substancialmente o goberno municipal, por fin ven, aínda que xa algo tarde, unha decisión que vai máis alá de estratexias tecidas que ata o de agora eran tan complexas, tan precisas, tan infalibles, que nin se

podían explicar.

Sinala que dende o BNG pensan que vai sendo tempo de arremangarse e de poñerse a traballar moi en serio. Tardouse catro anos, máis neste momento xa están todos posicionados, os que están en contra, os que se poñen de perfil nun exercicio de sucursalismo madrileño e os que se poñen claramente do lado da empresa e contra da veciñanza que os elixiu.

Está claro que hai un problema que cada día está máis preto, que é o vertedoiro. O sr. Barreiro apela á sensibilidade do sr. alcalde co país, porque pensa que é hora de sacar os cóbados e facer o posible, e mesmo o imposible, para deter este atentado medioambiental e social, que queren impoñer os especuladores, coa asociación activa do PP e a colaboración pasiva do PSOE.

Neste momento enfróntanse dúas ameazas moi graves para o Concello, un vertedoiro e un parque eólico, que non é casualidade que ambas teñan raíces comúns. Ambas teñen alicerces en normativas estatais máis que permisivas, pensadas nunha dinámica centro periférica de libro, sen ter en conta as opinións dos afectados nin o territorio onde se van instalar. E ambas dependen en maior ou menor medida da Xunta do PP, coa que pouco se pode contar para protexer nin o patrimonio de Teo nin o noso país.

Remata a súa intervención o sr. Barreiro anunciando o apoio do seu grupo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que non vai entrar nas acusacións tipo "*o toro que matou a manolete*", e vaise centrar no que se está a falar aquí.

Explica que a resolución da Xunta de Galicia, da Dirección xeral de planificación enerxética do 17 de agosto, fai un uso torticero dunha figura que é a expropiación. Coida que con ese ánimo de cubrir o expediente a Toysal, para evitar que Toysal tivera un enfrontamento directo co Concello de Teo, engadindo que aí lle da a razón ao sr. alcalde.

Explica a sra. Lemus que, efectivamente, xa en decembro do ano pasado se presentaran unhas alegacións contra o inicio do expediente, indicando ademais que era de dominio público e de uso veciñal. Sinala que a Xunta, nesta resolución do 17 de

agosto, afirma que aínda que o Concello fixese un "*subir aposta*" era de dominio público, engadindo que é curioso que nun expediente administrativo se utilicen ese tipo de frases.

Salienta a sra. Lemus que sí que se fixo porén o que pasa é que a Xunta de Galicia decidiu recoller o argumentario completo de Toysal, porque lle interesa a pista para que ninguén lle controle, engadindo que non é nada máis que iso. Toysal necesita pechar os accesos para que non pase a veciñanza e para que non se fagan os controis necesarios nunha actividade que todos saben que non vai ser unha actividade mineira.

A sra. Lemus di que é verdade que lamenta moito chegar a esta situación, e explica que en decembro celebrouse unha reunión co Delegado provincial de Industria, que tamén leva o tema de Minas, o cal comentou nesa reunión que se o Concello alegaba que era dominio público, como así se fixo nas alegacións de decembro dese mesmo ano, eles paralizarían o expediente e non seguirían, cousa que xa se ve que era unha mentira, pura e dura, e unha forma máis de engano.

Agarda a sra. Lemus que este contencioso administrativo contra a primeira resolución que hai en canto procedemento de expropiación, vaia adiante e sexa exitoso, engadindo que, como ata agora, o goberno municipal terá toda a colaboración do seu grupo municipal.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Interpor recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do 17 de agosto de 2021 da Dirección Xeral de Planificación enerxética e recurso naturais perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE A CANTEIRA DA CASALONGA.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus di que xa están todos retratados, acaban de retratarse, para que quede ben claro, xa que tanta unidade, tanta unidade, e ao final acaban facéndose estas cousas.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo de 7 de outubro de 2021 (Rex. 999, nº entrada 2651), cuxa parte dispositiva foi emendada con data de 18 de outubro de 2021 (Rex. 999, nº entrada 2714), quedando a mesma redactada conforme se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de outubro de 2021.

"MOCION SOBRE CREACION DE COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE A CANTEIRA DA CASALONGA

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE A CANTEIRA DA CASALONGA

en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras máis de tres anos de loita veciñal e política contra as pretensións de Toysal de converter a canteira da Casalonga nun vertedoiro de residuos.

Tendo en conta a solicitude de unidade política realizada pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos no Pleno ordinario do mes de setembro.

Tendo en conta o debatido neste Pleno ordinario, onde varias forzas políticas compartimos a necesidade de crear unha Comisión informativa especial sobre este tema, de conformidade co

establecido no artigo 124.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante, ROF).

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete para a súa aprobación o seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Instar á Alcaldía á creación dunha Comisión informativa especial sobre a canteira da Casalonga, de conformidade co artigo 124.3 do ROF, co fin de debater e propor actuacións en relación coa canteira da Casalonga, así como colaborar cos órganos municipais competentes no tema; Comisión que estará composta polos portavoces dos diferentes grupos municipais do Concello de Teo.
Así mesmo, será convocado á mesma un/unha representante da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, de conformidade co disposto no artigo 227 do ROF".

Así mesmo, será convocado á mesma un/unha representantes da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, de conformidade co disposto no artigo 227 do ROF".

A sra. Lemus sinala que esta moción está presentada polo seu grupo municipal en primeiro lugar, tras o pleno de setembro deste ano, de hai un mes, no que se instou dende varias das forzas a mellorar a coordinación, e segundo debido ao cambio de situación do goberno, engadindo que non o vai a discutir. Sinala que se sabe o que pasou neste mes e coida que independentemente das consideracións que poida facer cada persoa sobre o que está a pasar na Casalonga, coida que pola parte que lle tocaba como concelleira de urbanismo houbo unha excelente colaboración coa Plataforma, e está moi orgullosa de que nos últimos tres anos non se colocara nada de Toysal aí. Salienta que non o indica como se fose algo do grupo municipal socialista nin do partido socialista, senón que pensa que foi unha posición do Concello importante, que levaba detrás moita colaboración.

Explica a sra. Lemus que cando viñan documentos que non eran agradables, pediuse a consideración de interesado nos expedientes e así se lles tratou, primeiro porque legalmente o Concello era interesado e segundo porque ademais é o maior interesado. Sinala que o que pretenden con esa moción é manter esa liña de colaboración e

efectivamente a idea é crear unha comisión informativa especial, porque é a única fórmula que ven para a configuración dunha Comisión non soamente cos portavoces políticos, senón tamén coa asistencia dun membro da Plataforma. A sra. Lemus entende que, con independencia do que acaba de acontecer no tema do contencioso sobre o camiño público, coa abstención do PP, todos estarán interesados, e se o PP considera que non debe de participar nesa Comisión, porque xa que quitou totalmente a careta, pois terá que tomar a decisión que considere, pero en todo caso coida que é un instrumento necesario e máis nos momento actual, coa configuración do goberno municipal.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que lles parece curioso que dende os sucesos de outubro, que remataron coa saída do goberno do PSOE, ambos exsocios abrazaron o diálogo e a colaboración co resto da Corporación como nunca antes sucedera nos seis anos que formaron goberno, polo que indudablemente outubro foi revolucionario tamén en Teo.

Dirixíndose á sra Lemus, di que é curioso que algo que ven pedindo o BNG en repetidas ocasións dende que se sabe desta ameaza, como é ter máis información, que se lles informe aos portavoces municipais e aos grupos municipais, non fora posible ata fai apenas unha semana. Sinala que non só llo pediu o BNG senón que tamén llo pediu o representante da Plataforma Casalonga limpa de residuos no Pleno do pasado mes. Supón o sr. Barreiro que daquela, co PSOE aínda no goberno, non era tan necesario, xa que dende a celebración daquel Pleno ata o seu cesamento tampouco se contemplou tal necesidade nin se fixo ningún movemento nese senso.

Salienta que, aínda que na súa intervención nese pasado Pleno recoñeceu que era necesario fomentar as xuntas de portavoces, nunca se fixo, nin nos máis de dous anos do mandato actual nin tampouco nos catro anos do mandato anterior.

Considera o sr. Barreiro que recoñecer que algo se fai mal non serve case de nada, se non se corrixe, e así tamén se recoñeceu o erro do PSOE negándose a cambiar a normativa de vertedoiros, máis de pouco vale se non se traballa activamente no cambio ou, de non ser posible, na toma de decisións a respecto, polo tanto semella pois unha medida un tanto populista, máis de agardar na bancada de alá que nesta deste lado.

Considera que entón non ten máis valor real que o simbólico, pensado para seguir mantendo a forte influenza que tiña en determinados círculos e que coa súa saída do goberno vai se ver moi prexudicada.

Sinala o sr. Barreiro que isto ten un pouco de medida de propaganda, xa que logo, nesa comisión, só poderán estar membros da Corporación, e por tanto é un traballo que se pode asumir dende a Xunta de portavoces, que como ben saben tamén dende a saída do PSOE do goberno municipal reúnese cada quince días, porque para gozo do profesor Sartori, agora en Teo se vive nun repentino, interesado e particular, festival do diálogo entre forzas.

O sr. Barreiro sinala que non entenden dende o BNG cal é a utilidade dunha comisión cuxa función se pode asumir precisamente na Xunta de portavoces, e que se é aprobada representará un custe engadido para os orzamentos do Concello. Sinala o sr. Barreiro que agarda que se xustifique a necesidade desa comisión, que non se considerou crear mentres estaba no goberno municipal e que, curiosamente, tan necesaria é dende que o PSOE está na oposición.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que de feito xa eles na lexislatura pasada pedira a creación desta Comisión.

Di a sra. Calvo que coincide co compañeiro do BNG no da falta de información e sinala que, por alusións, con respecto ao que se estaba dicindo da careta ou non careta, eles non teñen ningunha careta e, neste tema, demostraron, *"ad nauseam",* lealdade institucional, unión e lealdade cos veciños, e o que estea dicindo o contrario minte.

A sra. Calvo quere tamén deixar moi claro que o PP aínda que veña a xente a pedir explicacións, non está gobernando e a súa función é fiscalizar. Lembra que aínda así o seu grupo municipal, cando se lle solicitou e se lle comunicou oito meses despois de ter nun caixón o expediente do vertedoiro, gardou lealdade, foi co goberno municipal á Xunta e se pechou o expediente de vertedoiro, polo que non hai ningún vertedoiro, xa que o expediente está pechado. Dirixíndose ao sr. alcalde, a sra. Calvo dille que se iso

é mentira, que o diga aquí ao sr. Guerra, que foi con el, por exemplo, a ver se iso é verdade ou non é verdade. Reitera a sra. Calvo que non teñen que quitar a careta, porque non teñen ningunha.

Sinala a sra. Calvo que de todas formas, se queren iniciar un contencioso administrativo pola expropiación da pista, o celebran, porque iso vai querer dicir dun plumazo que o Concello ten toda a documentación e que se vai solventar, que é o que todo queren. Sinala a sra. Calvo que a Deputación, que precisamente non é do PP, di xusto o contrario e a Xunta de Galicia tamén, e canto antes se dirima este tema mellor para todos. Salienta a sra. Calvo que, sinceramente, se o que se quere é iniciar o expediente pois xa teñen a abstención do PP para poder facer a estratexia que consideren, porque o PP da igual o que faga, se vota si porque votou si e non ten coherencia, se vota non porque se quita a careta, se vota a abstención....etc. Considera a sra. Calvo que xa está ben, que están encantados de que se xudicialice o tema e como non queren entorpecelo, abstéñense, engadindo que tamén quere que quede claro que eles non gobernan. Explica que non gobernan porque de todos é sabido que Son de Teo xunto co PSOE e a connivencia do BNG pactaron, e de todos é sabido que o pacto era simplemente para que o PP non gobernara. Aclara a sra. Calvo que neste punto da orde do día van a votar a favor xa que o da abstención á que se referiu era a do punto anterior.

O sr. alcalde di que van a apoiar a proposta aínda que teñen claro que non se sabe se ese papel que vai xogar a Comisión podería ser asumido dende a Xunta de Portavoces. Sinala que é certo que se vai a reunir cada quince días, pero tampouco consideran que sexa un obstáculo que se cree a Comisión.

O que si quere deixar claro, para que non se creen tampouco falsas expectativas, é o que se está creando porque ás veces a forma de expoñer as cousas non é clara, e conduce a erro. Sinala que o artigo 227 do ROF di que “non *son públicas as sesións da comisión de goberno e das comisións informativas, sen embargo as sesións destas últimas poderán convocarse aos sos efectos de escoitar o seu parecer e recibir o seu informe respecto en tema concreto a representantes das asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 72 da lei citada no número anterior”*, referíndose o artigo 72 da LRBRL a que as corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións

para a defensa dos intereses xerais, etc..

É dicir, que se está creando unha Comisión Informativa especial formada por membros da Corporación e á que a Comisión poderá convocar, se así o decide, aos representantes das asociacións que consideren, neste caso, obviamente, á Plataforma.

Salienta o sr. alcalde que non quere que esta aclaración se visualice con ningún reparo contra a Plataforma, ao contrario, quere clarificar as cousas, pois de feito esta orientación que se está dando á colaboración entre todos, se deu na convocatoria da Xunta coa Secretaría xeral, á que se lles convocou con catro postos. En principio na Xunta de portavoces ofreceuse que todas as forzas políticas representadas na Corporación estiveran presentes nesa reunión telemática, e tamén considerouse que era importante que estivera a Plataforma nese caso concreto, por iso se negociou e se logrou ampliar a cinco representantes a presenza nesa Comisión. Remata o sr. alcalde sinalando que de feito a orientación coa que se pretende traballar está clara e espera que sexa compartida por todos.

A sra. Lemus sinala que a Deputación nunca dixo que fora unha pista privada, iso é mentira, e o está dicindo o PP dende xuño deste ano, xa que o único que di a Deputación, e se trata dunha cuestión de comprensión lectora, que ao mellor falta, é que a pista deixou de ser da Deputación cando se fixo a permuta no ano 2006, e non di nada máis. E iso é así porque ningunha Administración, se non é da súa a titularidade, pode dicir de quen é unha pista. Reitera que a Deputación di que non é súa, que a deixou en 2006, pero en ningún momento di que sexa privada.

Sinala a sra. Lemus que vai a explicar o que di a Xunta de Galicia. Sinala que o último que se recibiu da Xunta de Galicia foi un escrito de Concentración parcelaria na que Medio Rural di que hai dúas parcelas que dan cun viario. Non se meten na titularidade porque tampouco poden dar titularidades, pero o viario, casualidades da vida, non pode ser privado, porque un viario privado non existe, e iso tamén o sabe Minas. Di a sra. Lemus que a ver se se deixa de enlamar o tema do viario, que é o que leva facendo o PP dende fai meses, cando saben verdadeiramente que non é verdade, que o viario é público.

Salienta a sra. Lemus que, como dicía o sr. alcalde, se pode discutir se

verdadeiramente é público, da Deputación, porque non se fixo ben a desafectación, ou porque non se fixo ben a permuta, ou pola concentración parcelaria, ou se é do Concello, porén en todo caso o Concello asumiu que era súa, exerceu a súa titularidade, antes de Toysal, e o segue facendo.

Di a sra. Lemus que, en segundo lugar, por moito que dende o PP digan e repitan que é necesario unha modificación do plan xeral, é necesario que o viario quede ben claro de quen é, porque todas esas cousas son formas de enlamar, porque son mentira, e ben o saben, e ten que chegar un momento en que hai que parar e poñer as cousas claras e saber onde se está. A terceira cuestión que di o PP é que sería necesario un plan de restauración, pagado por todos os veciños, para non se sabe que, para vixiar que se cumpra o que manda Toysal, o que xa é o colmo, porque entón o único que falta é que todos no Concello se adiquen a facer actividades privadas. Sinala a sra. Lemus que esa é a terceira mentira.

Dirixíndose ás/aos concelleiras/os do PP lles di que aínda que digan que non quitan a careta, estas/os concelleiras/os poderán dicir o que lles dea a gana, porén lle parece que, chegados a este punto, dicir que están cos veciños, pero no momento do primeiro asunto importante, que é ir a un contencioso administrativo polo tema do camiño, abstéñense, e dan un argumentario de “a ver se queda claro”. Opina a sra. Lemus que está ben claro, é público. Dirixíndose ás/os concelleiras/os do PP dilles que, cando se reúnen coa Plataforma, porque supón que se reunirán nalgún momento, van cos seus coches por alí e chegan ata o centro da canteira, porque é un viario público, polo que habería que preguntarse porque se está dubidando. Sinala a sra. Lemus que sempre se deixa caer que é privado, que non se sabe, que se a Deputación..., e iso é mentira. Considera a sra. Lemus que se non son capaces de ler esa parte da Deputación, falta comprensión lectora, e se son capaces de ler, o que están é mentindo.

Explica que dende o PP din que están cos veciños e que a ver se clarifican, cando non hai nada que clarificar, o que hai é que defender, hai que defender o que é público, porque o que se está discutindo é que Toysal quere pechar a pista para que non entren os veciños e non o controlen, nada máis, xa que nunca lles interesou a pista e non lle vai interesar agora, o único que lles interesa é iso.

Refírese a sra. Lemus ao primeiro plan da planta de biogás, e sinala que dende o PP falan de que se parou o vertedoiro, engadindo que había unha planta de biogás, non era un vertedoiro, e que dende o PP sempre están do tema dos oito meses no caixón.

Explica a sra. Lemus que na planta de biogás, Toysal, o mesmo Toysal, daba o seu acceso cun portalón á pista que o PP dubida que sexa pública, e iso porque Toysal era propietario de dúas parcelas e no medio había un viario, e iso non é discutible. Salienta a sra. Lemus que ao PP o único que se lles pide é que, aparte de facer declaracións rimbombantes sobre o apoio, cando chegue o asunto ao Pleno en vez de estar discutindo tonterías apoien ese asunto.

Considera a sra. Lemus que é fundamental dar imaxe de unidade e non deixar sempre a lameira de que "*a Deputación que gobernan vostedes*" e a Xunta, que está gobernada por certo polo PP, din unhas cousas que non son verdade, porque non o din en ningún momento. O único que hai, e é verdade, é esa declaración de intencións da Xunta de Galicia, que é unha expropiación, na que encima expropian un terceiro, cun escrito de compravenda que non hai por onde collelo, que é un escrito de compravenda nun folio, como se o fan nunha servilleta. E a Xunta de Galicia prefire coller ese argumentario de Toysal fronte ao título de concentración parcelaria, ó título de catastro, ou uso veciñal continuado...etc, estando o tema como para absterse. Sinala a sra. Lemus que, por enriba, dende o PP din que non quitan a careta, engadindo que chegados a este punto xa lle resulta escandaloso, e ademais din que queren a Comisión.

A sra. Lemus aclara que antes de facer a proposta da Comisión, pensouno un rato, porque non confía no PP.

O portavoz do PP, sr. Guerra, di que eles tampouco confían na sra. Lemus.

A sra. Lemus lle resposta que entón non vaian á Comisión con ela, engadindo que o PP no último ano o único que fixo foi enlamar.

A sra. Lemus sinala que todo o ano, cada vez que había unha manifestación destes señores, o PP, cinco días antes, mandaba o seu comunicado enlamando, como fixeron en xuño e como fixeron despois, engadindo que son feitos e hai que recoñecelo.

A sra. Lemus sinala que ela sempre di que pode entender que a xente lle vote en cara que o PSOE en Madrid non cambie a normativa, e o entende perfectamente, e ademais non lle parece defendible nin xustificable que non o fagan, pero se vai a facelo póñese en fronte, porén o que non pode facer é poñerse en fronte e de lado e de paso fágolle un flaco favor á plataforma ou á mobilización veciñal.

Di a sra. Lemus que, chegados a este punto, que dende o PP consideren que non poden ser atacados por absterse, no único punto que hai que é de defensa férrea do viario público, parécelle, como mínimo, indignante, sabendo en todo caso dende o PP a onde queren ir. Agarda a sra. Lemus que o recurso vaia adiante, e que dunha vez por todas a Xunta de Galicia deixe de meter barbaridades por escrito para tapar o que pensa facer Toysal, porque nin o Plan de restauración que presentou nin isto é minimamente xustificable, dende un punto de vista nin legal, nin xurídico nin social.

Pide a sra. Lemus que se coloquen todos na posición. Dirixíndose ás/os concelleiras/os do PP di que se eles queren seguir co rollo dos oito meses, pois que o fagan. Sinala que o único que sabe é que Toysal non está colocado aí, e que o que si que ten claro é que todos saben por onde vai o PP o último ano, polo que agora non poden facer o discursiño de "*non pasa nada e ademais manteño a careta colocada",* porque non, a careta xa está fóra, e xa está fóra dende fai tempo, o que pasa é que hoxe tiveron que levantar a man, e hoxe si que xa non había a posibilidade de dicir que non. Pregúntase a sra. Lemus coma ían a enfrontarse ao sr. Feijóo e ao sr. Conselleiro que o outro día aínda explicou que había non sei cantos mineiros na Canteira da Casalonga, o que xa foi alucinante.

Di a sra. Lemus que resulta que os señores do BNG estaban en contra duns traballos duns mineiros, o que xa é para alucinar, e o certo é que chega un momento que non sabe se toma psicotrópicos pola mañá, porque senón é imposible ir ao pleno do Parlamento e dicir esa sarta de barbaridades.

Di a sra. Lemus que se lle pide que non se cabree e o certo é que se vai a cabrear moito máis do que se ten que cabrear, porque todo isto xa lle parece un pouco escandaloso.

Sinala a sra. Lemus que, chegados a este punto, dende o PP andan con ese rifi rafe de

“vostedes non sei que ou non sei canto”, porén de momento no Concello non se colocou nada e dende logo ela cando estaba no goberno e entende que agora o sr. alcalde, no se vai permitir iso, así que os do PP non poden vir con esta historia. Di a sra. Lemus que agora de repente o Concello é o malo, de repente os do PP son os bos e de repente o que pensa expropiar é o bo, pois non, chegados a este punto non vale calquera cousa sobre todo porque está a ameaza da expropiación aí, e xa non é unha ameaza, é que asinaron unha resolución para expropiar a pista da Canteira.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que non acredita isto de que o PP está cos veciños, engadindo que non sabe se está cos veciños Toca Salgado, non sabe se son veciños de Teo, pero cree que non, pero dende logo ten claro que cos veciños da Casalonga non están, non estiveron e dubida moito que vaian a estar.

Sinala o sr. Barreiro di que non sabe se dende o PP din que non gobernan en Teo porque hai unha conspiración, xudeomasónica, supoño que é como lle chama o PP, e el cree que menos mal que non gobernan en Teo, porque xa gobernan na Xunta de Galicia e xa se ve o que están facendo, porque para estar cos veciños a Xunta está autorizando a expropiación dunha estrada pública, e que el saiba os bens públicos son dos veciños, entón ...

O sr. Barreiro se dende o PP teñen claro o que é estar cos veciños ou estar contra os veciños. Ó mellor teñen que recorrer un pouco ao dicionario, que supón que en breve incluirá na definición de mentira as mentiras do PP de Teo, porque van camiño de saír na definición da palabra mentira ou da palabra posverdade, se prefiren así un termo máis moderno.

O sr. Barreiro sinala que, como dicía a sra. Lemus e como lles dixo el no Pleno anterior, dende o PP non paran de enlamar o debate, non paran de enlamar o tema da canteira, non paran de estar aquí e alá, non paran de dicir unha cousa en Teo e dicir a contraria na Xunta, ou máis que dicila votala, ou decidila incluso.

Opina o sr. Barreiro que o que está facendo o PP é moi grave, tal e como lles dixo no Pleno anterior e como lles reitera agora, e é moi grave porque están dicindo mentiras. Están dicindo cousas que saben que non se poden facer, cousas que lle están metendo

na cabeza a algunha xente, quizais máis desinformada, dicíndolles que é o Concello quen ten que restaurar, non sei que non sei canto, e aínda que se lle pediu que o explicaran, non o quixeron explicar. Sinala o sr. Barreiro que hoxe por fin escoitouse ao portavoz sen voz para insultar a unha compañeira máis que para explicar nada, e supón que na bondade da sra. Lemus traizóalle esta bonhomía e pídelle ás/aos concelleiras/os do PP que defenda o público. A verdade é que demostra que é unha boa persoa, que aínda confía na humanidade do PP, aínda confía en que estas/es concelleiras/os defendan algo público, cando levan derrubando todos os servizos públicos do país e o propio país dende fai trinta e seis anos. Sinala o sr. Barreiro que haberá que ver se algún día perden ese goberno e se pode comezar a reconstruír, porén haberá que ver tamén como queda, porque vai a custar e vai a ser duro.

O sr. Barreiro di que coincide coa sra. Lemus en que teñen moi claro, e quizais algúns o tiñan claro dende antes, onde están, o uso torticeiro que fan de cada intervención, o uso partidista sectario e mentireiro que fan das súas intervencións e da información que manexan do Concello e é perfectamente entendible que a concelleira lles diga que se non queren estar na Comisión non estean, porque o que non ten moito sentido é a súa posición. Lembra o sr. Barreiro que no pasado Pleno lle dixo aos membros do PP que son moi libres de estar cos patróns e de estar á orde de quen están, e de defender ese sistema social, pero teñen que asumir o que fan, porque lle parece que teñen unha posición moi hipócrita, defendendo por un lado onde hai que defendelo e como hai que defendelo, con iniciativas votando nos parlamentos ou lexislando a favor de grandes empresas de oligopolios que subastan o país ao mellor postor, e despois dicíndolle aos veciños que é polo seu ben. Non sabe o sr. Barreiro se vai a ser moi entendible polos veciños da Casalonga que poñerlle un vertedoiro alí á beira das súa casas é polo seu ben, ou aos de Lampai que poñerlle alí uns eólicos de 114 metros á beira das casas tamén vai ser polo seu ben, supoñendo que vai a ser sobre todo polo ben do señor ese de Iberdrola que abraza a Feijóo, e que supon que tamén manda uns cantos sobres cando son eleccións.

Di o sr. Barreiro que non sabe, igual imbuído por ese espírito de bonhomía da sra. Lemus, se lle pode pedir ao PP de Teo que reflexione sobre o que están facendo, que reflexione sobre cal é a súa posición, xa que están a tempo, porque se queren traballar

de verdade serán benvidos, pero se queren traballar de verdade, non se queren estar na misa e repicando, que é onde queren estar, nos dous sitios. Queren quedar ben cos que pagan, cos patróns, e quedar ben cos que votan, e as dúas cousas son cada vez máis incompatibles, polo que terán que ir decidindo de que lado queren estar porque de momento todos teñen claro que están naquel lado e non deste.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e di que vai a comezar polo BNG. Dirixíndose ao sr. Barreiro dille que está en bucle co PP e que sería máis produtivo que se poña a traballar, a pensar, e xa que o que eles pensan ou propoñen son loucuras e barbaridades, sería conveniente que se puxera en modo produtivo.

Tratándose de cando gobernou o bipartito, sinala que xa viron a reconstrución, e os galegos tamén a viron, por iso “para casa”.

Considera a sra. Calvo que é mellor ser un portavoz calado e que escoita que non un que se pasa o día dicindo platitudes, discursos baleiros e que enriba quere aparentar que sabe do que fala.

Tratándose dos eólicos a sra. Calvo dille ao sr. Barreiro que ten que informarse, porque anda un pouco confundido, porque é do Goberno central.

Tratándose do PSOE, da sra. Lemus, sinala a sra. Calvo que eles non poñen nada en dúbida, simplemente eles, como sabe perfectamente a concelleira do PSOE, preguntaron se o Concello tiña a acreditación da propiedade da pista e o que recibiron por resposta foi un ataque, nada máis, e iso si que é surrealista, que se lles pida unidade e lealdade cando só reciben, en sentido figurado, bofetadas.

Lembralle a sra. Calvo á sra. Lemus que, como ela ben dixo, a Xunta de Galicia está executando a lei, a lei do bipartito e a lei do goberno central. Recoméndalle á sra. Lemus que, en vez de dar tantas voltas, en vez de ir a Madrid a sacar fotos, que vaia e fale con quen ten que falar e solucione isto dun plumazo, e así remataríanse as cuestións e as “chorradas” que segundo a sra. Lemus di o PP. Salienta a sra. Calvo que á sra. Lemus todo lle parece unha estupidez, a pesar de que dende o PP intentan ser proactivos, intentan solucionar o tema, e a sra. Lemus sabe perfectamente que o que está dicindo é mentira. Reitera a sra. Calvo que claro que iso estivo oito meses nun

caixón, e senón que o diga o sr. alcalde tamén, oito, ou nove ou quince, xa que o número da igual, a cuestión é a opacidade, a ocultación. Salienta a sra. Calvo que non quere pensar se o tiveran feito eles.

Sinala a sra. Calvo que como as propostas do PP son absurdas e incoherentes o que teñen que facer é solucionalo. Aclara que a abstención non é oposición e o que están facendo é facilitar que iso saia adiante, engadindo que o di porque como se di que dende o PP non teñen bo entendemento, pois quizais hai que reflexionar un pouco sobre o que se di.

Dirixíndose á sra. Lemus dille que non sabe porque se preocupa tanto pola forma de funcionar do PP, que se as notas de prensa e demais, e pregúntalle se eles lle din algo da cantidade chorradas que din dende o PSOE nas redes sociais, respostando que non din nada, e engadindo que eles están demostrando boa vontade e, ata agora, demostraron toda a paciencia posible. Considera a sra. Calvo que é curioso que se lles diga o que teñen que votar, cando o portavoz do BNG lles criticou "*ad nauseum"* votan vostedes que si, é unha incoherencia, votan vostedes que non, agora a careta, agora o disfraz, e hai que ser un pouco serios e deixar de dilatar as cousas, xa que isto ten un camiño moi fácil, tal e como dixo a sra. Lemus, ten que ir a Madrid, ten ao delegado do goberno, e senón vaia a Coruña, e listo. Salienta que polo tanto iso solucionase dun plumazo, porque a Xunta de Galicia está executando a Lei, e é unha Administración seria.

Remata a sra. Calvo a súa intervención dicindo que as postura están claras.

O sr. alcalde di que tamén é curioso que despois de ter metido o expediente oito meses, se convocara aos veciños da Casalonga e mesmo os foran incitando a que se autoorganizasen para defenderse.

Preguntado pola sra. Calvo se é verdade ou é mentira que estivo nun caixón, o sr. alcalde di que é mentira.

O sr. alcalde explica que non estivo nun caixón, senón que se estivo exactamente buscando asesoramento técnico, que foi o que se lle presentou aos veciños cando se presentou, aos dous meses e dezaoito días. Polo que non estivo nun caixón, estivo cun

informe técnico porque crían que había que valorar que tipo de Planta, e que tipo de estrutura.

A sra. Calvo di que iso sen contar con todas as forzas políticas.

O sr. alcalde di que iso se pode discutir, pero non o de que estivo oito meses nun caixón, porque iso é falso.

Lembra o sr. alcalde que iso mesmo se dixo antes das eleccións do 2015 e a xente xa valorou o que considerou sobre ese tipo de cuestións, polo que non van a andar revivindo ese debate en cada sesión plenaria.

O sr. alcalde di que xa que se monopoliza o tema, neste caso, do punto sobre a creación da Comisión, sobre o tema da estrada, cabe matizar algunha cousa. Sinala que el non ten o título da estrada, non ten o título que di que é municipal, porén iso xa o dixo dende o primeiro momento. Sinala que tampouco ten o título de que é municipal a estrada que vai dende Vilar de Calo a Pontevea, ten o mesmo título que o da canteira da Casalonga, ou da que vai de Feros a non sei onde, xa que non ten título de ningunha estrada, pero non cabe dúbida de que unhas son estatais, outras son da Deputación e outras son municipais, e non hai máis, salvo as que se demostra que son privadas.

O sr. alcalde di que ten a convicción de que é municipal, e ten a absoluta seguridade de que é un viario de uso público. Sinala que, se este tema non estivera deturpado pola presenza de Toysal, e pola posición da Dirección xeral de Minas e demais, cóstalle moitísimo crer que se trae a Pleno unha proposta para ir a un contencioso administrativo porque un veciño se quere apoderar dun camiño municipal non se apoiase polo PP. Di o sr. alcalde que lle estrana moito e que cree que o tema neste caso concreto o PP está moi viciado polas dependencias que ten, o cal pode tamén resultar comprensible, e ten o convencemento de que nese caso o posicionamento sería distinto.

Salienta o sr. alcalde que en todo caso é unha pista de uso público, e así o van a defender, engadindo que quere dicir unha cousa, porque acostuma a ser moi claro, e se algún xuíz nun momento dado determina que a pista é de Toysal lle da igual, entre

comiñas, e vai a seguir defendendo que aí non se estableza un vertedoiro. Sinala que será a perda dunha batalla pero esa non é a súa guerra, xa que a súa guerra é a defensa do público e por iso tamén está tamén nesa batalla. O sr. alcalde considera que hai que diferenciar o que é a propiedade da estrada do que é o tema do vertedoiro, e o gran problema do vertedoiro vai empezar o día en que aí entren camións de fóra. Reitera que esa é a súa gran batalla e espera que o día que veñan os camións de fóra para entrar e o Concello non teña control, porque aí non vai haber control posible, a ver cantos están alí parando os camións, sendo esa a súa gran pregunta. Di o sr. alcalde que o que pretende é que cando chegue ese momento, que chegará, a maioría dos veciños e de todas as forzas políticas estean alí para facer iso, para parar os camións, porque iso chegará. Salienta o sr. alcalde que se trata dunha loita larga e se perderá o día que alí entren camións de fóra, e iso porque as competencias de inspección non son municipais, as que ten a Xunta de inspección son moi escasas e nin sequera a policía local vai poder parar un camión porque vai ser recorrido xudicialmente ao momento seguinte e acabouse. Reitera o sr. alcalde que para el esa é a gran batalla, sen quitarlle para nada a importancia que ten a defensa de que a estrada sexa un viario de uso público, que o é, entre outras cousas porque mentres esa estrada exista as labores de fiscalización e de control, que doutro xeito non existirían, son moito máis fáciles.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Instar á Alcaldía á creación dunha Comisión informativa especial sobre a canteira da Casalonga, de conformidade co artigo 124.3 do ROF, co fin de debater e propor actuacións en relación coa canteira da Casalonga, así como colaborar cos órganos municipais competentes no tema; Comisión que estará composta polos portavoces dos diferentes grupos municipais do Concello de Teo.

Así mesmo, será convocado á mesma un/unha representante da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, de conformidade co disposto no artigo 227 do ROF.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DE XESTIÓN DO CICLO DA AUGA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 5 de outubro de 2021 (Rex. 999, nº entrada 2635), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de outubro de 2021.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción **Moción sobre o Anteproxecto de Lei de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto vén despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias galegas. O goberno galego nin tan sequera cumpre coas obrigas legais estabelecidas en leis elaboradas por el mesmo. Así, non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de augas en 2010. Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración.

No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades estabelecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por

facer ou incumprido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos Concellos.

A precaria situación da planificación e xestión da depuración por parte de Augas de Galiza fai que agora pretendan devolverlle esa responsabilidade aos concellos (20 anos despois de declarala de interese xeral), utilizando a modificación e elaboración de novos marcos legais para esquivar as súas obrigas. Mesmo usando mecanismos de presión impropios dun goberno democrático, aqueles Concellos que non acepten as condicións da Xunta non participarán dos investimentos en obras hidráulicas.

Nos últimos doce anos a Xunta de Galiza non ten dado ningún paso para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego.

O incremento do canon da auga como procedemento sancionador non é o único tributo que incrementa a Xunta. Así, transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos do canon de depuración pola auga da chuvia.

Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte do goberno galego.

O anteproxecto introduce a creación por parte da Xunta de aglomeracións urbanas para depuración, establecendo unha serie de obrigas de planificación e control, sen ningunha obriga para a Xunta e sen ningunha capacidade de decisión para as entidades locais integrantes. Novamente a Xunta substitúe a súa ausencia de planificación pola recarga de novas obrigas sobre os Concellos e ameazas de procedementos sancionadores para os mesmos.

Introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos municipios e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os concellos nesta materia. Ademais, invade competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos e Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta estivo recibindo fondos

europeos para saneamento e depuración que foi incapaz de xestionar adecuadamente e que distribuíu no territorio de forma arbitraria e sen ningunha planificación que soportase os criterios de investimento.

O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas que xestiona a Xunta. Novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o custe actual.

A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias…

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.
- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión so ciclo da auga para a elaboración desta planificación".

Sinala o sr. Barreiro que xa que están coas frases latinas, como os piratas de Astérix, el tamén vai a dicir unha, e vai a dicir "*ad pedem littere*" os motivos polos que o BNG solicita do Pleno da Corporación a aprobación do acordo incorporado na proposta, ao que procede a dar lectura o sr. Barreiro.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que vai a recoller a frase do sr. Barreiro sobre a súa inxenuidade, bonhomía ou algo así, e di que hoxe escoitou á Conselleira de infraestruturas recoñecendo que ían a facer un cambio, intentar recoller todas as alegacións sobre todo porque a FEGAMP fixo unhas alegacións bastante duras sobre

este anteproxecto, sobre todo pola parte do que vai implicar, o gravame e o canon, e agarda que este anteproxecto sexa reformulado e que se volva a un certo consenso, sobre todo porque son competencias compartidas e entende que con este anteproxecto o único que hai é un novo ataque á autonomía local perpetrado pola Xunta do Partido Popular.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

A sr. Sánchez di que como *"tempus fugit"* vai a ser bastante rápido. Considera humildemente que se están aquí debatendo este aspecto é porque de momento todo o mundo pode facer as suxestións que estime oportunas polo tanto considera que toda a parte na que a moción do BNG se refería a esa falta de participación pois non lles parece que se corresponda coa realidade.

Tratándose da invasión das competencias locais, sinala que ata onde el coñeceu esta lei, moito antes de que se trouxera este asunto ao Pleno, o único que soubo é que aquí se plantexa unha opción de carácter absolutamente voluntario para as Administracións locais, co cal quen queira que se sume e quen non que non se sume e nada máis. Considera o sr. Sánchez que por un motivo ou por outro, que son os principais argumentos esgrimidos na moción do BNG, non a a comparten en absoluto.

Intervén o sr. alcalde e di que, por desgraza, si que implica algunhas cousas máis. Implica por exemplo o dos agrupamentos do Concello, e o proxecto en si é un ataque bastante directo ao tema da xestión directa da auga por parte dalgúns concellos. Se en Teo hai unha xestión directa e por forza o agrupan con dous concellos que non a teñen, habería que preguntarse que habería que facer, porque esa é unha das cuestións que se plantexa na lei, polo tanto si que é un ataque claro á autonomía municipal. Sinala o sr. alcalde que por outra parte non sabe se usar unha palabra suave para dicir o que está pasando co canon da auga, pero dende logo o canon da auga estableceuse cando se estableceu porque iso ía ser unha fonte de financiamento para as estruturas municipais de servizo da auga e demais, e nestes dez últimos anos ao Concello de Teo se lle debe de investimento dese canon máis de un millón de euros, é dicir, que os

veciños de Teo pagaron máis de un millón de euros do que recibiron de investimentos polo canon da auga. Estase polo tanto nunha situación na que se por riba se vai a incrementar ese canon, habería que preguntarse en que situación se queda o Concello.

Salienta o sr. alcalde que para el ese é o gran problema. Se se quería establecer ese canón, porque se consideraba necesario, ten que ser repartido equitativamente entre os que aportan, xa que o que non ten ningunha xustificación é iso, que en dez anos se xere para os veciños de Teo, que son os que pagan, un déficit superior a un millón de euros.

Salienta o sr. alcalde que, por desgraza, este lei vai nesa liña de expropiación, por así dicilo, dos recursos económicos dos concellos e ademais establecendo directrices de agrupamento e demais que eliminan a capacidade de actuación e de autonomía municipal, razón pola cal dende o seu grupo están plenamente de acordo coa proposta do BNG e a van a apoiar.

O sr. Barreiro di que o da realidade e o PP, o PP e a realidade, hiperrealidade, engadindo que inventan dende o PP bastante esa realidade que só ven eles.

Sinala que o carácter voluntario é unha decisión unilateral da Xunta na que ademais aos concellos se lles penaliza se non se meten de forma voluntaria neste sistema, é dicir, é voluntario, pero se non entras polo aro non hai investimentos, cousa que xa fixeron co plan de transporte metropolitano.

O sr. Barreiro sinala que incrementa de xeito abusivo a carga fiscal da Xunta en relación co ciclo da auga e, como ben dixo o sr. alcalde, sobre todo aos concellos quítaselle autonomía e derívase nas entidades locais as obrigas das competencias que ten a Xunta, algo que tamén fai moito a Xunta, non dota de capacidade económica aos concellos para dar os servizos que logo lle esixe que teñen que dar. Considera o sr. Barreiro que isto semella máis unha destrución do tecido local que unha construción de país.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da mesma.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen di que vai a explicar por que considera que non se corresponde co que eles interpretan, con independencia de cal sexa a valoración do BNG, que súa será.

O sr. Sánchez sinala que eles consideran que nesta norma si que se está a ter en consideración as opinións das entidades ás que se aludiu, entre outras cousas porque a día 23 de xullo foi publicado este anteproxecto de lei, foi colgado na web de transparencia da Xunta de Galicia por proposta da FEGAMP, e ampliouse o prazo de exposición pública e de formulación de suxestións ata en dúas ocasións, é dicir ata o 8 de outubro. Participaron nestas suxestións a propia FEGAMP, por proposta da federación de municipios fíxose un seminario de presentación no que participaron concellos, no que participaron Administracións con diferentes competencias, asociacións, etc, e polo tanto naquela parte que a moción di que non se tivo en consideración a ninguén máis e que é un rodillo parlamentario coma outras veces, consideran que non é certo. Salienta o sr. Sánchez que é a consideración do seu grupo, aínda que comprende que os demais non a compartan, resultando ademais que houbo alcaldes de diferentes adscricións políticas que manifestaron a súa intención de estar do lado deste anteproxecto de lei.

Tratándose da autonomía local en materia de augas, di o sr. Sánchez que o sr. alcalde comentaba que poderían agrupar a Teo con outro concello, e insiste en que entende que o anteproxecto, ao ser un anteproxecto, se poderá mellorar, polo que se poderían facer dende aquí as propostas que haxa que facer para mellorar o texto, pero en calquera caso sempre vai ser voluntario, co cal o Concello poderá adherirse ou non. Sinala que as competencias de subministro, de saneamento, de tratamento de augas residuais, e de abastecemento a domicilio son competencias que non se tocan por parte deste anteproxecto de lei, co cal non comparten o establecido na moción do BNG polo que non a van a apoiar.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete votos en contra (7 PP), acorda:

.- Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

.- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión so ciclo da auga para a elaboración desta planificación.

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE PROPOSTA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALIZA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Rozados da conta da moción do seu grupo de 5 de outubro de 2021 (Rex. 999, nº entrada 2634), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 21 de outubro de 2021.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción **de proposta de adhesión a iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

As plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar, ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas. Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estabeleceu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector

audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

- Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.
- Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP no 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresicencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que simplemente quería comentar que o texto que finalmente se aproba no Parlamento non foi o que se publicou no BOP número 126 do 21 de abril senón no de maio, razón pola que se van a abster, engadindo que a unanimidade que se reflexa foi no texto que se modificou e que finalmente foi aprobado en maio.

Intervén o concelleiro de Son de Teo, sr. Iglesias, quen di que a sociedade é imaxe e sen a presenza do galego neses medios a esperanza de vida como lingua é moi curta, polo tanto evidentemente van a apoiar a proposta.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP no 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresicencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

10.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto undécimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que o outro día lía no Teovivo que o servizo de Teobus se ía a remodelar. Sinala que eles non teñen ningún coñecemento diso, xa que a nivel municipal non se informou aínda, e non sabe se é verdade e, en caso de que o sexa, lle gustaría saber que vai pasar con iso.

O sr. alcalde di que se quere se incorpora o tema como un punto na próxima xunta de portavoces para dar coñecemento ao que se está valorando, xa que por agora non hai nada concreto, máis que un anteproxecto con fondos europeos para o establecemento dun transporte a demanda. Sinala o sr. alcalde que se explicará con calma na comisión informativa.

2.- Sinala a sra. Diéguez quere informar doutro atentado contra o medioambiente, por

dicilo dalgunha maneira. Sinala que o outro día, cerca da autovía, próximo ó camiño da batalla de Cacheiras, pero non exactamente no camiño, atopou un depósito de plásticos, eran como envoltorios de plástico moi grandes, pero non sabe que terían no seu interior. Estaban como enrolados, e tratábase de plástico transparente e duro, bastante grandes, e estaban amontoados e facían un montón moi grande. Di a sra. Diéguez que sería conveniente que se recolleran porque se trata dun depósito de lixo bastante grande. Aclara a sra. Diéguez que o viu fai dous ou tres días e que supón que seguira alí.

Sinala que tamén hai moitísimo plástico que deixaron en Ribas, non é tanto, pero si deixaron tamén un bo montón, ao lado da finca na que hai un viñedo, pola parte de abaixo. Sinala a sra. Diéguez que os que viñeron vendimar tamén deixaron alí moitísimo plástico.

3.- A sra. Diéguez sinala que tamén pola zona da autovía na pista que vai dos Verxeis á Torre, despois da última casa, hai un cable que está tirado, aínda que supón que non leva corrente.

O sr. Iglesias di que pensa que o cable é de Telefónica, pero que se comprobará.

A sra. Diéguez di que o caso é que da impresión de descoido, aparte do perigo que teña, que non sabe se o ten, e ao mellor non ten ningún, pero sempre crea a dúbida. Explica que lle preguntou á señora que vive ó lado, e dixo que leva aí moito tempo, que eles xa avisaron de que estaba aí tirado pero que do Concello non foi ninguén.

Referíndose ao depósito de plástico, o sr. alcalde di que se algunha vez se atopa algo por aí polas pistas, non estaría de máis que se enviara a localización para despois pasar esa localización exacta, porque nas pistas de concentración de monte ás veces é difícil dar a ubicación.

A sra. Diéguez di que este é fácil porque está xusto na pista que baixa para Vedra, ao lado do sinal onde termina o Concello de Teo, á esquerda. Xusto alí hai como un camiño de monte, de terra, e alí no cruce, cando empeza o camiño de terra, aí xusto, é onde tiraron o plástico ese. Sinala a sra. Diéguez que en todo caso cando ela pase por alí fará o envío da ubicación.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus sinala que en primeiro lugar quería preguntar polo tema, xa planteXado reiteradamente polo BNG, da auga na zona de Campos de Mirabel e sobre todo despois de que durante quince días estivo auga moi mal na zona de Calo, tanto en Texexe como na zona da Casalonga e na Pedreira, polo que quería saber que pasou exactamente.

Di a sra. Lemus que tamén quería saber se hai algunha posibilidade, como xa se falou varias veces, de que se mellore sobre todo a auga de abastecemento en Campos de Mirabel.

O sr. alcalde explica que o que se produciu foi un cúmulo de circunstancias desgraciadas. Unha máis ou menos programada, pero a outra que foi a que fixo ter esa sensación real de permanente obra ou provisionalidade durante unha semana.

A primeira cuestión que estaba programada era a proba de presión da tubaxe para evitar a baixa presión que se está producindo en toda a zona de Mouromorto, Regoufe, as partes máis altas, Socastro e toda esa zona. A solución técnica que se lle deu foi aproveitar as obras da senda peonil desde Recesende ata Luou para poñer unha tubaría nova que dese un maior caudal a toda a zona. Entón sempre que se fai unha obra desas características, cando hai que tocar a rede xeral e se pon en marcha e se fan as probas de presión, aínda que se intenta e se consigue que non entre nos depósitos a auga turbia, si é certo que durante un día ou dous despois da obra, ademais do corte necesario, pódense apreciar esa turbidez elevada en determinados sitios porque uns son máis desfavorables que outros.

Iso que estaba controlado xa o segundo día e que era unha situación normal veu a agravarse por unha situación que se pode considerar “tonta”, que é que unha pala dun particular facendo a preparación dunha plantación rompeu a tubaxe xeral de auga, a pouca distancia de onde se producira o enganche do outro día. E ademais por unha cuestión, que parece bastante absurda pero que vai a ser moi importante á hora de determinar a responsabilidade, que é que o que era un camiño público polo que pasada un camiño de monte, pero público, polo que pasaba a tubaxe soterrada ca

concentración parcelaria do monte de Cacheiras, pasou a mans privadas, entón vai ser importante determinar se na escritura de concentración aparecía a servidume desa tubaxe, esa servidume de acueduto, porque se iso aparece o particular que estaba executando as obras tiña que ter unha responsabilidade sobre a situación e a actuación.

Esa rotura no medio do monte e nesas circunstancias, aparte dunha reparación complicada, volveu a xerar todo o problema de turbidez ao volver a arrancar e dar a posta en marcha a tubaxe xeral.

Explica o sr. alcalde que o problema de Campos de Mirabel é un problema distinto, que non depende tanto destas situacións máis ou menos inesperadas, senón que é un problema de deseño, e aí o Concello ten que tomar unha decisión sobre que facer. Obviamente, cando hai unha situación deste estilo, se no resto do Concello a situación pode ser complicada alí é moito máis complicada, e derívase de que a instalación das acometidas dos edificios de Campos de Mirabel máis ou menos é como é, son "*fins de liña*" en todos os accesos aos edificios e neses fins de liña é onde se producen eses acumulos, e ademais hai cinco seguidos. Reitera o sr. alcalde que neste caso trátase dun mal deseño e o problema que se plantexa é que facer ao respecto.

Explica que unha solución intermedia pero necesaria sería conectar posteriormente todos estes edificios, pero trátase de zonas privadas e habería que preguntarse se debe o Concello asumir esa conexión nas zonas privadas. Pódese discutir e valorar, e tamén consultar técnica e xuridicamente esa viabilidade, porque despois é certo que unha vez conectadas esas cinco, si se pode facer unha conexión da urbanización e por dobre vía, con outra rede existente. Pero aínda que se faga agora esa conexión da urbanización en dobre vía vai seguir tendo os fondos de rede en todos os edificios.

Salienta o sr. alcalde que esta é a situación, que é complexa dende un punto de vista non tanto técnico, que a solución é bastante fácil, senón dende un punto de vista xurídico-administrativo.

A sra. Lemus sinala que en todo caso si que é verdade que tendo en conta que as redes da propia urbanización tiveron que ser informadas polo Concello, as redes de abastecemento, a solución debería ser dada polo Concello. Sinala a sra. Lemus que é

verdade que estivo mal planificado, pero cando o problema se agrava noutras partes en Campos de Mirabel xa levan tres semanas de auga cun aspecto que, independentemente da súa potabilidade, que ela non discute, resulta claramente inutilizable para moitas cousas.

2.- A sra. Lemus pregunta se viñeron ao Concello os comerciantes de Cacheiras polo tema da avaría do venres. Sinala que dixeron que ían vir, pero non sabe se ao final viñeron, engadindo que se non o fixeron, probablemente veñan algúns, polo tema de que foron demasiadas horas e en determinados establecementos iso implica que ao estar sen auga iso paraliza totalmente a actividade.

3.- Interésase a sra. Lemus polo tema dos orzamentos e pregúntalle ao sr. alcalde se ten algunha planificación ao respecto.

O sr. alcalde sinala que van a intentar telos presentados a todas as forzas políticas no mes de decembro, para intentar aprobalos un pouco antes que o ano anterior. Salienta que é evidente que vai a requirir unha negociación múltiple, e que intentarán empezala na segunda quincena de novembro, despois do San Martiño, para ir perfilando os próximos investimentos. Ademais van a estar moi condicionados por cuestións como os investimentos no POS. Lembra nese senso que na próxima Xunta de portavoces, tal e como se quedara, sería importante que todas as forzas políticas fixeran as propostas, porque se vén enriba o tema do POS, que hai que ter minimamente dirixido antes de completar o tema orzamentario.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez, dirixíndose á sra. Lemus, di que lle vai a facer unha pregunta do momento en que tiña competencias en urbanismo, para traballar en base a esta pregunta entre todos, a través da Xunta de portavoces.

Di o sr. Sánchez que a sra. Lemus, sendo concelleira de urbanismo, fixo saber que dende o Concello tiñan en mente levar a cabo un plan para electrificación, para que puideran recargarse coches eléctricos, etc, en diferentes partes do Concello. Pregunta en que consistía exactamente ese plan, cantos puntos de recarga se tiña pensado levar

a cabo, como facer para que a maior parte da veciñanza tivera acceso a elo, e se xa había algún tipo de informe ou estudos previos para poder levalo a cabo.

A sra. Lemus explica que estaba pensado facer diferentes puntos de carga, tendo en conta sobre todo a existencia de fotovoltaicas tanto no Concello coma no auditorio, e ir vinculando os puntos de carga á existencia de fotovoltaicas, sobre todo porque xa todos saben o que está a pasar coa tarifa eléctrica, entendendo que coas fotovoltaicas ese consumo acercábase a cero. Refírese a sra. Lemus á existencia de fotovoltaicas e a súa posibilidade de vinculación a unha electrolinera.

Explica que cando marcharon, cando lles cesaron, estaban iniciados os primeiros estudos e se ía a contratar o estudo previo de como se tiña que facer. Sinala que había dúas posibilidades, unha era con tarxeta, como se está facendo noutros concellos, e cobrando, pero a existencia de fotovoltaicas implicaba que case se entendía que podía ser perfectamente sen tarxeta, é dicir, sen cobrar ao usuario, por ese uso de coche eléctrico. Explica a sra. Lemus que xa había algunha petición e non soamente aquí senón na zona de Montouto, e aínda que hai poucos coches eléctricos en Teo si que é verdade que empezaba a haber un certo ánimo de que se houbese unha electrolinera, pois potenciaríase o cambio do coche de consumo tradicional ao eléctrico. Salienta a sra. Lemus que esa era a súa idea e que agora non pode dicir nada máis.

Explica que había unha subvención do Inega que acababa xusto de saír e que a idea era esa, empregar esa subvención, aberta, porque antes estas subvencións tiñan uns prazos moi limitados pero agora son moi abertas, ata finalización do crédito, e si que había posibilidades, e por outro lado estaban os fondos europeos. Explica a sra. Lemus que ela pensaba que, igual que fixeron coas fotovoltaicas, estaba pensando en facer no que puidera, porque ten que ter unha cuberta especial e non vale calquera cuberta, por exemplo no auditorio houbo algún problema coas fotovoltaicas debido a que hai que facer unha proba de carga, ou sexa que calquera estrutura non vale para poñer unha fotovoltaica no tellado, pero si que é verdade que polo menos na maior parte dos locais públicos que estean vinculados a unha fotovoltaica e estivera vinculada a unha existencia dunha electrolinera.

2.- O sr. Sánchez di que a seguinte pregunta é para a que foi concelleira de Cultura ate

o cese. Pregunta cando se remitiu a Patrimonio a petición para poder botar foguetes artificiais na inauguración da iluminación da Ponte medieval de Pontevea.

A sra. Argibay di que non se pediu, que se falou con eles *a posteriori* e non houbo problema.

3.- O sr. Guerra, dirixíndose ao sr. alcalde, dille, agora que volveu asumir as funcións de urbanismo, que a pista de Nespereira, haberá polo menos que bacheala, porque está intransitable.

4.- O sr. Guerra di que falaron máis veces da pista que vai de Agoso a Santa Eufemia, que é unha pista que se debería de anchear, pero polo menos bacheala, e tamén hai que poñer unhas lámpadas esporádicas, como xa dixo máis veces.

5.- O sr. Guerra refírese ás chamadas sendas ciclistas e sinala que agora se lle puxo un apelido, e agora é unha senda ciclista máis peonil. Opina o sr. Guerra que se está acabando coas estrada en Teo e pídelle ao sr. alcalde que, a ver se agora que volveu a asumir as competencias en urbanismo, toma medidas con elas.

Explica o sr. Guerra que o sábado ou o domingo foi por Casal de Reis e estanlle poñendo o encofrado coa raia do arcén, que queda dentro do encofrado. Debe terse en conta que se trata dunha estrada xa ridícula de por si e que os veciños lle din que ten que facer algo, engadindo que é unha pena. Sinala que hai o exemplo de Tarrío-Recesende, Folgueiras, Solláns con San domingo, estanlle acabando coa figura ás carreiras, tres millóns de euros, 500 millóns de pesetas. Dirixíndose ao sr. alcalde, o sr. Guerra dille que se eses cartos os puxeran do seu bolsillo había de mirar mellor por eses cartos.

Dirixíndose á sra. Lemus, dille que vai a lembrar que na Xunta de portavoces, cando se iniciou a lexislatura, se dixo que se ía a tender a anchear as estradas, e realmente estanse estreitando. O sr. Guerra di que quere que iso quede ben claro, que esa foi a primeira mentira que lle espetou a el, ben espetada, dicindo que se ían a anchear as estradas, e quedando tan tranquila, sen poñerse colorada nin nada.

O sr. Guerra di que se se pasa por Tarrío, Recesende, se ven mordidas as beirarrúas dos coches, vas á de Folgueiras, o mesmo, etc. O sr. Guerra sinala que quizais se

estea a tempo e pídelle ao sr. alcalde que se lle de 50 centímetros. Sinala que foi onte a Costoia, Ames, e quedan 35 centímetros da raia do arcén a onde fixeron o bordillo. Sinala que foi a Brión e están ancheando unha pista, tres metros, cuns muros de contención de pedra, todo en consonancia e en Teo acabándose coa figura das estradas. O sr. Guerra di que teñen sorte que non veñen os veciños cunha xostra, engadindo que non poden seguir consentido isto, que aínda se esta a tempo, onde non está encofrado, de darlle 50 centímetros para atrás, e sobre todo na pista de Pías, que vai para Bamonde, que cando se aglomerou xa se lle quitou un metro e medio de ancho, polo menos darlle 50 centímetros para atrás, que son 200 metros lineais. O sr. Guerra di que ten que parar un coche para pasar outro, e así se vai para atrás en vez de andar para adiante.

O sr. alcalde sinala que, sen entrar en debate, porque tempo haberá para isto, é certa a necesidade de ampliar estradas, máxime onde se fan as sendas, porén tamén hai unha cuestión que se esta plantexando en toda Europa sobre a quen darlle prioridade, se aos peóns ou aos coches. Considera o sr. alcalde que todos poden ter opinións distintas e hai que buscar un punto de acordo, pero é certo que a subvención europea non vén para anchear as estradas, ven para favorecer que a xente ande, ese é o obxectivo da subvención. Salienta que é certo, e non o discuten, que pode haber medidas complementarias e así onde se pon unha senda ancha, porque necesariamente por criterios técnicos teñen que ser dimensións determinadas, haxa, por exemplo, que entubar a cuneta do outro lado para favorecer o ancho ou o que sexa, se pode discutir, pero ten que quedar claro que os fondos europeos van con esa orientación, que eles comparten. Sinala o sr. alcalde que en todo caso buscaranse solucións.

6.- A sra. Vázquez, dirixíndose ao sr. Iglesias, dille que xa o sr. Guerra lles comentara o tema de ir dicindo obras para o do POS, engadindo que porén neste caso xa falara tamén da posibilidade de incluír o que queda da pista de Monteselo porque estaban bastante enfadados os veciños. Por outro lado outra pista, que é un tramo de nada, en Lampai, que xa o comentara ao principio da lexislatura e xa o falara previamente, porque xa se fixo o asfaltado, xusto indo cara Carcacía, xa saíndo de Lampai, e o sinal de que finaliza o Concello de Teo está mais adiante de onde se parou o asfaltado e de

feito hai un bache tremendo alí. Sinala que non sabe porque quedou ese tramo sen asfaltar ata o límite do Concello. Aí asfaltouse en Lampai e nótase moito máis dende que asfaltou o Concello de Padrón todo de Carcacía para arriba, porque pararon no sinal de límite pero o Concello de Teo parou nas últimas casas da Silva. A sra. Vázquez reitera que xa o comentara e estaría ben se agora se puidera solucionar.

7.- A sra. Vázquez di que a sra. Lemus anunciara que ía facer unha proposta co tema da saúde mental neste Pleno e non houbo nada, nin na orde do día nin en mocións. Di a sra. Vázquez que lle gustaría saber do tema.

A sra. Lemus sinala que ten a capacidade que ten.

A sra. Vázquez di que era por saber as razóns, porque ás veces é verdade que o tempo non da para todo, sobre todo cando non nos dedicamos só á política. Sinala que o que lles estrañar foi iso, que houbera esa publicación de que se ía traer algo a este Pleno cando xa non estaba gobernando, tendo en conta que o mes que se dedica ao suicidio era setembro xustamente. A sr. Vázquez di que estaría ben que se sacase algunha proposta, incluso que fose de todos, porque si que é un tema difícil.

O sr. Iglesias di que este mes que vén comezase unha campaña a nivel municipal de chamar a atención e empezar a falar sobre o tema do suicidio. Vai a haber carteis e unha publicación en Teovivo e dalgún xeito se activaron os recursos para que a xente poida informarse e tamén se visualice que existe un problema, que é unha causa moi importante de morte en Galicia. Explica o sr. Iglesias que como todos saben iso pódese completar cunha petición á Xunta de Galicia e ao Goberno central para que dediquen fondos a facer este tipo de campañas de prevención porque basicamente neste momento a saúde mental ten unhas listas de espera terribles. Salienta que hai unha desatención á saúde mental enorme, e isto acaba tendo unha repercusión clara no momento de inducir a suicidios, e nótase dende a pandemia, xa que socialmente hai unha maior afectación. A xente asumiu un sufrimento que ao cabo dos meses vai saíndo, unha tensión, un medo, unha inestabilidade que son evidentes.

Explica o sr. Iglesias que de todos os xeitos hai que ter en conta que unha cousa son os suicidios en persoas adultas e outra os conflitos e o sufrimento nas familias, sobre todo con adolescentes. Nos adolescentes o problema do suicidio ten tres pés, que son

a identidade e orientación sexual, bullying e os conflitos intrafamiliares. Dende este ano hai unha segunda educadora familiar e a súa función precisamente é ampliar e atender ás unidades familiares que están en conflito e en crise, que o ano que vén se vai a prorrogar, porque se acaba de solicitar o Plan Concertado para manter esa contratación da segunda educadora familiar.

Explica o sr. Iglesias o tema do bullying trabállase no IES e nos centros de primaria a través do Plan de drogas de Boqueixón, aínda que o que si estaba parado dende fai dous anos, basicamente por todo isto que pasou, son as intervencións externas nos institutos co tema da orientación, identidade sexual, que é outra das tres patas do problema do suicidio en adolescentes. Reitera que dende os servizos sociais se completou o cadro de persoal porque é certo que os problemas empezaron a brotar e a Deputación habilitou unha liña de subvencións precisamente para asumir ese aumento de conflitividade derivado do covid.

8.- A sra. Vázquez agradece as explicacións do tema da auga. Pensa que se trouxera máis veces e tamén sorprende que se diga agora porque non só é algo que pasa en Campos de Mirabel senón que tamén hai publicacións nas redes sociais, xa do mes de setembro, de meses de verán, do ano 2020, e se se pon a buscar igual no 2019 tamén atopa. Sinala que xa saben que hai unha problemática, pero xa vén de tempo, e non é só en Campos de Mirabel, senón que afecta a máis veciños de Teo e que xa afectaba cando o PSOE estaba gobernando.

9.- A sra. Nariño interésase polo tema da fibra na zona de Penelas, Procelas, toda esa zona baixa, e di que xa preguntara noutra ocasión á sra. Lemus e lle comentara que probablemente estaría para decembro. Pregunta a sra. Nariño pola previsión que hai, xa que hai xente que teletraballa nesa zona e parece mentira que se siga aí sen fibra.

10.- A sra. Nariño refírese á estrada que está xusto no Viveiro que hai en Montouto, que vai dirección ao cemiterio municipal e que tamén vai a Penelas, e di que non estaría de máis que se fixera unha actuación, porque está bastante destrozada.

11.- A sra. Nariño di que fixo unha pregunta no Pleno anterior, en relación cunha petición que se presentou por rexistro do edificio O Grilo, que está en Cacheiras, por unha maleza na parte de atrás do edificio. Sinala que segue como estaba, e di que

quería saber se ao final é de titularidade privada e se lle fixo comunicación para que o limpasen ou como quedou o tema, engadindo que os veciños lle preguntan.

O sr. alcalde sinala que o da fibra si que hai que miralo coa operadora responsable e o prazo para asegurarse. Explica que, de calquera xeito si que vai a estar o prazo aberto, como mínimo, ata finais de ano, dependendo da compañía, pero como mínimo ata finais de ano. Haberá que mirar cal é e se tivo prórroga, porque houbo unha prórroga polo covid e outras posteriores. Se corresponde a Telefónica é probable que se execute a obra en prazo, se corresponde, por exemplo, a R por desgraza xa teñen case a seguridade de que non vai a ser posible. Explica que, mentres non remate o prazo dado para a extensión, tampouco hai mecanismos para presionar, neste caso, ao Ministerio que é quen licitou e outorgou esa concesión.

O sr. alcalde dille á sra. Nariño que, tratándose do edificio, mañá llo comentarán porque ten que mirar o que se fixo ou o que se deixou de facer.

12.- A sra. Nariño sinala que en Penelas, nese cruce tan acentuado que hai, hai un espello cando se sube, que se debería regular porque ao final non se ve.

13.- O sr. Sánchez di que o espello que está no cruce da taberna de canicova tamén está totalmente estropeado.

14.- A sra. Castro di que ten un rogo dun veciño de Veitureira, do número 6, para ver se se lle pode facer algo no camiño que ten de entrada á súa casa, porque está intransitable. Sinala que xa foi comunicado no mes de xuño, aproveitando o bo tempo, pero agora ven o mal tempo e aquelo segue igual e el non ten outra entrada. A sra. Castro explica a ubicación exacta sinalando que se trata dunha casa de cor violeta, que se atopa onde está a parada escolar do bus, a marquesina, cara arriba, cara o monte.

15.- A sra. Castro refírese á obra de camiños escolares que hai na Cascalleira e di que os coches levan circulando en dobre sentido dende hai bastantes días, que o fan cada un á lixeira, porque os semáforos están un en ámbar e o outro non funciona, co perigo que iso ten, e sobre todo de noite. Pide que se coloquen os semáforos para poder circular.

16.- A sra. Castro di que, referido a esa obra, despois de avisar un dos veciños da zona

para que se supervisara a obra do tramo que vai cara ao pavillón, por culpa das medidas da vía, que queda en dobre sentido, foise a comprobar por ela e o sr. Guerra, o arquitecto e o sr. alcalde. Explica que lle chama o veciño e lle di que presentou unha reclamación no Concello, con rexistro de entrada nº 5324, no cal pon que *"na intersección do vial da Igrexa cara ao cementerio-pavillón, o ancho da vía dobre sentido non está de acordo cos planos do proxecto, que debería de ter unha dimensión de 6 metros libres, achegase plano do proxecto aprobado. Ese vial ten unha dimensión de 5,35, reiterouse esta disconformidade co arquitecto municipal, coa concelleira de obras, Uxía Lemus e co propio alcalde Rafael Sisto no propio lugar. A día de hoxe reanudáronse as obras sen aportar ningunha solución."*

A sra. Castro explica que, antes disto, retiráronse os arbustos que había alí para, supostamente, crían que era para arribar a beirarrúa, pero non, a beirarrúa levantouse o encofrado, volveuse a facer de novo e quedou un trozo entre o peche desa señora e a beiravía, que non saben para que será, será para plantar xudías porque para outra cousa, entón aí ou esperar a que medre a maleza e haxa que rematar, como está facendo o Concello agora en Texexe, ou voltar ao hormigonado. Pregunta a sra. Castro que se vai e facer e cando se vai a facer, engadindo que ese vial debería acabar medindo os seis metros que figuran no proxecto, que lle dou o veciño e que está colgado na páxina do Concello.

O sr. alcalde dille á sra. Castro que se quere mañá quedan as nove, van alí co metro e poderá comprobar que mide seis metros, de aceira a aceira.

A sra. Castro di que ela vai co sr. alcalde a onde queira a comprobalo, porén o problema é que da entrada hacia a onde está a entrada do pavillón, se se mide de beirarrúa a beirarrúa mide 6 metros, pero se se mide dende a liña do arcén non mide 6 metros, en cambio en fronte ao pavillón se se mide dende a liña do arcén á outra liña do arcén e mide 6 metros

O sr. alcade dille á sra. Castro que se esqueza da liña de arcén.

A sra. Castro dí que a estrada é libre.

O sr. alcalde di que a liña de arcén desaparece dende o momento en que se fai a

beirarrúa, é unha liña residual. A liña de arcén, que se reivindica ata a aceira existente á vella quedaba escasamente unha cuarta, non era unha liña de arcén, era unha liña de arcén existente antes de facer esa vía. O proxecto, loxicamente, non se refire ás liñas de arcén, o proxecto refírese á distancia que queda entre as dúas beirarrúas. Aclara o sr. alcalde que aí é un caso excepcional, porque si que hai dúas beirarrúas feitas. Explica o sr. alcalde que el falou persoalmente co arquitecto para que se garantise que a distancia entre as dúas beirarrúas fora de 6 metros tal como poñía o proxecto.

O sr. alcalde explica que cada un pode medir os metros dende onde queira pero se hai polos lados perfectamente definidas as dúas beirarrúas, non hai máis opción que medila de beirarrúa a beirarrúa. Sinala que a preocupación del era se ese cambio que supón de localización do medio da estrada ía ter incidencia sobre as posibles cesións. Sinala que foi o que se lle intentou explicar e cree que ao final o vislumbrou, é dicir, non ven determinada agora pola distancia dende o eixo da carreteira, senón que a liña de edificación aparece perfectamente definida nos planos do Plan xeral, e xa podes medir dende calquera punto de referencia existente, por exemplo, como están a escala, se mides dende a súa casa ata liña de edificación, esa distancia é invariable vaia por onde vaia a estrada, e vai a ter que facer, se da 25 metros dende a súa casa á liña de edificación, aí vai a ir a liña de edificación, non vai a depender de onde estea o eixo da carreteira, que obviamente se pode cambiar por actuacións coma esta.

O sr. alcalde sinala que, de calquera xeito, contestaráselle formalmente e tamén dende un punto de vista técnico, para que, se considera que non se cumpre o proxecto, poda ir a onde considere oportuno, é dicir, cadaquén é libre de defender ata onde queira o que considere dos seus dereitos, algo no que el non vai a entrar.

17.- A sra. Calvo di que, tendo en conta a primeira parte do Pleno coas resolucións de cese, quería saber, en termos económicos, como ían a quedar as dúas dedicacións e media, que xa non se van a percibir, e se se ten pensado transferir ese diñeiro a outra partida xa que sería unha pena que fose a remanente tendo en conta que é capítulo I e pode transferirse en calquera momento.

O sr. alcalde di que se terá en conta pero tamén hai que ter en conta non só iso senón

por exemplo algunhas prazas que por desgraza ou se sacaron tarde, obviamente xa sabíamos que non se ían a poder sacar o 1 de xaneiro, pero as prazas por exemplo promocións internas ou novas prazas, teñen que ir orzamentadas dende o inicio do ano. Entón, hai remanentes por así dicilo que van a ser empregados. Primeiro, igual que aí se está xerando un superávit, estase xerando un déficit por exemplo coas coberturas de persoal contratado mediante bolsa para substitucións de baixas de persoal subrogado, porque é distinto nivel económico, polo que no capítulo de persoal hai bastante compensación entre uns e outros. Explica que, de calquera xeito, o outro día, nesta semana, presentaron dende asuntos económicos unha previsión xa cos gastos de todos de persoal previsibles ata final de ano e hai departamentos nos que hai un déficit e hai outros nos que hai superávit, agora terán que facer no próximo mes as transferencias necesarias para aproveitar eses cartos.

A sra. Calvo sinala que o dicía precisamente para iso, para aproveitalo.

18.- A sra. Calvo pregunta pola desratización de Montouto e San Sadurniño, di que non sabe se se levou a cabo porque din que aínda hai bastantes.

O sr. alcalde di que se se considera oportuno se pode falar directamente con Ana, que lles pode dar os papeis de cando se producen as desratizacións e ademais tamén valoracións específicas sobre cada zona por parte da empresa especializada, porque é certo que teñen unha estratexia especial de actuación que creo que vai dando resultados. Tamén é certo que este ano pola tardanza en aparecer as chuvias se produciu non só aquí senón en todos os Concellos un problema especial de presencia de ratas. Sinala que calquera caso en concreto incluso se lle pode plantexar á técnica directamente, para que se teña en conta.

A sra. Calvo di que o vai a facer porque os veciños comentan que efectivamente hai moitas.

19.- Sinala a sra. Calvo que hai que repoñer unha bombilla no parque de San Sadurniño, dunha farola, pasado o parque cara arriba, cara ao final. Sinala que non sabe exactamente cal é, engadindo que en todo caso pode chamar ao sr. Iglesias ou a quen corresponda para dicirllo con exactitude.

20.- A sra. Calvo di que hai que ir polos Tilos e facer unha prosprección en profundidade porque hai varias farolas que teñen os cables ao aire, e iso é bastante perigoso, porque lles falta a tapa e hai moitos nenos por alí.

21.- A sra. Calvo di que nas rúas dos chalés varios veciños comentaron que sería importante sinalizar as rúas, é dicir, pintar as zonas de aparcamento, de viabilidade e demais.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2022.01.28 13:39:28 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2022.01.28 13:35:20 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 10/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 24 DE NOVEMBRO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a vinte e catro de novembro de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 29/09/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1116/21 á 1281/21)

3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 20/10/2021 (RES 1110.21) DE APROBACIÓN DO "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA"(POS+2021)

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 08/11/2021 (RES 1218.21) DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE CRÉDITO NON DISPOÑIBLE

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O INCREMENTO DOS RECURSOS ECONÓMICOS DESTINADOS ESPECÍFICAMENTE A LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

8.- MOCIÓNS

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 29/09/2021.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1116/21 á 1281/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de outubro ata o 18 de novembro de 2021, que comprenden os números 1116 ao 1281, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 20/10/2021 (RES 1110.21) DE APROBACIÓN DO "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA"(POS+2021).

O sr. alcalde da conta da Resolución da Alcaldía de 20 de outubro de 2021 (res. 1110/2021), que se incorpora como anexo á presente acta.

O sr. alcalde explica que, en atención ao solicitado pola Deputación, foi precisa unha modificación no prego de prescricións técnicas nalgúns aspectos como a localización máis exacta da colocación do silo e outros puntos sen maior transcendencia, sen que se modifique ningún dos aspectos económicos.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención, non abríndose debate ao respecto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda ratificar a Resolución da Alcaldía de 20 de outubro de 2021 (res. 1110/2021), anexada a presente acta.

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 08/11/2021 (RES 1218.21) DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de 8 de novembro de 2021 (res. 1218/2021), que se recolle a continuación.

"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

ASUNTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES

EXPEDIENTE: 2021/G003/001288

No Pleno ordinario do 31 de xullo de 2019 realizouse o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, de acordo co disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

No Pleno ordinario do 3 de marzo do 2021 modificouse á persoa representante da Corporación no Consello escolar do C.R.A. de Teo.

Á vista das comunicacións recibidas dos centros educativos de Teo, que deben renovar o respectivos consellos escolares, e de que as datas das renovacións son anteriores á convocatoria do vindeiro Pleno ordinario, é preciso realizar ditos nomeamentos, que deberán ser ratificados posteriormente no vindeiro Pleno ordinario.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear ós/ás concelleiros/as que se detallan a continuación, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras: D. Antonio R. Sánchez Crespo
- Consello Escolar do C.E.I.P. de Calo: Dna. María López Álvarez
- Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa: Dna. María Vázquez Rey
- Consello Escolar do C.E.I.P. dos Tilos: Dna. María Josefa Argibay da Silva
- Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado): D. Manuel Barreiro Rozados

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos/ás concelleiros/as e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro.- Ratificar a presente Resolución no vindeiro Pleno ordinario que se celebre".

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención, non abríndose debate ao respecto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda ratificar a Resolución da Alcaldía de 8 de novembro de 2021 (res. 1218/2021), anteriormente transcrita.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE CRÉDITO NON DISPOÑIBLE.

O sr. alcalde da conta da proposta de 5 de novembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 18 de novembro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o informe de intervencion de data 04/11/2021 relativo á situación de determinados créditos do Orzamento Municipal para 2021 que están duplicados, xa que no período entre o 01/01/2021 e a data de entrada en vigor do Orzamento se aprobaran varios expedientes de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 a 2021, figurando de novo eses créditos no Orzamento novo aprobado (de xeito que están duplicados), e que son os que de seguido se indican:

PARTIDA	PROXECTO	IMPORTE
160/619.00	BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE	270.919,00€
453/619.00	AFIRMADO E ACONDIC EO DOS FERREIROS	101.851,21€
450/619.00	REURBANIZACION DO NUCLEO DE SESTELO	221.609,99€

134/619.00	SENDA PEONIL DE SAN DOMINGOS A CS FOLGUEIRAS	187.169,91€
330/619.00	MANTEMENTO E REFORMA DO CENTRO SOCIAL DE REIS	87.926,36€

Considerando que, segundo dito informe de intervención, os créditos anteriores deberían de ser declarados indisponibles coa finalidade de non exceder o gasto do capítulo 6 neste exercicio 2021, debendo realizarse tal declaración nos termos que indica o artigo 33 do RD 500/1990, de 20 de abril.

PROPOÑO ao Pleno da Corporacion, previo dictame da Comision de Facenda e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar como non dispoñibles os seguintes créditos do estado de gastos do Orzamento Municipal para 2021 por estar duplicados:

PARTIDA	**PROXECTO**	**IMPORTE**
160/619.00	BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE	270.919,00€
453/619.00	AFIRMADO E ACONDIC EO DOS FERREIROS	101.851,21€
450/619.00	REURBANIZACION DO NUCLEO DE SESTELO	221.609,99€
134/619.00	SENDA PEONIL DE SAN DOMINGOS A CS FOLGUEIRAS	187.169,91€
330/619.00	MANTEMENTO E REFORMA DO CENTRO SOCIAL DE REIS	87.926,36€

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos municipais coa finalidade de que se realicen as anotacions contables pertinentes".

O sr. alcalde aclara que a razón de facer indispoñible este crédito é que está duplicado e non sería lóxico ter un crédito orzamentario do que poder botar man e gastar o dobre do necesario. A orixe está en que o orzamento vixente entrou en vigor a mediados de febreiro, despois da súa publicación, e nese período houbo que prorrogar os

orzamentos, prorrogándose tamén as obras que estaban xa iniciadas, o importe desas obras, e como ían no orzamento do ano seguinte por iso figuraban agora nos programas de contabilidade por duplicado e no propio orzamento. Por esa razón hai que acordar a indispoñibilidade deses créditos para non facer un dobre gasto, que realmente non estaba aprobado orzamentariamente.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo explica que van a votar que si porque o contrario sería unha imprudencia, e supón, dado o informe da Intervención, que detectaron en Intervención esa duplicidade deses créditos. Manifesta que non entende moi ben como ao elaborar o orzamento non se deu conta ninguén de que esas partidas estaban duplicadas, ou que ó mellor déronse conta, porque se trata de case 900.000 euros, que é moito diñeiro. Dubida a sra. Calvo de que non sexa outra práctica de inflamento, coma o dos terreos e demais, porque un error de 900.000 euros é moito. Dirixíndose ao sr. alcalde dille que el sabe que eses créditos xa estaban elevados ao Pleno e aprobados, polo que non tiña que telos incorporado no orzamento.

O sr. alcalde explica que cando se aproban uns orzamentos apróbanse enteiros, de todo o que se vai a executar, pero que a aprobación dos presupostos non é inmediata, teñen que expoñerse publicamente un mes, senón non cumpre regulamentariamente. Durante ese período é no que Intervención prorroga os anteriores para poder facer fronte a algún pago derivado desas obras. O lóxico é que unha vez que entre en vigor o orzamento vixente se anule xa automaticamente, ou non se prorrogue con anterioridade, pero a Alcaldía só as aprobou unha vez. Entende o sr. alcalde que se levase uns orzamento nos que non figurasen a maioría dos investimentos que se van realizar , ao resto dos membros da Corporación non lles gustaría, engadindo que outra cuestión é que haxa que ter coidado, aínda que non precisamente pola súa parte.

A sra. Calvo aclara que ela preferiría que se tivese feito así, que con explicalo xa estaba, que non dirían nada, porque xa saben que estaban aprobados con anterioridade.

O sr. alcalde incide en que nese momento non se producira a prórroga do orzamento, no momento en que se aprobaron as obras, e que Intervención non fixera esa provisión, dando continuidade aos orzamentos anteriores.

A sra. Calvo responde novamente que podían terse aprobado os orzamentos tamén en tempo e forma e ter prudencia, ao que responde o sr. alcalde que aí si que lle ten que dar a razón, engadindo que entón igual deberían todos ter claras as obras do POS con anterioridade, e moitas cousas máis, porque se se aproban os orzamentos e, por exemplo, non se sabe nin en que se van gastar os investimento do POS, non vale de nada.

A sra. Calvo manifesta que todo é poñerse, porque materia hai para meter no POS, ao que lle responde o sr. alcalde que o que non saben son os cartos que van a ter, que non están os proxectos aprobados e que non se pode meter algo que non foi aprobado pola Corporación.

O sr. alcalde sinala que intentarán aprobar os orzamentos canto antes, pero que en todo caso é unha cuestión de prazos establecidos.

Preguntado polo sr. alcalde, non se apertura unha segunda quenda de intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Declarar como non dispoñibles os seguintes créditos do estado de gastos do Orzamento Municipal para 2021 por estar duplicados:

PARTIDA	PROXECTO	IMPORTE
160/619.00	**BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE**	**270.919,00€**
453/619.00	**AFIRMADO E ACONDIC EO DOS FERREIROS**	**101.851,21€**

450/619.00	**REURBANIZACION DO NUCLEO DE SESTELO**	**221.609,99€**
134/619.00	**SENDA PEONIL DE SAN DOMINGOS A CS FOLGUEIRAS**	**187.169,91€**
330/619.00	**MANTEMENTO E REFORMA DO CENTRO SOCIAL DE REIS**	**87.926,36€**

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos municipais coa finalidade de que se realicen as anotacions contables pertinentes.

Sendo as vinte horas e nove minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.ª Monica I. Lado Varela.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo de 5 de novembro de 2021 (Rex. 999, nº entrada 2903, de 05/11/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 18 de novembro de 2021.

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE TEO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro, o grupo municipal socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, a convicción de que loitamos pola máis xusta das

causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

Desde 2003 foron asasinadas no Estado 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Desde 2019 interpuxéronse 1.743.680 denuncias por violencia de xénero e 452.095 ordes de protección, e 652.795 mulleres recibiron o apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero VIOGEN. Segundo os datos da Macroenquisa de violencia contra a muller, o 34,2% das mulleres de todo o Estado sufriron violencia por parte das súas parellas ou exparellas e o 47,2% non denunciou nin empregou os servizos públicos de axuda, e en moita maior medida no caso de mulleres novas.

En Galicia, cada día se incoan nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6% no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.

Como cada 25 de Novembro as e os socialistas alzamos a voz contra ese silencio. Sumamos a nosa palabra á de millóns de mulleres e homes que en todo o planeta din basta e reafirmamos ese compromiso tamén con feitos. Desde o Partido Socialista impulsamos o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo o recoñecemento de que existe un tipo específico de violencia, a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres e supuxo un cambio completo de perspectiva amplamente demandada polo movemento feminista.

Co Real Decreto-lei de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero abordáronse os cambios lexislativos necesarios para ampliar a protección das vítimas e as súas fillas e fillos, e durante a crise da COVID-19 puxéronse a disposición das administracións os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Tamén a igualdade é un dos catro eixos principais do ‘Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia’ que lidera o Goberno de España e a loita contra a violencia machista terá un papel prioritario neste proceso.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cumprirá a súa vixencia o próximo año e consideramos que é o momento de coñecer o seu impacto, de avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia de xénero siga a ser unha cuestión de Estado, que atinxe

a todos os partidos políticos. É o momento de mellorar a coordinación das diferentes administracións na loita contra a violencia de xénero, así como dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das Comunidades Autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o Partido Socialista considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia. É urxente a aprobación da Lei Orgánica de Garantía da Libertad Sexual -coñecida como Lei do Só Si é Si- para que o consentimento da muller sexa o aspecto fundamental sobre o que se configuran os delitos contra a liberdade sexual.

Consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco lexislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual existe porque hai demanda de mulleres e nenas para a prostitución. O Partido Socialista desexa unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e la trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga. A violencia machista interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

No ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e seus fillos e fillas.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Teo propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

- Ratificar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

- Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.

- Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e

social e á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima.

- Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.

- Impulsar no marco das competencias municipais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.

- Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.

- Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, manifesta o seu apoio á moción. Explica que non poden máis que sorprenderse de que se fale na moción da aprobación de leis, como por exemplo que se debe protexer ás mulleres da trata e da explotación, cando o PSOE é o que está no goberno do Estado dende xa fai dous anos, polo que pensa que xa van un pouco tarde. Considera o sr. Barreiro que tamén van tarde derrogando as leis que hai que derrogar, que xa foron prometidas fai anos, como por exemplo a mal chamada reforma laboral ou a Lei mordaza.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo,

A concelleira de Son de Teo, sra. Álvarez, anuncia o apoio do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde, non se apertura unha segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

- **Ratificar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.**

- **Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.**

- **Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima.**

- **Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.**

- **Impulsar no marco das competencias municipais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.**

- **Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.**

- **Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.**

7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O INCREMENTO DOS RECURSOS ECONÓMICOS DESTINADOS ESPECÍFICAMENTE A LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O sr. alcalde aclara que esta moción tivo un problema no prazo de presentación polo que se incorporou na orde do día do Pleno, aínda que non foi ditaminado por Comisión Informativa, é resulta necesario ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, sra. Diéguez.

A sra. Diéguez da conta da proposición do seu grupo de 10 de novembro de 2021 (Rex. 999, nº entrada 3017, de 17/11/2021), que se recolle a continuación.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción **sobre o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes e dos deberes urxentes da sociedade galega.

No que vai de ano 2021 Galiza xa tivo que saír á rúa condenar un feminicidio cometido na Coruña, á espera de que conclúan as investigacións respecto doutro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Segundo os datos do IGE, durante o 1º semestre de 2021 a Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección. Así mesmo, diversos colectivos denunciaron recentemente o incremento da violencia obstétrica por mor das dificultades de acceso aos servizos durante a pandemia, así como a permanencia da vulneración de dereitos como o acceso a un aborto digno e gratuíto no sistema público de saúde.

A pandemia da covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesa de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición de actividade e mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista e o grave risco para milleiros de mulleres.

Entre outros exemplos, podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista "o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non

reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia."

Polo tanto, aínda que a situación da pandemia estea nunha fase de control, é necesario que se atendan todas as súas repercusións, tamén no ámbito da violencia machista. É necesario, polo tanto, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, lexislativos e políticos.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios, en concovatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Estes feitos dan conta da fartura social e do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.
2. Demandar da Xunta de Galiza o reforzo e ampliación da rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de

Galiza elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzamentado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, D. José Manuel Guerra Calvelo, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.ª Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño aclara que só quere facer un matiz acerca do investimento en materia de igualdade, pois quere deixar claro que dende a Secretaría Xeral de Igualdade contarase para o 2022 cun orzamento de 31,4 millóns de euros, o cal supón un 14% máis que no 2021, cando se destinaron 27,6 millóns, polo que se está no senso de incremento.

Segue indicando que en igualdade e loita contra a violencia de xénero investirase no 2022 un total de 29,4 millóns de euros mentres que no 2009 se destinaron 13,8 millóns de euros. Di que nese ano, no 2009, estaba o bipartito, co cal entende que é un dato obxectivo ao que se podería facer referencia.

Sinala a sra. Nariño que, respecto ao outro punto no que se fala de que dalgún xeito haxa un mínimo do 1% do total, indica que no orzamento que ten Política Social destinado a conciliación e políticas de igualdade agora mesmo acadarían un 1,43% do total dos orzamentos previstos, co cal supera ese 1%.

O sr. alcalde anuncia o apoio do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde, non se apertura unha segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de

orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o reforzo e ampliación da rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de Galiza elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzamentado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo.

8.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, comenta que, tal como se trasladou no día de onte por correo electrónico, o seu grupo municipal presenta unha moción de urxencia pola eliminación da superstición como criterio técnico. Manifesta que a razón da urxencia é porque foi nestes días cando se coñeceu esta situación e pensan que é un absurdo mantela, polo que cando antes se corrixa moito mellor.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG) e once votos en contra (7 PP e 4 PSdeG-PSOE), acorda que non se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal de Son de Teo pola eliminación da superstición como criterio técnico.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Barreiro comenta que con respecto ás beirarrúas que se están facendo pola zona da Cascalleira hai queixas de que se están facendo demasiado altas e que quedan as casas máis baixas que a propia beirarrúa. Sinala que non sabe se iso se pode amañar dalgunha forma, engadindo que non semella moi aquelado que haxa que baixar ás casas.

O sr. alcalde aclara que a situación, altura e características técnicas estaban descritas en proxecto, pero de calquera xeito na última visita que se fixo á obra perduraba unha situación conflitiva en dous ou tres casos, ben porque batía o coche, ou por un tema de augas e de acceso que quedou sen amañar aínda, e algunha outra máis, en principio quedaron todas resoltas. Sinala que se acordou tamén que en vez de esperar ao final da obra para rematar todo, a ver se era posible ir rematando a actuación por partes para non xerar aí situacións incómodas dunha forma permanente.

2.- O sr. Barreiro di que lles chegaron queixas de que, na mesma zona da Cascalleira, non hai semáforo ou está apagado usualmente, e os coches soben e baixan e un día pode haber un desgusto ou simplemente teñen que dar marcha atrás 1,5 km. Pide que se lle dea solución.

3.- O sr. Barreiro refírese ao problema da auga en Campos de Mirabel, e di que xa se sabe cal é a problemática e algunha das solucións posibles. Pide que se poñan xa a traballar en solucionalo, porque levan así polo menos dende o 2012.

O sr. alcalde comenta que entenden que é unha das obras prioritarias que o BNG trasladou para a realización do POS e entón en principio o que se vai facer é encargar a realización do proxecto, que aínda que sexa unha cuestión relativamente pequena hai que coñecer o alcance económico.

4.- Indica o sr. Barreiro que un veciño de Bustelo ten unha entrada á casa de apenas 30 metros, sen asfaltar, e que daquela a concelleira dixéralle que estaba autorizado polo departamento de urbanismo facer esa obra. Pregunta se se vai a manter esta intención ou se cambiou algo.

O sr. alcalde di que a verdade é que descoñecen en concreto a situación, pero que se comprometen nesta semana a mirar e ver en que punto está para intentar solucionalo.

O sr. Barreiro comprométese a enviarlle ao sr. alcalde por correo electrónico o número da vivenda, posto que nestes intres non se lembra.

5.- Indica o sr. Barreiro que as acacias da Casa Común da Torre seguen sen cortarse, e pensa que é un tema fácil de solucionar.

6.- Pregunta o sr. Barreiro por unha tapa de subministro que hai nunha beirarrúa, subindo para Parque Montouto, despois da rotonda dos Tilos, que non sabe se o material do que está feito é aluminio, pero é moi esvaradizo. A sra. Carmen Diéguez puntualiza que hai dúas tapas. O sr. Barreiro segue dicindo que é un material que claramente non é o axeitado para poñer unha tapa e que xa houbo varias persoas que estiveron a punto de caer.

O sr. Igrexas pregunta exactamente onde está, indicándolle o sr. Barreiro o punto exacto.

7.- O sr. Barreiro interésase por un trozo de terreo que un veciño de Solláns pretendía ceder ao Concello, que seica non se lle respondeu. Pregunta se hai previsión de facelo.

O sr. alcalde responde que antes de fin de ano concretarase.

8.- O sr. Barreiro di que había unha fochanca na Silva, en Lampai, na altura do número 28, que parece ser que é bastante importante e incluso perigosa, pola súa dimensión.

9.- A sra. Diéguez lembra o lixo que había polo monte, indicando que se recolleu o plástico, pero quedaron máis restos.

O sr. Igrexas di que non é só alí, senón que pensa que debe de haber un matadoiro ilegal, pois na zona da Casalonga está igual, e onda a Canteira hai un montón de bolsas azuis que deixan con restos de matanzas.

A sra. Diéguez sinala que as rodas non se recolleron.

O sr. Igrexas responde que as rodas non pode recollelas GESECO, pois é un residuo contaminante e iso é unha cuestión do SEPRONA. Explica que se trata dun problema porque se están nunha finca privada sería o dono da mesma o que tería que levalas a reciclar, porque non é un residuo que se poida coller e levar ao punto limpo, é un

residuo máis contaminante. Manifesta tamén que as hai en máis sitios, engadindo que o terá en conta e mirará como se pode solucionar.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE:

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos:

1.- A sra. Lemus sinala que a veciñanza de Beitureira pide un taboleiro, porque agora non teñen.

2.- A sra. Lemus di que viu nas redes que hai unhas novas placas para as rúas e pregunta se se vai cambiar tamén a numeración ou só se van facer as placas, porque a numeración tampouco é que se vexa case nada e se desgastou moi rápido.

O sr. Igrexas comenta que en principio o que se fixo foi editar, segundo o logo, a imaxe do Concello, facer unha imaxe de placa porque non a había, e se van cambiar as placas das rúas. A continuación e posible que se cambie algunha numeración, porén a cuestión non é tanto cambialas senón dar a posibilidade de cambialas.

O sr. alcalde di que en principio, dende hai bastante tempo xa, cando algún particular reclamaba, porque se atopaba unha placa en mal estado, dicíaselle que nese momento a placa se puxera debido á numeración nova, pero xa a partir daquel momento tanto as casas que non tiñan número asignado porque non estaban construídas ou o que fose, xa os particulares con total liberdade poden poñer o seu número.

O sr. Igrexas di que se vai facer un modelo segundo a mesma tipografía e imaxe, e que se trata dunha cousa que vai a estar colgada.

3.- A sra. Lemus refírese ao Centro de Saúde dos Tilos e di que o Conselleiro saíu o outro día dicindo que mandara unha carta aos alcaldes pedíndolle a nova parcela. Pregunta a sra. Lemus se xa se mandou.

O sr. alcalde explica que se recibiu, pero que non se lle contestou aínda, que a previsión é contestar na próxima semana porque hai unha dúbida con respecto á edificabilidade e a superficie da parcela, pois na carta que remitiron fálase dunha superficie edificable moi grande, de case 2.500 metros cadrados, e a edificabilidade na parcela pola lei pensa que é do 0,3 ou incluso menor, co cal é posible que o Concello

se teña que facer con un cacho doutra parcela próxima para conseguir esa superficie. Salienta o sr. alcalde que iso o ían a determinar dende urbanismo, engadindo que, salvo ese problema, o resto en principio estaría todo bastante avanzado e a idea do equipo de goberno é mandalo canto antes para intentar, se se pode, adiantar de fase.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP:

Os/as concelleiros/as do PP formulan os seguintes rogos:

1.- O sr. Guerra comenta que anotou o que dixo o compañeiro sobre a Cascalleira, e entende que efectivamente non sabe se a normativa di a altura da beirarrúa, pero pensa que se está a tempo de corrixilo.

2.- O sr. Guerra indica que, segundo a veciñanza, a pista de Tarrío a Vilanova está en mal estado e que aí hai unha que vai ao número 2, que son 50 metros, aproximadamente, de terra, e pide que se asfalte.

3.- Refírese o sr. Guerra ao paso de peóns do edificio de Mais Palomas, tan demandado pola xente, e solicita que se mire de poñelo.

4.- Refírese o sr. Guerra ao muíño da Ribera ei di que se estivo limpando e agora hai un tempo que non se limpa. Pide que se lle dea unha limpeza.

O sr. Igrexas comenta que o cauce non se pode limpar.

O sr. Guerra pide tamén unha barandilla para alí.

5.- Di o sr. Guerrra que no alto da Veiga, en Teo, a estrada que vai dende Campos a Noceda está nun estado lamentable, e hai un sinal que marca cinco toneladas e non sabe se se lle borrou porque o círculo está todo negro. Pide que se repara a estrada e que se substitúa o sinal.

6.- Refírese o sr. Guerra ás pistas que van a Noceda, di que están desfeitas e pide que se arranxen.

7.- O sr. Guerra di que o outro día pasou por Campos de arriba e entre o número 51 e o número 63 hai uns socabóns moi importantes, e pide que se arranxen.

8.- Refírese o sr. Guerra á pista de Procelas a Tras do Eixo, por onde pasa o autobús do IES, o Teobus, e sinala que está en moi mal estado e pide que se revise.

9.- A sra. Vázquez sinala que no campo de fútbol de Calo na fin de semana pasada non había electricidade. Si había luz pero non electricidade nos enchufes, e precisouse recargar unha batería dunha cámara e non se puido facer.

Sinala a sra. Vázquez que no campo de fútbol do Praíña un dos focos non alumean. Sinala que descoñece se é intencionadamente ou porque están avariados, polo que pide que se revisen.

O sr. Igrexas, tratándose do campo de fútbol de Calo, sinala que hai que cambiar a instalación, que se vai facer unha obra e pode ser que haxa algún que non funcione. Explica que as instalacións dos campos de fútbol fixéronse sen ningún tipo de planificación, polos equipos, como puideron, non hai planos nin nada en que basearse polo que agora o que hai que facer é practicamente tiralas todas e volver a facelas. Sinala que se está elaborando un proxecto para reformar todo o interior do campo municipal de Rebordelo e unha das cousas que mais preocupan son as instalacións eléctricas.

En referencia ao campo do Praíña, explica o sr. Igrexas que ten unhas condicións mellores. Indica que houbo un problema cunha subida de tensión e fastidiou dous focos, que se están a reclamar a Fenosa, pero para iso tense que facturar unha empresa exterior, pois se se fai dende o Concello non se lle pode facturar a Fenosa.

10.- A sra. Vázquez pregunta pola estrada que da acceso ao campo de fútbol do Praíña e ó CSC da Pontevella, pois tanto en relación a esa como a que sae pola parte de abaixo e que da acceso aos aparcadoiros, xa se solicitara que se mirase e se intentase reparar cando houbo as obras, porque quedara moi deteriorada. Explica a sra. Vázquez que o deterioro foi en aumento e que unha señora caeu e torceu un nocello. Indica que é unha zona pola que soen pasear, e hai un par de veciñas que agora non queren saír precisamente porque entre a inestabilidade e a visión que elas teñen non lle da seguridade, e outra familia que saíu cunha cadeira de rodas, amén quedaron entallados nun dos baches.

O sr. Igrexas comenta que iso consolidouse como aparcadoiro e que a idea é traballar para consolidar un carril de circulación marcado, que dalgún xeito separe o aparcadoiro do propio carril de circulación, e limitalo a 20/30 km, facendo un carril de acceso peonil. Explica que a idea é non asfaltar ao mellor todo o que é o aparcamento, porque como aparcadoiro funciona, pero si reforzar o carril de acceso e separalo da zona de aparcadoiro.

11.- A sra. Vázquez refírese á estrada de Olveira, e di que pensa que xa se meteu nas propostas, porén agora ademais da zona principal, tamén as que dan acceso á parte de Pite empezan a estar deterioradas.

12.- A sra. Nariño explica que na aldea de Sestelo, onde está o núcleo que está pavimentado con formigón, cando remata o acceso que hai para Bouñou, hai unha fochanca terrible. Descoñece se foi polas obras ou polo que fose, pero pide que se repare.

13.- A sra. Nariño refírese ao tema da seguridade nas obras que se están facendo pola senda peonil dende Pontevea cara Rarís, e sinala que se está xerando que cando se cruzan dous coches ou ben se levan a parte de madeira que está posto para armar a aceira, ou se sae fóra da estrada e se arriscan a un accidente. Houbo unha persoa que se saíu fóra co coche e que de feito ten o coche no taller. Descoñece a sra. Nariño cal é a medida, pero se se fai, que a obra se axilice e se faga canto antes.

O sr. Guerra indica que as que xa están feitas non se vai tirar con elas, pero as que se está a tempo de corrixir, que se faga, que se lle de 30 ou 40 centímetros para atrás.

14.- A sra. Castro pregunta se se pode volver a colocar o contedor de lixo que estaba no cruce que vai cara ao colexio de Calo, porque cada vez que o camión o vai baleirar déixao como 20 ou 30 centímetros cara a estrada, e alí non caben dous coches. A veciñanza pide que se busque algún sitio para recolocalo e sacalo de alí.

15.- A sra. Castro pide que se arranxen os semáforos das obras na Cascalleira.

16.- Con respecto á limpeza das papeleiras dos campos de fútbol, a sra. Castro pregunta se as que están do lado de fóra, xusto nas entradas tanto de vestiarios coma das entradas principais, as limpa o Concello ou é responsabilidade da S.R. de Calo.

O sr. Igrexas di que os servizos de limpeza do Concello limpan as instalacións municipais e o que está fóra teoricamente está en terreo privado e tería que limpalo quen o puxo alí. Normalmente, de vez en cando, límpase polo servizo de limpeza viaria, pero se alguén instala unha papeleira nun espazo privado hai un problema.

Explica o sr. Igrexas que as papeleiras de dentro das instalacións límpanse todas as semanas, pois é o que cubre o servizo de limpeza municipal, sen embargo nun futuro corto a idea é sacar aquela papeleira de alí e poñela dentro, porén dentro dos campos nin se pode nin se vai poder fumar.

A sra. Castro indica que se refería ao campo do Calo, que ó que ten as dúas papeleiras, unha na entrada principal, que lle preguntou á persoa de limpeza e que esta lle respondeu que non lle deixaban retiralo, sen embargo un día si o fixo porque ao parecer dáballe noxo ver aquilo así.

O sr. Igrexas incide de novo en que a que está nas portas dos vestiarios habería que sacala directamente, pois nos vestiarios xa dispoñen dese equipamento.

17.- A sra. Castro explica que un veciño de Montouto chamouna para informarlle de que o 16 de novembro presentara por rexistro, con número de entrada 5831, unha comunicación sobre a colocación dun semáforo sonoro na zona de Eroski, en Montouto, xa que este veciño é invidente. Pregunta a sra. Castro como se vai actuar ante esta petición.

O sr. alcalde di que en principio parece unha petición razoable, e que se están valorando as posibilidades técnicas que hai. O equipo de goberno entende que si que é necesario o permiso de Estradas, porque o semáforo xa está establecido e entón esperan darlle unha solución pronto.

18.- A sra. Calvo sinala que no colectivo de taxistas pediron por rexistro actualizar as tarifas, e incluso tiveron unha reunión coa concelleira de mobildiade, pois están dende o 2014 conxeladas e tenlles certa urxencia o tema. Sinala que, con respecto ás de Compostela e Ames, son as peores. Pregunta a sra. Calvo como está o tema.

A sra. López responde que valorará a situación, pois pensa que non é unha decisión que implique só ao departamento de mobilidade. Explica que falou con eles e é unha decisión que se vai tomar pronto, e que xa o saben as persoas afectadas.

19.- A sra. Calvo quere reiterarse no que pide o grupo municipal do PP con respecto ao POS, a prioridade de que se asfalten eses 50 metros onde a casa da viúva, en San Domingo, e pregunta se finalmente se vai a levar a cabo ou non.

O sr. alcalde responde que si.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2022.02.09 15:24:22 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2022.02.09 10:46:49 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

ANEXO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 20/10/2021 (RES 1110.21) DE APROBACIÓN DO "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA"(POS+2021)

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACION DO "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA"
EXPEDIENTE: 2021/G003/001178

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2021, acordou participar na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2021, da Deputación da Coruña, e solicitar a aplicación da achega á subministración que se indica a continuación, aprobando así mesmo o "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA", de 17 de setembro de 2021, incorporado ao expediente.

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Silo para almacenamento de lodos de 33 m^3 de capacidade, en aceiro de 5mm, para a EDAR de Pontevea	17.084,13€	27.480,17€	44.564,30€
Subtotal investimento achega provincial adicional 2/2021 2ª fase	17.084,13€	27.480,17€	44.564,30€

Considerando que, o citado acordo, xunto co prego de prescricións aprobado, foi remitido a través de SUBTEL, á Deputación Provincial de A Coruña, o 1 de outubro de 2021.

Visto o requirimento formulado pola Deputación Provincial, o 11 de outubro de 2021, poñendo de manifesto a necesidade de subsanar algúns aspectos do prego de prescricións técnicas e de remitir algúns dos anexos esixidos nas Bases do POS +2021.

Visto o "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE

PONTEVEA", de 18 de outubro de 2021, debidamente subsanado, segundo o requirido pola Deputación Provincial.

Considerando que, segundo informa a Deputación, o día 20 de outubro procederase ao peche da plataforma para incorporar a subsanación solicitada, polo que resulta preciso atendela á maior brevidade posible e considerando que o Pleno, na sesión celebrada o 29 de setembro, acordou facultar expresamente "*á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".*

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o "PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA", de 18 de outubro de 2021, incorporado ao como anexo á presente.

Segundo.- Remitir o citado prego, xunto co presente, á Deputacion Provincial de A Coruña.

Terceiro.- Dar conta ao departamento de urbanismo, ao departamento de augas, e ao departamento de intervención, para ao seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre, para a súa ratificación.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz

ANEXO

“PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SUBMINISTRACIÓN DUN SILO DE ACEIRO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE PONTEVEA”

1. ANTECEDENTES

No ano 2008 realizase o proxecto e a execución da obra de "*Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Pontevea. Teo (A Coruña)*". Clave: OH.315.455, cun presuposto base de licitación de 2.597.740,46 euros. Dito proxecto inclúe o saneamento integral dos núcleos situados no leste do Concello de Teo.

Debido o continuo crecemento que ven experimentando o Concello de Teo nos últimos anos, e a ampla zona a que da servizo a EDAR de Pontevea, o caudal de auga residual a tratar na EDAR vese incrementado ano a ano, e en consecuencia, tamén aumentan de xeito importante as toneladas de lodos a xestionar.

2. DESCRICIÓN SISTEMA DE TRATAMENTO DE LODOS DA EDAR DE PONTEVEA.

DEPURADORAS > 2.000 h.e. | **EDAR DE PONTEVEA**



Datos Administrativos - Económicos

CONCELLO:	Teo
CÓDIGO MASA DE AUGA:	ES.014.NR.244.000.05.02
NOME MASA DE AUGA:	Río Ulla
TIPO MASA DE AUGA:	Río
ESTADO MASA DE AUGA:	Bo ou mellor
ORGANISMO DE CONCA:	Augas de Galicia
TITULAR:	Concello de Teo
EXPLOTADOR ACTUAL:	Concello de Teo
INICIO DE FUNCIONAMENTO:	2009
CUMPRIMENTO D91/271/CE (Q2017):	si



Características Técnicas

POBOACIÓN EQUIVALENTE DE DESEÑO:	11.500 h.e.
CAUDAL MEDIO DE DESEÑO:	2.300 m^3/d
CAUDAL PUNTA DE DESEÑO:	144 m^3/h

DESCRICIÓN:

- **Pretratamento:** Reixa, tamiz e desareado-desengraxado
- **Tratamento primario:** -
- **Tratamento secundario:** Lodos activados
- **Tratamento avanzado:** Eliminación de nutrientes (nitróxeno). Desinfección por cloración
- **Liña de lodos:** Espesador e centrífuga

O lodo espesado diríxese a unha centrífuga da marca ALFA LAVAL de caudal de deseño 4 m^3/h de lodo ó 3%, cuxo obxectivo é alcanzar unha sequidade final do 18% mediante a adición de polielectrolito. O lodo

xa deshidratado deposítase nun contedor de 5 m^3 de capacidade, que se encontra xusto debaixo da centrífuga, onde se almacena para a su posterior xestión mediante xestor autorizado.



3. ALTERNATIVA PROPOSTA: SILO DE LODOS

Esta tipo de montaxes, onde a máquina se coloca encima do contedor, presenta dous problemas importantes, e que son os seguintes:

- Limitación da capacidade do contedor, non podendo colocar un de maior tamaño, xa que non entraría debaixo da máquina, o que abarataría os custos de transporte dos lodos.
- Autonomía no funcionamento da centrífuga, xa que implica a atención do operador de planta case de xeito continuo para que os lodos deshidratados non atasquen a saída da centrífuga, o que deriva nunha inversión importante de tempo do longo da xornada.

Polo anterior, para facilitar a xestión, tanto do almacenamento como do transporte, dos lodos deshidratados, dende o Servizo Municipal de Augas de Teo, proponse a colocación dun silo de lodos cunha capacidade mínima de 30 m^3, que sería suficiente para incrementar de xeito importante a capacidade de almacenamento dos lodos e, deste xeito, reducir os custos de transporte dos mesmos ata o xestor autorizado.

O lugar escollido para a colocación do silo, traballos que serán executados polo persoal do Servizo de Augas de Teo, sería a seguinte:


EDAR PONTEVEA
Río Ulla
Cruceiro de Frexeiro
Lugar Maimón
Igrexa Santa María de Cous


UBICACIÓN SILO
Camiño do Xirimbao
Camiño do Xirimbao

4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E ORZAMENTO DO SILO

O silo de lodos proposto debe ter as seguintes características:

CONCEPTO	MEDICIÓN	PRECIO UD.	IMPORTE TOTAL
Silo de almacenamento e lodos de 30-35 m3 de capacidade, executado en aceiro S-275-JR, cun espesor mínimo de de 5 mm, chorreado exterior e interiormente a grado Sa 2 1/2, pintura interior Alcatrán epoxi, exterior epoxi e acabado en poliuretano alifático, con escaleiras de acceso á parte superior e á válvula de descarga. Varandas de protección. Incluíndo transporte ata a EDAR de Pontevea.	**1**	**35.230,00€**	**35.230,00€**
Sensor de nivel de lodos	**1**	**1.600,00€**	**1.600,00€**
		IMPORTE MATERIAL	**36.830,00€**
		21% IVE	**7.734,30€**
		IMPORTE TOTAL	**44.564,30€**

5. RESUMO ECONÓMICO

De acordo co anterior, obtense un Orzamento de Execución material de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS TRINTA EUROS, que incrementados no 21%º do IVE vixente, resulta un orzamento total de **CORENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS.**

6. PRAZO

O prazo para a realización do servizo será de 12 semanas a partir da sinatura do contrato.

7. PRAZO DE GARANTÍA

A garantía mínima esixida para todo o material a subministrar será de 1 ano, sen ningún tipo de límite nin exclusión de compoñentes ou pezas.

Tódolos sistemas, compoñentes e produtos a adxudicar nos contratos, deberán ser conformes coa normativa vixente da Unción Europea e española no referente ós seus acpectos de calidade, ergonómicos, medioambientais, aforro enerxético, compatibilidade electromagnética e seguridade. As empresas licitadoras deberán achegar as certificación de homologación nacional ou internacional coas que conte dito equipamento, especialmente aquelas que teñan que ver coa seguridade, sensibilidade, resistencia, ruído e danos ó medioambiente e as que afecten a criterios avaliables. Artigos 89_90_93_94_95_97_126 e 128 da lei 9/2017 de 8 de novembro.

Teo, dezaoito de outubro de 2.021

Ado. Andrés García Amarante

Xefe Servizo Augas de Teo “

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 11/2021

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 29 DE DECEMBRO DE 2021 –

Na Casa do Concello, a vinte e nove de decembro de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D. José Manuel Guerra Calvelo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Non asisten, previa escusa:

D.ª María López Álvarez
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1282/21 á 1433/21)

2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2021

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONdeTEO POLA ELIMINACIÓN DA SUPERSTICIÓN COMO CRITERIO TÉCNICO

7.- MOCIÓNS

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira de Son de Teo, D.ª María López Álvarez, e do concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, que por diferentes motivos non poden asistir, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1282/21 á 1433/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 19 de novembro ata o 22 de decembro de 2021, que comprenden os números 1282 ao 1433, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

"DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con

un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira"

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2021.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 24 de decembro de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao terceiro trimestre de 2021, sinalando que, segundo o citado informe, quedou fixado en 15,94 días.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO.

O sr. alcalde da conta da proposta do 16 de decembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 22 de decembro de 2021.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Ratificación do Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado

Considerando a proposta de "Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo" presentado na Mesa Xeral de Negociación do concello de Teo na sesión do 19 de maio de 2021 e o acordo da Mesa de Negociación do

persoal laboral do concello de Teo na sesión celebrada o 21 de xullo de 2021 recollido na acta correspondente asinada

Visto o Informe da Técnica de Recursos Humanos sobre APLICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL SUBROGADO NA SESIÓN DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL LABORAL DE 21 DE XULLO DE 2021, asinado o 08.11.2021

Considerando que os puntos de carácter económico do Acordo aplicables no presente exercicio (punto 3 referido a aqueles colectivos que non experimentaran neste ano ningunha subida salarial e punto 5 referido ás persoas traballadoras que non contan con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe) estaban previstos nos orzamentos municipais vixentes)

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Ratificar o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO recollido na acta da sesión do 21 de xullo de 2021 da Mesa de Negociación do Persoal laboral ao servizo do Concello de Teo

2. Aplicar no presente exercicio os acordos recollidos nos puntos 3 e 5 referidos a aqueles colectivos que non experimentaran neste ano ningunha subida salarial e ás persoas traballadoras que non contan con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, previsións xa recollidas nos orzamentos municipais do exercicio 2021

3. Asumir o compromiso de realizar as previsións orzamentarias necesaria para facer efectivo o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO durante os exercicios da súa vixencia".

Obran no expediente informe da técnica de recursos humanos, de 8 de novembro de 2021, informe de Intervención, de 13 de decembro de 2021, e informe de Secretaría, de 16 de decembro de 2021, que se reproducen a continuación.

"INFORME DA TÉCNICA DE RECURSOS HUMANOS

ASUNTO: APLICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL SUBROGADO NA SESIÓN DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL LABORAL DE 21 DE XULLO DE 2021

En cumprimento da Providencia da Alcaldía de data 13.09.2021, emítese o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. O Concello de Teo conta, na actualidade, cun total de 134 empregados públicos, dos cales 26 son persoal funcionario, 107 son persoal laboral e 1 persoal eventual.

SEGUNDO. Dentro do persoal laboral, 57 son persoal subrogado en virtude dos distintos procesos de asunción de xestión directa de servizos anteriormente externalizados:

- Servizo de abastecemento e saneamento, con data de inicio da xestión directa o 01.10.2015. Na actualidade o integran 8 persoas ás que se lles aplica o Convenio colectivo "Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, SAU, 2014/19, DOG 28 de xullo de 2015.

- Servizo de mantemento de zonas verdes, con data de inicio da xestión directa o 18.11.2016. Na actualidade o integran 3 persoas ás que se lles aplica o Convenio colectivo estatal de jardinería, BOE 9 de febreiro de 2018.

- Servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais, con data de inicio da xestión directa o 01.07.2017. Está integrado por 10 persoas, ás que se lles aplica o Convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña, BOP 23 de marzo de 2017.

- Servizo de mantemento eléctrico, con data de inicio da xestión directa o 27.04.2018, e integrado por 2 persoas, ás que se lles aplica o Convenio colectivo estatal do sector do metal, BOE 19 de xuño de 2017.

- Servizo de Escolas Infantís Municipais, con data de inicio da xestión directa o 01.09.2018, e integrado por 34 persoas, ás que se lles aplica o XII Convenio colectivo estatal de centros de asistencia y educación infantil, BOE 26 de xullo de 2019.

TERCEIRO. Con data 21 de xullo de 2021 asinouse o Acordo transitorio de xestión do persoal subrogado na sesión da Mesa de Negociación do persoal laboral.

Cómpre sinalar que o réxime xurídico aplicable ás relacións entre as Administracións Públicas e o persoal ao seu servizo establécese no texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), as leis de función pública correspondentes, o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRLET) (en caso de persoal laboral), así como nos instrumentos extraestatutarios propios da negociación colectiva cuxo contido ten forza de lei entre as partes, tales como Acordos Marco, Convenios Colectivos, etc. Neste sentido o artigo 1 TRLEBEP dice:

"Obxecto.

1. O presente Estatuto ten por obxecto establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.
2. Así mesmo ten por obxecto determinar as normas aplicables ao persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas".

A concreción de condicións laborais tanto para o persoal funcionario como laboral realízase, mercé do artigo 31 do TRLEBEP, por vía de negociación colectiva. Tal Dereito, recoñecido aos empregadores públicos sen distinción, exércese a través das chamadas Mesas de Negociación, as cales poden constituírse ao amparo da representación de só un tipo de persoal (funcionario ou laboral) ou mixtas.

«Artigo 31 TREBEP. Principios xerais.
1. Os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo.
2. Por negociación colectiva, para os efectos desta lei, enténdese o dereito para negociar a determinación de condicións de traballo dos empregados da Administración Pública.[…]
5. O exercicio dos dereitos establecidos neste artigo garántese e leva a cabo a través dos órganos e sistemas específicos regulados no presente capítulo, sen prexuízo doutras formas de colaboración entre as Administracións Públicas e os seus empregados públicos ou os representantes destes.
[…]
7. O exercicio dos dereitos establecidos neste capítulo deberá respectar en todo caso o contido do presente Estatuto e as leis de desenvolvemento previstas no mesmo».

Entre as materias que son obxecto de negociación colectiva o artigo 37 do TRLEBEP menta expresamente as relativas a retribucións e tempos de traballo, descansos, permisos, horarios, etc. como sinala o consultante.

«Artigo 37. Materias obxecto de negociación.
1. Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:
[…]
b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios.
[…]
k) As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, cuxa regulación esixa norma con rango de lei.
[…]

m) As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos».

Froito das mesas de negociación derívanse, no seu caso, os Pactos e Acordos aos que se refire o artigo 38 do TRLEBEP cando afirma:

«Artigo 38. Pactos e Acordos.

1. No seo das Mesas de Negociación correspondentes, os representantes das Administracións Públicas poderán concertar Pactos e Acordos coa representación das organizacións sindicais lexitimadas a tales efectos, para a determinación de condicións de traballo dos funcionarios das devanditas Administracións.

2. Os Pactos celebraranse sobre materias que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o subscriba e aplicaranse directamente ao persoal do ámbito correspondente.

3. Os Acordos versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das Administracións Públicas. Para a súa validez e eficacia será necesaria a súa aprobación expresa e formal por estes órganos. Cando tales Acordos fosen ratificados e afecten a temas que poden ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno, o contido dos mesmos será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de que a efectos formais requírase a modificación ou derrogación, no seu caso, da normativa regulamentaria correspondente».

Son, por tanto, os devanditos acordos aos que a lei, coa extensión, contido e efecto que lle son propios, outórgalles unha validez plena coma se de norma de rango legal tratásese (polo menos entre as partes).

A maior abastanza a Sentenza do Tribunal Supremo de data 16 de xaneiro de 2012 ven corroborar e aclarar, á luz do anterior precepto, o alcance deste tipo de acordos negociados entre as partes, cando non foron ratificados e aprobados polo órgano de goberno competente. Dita Sentenza chega á seguinte conclusión:

«O acordado na mesa de negociación precisa da necesaria ratificación por parte do órgano de goberno da Administración Pública correspondente, neste caso, o Consello de Goberno. A consecuencia do anterior é que non pode recoñecerse carácter vinculante e eficacia directa ao negociado; atopámonos, pola contra, ante un "mero acto de trámite carente de eficacia normativa"».

Por tanto, á vista do declarado polo Supremo na devandita Sentenza, ha de concluírse que os pactos ou acordos antes da súa ratificación son actos de trámite, sen eficacia xurídica e por iso non susceptibles de impugnación; sen que caiba en definitiva atribuírlles eficacia inmediata e vinculante para a Administración.

É por iso que os Acordos adoptados na Mesa de negociación unicamente serán vinculantes para o Pleno e o resto dos órganos decisorios do Concello desde o momento en que se produza a súa ratificación no seo do mesmo como órgano competente para a súa ratificación, se dita ratificación non se produce devanditos acordos ou pactos alcanzados na Mesa non terán eficacia normativa nin por tanto poderá calquera das partes intervenientes na adopción do devandito acordo esixir o seu cumprimento á outra parte se dita ratificación non se produciu.

CUARTO. Dito o anterior, segundo a acta levantada na devandita sesión á que se lle incorporou o citado Acordo no punto 3 se recolle: *"A partir de xaneiro de 2022, as persoas traballadoras subrogadas terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores e traballadoras municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe). A aqueles colectivos que no experimentaran ningún tipo de subida salarial no ano 2021, aplicaráselles con carácter retroactivo o incremento salarial establecido para os traballadores e traballadoras municipais no ano 2021.*

Conforme ao anterior, e á vista dos Convenios colectivos aplicable ao devandito persoal subrogado, xa citado anteriormente, resulta que, agás o persoal das EEIIMM, os outros catro servizos non experimentaron nas súas retribucións salariais un incremento retributivo nas percepcións do ano 2021 con respecto ás percibidas no ano 2020, polo que procede o incremento do 0,9%, porcentaxe que lle foi aplicada ao resto do persoal do Concello, en virtude do establecido no apartado Dous do artigo 18 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (BOE nº 341, de 31 de decembro de 2020). Dito incremento faríase con data de efectos 01.01.2021.

Polo que se refire ao persoal das Escolas Infantís Municipais a Providencia da Alcaldía de data 22 de setembro de 2020 dispuxo *"Que a partir do 1 de setembro de 2020 sexan de aplicación para as persoas traballadoras das EIMs de Teo as táboas salariais recollidas no apartado A do Anexo XII do XII Convenio colectivo de centros de asistencia y educación infantil (BOE do 26 de xullo de 2019)..."*.

QUINTO. Respecto ao concepto de antigüidade como retribución salarial, cómpre sinalar que os Convenios aplicables aos servizos de limpeza e mantemento eléctrico non o regulan. Neste sentido, o punto 5 do devandito Acordo establece que *"as persoas traballadoras subrogadas*

que non conten con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, comenzarán a partir da sinatura deste acordo a percibir retribucións correspondentes aos trienios (equivalente ao 100% do trienio do persoal laboral do Concello) que lles correspondan, formalizados dende a data na que o Concello asumir a xestión directa do seu servizo".

Para proceder ao recoñecemento e pagamento dos trienios é necesario acudir á norma legal aplicable supletoria a falta de norma explícita aplicable a estes dous colectivos, a través da figura da analoxía, á que se refire a Exposición de Motivos do Decreto 31 de maio de 1974 que aprobou o Texto Articulado do Título Preliminar do Código Civil: *"non presupón a falta absoluta dunha norma, senón a previsión pola mesma dun suposto determinado, defecto ou insuficiencia que se salva se a razón derivada do fundamento da norma e dos supostos expresamente configurados é extensible por consideracións de identidade ou similitude ao suposto non previsto".* Condiciónase así a aplicación do método analóxico á existencia dunha verdadeira lagoa legal e á similitude xurídica esencial entre o caso que se pretende resolver e o xa regulado, debendo acudirse para resolver o problema ao fundamento da norma e ao dos supostos configurados.

A actual redacción do Título Preliminar do Código Civil recoñece expresamente a analoxía como método de integración, ao fixar o artigo 4.1 do devandito texto legal, que *"procederá a aplicación analóxica das normas cando estas non contemplen un suposto específico, pero regulen outro semellante entre os que se aprecia identidade de razón"*.

E así, o artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro establece que: *"1. Este Estatuto aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas:... c) As Administracións das entidades locais".* E no artigo 7 do mesmo texto legal: *"O persoal laboral ao servizo das Administracións públicas réxese, ademais de por a lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste Estatuto que así o dispoñan".*

Pola súa parte o artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia regula que: *"A presente lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas: b) As entidades locais galegas".*

Tendo en conta o anterior, o artigo 136 da Lei do Emprego Público de Galicia regula as retribucións básicas, sinalando no punto 2: *"As retribucións básicas están integradas única e exclusivamente por: b) Os trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, por cada tres anos de servizo no corpo ou escala".*

Á vista do exposto, resta por intergrar ao persoal dos colectivos de limpeza e mantemento eléctrico no grupo de clasificación profesional ou subgrupo que proceda para determinar a contía a abonar mensualmente en concepto de antigüidade na Administración. E para iso, novamente cómpre, a falta de norma explícita, aplicar unha norma supletoria, neste suposto o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Teo ao tratarse de persoal laboral. Atendendo ás categorías de limpador/a no suposto do servizo de limpeza e de oficial 3ª e peón especialista no de mantemento eléctrico do persoal afectado polo Acordo asinado o 27 de xullo de 2021, os mesmos poden incluírse no grupo Agrupación profesional.

SEXTO. Polo que respecta ao fondo social ao que se refire o punto 4 do Acordo asinado o 21 de xullo de 2021: *"A partir do momento da sinatura deste acordo, as persoas traballadoras subrogadas poderán solicitar axudas persoais con cargo a un fondo social propio constituído co 1% da masa salarial total do persoal subrogado",* cómpre sinalar que na actualidade o Concello de Teo non conta cun instrumento xurídico aplicable ao colectivo de persoal afectado por aquel Acordo, como si acontece co persoal funcionario e laboral ao que lle resulta de aplicación o Regulamento de acción social para os traballadores e traballadoras do concello de Teo (DOG nº 72, de 16 de abril de 2013).

En consecuencia, e como no anterior apartado, cómpre acudir ao disposto no artigo 4.1 do Código Civil e aplicar analoxicamente o citado Regulamento de acción social.

Tendo en conta as consideracións técnicas e xurídicas expostas, INFORMO

PRIMEIRO. Que procede o incremento das retribucións salariais do persoal que se sinala a continuación na porcentaxe do 0,9% ao abeiro do previsto no apartado Dous do artigo 18 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, e con data de efectos do 1 de xaneiro de 2021.

CEPEDA DUARTE, MARÍA MERCEDES

COBAS REY, ODÓN

COMPANY BORONAT, JOAQUÍN

ESTÉVEZ ARES, FERNANDO

FERNÁNDEZ GARCÍA, LUCÍA

FERRO PISOS, ENRIQUE

GONZÁLEZ AGRA, MARÍA LUISA

LÓPEZ VÁZQUEZ, ÁNGEL

MARTÍNEZ PEREIRA, MARÍA DEL CARMEN

OLIVEIRA FUENTES, JUAN PABLO

PAYNO PARDO, JOSÉ MANUEL

REY IGLESIAS, MARÍA ISABEL

REY TRIGO, MARINA

RIVAS GUERRERO, JOSÉ

RODRÍGUEZ BARREIRO, AGUSTÍN

ROSENDE DOMÍNGUEZ, EVA MARÍA

ROSENDE DOMÍNGUEZ, MÓNICA

SOUTO FUENTES, MANUEL

SUEIRAS FIEIRO, JOSÉ IGNACIO

VÁZQUEZ CARBIA, JESÚS MANUEL

VÁZQUEZ SÁNCHEZ, JESÚS

VILAR BARREIRO, MARÍA CONCEPCIÓN

VIÑO VAAMONDE, MARÍA TERESA

SEGUNDO. Que procede o incremento das retribucións salariais do persoal das Escolas Infantís Municipais de conformidade co previsto no apartado C) do Anexo II do XII Convenio colectivo de centros de asistencia y educación infantil (BOE nº 178, do 26 de xullo de 2019):

Categoría profesional	**Salario base**	**C.P.P.**
915 Director/a	1.508,66 €	
1151 Director/a pedagóxico/a	1.508,66 €	
604 Educador/a infantil	1.122,00 €	22,33 €
591 Auxiliar	1.020,00 €	16,32 €
605 Asistente infantil	1.020,00 €	16,32 €
898 Administrativo/a	1.020,00 €	16,32 €
1152 Persoal de cociña	1.020,00 €	16,32 €
1153 Persoal de limpeza	1.020,00 €	16,32 €
1154 Persoal de servizos	1.020,00 €	16,32 €

TERCEIRO. Que á vista dos datos que obran neste Departamento de Recursos Humanos e dos expostos no presente informe, cómpre recoñecerlle ao seguinte persoal o cumprimento de trienios na contía e nas datas que se sinalan a continuación con data de efectos económicos desde o 1 de agosto de 2021:

EMPREGADO/A	DATA CUMPRIMENTO	TOTAL TRIENIOS	GRUPO	CONTÍA
CEPEDA DUARTE, MARÍA MERCEDES	30.06.2021	1	AP	14,78 €
COBAS REY, ODÓN	27.04.2021	1	AP	14,78 €
COMPANY BORONAT, JOAQUÍN	01.07.2020	1	AP	14,78 €
FERNÁNDEZ GARCÍA, LUCÍA	30.06.2021	1	AP	14,78 €
MARTÍNEZ PEREIRA, MARÍA DEL CARMEN	01.07.2020	1	AP	14,78 €
OLIVEIRA FUENTES, JUAN PABLO	01.07.2020	1	AP	14,78 €
REY IGLESIAS, MARÍA ISABEL	01.07.2020	1	AP	14,78 €
ROSENDE DOMÍNGUEZ, EVA MARÍA	01.07.2020	1	AP	14,78 €
ROSENDE DOMÍNGUEZ, MÓNICA	01.07.2020	1	AP	14,78 €
SOUTO FUENTES, MANUEL	27.04.2021	1	AP	14,78 €
VILAR BARREIRO, MARÍA CONCEPCIÓN	01.09.2020	1	AP	14,78 €
VIÑO VAAMONDE, MARÍA TERESA	01.07.2020	1	AP	14,78 €

CUARTO. Que procede a apertura do prazo para a presentación de instancias do Fondo de Acción social que se estenderá dende o 1 de xaneiro ao 31 de xaneiro de 2022, e referidas a feitos causantes comprendidos no período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano anterior ao da petición, consonte ao disposto no punto 8.1 do Capítulo I do Regulamento de acción social para os traballadores e traballadoras do concello de Teo (DOG nº 72, de 16 de abril de 2013).

Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito, en Teo, na data da sinatura dixital.

A técnica de Recursos Humanos

Elsa Raquel Gómez Gómez"

"INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO. RATIFICACION ACORDO TRANSITORIO PERSOAL SUBROGADO

LEXISLACION APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Real Decreto Lexislativo 5 /2015,de 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores

Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Acordo Regulador do persoal laboral do concello de Teo(BOP de 26/04/2010)

ANTECEDENTES

-Acta da Mesa de Negociación do persoal laboral do concello de Teo, celebrada o 21/06/2021, na que se acorda, entre outros, que a partires de xaneiro de 2022, os traballadores subrogados terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe) así como o acceso ao fondo de acción social.

-Providencia da Alcaldía de data 13/09/2021.

-Informe da técnico de RRHH de data 08/11/2021 emitido ao respecto.

Vistos os antecedentes e a normativa aplicable que antecede, como interventora, considero oportuno emitir o seguinte **INFORME :**

Primeiro.- Actualmente no concello de Teo, existen 57 traballadores que son persoal subrogado a partir dos distintos procesos de asuncion da xestion directa dos servizos, tal e como se recolle na acta da Mesa de Negociación do persoal laboral de data 21/06/2021, e que afecta aos seguintes servizos:

-Servizo de abastecemento de auga.

-Servizo de mantemento de zonas verdes.

-Servizo de limpeza de edificios.

-Servizo de mantemento eléctrico.

-Servizo de Escolas infantis municipais.

O persoal subrogado ten carácter de indefinido non fixo e os seus dereitos retributivos se regulan polos convenios colectivos de orixe en tanto ditos convenios non sexan superados.

Segundo.- Polo que respecta o recoñecemnto da antigüidade, da lectura do informe da técnico de RRHH se desprende unha proposta de incremento de acordo coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado, coa finalidade de ir equiparando a este persoal co resto do persoal laboral do concello. Pois ben, a xuizo desta intervención o persoal subrogado ten dereito ao recoñecemento de novos trienios pero non debería de darselle tratamento de persoal laboral "propio" en tanto non sexan superados os procesos selectivos que os convirtan en persoal laboral fixo.

Terceiro.- En canto ao acceso ao fondo de acción social, tendo e conta que no ámbito subxectivo do Regulamento de Acción social do concello de Teo se recolle o persoal laboral, enntende que estes traballadores teñen dereito a dito fondo, pero antes deberán de superar os correspondentes procesos selectivos para equipararse co resto de persoal.

Cuarto.- Finalmente, ambos acordos que implican a asuncion de novas obrigas económicas por parte do concello deberán adoptarse baixo condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondente bolsas de vinculación xurídica.

CONCLUSIONS

Da lectura do apartados anteriores se desprenden a seguintes conclusions:

A xuizo desta intervención, o persoal subrogado ten dereito a percibir novos trienios e ao fonde de acción social, pero previamente deberán superar os procesos selectivos para acceder ao emprego público dacordo cos principios de igualdade, merito e capacidade.

Isto e canto considera necesario informar a funcionaria que suscribe. Dese conta ao Pleno da Corporación coa finalidade de que adopte o acordo que estime pertinente.

Teo, 13 de decembro de 2021.

A interventora

Mónica Isabel Lado Varela"

"INFORME SECRETARÍA

De acordo co solicitado polo Alcaldía, e ao abeiro do disposto no artigo 3.3 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o presente que versa sobre a **RATIFICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTION DO PERSOAL SUBROGADO,** en base aos extremos que se deducirán dos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- "Acta da sesión celebrada o 21 de xullo de 2021 da mesa de negociación do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo". Da acta citada despréndese que na sesión indicada a mesa de negociación aprobou o "*acordo transitorio de xestión de persoal laboral subrogado polo concello de Teo".*

2.- Informe da técnica de recursos humanos, do 8 de novembro de 2021, sobre aplicación do acordo transitorio de xestión do persoal subrogado na sesión da mesa de negociación do persoal laboral de 21 de xullo de 2021.

3.- Proposta da Alcaldía sobre a ratificación do acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado, do 8 de novembro de 2021.

4.- Informe de Intervención sobre ratificación acordo transitorio persoal subrogado, do 13 de decembro de 2021.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto dos traballadores (TRET).
- Directiva 2001/23/CE do Consello, do 12 de marzo de 2001, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas ao mantemento do dereitos dos traballadores no caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade (Directiva).
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (LOXE 2021).
- R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (ROM).
- Convenio colectivo do Concello de Teo (BOP nº 76, de 26/04/2010).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. *Subrogación de persoal*.- En primeiro lugar resulta preciso salientar que a subrogación de persoal nos chamados procesos de remunicipalización, lonxe de ser pacífico, é un tema moi controvertido e de enorme complexidade práctica, que dou lugar a múltiples pronunciamentos xudiciais, tanto internos como comunitarios, en ocasións discrepantes. Neste senso, antes de entrar no análise da "*Proposta da Alcaldía relativa á ratificación do acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado*", resulta preciso contextualizar o tema e abordar, resumidamente, a problemática do persoal subrogado. A estes efectos cabe salientar que, mediante informe de Secretaría de 17 de agosto de 2018, a que subscribe, no marco do expediente relativo á xestión directa do servizo de escolas infantís, analizou a temática da subrogación do persoal. Se ben o citado informe se refería, especificamente, a dita ámbito material (escolas infantís), o análise que incorpora é perfectamente extrapolable ao persoal subrogado en xeral.

De acordo co exposto, reprodúcense a continuación as partes do informe citado que poidan resultar de interese aos efectos do presente.

Así, segundo o citado informe:

"Terceiro. *Reversión dos servizos: sucesión e réxime xurídico do persoal subrogado*.- Ante a posibilidade de que revertan na Administración Pública algunhas actividades ata o momento descentralizadas e asumir a súa xestión de forma directa, xorden de maneira inmediata dúbidas sobre os efectos xurídico laborais que poden derivarse deste tipo de decisións.

A primeira das cuestións que se plantexa é se as decisións que adoptan as Administracións Públicas, en relación coa reversión do servizos previamente externalizados, implican que estas deban subrogarse na posición das empresas que ata ese momento viñan prestando os servizos en cuestión respecto aos traballadores adscritos ao mesmos e, no caso de que así sexa, a segundo cuestión que xurde é como cohonestar o mantemento das relacións laborais e a subrogación nas mesmas polo suxeito que se encarga da realización do servizo cos principios que rexen o acceso ao emprego público e cal sería a natureza do vínculo ou contrato que ligaría a estes traballadores coa Administración Pública implicada e que condicións de traballo resultarían aplicables.
(...)

Cuarto. ***Subrogación de persoal***.-

(...)

Segundo o artigo 44.1 do TRET o cambio de titularidade dunha empresa, dun centro de traballo ou dunha unidade produtiva autónoma non extinguirá por si mesmo a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social do anterior, incluíndo os compromisos de pensións, nos termos previstos na súa normativa específica, e, en xeral, cantas obrigas en materia de protección social complementaria adquirira o cedente.

(...)

Constatada a concorrencia nos termos analizados dun suposto de sucesión de empresa, hai que ter en conta as previsións que a tal efecto se conteñen no artigo 44 do TRET, nos termos que se detallan a continuación:

.- Sen prexuízo do establecido na lexislación de Seguridade Social, o cedente e o cesionario, nas transmisións que teñan lugar por actos inter vivos, responderán solidariamente durante tres anos das obrigas laborais nacidas con anterioridade á transmisión e que non foran satisfeitas.

O cedente e o cesionario tamén responderán solidariamente das obrigas nacidas con posterioridade á transmisión, cando a cesión fose declarada delito (art. 44.3 TRET).

.- Agás pacto en contrario, establecido mediante acordo de empresa entre o cesionario e os representantes dos traballadores unha vez consumada a sucesión, as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión seguirán rexéndose polo convenio colectivo que no momento da transmisión fora de aplicación na empresa, centro de traballo ou unidade produtiva autónoma transferida.

Esta aplicación manterase ata a data de expiración do convenio colectivo de orixe ou ata a entrada en vigor doutro convenio colectivo novo que resulte aplicable á entidade económica transmitida (art. 44.4 TRET).

(...)

Quinto. *Acceso ao emprego público: principios de igualdade, mérito e capacidade e natureza xurídico do vínculo contractual do persoal subrogado*.- A suxeición dos supostos de reasunción dos servizos polas Administracións Públicas ás previsións do artigo 44 do TRET plantexa non poucas dúbidas interpretativas dende o punto de vista dos seus efectos, xerando moita controversia no ámbito das Administracións Públicas, tendo en conta que a incorporación ao mundo administrativo de institucións directamente establecidas no ámbito laboral sempre resulta complicada.

A principal problemática que se plantexa é como cohonestar o mantemento das relacións laborais e a subrogación nas mesmas polo suxeito que se encarga da realización do servizo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso ao emprego público.

En todo caso esta circunstancia quizais non debería ser argumento suficiente para plantexar, no caso de que concorran as circunstancias do artigo 44 do TRET, a inaplicabilidade do mesmo, xa que a súa finalidade é garantir a estabilidade do emprego e dos dereitos dos traballadores que puideran verse afectados ante unha sucesión empresarial como é o suposto analizado no presente.

Non se pode descoñecer que nos casos de sucesión de empresa se está producindo un acceso ao emprego público que non se axusta aos procedementos establecidos, nin respecta os principios constitucionais citados, porén, como ten salientado a xurisprudencia comunitaria, o

carácter de Administración Pública non exclúe a aplicación da normativa protectora sobre transmisión de empresas.

Tal e como establece o TRET, os traballadores afectados conservan as condicións laborais que desfrutan con anterioridade (salarios, tempo de traballo, etc) e continúan incluídos no ámbito de aplicación do convenio colectivo de orixe ata a data da súa expiración ou ata a entrada en vigor dun novo convenio que resulte aplicable. Polo tanto, a reversión do servizo na Administración non debería afectar ao estatus laboral dos traballadores, subrogándose esta última "nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social" do anterior empresario (art. 44.1 do TRET).

Sen prexuízo do exposto o problema fundamental non estriba nas condicións de traballo, senón na posición contractual dos traballadores adscritos ao servizo que reverte á Administración. Lonxe de tratarse dunha cuestión resolta, a pretendida compatibilidade entre a protección da estabilidade dos traballadores adscritos á unha contrata anterior establecida polas normas comunitarias e internas e o respecto aos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, que veñen e esixir a superación dunhas probas obxectivas para consolidarse nas plantillas das Administracións Públicas correspondentes, podería abordarse coa *aplicación analóxica da figura do traballador indefinido non fixo de plantilla* na Administración Pública reversora, figura de creación xurisprudencial (STS de 30/09/1996. Rec. 83/1996) posteriormente recollida nos textos legais (arts. 8.2c) e 11.2 TREBEP e art. 26 LFPG, que distinguen, dentro do persoal laboral, ademais dos temporais, os traballadores fixo e os indefinidos).

Esta creación xurisprudencial trata, en orixe, de conciliar as consecuencias previstas no artigo 15 do TRET sobre a adquisición de fixeza por fraude na contratación temporal cos principios que rexen o acceso ao emprego público (igualdade, mérito e capacidade). Tal e como aclarou o TS nas sts. de 20/01/1998 e de 21/01/1998 (rec. 317/98 e 315/98), a expresión alude a que o contrato non está suxeito a termo, por iso é indefinido, pero os traballadores non se integran na plantilla, senón que cesarán cando se produza a cobertura definitiva do posto de traballo a través dos procedementos legais (de aí que non sexa fixo) ou se amortice a praza, e nese momento, segundo sostivo a xurisprudencia máis recente, o traballador terá dereito a percibir a indemnización propia dos despidos por causas organizativas dos artigos 52 e 53 do TRET.
Esta posibilidade xa foi mantida nalgunhas sentenzas de Tribunais Superiores de Xustiza, tales como as sts. do TSX de Canarias/As Palmas, do 16 de xaneiro de 2009 (rec. 129/08) e do 12 de abril de 2010 (rec. 298/10), do TSX de Castela-León, Valladolid, do 9 de novembro de 2011 (rec. 1963/11) ou do TSX de Andalucía, Granada, do 20 de setembro de 2013 (rec. 1528/12), que afirma que "*ao tratarse dunha Administración Pública a readmisión non sería como traballador fixo, senón como indefinido ata a cobertura da praza de maneira regulamentaria ou amortización da mesma*)".

Esta figura contractual manteríase no tempo ata que o posto se amortizara ou se procedera a súa cobertura definitiva polo procedemento correspondente, momento no que o traballador, no caso de que concorrera e superara o correspondente proceso selectivo, accedería ao posto como traballador fixo, extinguíndose o seu contrato, no caso de non superar o proceso e ser ocupado por outro ou no caso de amortización, co correspondente dereito á indemnización prevista nos artigos 52 e 53 do TRET para os despidos obxectivos por causa organizativas (St. TS do

28/03/2017 (rec. 1664/2015), para os supostos de cobertura de praza; e Sts. TS do 24/06/2014 (rec. 2013/217) e de 29/10/2014 (rec. 1765/2013), para os supostos de amortización de praza).

En todo caso, a aplicación da figura do traballador indefinido non fixo de plantilla, plantexa problemas de difícil solución, xa que se ben se respectarían os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, conculcaríase o mandato protector da Directiva comunitaria, pois estes traballadores terían consolidado na anterior empresa contratista ou concesionaria privada o seu vínculo contractual como "*contrato de traballo indefinido fixo de plantilla"* que por mor da transmisión se convertería en "*contrato de traballo indefinido non fixo de plantilla*" incumprindo así co necesario mantemento do contrato co mesmo alcance que este tivera antes da transmisión, sen esquecer así mesmo que a figura do indefinido non fixo é una consecuencia xurídica que xurde, tras unha reclamación xudicial previa, coa sentenza xudicial firme que recoñeza unha situación laboral de carácter indefinido (art. 28 LEPG).

Sexto. *Limitacións da LOXE 2018.-* Se de acordo co exposto ata o de agora a situación da sucesión empresarial no ámbito das Administracións Públicas e a conseguinte creación das prazas correspondentes é de por si complexa, a situación complícase máis se cabe se se teñen en conta as limitacións que nos últimos anos se veñen recollendo nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e, aos efectos do presente, na correspondente á anualidade en curso (art. 19 da LOXE), en orden á incorporación de persoal ao sector público, limitacións que fan practicamente imposible a consolidación de prazas e abocan, tamén neste caso, a unha solución igual ou similar á proposta de "indefinido non fixo", iso sen esquecer en ningún momento as previsións contidas así mesmo na disposición adicional cuadraséxima terceira da citada Lei en relación á esixencia de responsabilidades nas Administracións Públicas e entidades dependentes das mesmas pola utilización da contratación laboral, en canto á posible utilización irregular do mecanismo da sucesión de empresas.

Así mesmo cabe ter en conta que, segundo o establecido no artigo 19 dous da LOXE 2018 non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como o nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos excepto nos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.
(...)"

De acordo con todo o exposto no informe parcialmente transcrito, formúlanse no mesmo as correspondentes conclusións que, polo que interesa aos efectos do presente, concrétanse en que na "*medida en que a subrogación do persoal debe en todo caso compatibilizarse cos principios básicos de acceso ao emprego público, a asunción dos traballadores ten que ser con carácter de temporalidade, debéndose proceder, respectándose en todo caso as limitacións recollidas na LOXE 2018, a creación e cobertura das prazas que resulten precisas para o funcionamento do servizo asumido".*

(....)

SEGUNDO. *Proposta da Alcaldía de ratificación do acordo transitorio do persoal subrogado*.- Segundo a Proposta da Alcaldía de ratificación do Acordo transitorio de xestión do persoal subrogado o acordo que se pretende adoptar é o seguinte:

"*1. Aplicación do horario de verán, incluído o período non lectivo de vacacións de Nadal, ao conxunto dos traballadores e traballadoras subrogados a partir da aprobación deste acordo, do 50% no 2021 (do 1 de agosto ao 15 de setembro) e do 100% no 2022 (16 xuño a 15 setembro). Deberá terse en conta que, dependendo dos servizos, a aplicación será temporalmente directa (nas datas sinaladas) ou implicará a correspondente redución no cómputo anual de horas traballadas.*

2. Aplicarase a cada persoa traballadora unha redución anual de 1h semanal de traballo a partir do 1 de xaneiro de 2022, ata que cada un dos traballadores e traballadoras quede equiparado na súa xornada de traballo aos traballadores e traballadoras municipais.

3. A partir de xaneiro de 2022, as persoas traballadoras subrogadas terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores e traballadoras municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe). A aqueles colectivos que non experimentaran ningún tipo de subida salarial no ano 2021, aplicáraselles con carácter retroactivo o incremento salarial establecido para os traballadores e traballadoras municipais no ano 2021.

Co obxecto de corrixir situacións claramente discriminatorias, aquelas persoas traballadoras subrogadas que non acaden o 80% das retribucións que recibirían se lles fose de aplicación o convenio municipal, verán incrementado o seu salario anualmente nunha porcentaxe tal (sobre o incremento xeral do resto das persoas traballadoras) que garanta acadar o tope salarial do 80% sobre o convenio municipal no ano 2027. Este incremento repartirase regular e equitativamente durante os anos do proceso.

4. A partir do momento da sinatura deste acordo, as persoas traballadoras subrogadas poderán solicitar axudas persoais con cargo a un fondo social propio constituído co 1% da masa salarial total do persoal subrogado.

5. As persoas traballadoras subrogadas que non conten con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, comenzarán a partir da sinatura deste acordo a percibir retribucións correspondentes aos trienios (equivalente ao 100% do trienio persoal laboral do concello) que lles correspondan, formalizados dende a data na que o concello asumiu a xestión directa do seu servizo.

6. Aplicaranse en base aos convenios de orixe que así o establezan, a posibilidade de promoción profesional nos prazos que o convenio estipulen.

7. Conforme ao acordado pola Mesa xeral de negociación, no que respecta a calendario, permisos e licenzas serán de aplicación as condicións recollidas no convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo".

Obra no expediente a "acta da sesión celebrada o 21 de xullo de 2021 da mesa de negociación do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo", cuxo punto primeiro refírese ao "estudo e sinatura se procede, do acordo transitorio de xestión do persoal subrogado". Segundo a citada acta, finalizado o debate e realizada a votación, "*resulta aprobado o acordo"* transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo.

O acordo en cuestión, incorporado á acta citada, estrutúrase en tres apartados:

1.- Consideracións xerais

2.- Procesos de subrogación

3.- Situación laboral do persoal subrogado

Centrándome no último dos apartado citados, referido á situación laboral do persoal subrogado, cabe salientar que o contido do mesmo ben a coincidir, con carácter xeral, co informado pola que subscribe no informe de 17 de agosto de 2018, e así afírmase que:

.- O persoal subrogado pola administración municipal está constituído por persoas que traballan ***circunstancial e/ou transitoriamente*** *para a administración local.* ***Non son traballadores/as da administración pública na medida na que non foron seleccionadas para eses postos mediante procesos selectivos (mérito e capacidade),*** *pero son persoas que traballan para a administración de forma circunstancial e/ou transitoria, actuando esta como entidade pagadora e, nesa medida, como entidade empresarial.*

.- O seu traballo na administración ***ten carácter circunstancial*** *porque o acordo de xestión directa do servizo pode ser modificado polo órgano competente, revertendo o servizo a unha concesión privada. Neste caso a persoa traballadora volvería a ter un contrato, froito da subrogación, coa nova empresa privada concesionaria do servizo. Do mesmo xeito,* ***o seu traballo retribuído pola administración é transitorio*** *na medida na que, se ese acordo de reversión non chega a producirse durante a súa vida activa, orixina un posto vacante no servizo que, de ser considerado de carácter estrutural, dará pé a un proceso de libre concorrencia. Neste caso, a persoa subrogada cubriu transitoriamente un posto en transición entre a empresa privada e a administración pública.*

Esta circunstancia (persoas que traballan circunstancialmente para a administración, pero non son da administración) determina dúas consecuencias importantes:

- Non están afectadas polos procesos de estabilización derivados da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para 2017, que obrigan ás administracións públicas a convocar o 90% por cento das prazas que estiveran ocupadas de forma temporal (cando menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016) ata acadar o obxectivo dunha temporalidade non superior ao 8% do total de efectivos. Deste xeito, ao non ser persoal da administración pública, conservan a "fixeza" dos seus contratos de orixe.

- Non lles pode ser de aplicación o convenio do persoal laboral do concello de Teo ao non ter superado un proceso selectivo que valorase, en libre concorrencia, os méritos e a capacidade. En consonancia coas sentenzas xudiciais que lles afectan, desenvolven o seu traballo "nas mesmas condicións laborais que tiñan nas empresas de orixe", isto é, reguladas por cada un dos convenios que lle son de aplicación coas debidas actualizacións e coas melloras que sexan froito da negociación colectiva.

Neste sentido, se como consecuencia de estipulación legal ou como resultado dun proceso xudicial resultara de aplicación o convenio municipal, esta aplicación ***sería de carácter provisorio e só ata a urxente convocatoria da praza nun proceso de libre concorrencia por mérito e capacidade****, co obxecto de* ***evitar un acceso fraudulento á cobertura dun posto da administración pública, tal e como quedou sinalado nas actas dos acordos plenarios de subrogación".***

Con carácter xeral, a que subscribe non pode estar máis de acordo coas afirmacións reproducidas (agás, por exemplo, coa referida á conservación da fixeza dos contratos de orixe), porén o problema xurde cando, rematados os tres apartados descritos e pese, sobre todo, ao contido do terceiro, o acordo desmárcase do afirmado ata ese momento e establece que consecuentemente "*con estas consideracións, pero* ***valorando tamén a obriga ética das administracións públicas de que as persoas traballadoras poidan desenvolver a súa actividade laboral en condicións dignas e con expectativas de superación e mellora profesional****, preséntase dende o goberno municipal a seguinte proposta transitoria de xestión de persoal laboral subrogado polo concello de Teo, que se ratifica polos asinantes"* recolléndose a continuación o acordo anteriormente transcrito.

Sen entrar na consideración individualizada de cada unha das propostas de acordo, e analizadas no seu conxunto, a xuízo da que subscribe a forma correcta de obter ditas pretensións, cuxo trasfondo non é outro que aplicar, aínda que sexa parcialmente, o Convenio colectivo do Concello de Teo, sería mediante a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos, sen que a xustificación da actuación proposta, concretada *na obriga ética das administracións públicas de que as persoas traballadoras poidan desenvolver a súa actividade laboral en condicións dignas e con expectativas de superación e mellora profesional***"**, xustifique o acordo que se pretende adoptar.

A estes efectos debe terse en conta o previsto no artigo 44.4 do ET segundo o cal "*salvo pacto en contrario, establecido mediante acordo de empresa entre o cesionario e os representantes dos traballadores unha vez consumada a sucesión, as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión seguirán rexéndose polo convenio colectivo que no momento da transmisión fora de aplicación na empresa, centro de traballo ou unidade produtiva autónoma transferida. Esta aplicación manterase ata a data de expiración do convenio colectivo de orixe ou ata a entrada en vigor doutro convenio colectivo novo que resulte aplicable á entidade económica transmitida"*

En aplicación do recollido neste artigo, no anexo de persoal do Concello de Teo recóllese a normativa convencional que é de aplicación aos traballadores subrogados.

Cabe salientar que, se ben con carácter xeral o convenio vixente para o persoal subrogado nos diferentes servizos municipais segue sendo o aplicable no momento da transmisión, porén, por exemplo, tratándose do persoal das escolas infantís, ante a expiración do convenio de orixe aplicouse o novo convenio que o substituíu, non o Convenio colectivo do Concello de Teo.

Partindo de que, de acordo co recollido no informe de Secretaría de 17 de agosto de 2018, o persoal subrogado pode **asimilarse** á categoría de persoal indefinido non fixo, dita situación non pode manterse indefinidamente, xa que a Administración Pública ten o deber de garantir o acceso ao emprego público en condicións de igualdade, mérito e capacidade. En consecuencia o Concello deberá convocar os correspondentes procesos selectivos para proceder á cobertura das prazas de que se trata de acordo coas regras de acceso ao emprego público. Así o indica o apartado 1 da disposición decimoquinta do TRLET, ao establecer que:

"1. O disposto no artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo determinados e no artigo 15.5 sobre límites ao encadenamento de contratos surtirá efectos no ámbito das Administracións Públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, sen perxuízo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para la obriga de proceder á cobertura dos postos de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios, de acordo co establecido na normativa aplicable.

En cumprimento desta previsión, o traballador continuará desempeñando o posto que viña ocupando ata que se proceda a súa cobertura polos procedementos antes indicados, momento no que se producirá a extinción da relación laboral, salvo que o mencionado traballador acceda a un emprego público, superando o correspondente proceso selectivo".

De acordo con todo o exposto, a xuízo da que subscribe, o que procedería é a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos para proceder á cobertura das prazas de que se trata de acordo coas regras de acceso ao emprego público respectando sempre as limitacións orzamentarias recollidas na Lei de Orzamentos xerais do Estado.

Este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, porén o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno.

Teo, a 16 de decembro de 2021.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz".

O sr. alcalde explica que traen a ratificar este acordo, que é asinado entre a representación dos traballadores e a Administración local, ratificado tamén pola Mesa Xeral. Responde, fundamentalmente, á necesidade de dar estabilidade administrativa e

estabilidade ás relacións laborais que manteñen en concreto os traballadores subrogados neste caso coa Administración. Sinala que, máis alá do que poida acontecer nun período de ano e medio, no que hai unhas eleccións municipais, o obxectivo é que este acordo perviva e perdure, de aí a ratificación do Pleno, e que dea estabilidade ás relacións laborais, moi importantes para o equipo de goberno.

Manifesta o sr. alcalde que é un acordo que beneficia aos traballadores e tamén á Administración, no sentido de dar tranquilidade e saber que se conta cuns profesionais que están desenvolvendo o seu traballo de forma frutífera.

Salienta o sr. alcalde que o acordo ten un equilibrio entre dous dereitos que son irreconciliables, en principio, moi difíciles de compensar, por que ir por un lado supón non ter en conta o contrario. Sinala que se refire por unha parte ao dereito á subrogación dos traballadores, dereito recoñecido por toda a lexislación, tanto europea como española, xa que os traballadores non teñen a culpa de que nun momento determinado a Administración municipal decidira asumir a xestión directa dun servizo, doutra forma esa subrogación mantería esa estabilidade no posto de traballo noutra empresa privada, e doutra banda, tamén importante para o equipo de goberno e que reflicte o sentir da Administración, é que o dereito de ocupar un posto na Administración, con todos os dereitos que confire, por exemplo, o Convenio municipal, esixe superar un proceso de selección onde primen as cualidades e as competencias de cada un dos traballadores.

Explica o sr. alcalde que por iso se fixa no acordo que o soldo dos traballadores se vai a ir incrementando pero ata o tope do 80% dos traballadores municipais, aínda que é certo que hai outras moitas vantaxes que o equipo de goberno considera que fan que sexa un acordo frutífero para eles.

Salienta o sr. alcalde que, para eles, é o único acordo posible porque a outra opción sería sacar as prazas a libre concorrencia, e iso si que é certo que deixaría na práctica sen o posto de traballo a moitos deses traballadores que teñen ese dereito de

subrogación, por iso o acordo é un equilibrio entre dúas realidades que presionan a situación polos dous lados.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, manifesta que teñen algunhas dúbidas sobre o acordo proposto, porén non van a contradicir aos traballadores e traballadoras, que decidiron por maioría aceptar esas condicións, polo que se van a abster.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen manifesta que logo de ver a proposta, que foi apoiada na Mesa xeral, e logo de ver tamén o informe da Técnica de RRHH e os outros dous informes, que non son exactamente favorables, pero tendo en conta a dinámica xeral, e que ademais sae no día de hoxe no BOE unha lei para a adopción de medidas urxentes para a eliminación da temporalidade no Sector Público, que mantén un pouco esta liña do acordo que se propón, van apoiar a proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen manifesta o apoio do seu grupo á proposta.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 6 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

1. Ratificar o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO recollido na acta da sesión do 21 de xullo de 2021 da Mesa de Negociación do Persoal laboral ao servizo do Concello de Teo.

2. Aplicar no presente exercicio os acordos recollidos nos puntos 3 e 5 referidos a aqueles colectivos que non experimentaran neste ano ningunha subida salarial e ás persoas traballadoras que non contan con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, previsións xa recollidas nos orzamentos municipais do exercicio 2021.

3. Asumir o compromiso de realizar as previsións orzamentarias necesaria para facer efectivo o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO durante os exercicios da súa vixencia.

“Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo

RATIFICADO POLA MESA DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE TEO

21 DE XULLO DE 2021

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

O concello de Teo completou nos últimos anos diversos procesos político/administrativos que tiveron por obxecto asumir a xestión directa de servizos que viñan sendo desenvolvidos por empresas privadas que resultaran seleccionadas en distintos procesos de licitación da xestión de servizos municipais.

A distinta natureza destes servizos, as diferentes causas que provocaron o inicio dos procesos, a rápida evolución da lexislación no que se refire aos procesos de municipalización e á subrogación das persoas traballadoras, o cambio nas medidas restritivas que en materia económica foron aprobando os gobernos que se sucederon no Estado e a propia secuencia temporal dos procesos, provocaron que nin os acordos políticos nin os procesos administrativos utilizados foran os mesmos.

Se ben a maioría dos convenios de orixe determinaban a obriga da administración municipal de subrogar ás persoas traballadoras se esta se facía cargo da xestión directa dos servizos:

1.- Al remate de la concesión de una contrata, se producirá la subrogación del personal en todos sus derechos y obligaciones siempre que la misma sea para prestar servicios de mantenimiento en las Administraciones Públicas y/o Empresas Públicas en virtud de una concesión administrativa o contrato público y siempre que se cumplan los siguientes requisitos:

1.1 Trabajadores en activo que presten sus servicios en dicho centro con una antigüedad de seis meses.

1.2 Trabajadores que en el momento del cambio de titularidad de la concesión se encuentren de baja por IT, siempre y cuando prestaran sus servicios en el centro de trabajo objeto de subrogación antes de la suspensión del contrato de trabajo.

as interpretacións xurídicas da administración municipal determinaron que, aínda que os procesos de sucesión se deron con continuidade laboral (dado que se asumiron de forma cautelar os recursos presentados), na maioría dos casos non se asumise a obriga de subrogación e a xurisdición laboral acabara determinando esa obriga e as condicións das mesmas que, con carácter xeral, establecían:

En virtud de lo expuesto, procede la estimación de la demanda declarando el derecho de la parte actora a ser subrogada por el Concello de Teo, en las mismas condiciones laborales que venía manteniendo con la empresa
y se declara el carácter indefinido no fijo de su relación laboral que vincula a la parte actora con el Concello de Teo.

2. PROCESOS DE SUBROGACIÓN

Os procesos de asunción de xestión directa de servizos previamente privatizados, resúmense no seguinte esquema:

A) Servizo de abastecemento e saneamento

Data inicio xestión directa: 01/10/2015

Causa: nulidade prórroga contractual (Empresa de orixe: ViAQUA)

Persoal afectado: 8 persoas: 1 capataz, 3 operarios de instalacións, 3 oficiais de redes e 1 administrativa.

Acordo subrogación: Acordo plenario 30/12/2020 tras sentenza xudicial sobre o proceso

Convenio en aplicación: Convenio colectivo "Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U., 2014/2019"

Situación actual do servizo: 8 persoas subrogadas segundo condicións de orixe actualizadas e 3 persoas como persoal municipal laborais interino mediante proceso selectivo: xefe de servizo, electromecánico e oficial de redes.

B) Servizo de mantemento de zonas verdes

Data inicio xestión directa: 18/11/2016

Causa: quebra empresarial (Empresa de orixe: Aníbal Soto)

Persoal afectado: 3 persoas (xardineiros, oficiais 3ª). Xa existía unha cuadrilla de traballadores municipais que superaran procesos selectivos.

Acordo subrogación: sentenzas xudiciais 00197/2017 e 00198/2017 do Xulgado social nº 1 de Santiago de Compostela e da sentenza 00238/17 do Xulgado social nº 3, todas elas do 26 de abril de 2017.

Convenio en aplicación: Convenio colectivo estatal de xardinería (BOE do 9 de febreiro de 2018)

Situación actual do servizo: 3 persoas subrogadas segundo condicións de orixe actualizadas e 7 persoas como persoal municipal laborais fixas mediante proceso selectivo. Unha máis en proceso selectivo.

C) Servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais

Data inicio xestión directa: 01/07/2017

Causa: Remate do contrato e posterior concurso de licitación deserto (Empresa de orixe: Mantelnor)

Persoal afectado: 11 persoas: 3 fixas descontinuas a tempo parcial, 1 fixa a tempo parcial, 5 fixas a tempo variable (redución horaria no verán) e dúas en substitución (que permaneceron ao non producirse a reincorporación)

Acordo subrogación: Sentenzas xudiciais 22/2018, 24/2018, 47/2019 e 48/2019 do Xulgado social núm 1 de Compostela e polas 567/2017-216/2018, 574/2017-187/2018, 474/2018 e 28/2019 do Xulgado social núm. 3 de Compostela .

Convenio en aplicación: Réxense polo convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña (BOP do 23/03/2017).

Situación actual do servizo: 10 persoas subrogadas segundo condicións de orixe actualizadas (unha das iniciais cesou por vontade propia). As dez persoas traballan a xornada completa, mantendo dúas delas a condición de fixas descontinuas (cesan en xullo e agosto).

D) Servizo de mantemento eléctrico

Data inicio xestión directa: 27/04/2018

Causa: fin da prórroga contractual (Empresa de orixe: Electricidad Cruceiro SL)

Persoal afectado: 2 persoas: 1 peón especialista e 1 oficial de 3ª, un deles a tempo parcial

Acordo subrogación: sentenzas xudiciais 369/2018 do Xulgado social núm. 3 de Compostela e pola sentenza 407/2018 do xulgado social núm. 1. Réxese polo convenio colectivo estatal do sector do metal (BOE 19/06/17)

Convenio en aplicación: Convenio colectivo estatal do sector do metal (BOE 19/06/17)

Situación actual do servizo: Condicións de orixe actualizadas, coas dúas persoas a tempo completo.

E) Servizo de Escolas infantís municipais

Data inicio xestión directa: 01/09/2018

Causa: fin da concesión e cuestións administrativas de urxencia derivadas de cambios lexislativos (Empresa de orixe: Aurora, Pilar y Ana SL)

Persoal afectado: 34 persoas (1 xerente/coordinadora, 3 directoras pedagóxicas, 18 educadoras infantís, 1 asistente infantil, 5 auxiliares, 1 persoal de cociña, 2 persoal de limpeza, 1 persoal de servizos xerais, 1 persoal de cociña e limpeza, e 1 administrativa). Destas, 22 tiñan contrato a tempo completo e o resto a tempo parcial con distinto tipo de dedicación.

Acordo subrogación: Acordo plenario da sesión extraordinaria do 22/08/2018

Convenio en aplicación: XII CONVENIO COLECTIVO DE ÁMBITO ESTATAL DE CENTROS DE ASISTENCIA Y EDUCACIÓN INFANTIL

Situación actual do servizo: Condicións de orixe actualizadas, 25 delas a tempo completo

3. SITUACIÓN LABORAL DO PERSOAL SUBROGADO

